PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 46

Sesión Plenaria
7 de novembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

Debate de totalidade do Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas (doc. núm. 16854, PL-000006)
Publicación do proxecto de lei, BOPG nº 178, do 20.09.2017

Punto 2. Comparecencias

2.1 18948 (10/CPP-000040)
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar sobre a resposta ante a extraordinaria vaga de lumes que acaba de sufrir Galicia nos últimos días
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

2.2 18749 (10/CPP-000038)
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, solicitada polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia, e de En Marea, para analizar a gravísima situación creada polos lumes forestais e urbanos que asedian o país
Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017
Publicación correccións, BOPG nº 197, do 20.10.2017

Punto 3. Mocións

3.1 19219 (10/MOC-000052)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 16633, publicada no BOPG nº 182, do 27.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

3.219247 (10/MOC-000053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10194, publicada no BOPG. nº 128, do 14.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

3.3 19248 (10/MOC-000054)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10583, publicada no BOPG. nº 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 7663 (10/PNP-000699)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

4.2 13018 (10/PNP-001103)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis
Sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

4.3 15853 (10/PNP-001229)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

4.4 17676 (10/PNP-001318)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás
Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

4.5 18655 (10/PNP-001374)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e seis deputados/as máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 194, do 17.10.2017

4.6 19027 (10/PNP-001397)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a adopción polo Goberno galego das medias necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

4.7 19141 (10/PNP-001405)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis
Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

4.8 19153 (10/PNP-001407)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis
Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 18688 (10/INT-000610)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

5.2 19039 (10/INT-000621)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e trece deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

5.3 19139 (10/INT-000627)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 19530 (10/POPX-000055)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co actual momento político
Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

6.2 19536 (10/POPX-000056)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos políticas levadas a cabo en materia de emprego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

6.3 19545 (10/POPX-000057)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitarlle á poboación unha situación como a padecida o domingo 15 de outubro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 18954 (10/POP-002264)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway (Fórum do Camiño de Santiago)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

7.2 19083 (10/POP-002279)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis
Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgún protocolo de actuación e xestión da comunicación de crise
Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

7.3 19548 (10/PUP-000116)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para exixir responsabilidades á concesionaria da AP-9 e evitar no futuro novas situacións de colapso como a rexistrada o 27 de outubro na ponte de Rande
Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

7.4 19546 (10/PUP-000115)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Esteiro SU pola dirección de Calvo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

7.5 14640 (10/POP-001971)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis
Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto da súa política de fomento da especialización dos campus universitarios
Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

7.6 17719 (10/POP-002176)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da posibilidade de dotar de estudos de ensino postobrigatorio a localidade de Salceda de Caselas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

7.7 16075 (10/POP-002084)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Mugardos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

7.8 19414 (10/PUP-000112)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

7.9 15365 (10/POP-002038)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados por Anfaco-Cecopesca en xuño de 2017 respecto das exportacións do sector da conserva
Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

7.10 15404 (10/POP-002048)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis
Sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que a este proxecto de lei se lle presentou unha emenda á totalidade do Grupo Parlamentario de En Marea. (Páx. 12.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. vicepresiente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx.12 .)

Rolda de defensa da emenda á totalidade de devolución: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 17.)
Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 21.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 25.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 29.)
Rolda de réplica do grupo parlamentario emendante: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 34.)

Votación da emenda á totalidade de devolución formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea: *rexeitada por 13 votos a favor, 40 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 35.)

Comparecencias do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar sobre a resposta ante a extraordinaria vaga de lumes que acaba de sufrir Galicia nos últimos días. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, solicitada polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, para analizar a gravísima situación creada polos lumes forestais e urbanos que asedian o país. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 36.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. .52), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 56.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 60.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 65.)
Réplica do Goberno*: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 69.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 76.) *Nesta rolda interveñen a Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 78.), *o Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 79.), *o Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 81.), *o Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 84.) *e o Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 86.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria consistente en que a pregunta do Grupo Parlamentario de En Marea ao sonselleiro de Sanidade se debaterá logo das proposicións non de lei. (Páx. 89.)

Suspéndese a sesión á unha e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás tres e quince minutos.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 89.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 93.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 94.) *e Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 96.)

Nova intervención da señora Chao Pérez (EM). (Páx. 98.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Quiroga Díaz (S).* (Páx. 100.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 102.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 104.) *e Sr. González Vázquez (P).*(Páx. 106.)

Replica do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S).* (Páx. 107.)

Moción do G. P. dos Socialistas, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 108.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 109.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 112.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estevez (EM)* (Páx. 113.) *e Sr. Vega Pérez (P).*(Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 116.)

Votación das mocións

Votación da Moción de Dª Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en conta e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia: *aprobada por 66 votos a favor, ningún en contra e 6 abstencións.* (Páx. 118.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora dos camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en conta e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 119.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 121.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 124.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 125.) *e Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 127.)

O señor Trenor López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 133.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 135.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 137.) *e Sr. Sánchez García (EM).* (Páx.139 .)

O señor Castiñeira Broz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 141.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 143.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 143.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Quiroga Díaz (S).* (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 147.) *e Sr. Balseiros Guinarte (P).* (Páx. 149.)

O señor Rivas Cruz (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 152.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Luca Chao Pérez e Dª María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 153.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 154.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 157.) *e Sra. Antón Vilaánchez (P).* (Páx. 158.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 160.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 161.)

Pregunta de Dª Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Mugardos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 163.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 164.)
Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 165.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 166.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria que consiste en que a pregunta do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia que figura en oitavo lugar será debatida en terceiro lugar, na rolda de preguntas ao Goberno. *(Páx. 167.)*

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia don Raúl Fernández Fernández, cun problema de saúde. Desexámoslle a súa pronta recuperación.

E, antes de entrar na orde do día, tamén comentarlles a todos os deputados e tamén a todos os traballadores do Parlamento que comezou a campaña de vacinación da gripe e os servizos médicos están ao seu dispor para facer uso da vacinación. Medidas preventivas, sería bo para todos.

Comezamos co texto lexislativo.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentouse unha emenda á totalidade do Grupo Parlamentario de En Marea, de devolución, documento 18398.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda Valenzuela.

Cando queira.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Trae a Xunta de Galicia a este pleno o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que é a primeira lei na nosa Comunidade Autónoma que pretende establecer unha regulación xenérica, actualizada e global nun ámbito no que ata o de agora non a tiña, cando menos unha regulación autonómica.

O primeiro que teño que dicir, señorías, é que este texto pretende ser dende o principio froito dun amplo consenso e dun amplo proceso de consultas. Dende logo, a intención era ambiciosa, era dotar a Galicia dunha regulación xeral que pretende abranguer desde os grandes eventos que se celebran en Galicia, os grandes espectáculos públicos, ata a multitude de ver-

benas populares que tamén teñen lugar, e no medio moitísimos espectáculos públicos de diferente afluencia e de diferente repercusión, pero que, en todo caso —e como todos vostedes saben—, teñen unha incidencia moi importante en Galicia. Dende logo, isto sería imposible sen a participación de todos aqueles que dun xeito ou doutro van resultar afectados.

Polo tanto, tratamos de conciliar intereses que a miúdo eran contrapostos, de atender as demandas do sector e tamén de atender as demandas da cidadanía e das persoas usuarias e receptoras de todos estes espectáculos. Creo que, cando menos, o proceso de consultas —e creo que hai un elevado nivel de consenso— foi un obxectivo que se alcanzou.

Para que se poidan facer unha idea, falouse con moitísimos colectivos. Por destacar algúns: a Federación de Empresarios de Salas de Festa, Baile e Discotecas de Galicia; a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia; a Asociación Galega de Orquestras; a Asociación de Empresarios de Verbena Galega; a Asociación Galega de Empresas Musicais; asociacións de veciños; por suposto, a Federación Galega de Municipios e Provincias. No seo da Administración autonómica difundiuse e recolléronse suxestións de moitos centros directivos con competencias sectoriais afectadas dun xeito ou doutro por este proxecto de lei. En definitiva, tratamos de recoller cantas máis sensibilidades, cantas máis suxestións mellor.

E, por suposto, este borrador estivo sometido a exposición pública no Portal de Transparencia. É tanto como dicir que toda a cidadanía galega tivo a oportunidade de participar coas súas achegas ou suxestións. Recibíronse un total de 67 alegacións. Coidamos que para unha normativa de nova creación e que afecta un considerable número de persoas e de colectivos non son moitas alegacións. Co cal quere dicir que, en principio, o texto, quizais por esa tarefa de consenso e de consulta previa, xa dende o inicio tiña un grao creo que considerable de aceptación.

Polo tanto, tamén teño que agradecer, en nome do Goberno galego, a aqueles grupos parlamentarios que decidiron, con independencia das achegas e das emendas que se poidan presentar durante o procedemento de tramitación, non presentar emendas á totalidade, que foron todos os grupos menos un.

Entrando xa no contido do proxecto, como lles avanzaba, quixemos darlle unha dobre perspectiva: atender ao interese xeral da cidadanía —ao final moitísimas persoas dun xeito ou outro van ser receptoras ou suxeitos pasivos das disposicións desta lei— e tamén tratar de conciliar os diferentes intereses de moitos sectores profesionais aos que vai afectar a entrada en vigor desta lei.

Ten bastantes novidades. Por sinalar as que teñan un impacto máis claro, gustaríame determe en tres.

Primeiro. A lei pretende, busca e creo que acada a protección dos e das menores de idades. Faise unha remisión explícita ás obrigas que xa están introducidas na normativa vixente en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores e tamén complementa e amplía as restricións que xa están previstas noutras normativas de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas dos menores.

En segundo lugar, hai unha pretensión de procurar ao máximo a seguridade e a defensa das persoas asistentes a espectáculos públicos. Recollemos neste texto os dereitos e as obrigas das persoas que acoden a estes eventos, pero tamén dos artistas, tamén obrigas sobre todo dos organizadores, e tamén dereitos, e prevemos un réxime sancionador, que se dirixe sobre todo —non en exclusiva, pero si especialmente— a garantir a seguridade durante a celebración dos espectáculos públicos e tamén a seguridade no contorno dos lugares onde se celebran estes espectáculos.

En relación coa seguridade, particularmente me gustaría destacar a consideración como infracción moi grave do feito de superar a capacidade máxima de público, e ademais esta gravidade acentuada e tamén nas sancións cando isto implique un risco grave para a seguridade dos bens e, sobre todo, das persoas. Establecemos sancións que poden chegar ata os 600.000 euros, e, por suposto, a prohibición —que pode chegar a definitiva— de desenvolver nunca máis actividades deste tipo para os organizadores que incorran nestas infraccións.

Regulamos tamén nesta mesma liña o servizo de control de acceso. Obrígase a que se conte con persoal habilitado conforme a normativa autonómica e tamén se regulamentan os servizos de vixilancia e seguridade propios en determinado tipo de espectáculos. Recollemos tamén os supostos nos que estas actividades teñen a obrigatoriedade de contar cun plan previo de emerxencia e de autoprotección.

E as exixencias de seguridade aos organizadores dos eventos van ademais máis aló. Por suposto hai que dispoñer de follas de reclamación para o emprego das persoas asistentes que así o desexen. Establécense datos mínimos de información que debe de subministrarse e da publicidade dos organizadores respecto dos eventos que promovan. Deberase explicitar, por exemplo, en relación con este último aspecto, a porcentaxe de entradas que se poñen á venda ao público a través dos establecementos distribuidores; se non se establecera, enténdese que teñen disposto para a venda un mínimo do 60 % das localidades; e, por suposto, tamén queda prohibida e sancionada a revenda de entradas.

Tamén o terceiro eixo dos tres aos que antes me refería é o que se refire á protección fronte á discriminación á hora do acceso aos espectáculos públicos e tamén a protección aos animais e protección ao medio ambiente. A lei establece, por exemplo, a prohibición de celebrar calquera tipo de espectáculo público ou actividade recreativa que incite ou poida promover a discriminación por razón de raza, identidade de xénero, orientación sexual, relixión, opinión, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e establece as correspondentes sancións se se produciran estas infraccións.

Igualmente quedan prohibidos todos os eventos que vulneren a normativa de protección de animais ou aqueles que non poidan garantir a indemnidade dos bens, especialmente daqueles que están baixo catalogación incluídos no patrimonio cultural ou natural de Galicia. E tamén se establecen precaucións especiais respecto do dereito de admisión, para evitar que se produza o que antes dicía: calquera tipo de discriminación contra as persoas que poida limitar ou mesmo impedir o dereito de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

Outra novidade que vai evitar a existencia de público de primeira ou de segunda é a prohibición en xeral, como dicía antes, da revenda de entradas, incluída a revenda *on line*. Está establecida esta prohibición expresa no artigo 18 deste proxecto de lei.

Parando un pouquiño máis nas novidades que atinxen máis directamente ao sector do espectáculo e actividades recreativas, así como ás responsabilidades dos concellos e da propia Administración autonómica, que tamén quedan establecidas, gustaríame destacar o seguinte.

Primeiro. O réxime de intervención administrativa é a atención ás particularidades do territorio onde se vai celebrar o espectáculo público. Queda establecida unha declaración responsable como réxime principal de intervención administrativa. Modificamos a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para simplificar a tramitación das autorizacións en materia de celebración de espectáculos; ademais, isto vai na liña do que prescribe a normativa europea. E, ademais, dada a particularísima e especialísima incidencia que ten en Galicia todo o que ten que ver coa celebración de verbenas e festas populares que organizan agrupacións de veciños, comisións de festas, xa aclaran dun xeito especial —creo que quedan perfectamente clarificados— os procedementos que deben seguirse nestes casos, recollendo ademais sensibilidades e moitas suxestións acaecidas e coñecidas nestas últimas datas sobre a necesidade de que por lei quedara perfectamente delimitado todo o que ten que ver cos requisitos de celebración de festas e de verbenas populares.

Polo tanto, as agrupacións veciñais e comisións de festas simplemente van ter que presentar unha declaración responsable, xunto co compromiso de contratación dun seguro —isto está previsto na normativa— ou documentación acreditativa de que se dispón deste seguro para a organización destes eventos. Isto sería a práctica xeral —xa digo—, moi simplificada, e creo que cunhas garantías mínimas que son as desexables e as que exixe a lei, e é que, cando se trate de actividades que inclúan montaxes de instalacións suxeitas a declaración responsable de licenza, esta terá que tramitala a persoa que é titular da instalación, é dicir, o empresario, e non se fai que recaia esta carga sobre as comisións de festas ou agrupacións veciñais.

No que se refire aos concellos, hai que dicir que pasan a exercer novas funcións no ámbito da competencia en espectáculos públicos. Introdúcese como novidade a posibilidade de que sexan os propios concellos, sen necesidade de recabar a autorización, como ata o de agora viña pasando na Administración autonómica, os que decidan, dentro duns requisitos que se establecerán regulamentariamente, ampliacións ou reducións sobre os horarios das actividades en función de circunstancias especiais e determinadas épocas do ano.

Como saben, o horario xeral vén marcado dende a Xunta de Galicia nunha orde de xuño do ano 2005 e o que se fará, unha vez que entre en vigor a lei, é regulamentariamente modificar tamén, de acordo con todos os colectivos interesados, os horarios para establecer uns horarios xerais e despois —insisto— daráselles a capacidade aos concellos, sen necesidade de recabar cada vez autorización da Comunidade Autónoma, de ampliar ou reducir estes horarios xerais.

Tamén se recolle no anteproxecto a posibilidade de que os concellos poidan autorizar actividades extraordinarias, así como a obriga que teñen de aprobar un plan de inspección dos espectáculos, actividades ou establecementos abertos ao público aos que se lles dea a licenza municipal ou daqueles dos que se reciba a declaración responsable. Aquí o que tratamos, señorías, é de implicar no cumprimento das condicións sinaladas na documentación presentada e na declaración responsable. Isto redunda na maior seguridade e cun plan de inspección establecido dunha maneira planificada isto non debería dar maiores problemas.

Terceiro e último. Tamén —como dicía— se establecen obrigas para a Administración autonómica. Ten que ser a Administración da Xunta de Galicia, a Administración autonómica, a que impulse a creación —e así o faremos por suposto— da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia —está prevista no artigo 10 da norma—. Invitaremos por suposto a Fegamp, invitaremos as persoas pertencentes aos diferentes sectores afectados. Vai ser un órgano que teña carácter consultivo, pero tamén fará propostas e fará un seguimento, sobre todo nos primeiros estadios da aplicación da lei, de todas as súas disposicións, para que este consenso inicial co que nace tamén presida toda a súa aplicación, e tamén os cambios e as propostas de modificación que foran necesarias.

E, por último tamén, dicir que será a Xunta de Galicia a encargada de crear e levar un rexistro de empresas e de establecementos do sector, que tamén consideramos moi necesario. Loxicamente, faranos falta a colaboración dos concellos a través das documentacións que reciban de declaracións responsables, sobre todo para ir creando este rexistro, mantelo e saber exactamente quen fai e que cousa está facendo en materia de espectáculos públicos en cada momento en Galicia e en cada un dos seus concellos.

Polo tanto, señorías, estas son as novidades máis relevantes dun proxecto de lei que —insisto— foi sometido a moitas consultas, recolleu moitas suxestións e o que pretende é ter unha vocación —é certo— nun sector con tanta casuística. Despois terá que haber unha regulación, un desenvolvemento regulamentario, pero é necesaria tamén unha regulación de carácter xeral con rango de lei, e iso é o que pretendemos con este proxecto.

Saben vostedes que Galicia ten a competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, unha transferencia feita no ano 1996, e, polo tanto, isto se cadra fai aínda máis evidente e máis necesaria a necesidade desta regulación. Era tempo xa de establecer unha lexislación propia que se adaptara ás peculiaridades que ten Galicia e que se adaptara ás peculiaridades sobre todo de determinadas celebracións que teñen unha especial, especialísima —como antes dicía— incidencia en Galicia e unhas peculiaridades que non se dan noutros territorios do Estado.

Polo tanto, intentamos ter en conta a diversidade de situacións e a necesidade tamén de garantir os dereitos das persoas, do público asistente, a súa seguridade fundamental e tamén marcar claramente as obrigas dos organizadores de espectáculos públicos.

Polo tanto, non me queda máis que agradecer as aportacións feitas —insisto— por moitísimos sectores, por moitísimos colectivos, agradecer todas aquelas que se poidan facer no trámite de emendas se, como espera o Goberno, supera esta fase inicial, e entre todos do-

tarnos dunha lei que —xa digo— era tempo de tela e que nace cunha vocación de desenvolvemento regulamentario. Vai ser necesario —xa o adianto aquí, xa o di a propia lei na súa exposición de motivos—, pero tamén en certos aspectos xerais con continuidade e con vocación de regular unha actividade que en Galicia — sábeno sobre todo os que se dedican a iso— ten moitísima incidencia, ten moitísimo impacto económico e ten moitísimo impacto social. Polo tanto, era un deber regulalo e a iso procedemos agora.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda de defensa da emenda á totalidade de devolución.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señor conselleiro, don Alfonso Rueda, coincidimos nunha cousa de arranque: na necesidade; xa ía sendo tempo naturalmente; a necesidade é incuestionable, a necesidade de regulamentar un sector tan amplo e tan complexo.

Esta lei, este proxecto, nós consideramos que debe devolverse, porque atopamos moitos defectos difíciles de remediar. Cremos, ademais, que as emendas parciais non van subsanar as eivas que detectamos, porque ou ben serán cosméticas ou ben deixarán o texto legal ineficiente, co consecuente atraso con respecto a outras comunidades. Esta lei lévase desenvolvido en practicamente todas as comunidades autónomas do Estado.

Se se pretende unha lei de máis calado, dende logo a reestrutura ten que ser enorme. Imos explicar por que. Nós consideramos que é pouco realista. É certo que é un sector amplísimo, é certo que é moi complexa a regulamentación, pero non está feita cos pés na terra dende o noso punto de vista. E imos explicalo polo miúdo.

Está pouco desenvolvida e, dende logo, hai unha perda constatable e preocupante da participación da cidadanía. Vostede fala de consenso, nós afirmamos que non se consensuou debidamente. Enumerou con que grupos, con que sectores se comunicaron, pero nós sabemos que hai moitos sectores afectados que nin foron chamados nin foron escoitados nin, dende logo, se estableceu ningún tipo de diálogo.

Por poñer un exemplo, hai que falar da Asociación de Consumidores. É importante que a Asociación de Consumidores estea formando parte dunha lei que afecta moitísima poboación. Non se falou con moitísimos promotores e axentes implicados. Non se falou con ningunha xente da chamada industria creativa, dende logo con ningunha asociación das industriais culturais, nin con moitas outras asociacións dos sectores do espectáculo.

Obviamente faltan puntos de vista e nótase ben. ¿Como se pode desenvolver, con mínimos encontros, mínimos encontros de nivel técnico e político, un debate pendente dende hai décadas, como vostede dixo?

O ocio mudou moito, moitísimo. É imprescindible lexislar, crear un marco regulador coherente coa realidade actual e tendo en conta a todos e a todas os implicados. O sector do ocio medrou moitísimo, pero, señor Rueda, non todo o ocio é negocio, e isto é importante. Vostede soamente fala e na lei soamente se fala dos aspectos mercantilistas. É certo que unha parte ten unha importancia económica enorme; un 2 % das grandes empresas, das grandes orquestras teñen moita importancia económica; teñen por certo un convenio dende hai moi pouco tempo. Pero hai outra parte que realiza outro tipo de actividades, actividades artísticas de transformación social, de expresión libre e gratuíta por veces, ás que non se pode gravar con trámites administrativos ou fortes sancións económicas; todas elas deben estar presentes e ter voz tamén.

Nunha situación de extenuante crise que deixou unha paisaxe desolada, devastada, na estrutura económica, social e cultural, a Lei de espectáculos e actividades debera ter unha función de axente actualizador relevante. Consideramos que non a ten. Non hai recuperación, non hai un incremento, unha atención especial ás empresas con responsabilidade social, por exemplo.

Outra cuestión: hai unha clave que é o equilibrio, o equilibrio entre a seguridade, que é necesaria; o equilibrio entre a liberdade, que é imprescindible; e o equilibrio entre a convivencia. Cando falamos destes tres equilibrios, falamos de liberdade de pensamento, falamos de liberdade de creación, falamos de liberdade de expresión, e temos que ter moi en conta que estes equilibrios se produzan; parece que a balanza está desequilibrada. Hai moitísima parte da lei que está moi pormenorizada, sobre todo no que se refire á cuestión sancionadora, pero hai unha parte da lei que está esbozada e sen desenvolver en absoluto.

Entón, nós cremos que a cidadanía é libre, libre para elixir a súa forma de ocio e de diversión, e os promotores de espectáculos para facer unha oferta ampla, sen máis límite que o respecto ás obrigas legais, por suposto, derivadas do interese xeral, por razóns de seguridade, convivencia e respecto aos dereitos das persoas.

É unha lei, señor conselleiro, moi abstracta. Pretende equiparar, mete no mesmo bote espectáculos como un monólogo, unha actuación musical, con grandes eventos dunha envergadura complexa. Esta premisa é errónea: pretender equiparar actividades sen ánimo de lucro, unicamente recreativas ou simplemente de dinamización social que cumpren unha función clave na socialización das comunidades. A norma debera ser moi coidadosa para diferenciar que tipo de actividade estamos tratando.

Hai que dicir que a lei, xa no comezo, no arranque, carece de definición, hai falla de definición. Non se define claramente que é un espectáculo público, que é un espectáculo ocasional, extraordinario, actividades recreativas fixas ou eventuais, establecementos públicos, instalacións, espazos abertos, titulares do establecemento, organizadores, artistas, intérpretes, executantes... Hai un problema coa exclusión e coa inclusión, con quen debe estar, non vale.

Cando vale todo, non vale nada, e non valen as mesmas exixencias para un evento grande que para unha actuación pequena.

A indefinición. Por poñer un exemplo, inclúe actividades artísticas e culturais sen ánimo de lucro na categoría de espectáculo público. Isto é desproporcionado e lesiona dereitos. Tamén a lei non permite a expresión libre e gratuíta, a lei non exclúe actos organizados por grupos cívicos e pon en perigo grupos pequenos e os espazos intermedios. Os espazos intermedios son necesarios para que moitas persoas que queren achegarse ou dedicarse á cultura nas súas múltiples variantes poidan dar os seus primeiros pasos ou achegarse a localidades ás que outros eventos non chegan. Equilibrar ou evitar a fenda entre o rural e o urbano, eliminar esas fendas, debera estar. É incrible e case clamoroso que este tipo de actividades estean incluídas na categoría de espectáculos públicos, xa que se pode confundir gravemente a súa natureza e condición artística e cultural de creación co coñecemento libre.

Por outra banda, non se prevén outro tipo de cuestións, como, por exemplo, non se ten en conta algo que para nós é fundamental, a lei é moi restritiva. Cando falabamos de equilibrio entre a seguridade, a liberdade e a convivencia, cremos que esta lei podería recoller moi ben parámetros que teñen que ver cos principios. Cando facemos emendas á totalidade, referímonos claramente e sobre todo á filosofía da lei —as outras cousas poden ser modificadas puntualmente—, pero detectamos unha amalgama de insuficiencias, de absoluta necesidade dunha lei que realmente valore as diferenzas da nosa comunidade con respecto a outras e dea satisfacción aos problemas que se plantexan na actualidade e que se asenten principios que realmente fagan fronte á evolución da nosa sociedade. Falamos, por exemplo, do equilibrio entre eses tres principios e que a liberdade de creación, pensamento e expresión estea contemplada, non só a seguridade, tamén as outras.

Cremos que no principio da lei debe estar como algo esencial dotar de protagonismo a cidadanía, asegurando que a regulación non constriña as liberdades, facilitar ás persoas titulares e organizadoras de espectáculos e actividades recreativas o exercicio da súa actividade, de maneira que soamente se suxeiten a licenza ou autorización aquelas que obxectivamente o requiran.

Vostede falaba tamén dun consello ou dunha comisión. O consello e a comisión están sen desenvolver, non se sabe quen vai formar parte; fala simplemente de ter en conta a Fegamp, concellos e municipios, pero a arela regulatoria non debe amordazar as liberdades esenciais, e cremos que son tamén ferramentas que necesitamos no dereito ao acceso.

Falou da adaptación á normativa europea. Si, é certo que está adaptada á normativa europea, sobre todo no que concirne —e non pode ser doutra maneira— ao tema mercantil, pero hai que dicir que todo non é mercadoría, hai que dicir que non todo é especulación, ocio e negocio, non todo ten que estar supeditado á dinámica do mercado; a expresión artística e cultural ten outra dimensión e hai que contemplala.

Cando se fala a nivel europeo da mínima intervención e simplificación administrativa, a nova lei debera establecer un réxime xeral de comunicación en actividades recreativas, pero

a solicitude, por exemplo, de licenzas ou autorizacións só debera ser necesaria cando se trata dunha actividade que se enmarque dentro dunha actividade de risco importante.

Pero tamén —perdón polo chouto— ¿quen vai regular a comisión?, ¿quen a vai conformar?, ¿que representatividade terá?, ¿cales van ser as súas funcións? ¿Non debera existir un consello que funcionase como órgano de coordinación e cooperación interadministrativa e de participación pública ben estruturado? ¿Como simplemente se esboza? Isto é indeterminación.

Isto, como outros elementos da lei, deixa unha ampla marxe de inseguridade xurídica, moi ampla. Para incrementar a seguridade xurídica, a lei precisa que as actividades que fican incluídas en aplicación da lei estean establecidas, quen está dentro e quen está fóra, e isto non se aprecia.

A súa lei é moi abstracta, moi pouco concreta e moi extensa, non por extensa exhaustiva, non por extensa é realista. E si, detalla un catálogo amplísimo de infraccións e sancións, amplísimo, cunha falta de proporcionalidade incrible, sobre todo se facemos a comparativa con outras comunidades autónomas.

O sistema de sancións é enorme. Dende logo hai moitos axentes non consultados por vostedes que demandan unha adecuación real da normativa aos criterios básicos da norma mercantil, neste caso o Código de comercio, á hora de definir o que é un establecemento público, porque non está definido; nas definicións non existen as discriminacións entre que é un espectáculo de grande formato e de pequeno.

Tampouco ten moito sentido que a Consellería asuma esa fiscalización de todo o que se vai facer. É bo que se fiscalice, pero sería máis lóxico, neste estado de cuestións, que se encargase dos eventos multitudinarios, non dos pequenos. Para iso, existen os concellos, e aí ten que haber unha regulamentación homoxénea.

Hai que salvar do perigo de gravar con trámites administrativos e sancións económicas actividades que nada teñen que ver coa oferta e espectáculos e actividades recreativas, senón coa creación estética, coa educación, co libre exercicio da crítica intelectual, a produción e o coñecemento colectivo. Nada se di desta franxa social, para nós de primeira necesidade.

Para rematar, dicimos que necesitamos outros camiños, unha exixencia de comunicación diferente previa á autoridade administrativa competente por parte das administracións, moitísimo máis áxil, moitísimo máis sinxela, e dende logo salvagardando os dereitos de acceso e sobre todo o dereito de acceso á cultura, que vostedes nestes últimos anos tan duramente teñen castigado con recortes brutais e con consecuencias evidentes.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Rolda de grupos parlamentarios non emendantes.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Quixera comezar a miña intervención manifestando o recoñecemento e os parabéns ás traballadoras de Bershka e á CIG pola súa loita exemplar contra ese xigante, *(Aplausos.)* esa multinacional Inditex, nesa batalla con coraxe que lle gañaron a este xigante. É un exemplo desde logo para a clase traballadora, o camiño que temos que seguir para conquistar, para reconquistar os dereitos e as liberdades perdidas, arrebatadas.

Imos co debate do anteproxecto. Efectivamente, o BNG non presentou emenda á totalidade, emenda de devolución; si presentamos numerosas emendas, porque nos parece que é un texto moi mellorable, un texto que ten numerosas carencias, deficiencias e contradicións, porque tamén é certo que a realidade que aborda esta lei é moi complexa, moi diversa, e hai unha pretensión de resolver cuestións que son desde logo moi diferentes.

Entón, a primeira crítica que teriamos que facerlle, señor Rueda, é algo que é moi habitual en todos os textos legais que traen ao Parlamento, que é o déficit de transparencia e de información. Vostede presume de que houbo moitísima transparencia e moitísimo consenso, pero nós desde logo en toda a documentación non a vimos, e porque, ademais, canta máis lexislación hai sobre transparencia e bo goberno na realidade menos información e menos participación vemos.

E, ademais, unha participación que está restrinxida a determinados colectivos profesionais aos que efectivamente se lles deu audiencia —asociacións empresariais do sector da hostalaría, salas de festas, verbenas e demais—, nunha participación aparente, que é formal, que despois non se plasma na aceptación das súas propostas e suxestións, ás que lles aplican literalmente o rodillo. Vostede dixo que presentaron 67 alegacións e resulta que no informe figuran 63 rexeitadas; entón, a cifra non nos vale, porque, en realidade, quitando algunhas parcialmente da Fegamp, que aceptaron, ao resto pasáronlle literalmente o rodillo, pasáronllelo por riba; 63, de 67, rexeitadas. Se a isto se lle chama participación e consenso, desde logo nós non o vemos por ningún lado.

Hai moitísimos colectivos profesionais, por exemplo do ámbito musical, do ámbito audiovisual, en xeral do ámbito cultural, que non foron consultados. Botamos de menos tamén a consulta a unha asociación como a de produtores técnicos de espectáculos de Galiza, que, ademais, hai unha titulación específica de formación profesional que non se contempla na lei. E, sobre todo, non houbo información nin participación dirixida a entidades e colectivos sen ánimo de lucro, que van estar moi afectados pola lei en sentido negativo se se aproba tal e como está. Refírome, por exemplo, ás asociacións culturais, veciñais; si aparece a consulta á Federación, pero non aos numerosos colectivos veciñais que hai no país; incluso hai distintas federacións —xuvenís, de mulleres, de música, de danza tradicional, cineclubs, etc.— que se van ver moi afectadas pola aplicación da lei.

E tamén nos parece, de verdade, moi discutible, e incluso contraditorio coas palabras que verteu vostede aquí, a xustificación da non necesidade de ditame do Consello Económico e

Social, co argumento —fíxese vostede— de que as materias reguladas non están directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galiza.

Vostede acaba de dicir aquí que son actividades que teñen un grande impacto económico e social —palabras súas nesta comparecencia— e resulta que os seus xuristas din que son materias que non están directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galiza e que os espectáculos públicos e actividades relativas non teñen un impacto moi importante na economía galega.

Unha segunda cuestión que queremos facer constar e á que fixo vostede referencia, recoñecendo implicitamente que a verdade é que non traballaron moito nestes anos —levan de maneira continuada nove anos no Goberno—, é o baleiro normativo. Claro que si, existe un baleiro normativo, porque, como dixo vostede, Galiza ten competencias exclusivas nesta materia, que son do ano 1996, e pasaron máis de vinte anos e non foron capaces de facer unha norma específica, e ata agora había unha regulación e segue habendo unha regulación moi diversa e moi dispar que regula todas estas cuestións.

E outras comunidades si que se aplicaron e fixeron unha lexislación propia xa desde hai anos. Tamén é certo que moitas veces en resposta a traxedias, porque, ao final, esta cuestión está moi directamente relacionada con feitos tráxicos que obrigan dalgunha maneira as administracións a tomar medidas.

Entón, vostedes presumen de ser moitas veces pioneiros e os máis modernos e os máis avanzados, e supoñemos que non será por vagancia que non fixeron unha norma propia, ou tamén supoñemos que non agardan a que as aproben outros para despois copialas, ¿non?, porque iso tamén se leva moito aquí: que fagan unha norma en Madrid e despois que a copien aquí ao pé da letra, como fixeron coa de benestar animal e con moitas outras, e así saen como saen, que teñen que ser despois sometidas a múltiples emendas.

Pensamos que o problema máis importante que ten o texto desta lei —e por iso pensamos que é moi mellorable a agardemos que no trámite de debate se poida facer—, é a pretensión —unha pretensión realmente difícil de encaixar e de resolver— de meter nesta lei realidades moi diversas, porque o proxecto de lei fai referencia a unha ampla variedade de actividades, establecendo obrigas e requisitos comúns para realidades moi diversas e moi dispares, e queremos chamar a atención sobre a necesidade de diferenciar claramente as actividades e espectáculos que son claramente de carácter lucrativo doutras moitas actividades que organizan sobre todo asociacións que non teñen esta natureza.

E, neste sentido, parécenos que é un texto moi mellorable, que hai que adaptalo á realidade galega, que é diferente a outras realidades e a outros territorios, porque somos un país diferente e temos multiplicidade, multitude, miles de actividades culturais e recreativas e de pequenos espectáculos todos os días —estamos nesta época, por exemplo, na dos magostos— que teñen difícil encaixe nunha lei coma esta, aínda que é certo que vostedes fixeron unha disposición derradeira primeira que é unha especie de caixón de xastre, onde intentan meter aí amaños e solucións parciais para encaixar esas realidades moi diversas. Pero pensamos que tamén este apartado é moi mellorable no que se refire ás verbenas ou a pequenos

espectáculos, por exemplo de menos de 100 persoas de asistencia, que non resolven esta cuestión.

Outro aspecto no que entendemos que hai que mellorar o texto da lei é no que ten que ver coas competencias dos concellos. Este proxecto, como aconteceu tamén no de benestar animal, o que fai é trasladarlles e atribuírlles aos concellos competencias que anteriormente correspondían á Xunta de Galicia, á Administración autonómica, por exemplo no que ten que ver coa ampliación e regulación de horarios, na inspección ou nas sancións, e consideramos realmente que esta sobrecarga de competencias pode crear moitas dificultades de aplicación.

Vostede sabe perfectamente cal é a realidade municipal de Galiza, a diversidade de concellos que hai no país, e, se é difícil aplicar unha norma coma esta ás cidades do país, imaxine os pequenos concellos de menos de 1.000 habitantes como van ter que atender, por exemplo, ter un plan de inspección para este tipo de actividades, a non ser que, claro, o obxectivo —que ao mellor é ese— sexa externalizar este tipo de funcións de control e de inspección con empresas que fagan este tipo de traballo. Nós pensamos que este tipo de labor teno que facer a Administración pública.

O propio informe da Dirección Xeral de Administración Local fai precisamente referencia a esta cuestión. «Sempre que proceda a atribución de novas competencias, ten que preverse a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais», pero vostedes despois non o resolven no texto da lei. Por exemplo, no que ten que ver coa ampliación e redución de horarios sobre o horario xeral —apartado f) do artigo 5—, que actualmente é competencia autonómica e que vai pasar aos concellos; ou as autorizacións para a realización de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario, que tamén pasa a ser competencia municipal.

Vostedes introducen un artigo no que se fala de que a Xunta e as deputacións «poderán prestar» apoio; a nós esa solución non nos vale, e nas emendas que presentamos o que lles propoñemos é que «deberán prestar», a Xunta e as deputacións «deberán prestar», non «poderán prestar», porque, señor conselleiro, hai moitísimos concellos que non van poder facer este labor de inspección, porque xa non o fan agora, nin sequera case, con dificultades, os concellos máis grandes.

Outra cuestión —e non vou entrar xa noutros temas menores— que nos parece importante neste debate xeral é o que ten que ver co réxime xurídico de intervención administrativa, do que falou vostede tamén na súa intervención, no que vemos que hai moitísimas contradicións e moitísima confusión, que, ademais, con este texto, se queda así, desde logo se vai agrandar.

Este Parlamento aprobou... *(Murmurios.)* —non sei se teñen algo que..., porque teñen así esta..., é algo xa habitual— a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galiza, para establecer un réxime xurídico para a apertura de establecementos e actividades económicas, que, ademais, se presentou como a gran panacea. Pois ben, esta lei, que ía resolver todos os problemas, establecía un réxime xeral de comunicación previa.

No ano 2016 a Lei do solo e o decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo, volven apostar polo réxime de comunicación previa, e tamén se aproba no ano 2016 o regulamento desa lei do 2013, que de novo volve establecer o réxime xurídico da comunicación previa como o réxime xurídico xeral para as actividades económicas.

E, curiosamente, agora vostedes, nestes proxecto de lei, modifican ese réxime xurídico e establecen un novo; é dicir, este réxime xurídico que se estableceu no 2013, que tamén se estableceu na Lei do solo, no Regulamento da Lei do solo, no Regulamento da Lei do emprendemento, e que os concellos empezaron tamén xa a aplicar a partir do 2013, resulta que agora o cambian nesta lei, establecendo como procedemento xurídico o réxime de declaración responsábel, co cal imos ter, señor Rueda, un auténtico galimatías, un auténtico guirigai de actividades que van estar sometidas ao réxime de declaración responsábel e actividades que van estar sometidas ao réxime de comunicación previa.

E isto realmente crea moitísima inseguridade, moitísima confusión, empezando polos profesionais que traballan nos concellos, para os técnicos do sector privado e para a cidadanía en xeral, que non van saber, por exemplo no caso dunha cafetería que teña despacho tamén de pan, que réxime se vai aplicar, porque aquí temos unha actividade económica por un lado e unha actividade recreativa por outro. ¿Que réxime se vai aplicar neste caso?

Dá a impresión de que vostedes nunha consellería lexislan dunha maneira, noutra doutra, de maneira contraditoria, non se falan entre si, non se coordinan entre si. Polo tanto, esta cuestión pensamos que é unha das que hai que revisar, que hai que corrixir, establecendo un réxime único, que nós entendemos que, por claridade e por aclarar as cousas para a xente que traballa neste ámbito, tería que ser o que se veu aplicando desde o 2013, que é o da comunicación previa, que é, ademais, o que lle pide tamén a Fegamp nas súas alegacións.

Ademais, fíxese o galimatías e o guirigai que nin sequera vostedes se aclaran, porque o informe da Dirección Xeral de Emerxencias sobre a oportunidade da proposta normativa di: «O anteproxecto remite en materia de réxime de intervención administrativa ao disposto na Lei do emprendemento e da competitividade de Galicia.» Ben. Despois fan unha disposición derradeira única que bota abaixo practicamente a metade ou máis desa lei. Din que remite ao tempo que incorpora na disposición derradeira primeira unha serie de modificacións; nomeadamente establece a declaración responsábel como réxime xeral de intervención administrativa. Isto dío un informe da Dirección Xeral de Emerxencias.

A continuación a memoria económico-financeira da Dirección Xeral de Emerxencias di o seguinte: «Consonte o réxime xurídico único de exercicio de actividades en Galiza, a presente lei recolle a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa.» É dicir, ¿pero que dirección xeral ten vostede, que nun informe di unha cousa e no seguinte di a contraria? Eu creo que debería mirar isto, ¡eh! Debería falar co responsable da Dirección Xeral de Emerxencias. Claro, xa se ve que o director xeral de Emerxencias moi na realidade non está, porque xa vimos o desbaraxuste que teñen vostedes nas emerxencias, que se viu plasmado o pasado día 15, neses días da crise dos lumes, o mal que funciona.

Pero, realmente, isto é moi grave, que a mesma dirección faga dous informes e nun diga que o réxime que establece a lei é a comunicación previa e na páxina seguinte diga que o réxime que establece a lei é a declaración responsábel. Pero ¿que clase de consellería é esta? Non é xa que non se coordinen entre as distintas consellerías, é que na propia consellería, na mesma dirección xeral, din unha cousa e a contraria. Entón, isto é grave, e isto débese resolver, e esperemos que se resolva en todo o trámite da lei.

Xa non falo do tema da protección a menores, que nos parece tamén que é moi mellorable o tema da idade, que os menores de 16 anos vaian acompañados dunha persoa responsábel. Xa me dirá: un neno de 15 ou 14 anos eu creo que non vai aos concertos, non vai aos espectáculos acompañado dos seus titores ou das persoas responsábeis. Estas cuestións hai que resolvelas.

Hai que resolver tamén a cuestión da participación. Hai que resolver moitos asuntos.

En todo caso, a nosa vontade é traballar, a non ser que se devolva o texto, pero traballar na ponencia para mellorar; presentamos máis de trinta alegacións, e agardemos que nese trámite se poida enriquecer, se poida mellorar, se poida corrixir, se poida emendar, se poida, en fin, ter unha lei que estea á altura e que permita superar este atraso que temos de máis de vinte anos de aprobación dunha lexislación específica en materia de actividades e de espectáculos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Bo día, señor conselleiro.

Hoxe imos falar de espectáculos públicos e actividades recreativas, unha lei sobre os espectáculos públicos e as actividades recreativas despois de ter pasado vinte e un anos dende que a Xunta de Galicia ten a competencia na materia, que foi transferida no ano 1995.

Xa tanto na propia exposición de motivos como na propia memoria económico-financeira que vostedes presentan se nos di que, tendo en conta o tempo transcorrido dende a dita transferencia, cómpre establecer unha lexislación propia que se adapte ás especiais circunstancias da Comunidade Autónoma galega e homoxeneíce os distintos aspectos dispersos en diversos regulamentos, e di tamén que esta lei vai encher o baleiro normativo existente na actualidade e completa a regulación estatal.

A verdade é que, despois, houbo a entrada en vigor da Directiva 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que foi trasposta ao ordenamento xurídico español no ano 2009 e incorporada ao ordenamento galego no ano 2010, sen que se teña efectuado a dita lei.

Todas as comunidades autónomas, agás Galicia, teñen aprobadas as súas respectivas leis; é máis: nalgún caso xa están modificando as que tiñan inicialmente aprobadas. É dicir, dezaseis das dezasete comunidades autónomas que hai no territorio español teñen a día de hoxe unha lei que regule os espectáculos públicos e as actividades recreativas, e só carecen dela Galicia e as cidades autónomas de Ceuta e de Melilla.

Por certo, señor conselleiro, deses vinte e un anos, dezasete anos gobernados polo Goberno do Partido Popular e nove ininterrompidamente polo señor Núñez Feijóo e sendo vostede conselleiro con competencias nesta materia.

O máis paradoxal aínda é, se cabe, que xa figuraban como compromisos electorais do Partido Popular no ano 2009 e no 2012, pero aí incumpren a súa promesa electoral. Pero no 2016, cando non figuran, resulta que é cando a presentan. De todos os xeitos, benvido sexa.

É curioso que aproban o proxecto de lei no Consello da Xunta do 14 de setembro de 2017 e o 5 de outubro de 2017 —é dicir, vinte días despois— publican unha Resolución do 26 de setembro de 2017 pola que se aproban os criterios e procedemento para autorizar a ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas nos portos autonómicos da competencia deste organismo. Xa mo explicará despois na réplica. A verdade é que todo parece un pouco surrealista.

De todos os xeitos, nós esperabamos que dende a Comunidade Autónoma se nos trouxera un proxecto de lei que estivera totalmente debullado, que fose claro e transparente, consensuado co sector, adaptado á realidade do noso país e que recompilara toda a normativa dispersa que se atopa regulada en diversa normativa. Pero o que atopamos é un documento pouco claro e pouco transparente, como mínimo normativamente disperso, que está en nove normas, ás que vostedes fan referencia: á Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao Decreto que regula a actividade e control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, ao Decreto do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos públicos, á Lei de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva de 2006, á Lei de protección da seguridade cidadá, ao Decreto que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, ao Decreto que modifica o decreto polo que se aproba o Catálogo, á Orde que determina os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma e á Lei de seguridade privada.

Nós, nunha das nosas emendas, o que pedimos é que nun ano se aprobe un texto refundido para que recolla a normativa autonómica sobre espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos ou espazos abertos ao público. E esperamos que non tarden outros vinte e un anos en aprobalo e aplicalo. *(Aplausos.)*

Tamén nos di vostede —e tamén aparece no propio documento— que nos traen un documento consensuado co sector. Pero a verdade é que nós tan consensuado non o vemos —e os meus antecesores na palabra tamén o teñen posto de manifesto—. Foi remitido a nove organizacións, segundo vostede, representativas do sector —o criterio é o propio da consellería—. Contestan tres. No trámite de exposición pública, a través da páxina web, alegaron tamén tres, que son a Fundación Franz Weber, a Asociación Galega de Empresas Musicais, Federación de Empresarios de Salas de Fiestas, Baile y Discotecas de Galicia, Asociación de Empresarios de Verbena Galega e Asociación Galega de Orquestras. Por certo, non aparecen por ningún lado nin as asociacións de veciños nin as asociacións de consumidores e usuarios, que nos parece importantísimo que teñan algo que dicir no que se refire a esta lei. Pero, aínda así, presentan 53 alegacións, e vostedes din que está consensuado co sector, e resulta que parcialmente aceptan unha delas, parcialmente; de 53, 1; a Fegamp presenta 13 e aceptan 4; de 13, 4. Polo tanto, moi consensuada moi consensuada, baixo o criterio do Grupo Parlamentario Socialista, non parece que saia esta lei.

Tráenos un documento no que achega unha documentación adxunta na que se nos di. Primeiro: non se inclúen os informes doutros ámbitos da propia Administración autonómica nos que a proposición de lei ten unha incidencia importante. A propia Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia di: «A regulación contida no anteproxecto pode ter incidencia indirecta sobre outros ámbitos competenciais tamén de titularidade autonómica, como, por exemplo, sanidade, promoción de deporte, casinos, xogos e apostas, medio ambiente e paisaxe, entre outros».

Tampouco sabemos cal é o motivo polo que o informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, en contra do que fai habitualmente con outros proxectos de lei, non mostra o seu sentido claro, favorable ou de conformidade explícita a este proxecto de lei. Seguramente vostede terá despois ocasión de poder explicarmo.

Non se inclúe o informe da Comisión Galega de Cooperación Local, que, entre as súas funcións, está emitir informe sobre os anteproxectos de lei que atinxen ao réxime local ou propoñer criterios de colaboración e coordinación para que as diferentes administracións públicas exerzan as súas funcións de cooperación económica, técnica e administrativa.

¡Home!, non me acordaba de que vostedes tardan sobre oito anos en convocar a Comisión Galega de Cooperación Local; non sei se esa é a razón, porque non será a razón de que non se lle atribúen competencias aos concellos, ¿verdade que non, señor conselleiro? Seguro que non é esa a razón.

A propia Asesoría Xurídica Xeral manifesta que o proxecto de lei contén unha atribución directa de competencias por lei aos concellos, pasando a constituír unha competencia propia dos concellos. Por exemplo, na autorización para ampliación de horarios —que vostede debullou correctamente na súa intervención—; autorizacións cando son de carácter extraordinario; funcións de inspección e control; incoar, instruír e resolver expedientes sancionadores; actuacións necesarias para o axeitado desenvolvemento das competencias, entre outras.

A propia Asesoría Xurídica fai referencia á Lei 5/2014, de racionalización e sustentabilidade da Administración local. Non o vou aburrir coa lectura de todo o artigo, pero si que vou ler o apartado número 3 do artigo 1, «Competencias propias dos municipios atribuídas pola lexislación autonómica», que di: «Para estes efectos, os anteproxectos das leis a que se refire a liña anterior deberán ir acompañados dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia, na cal se reflicta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou actividade. A lei deberá prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais, sen que iso poida levar consigo en ningún caso un maior gasto das administracións públicas.»

O Grupo Parlamentario Socialista tamén presenta emendas neste sentido para que a consellería competente se sente coa Fegamp e coas deputacións e se estableza cales son as competencias que se transfiren, así como os custos que se ocasionan. É dicir, unha vez máis os concellos teñen que asumir competencias sen a transferencia do financiamento necesario para levalas a cabo, aínda que o teñan contemplado en diversas leis. Pero é verdade que vostedes empregan a normativa cando convén, é dicir, segundo conveña.

¿Por que non inclúen no Proxecto de orzamentos para o 2018, no que estamos traballando agora mesmo para a súa aprobación, unha partida como si o fan para outras na repartición do Fondo de Cooperación Local adicional?, que tamén lle recordo que nace para ser un fondo de cooperación cos concellos non condicionado. Pero —insisto— vostedes utilizan a normativa segundo conveña para o Partido Popular.

Resúltanos aínda máis curioso que sexa a propia Dirección Xeral de Administración Local quen informa —por certo, en contra do que vostede acaba de dicir, que estou totalmente de acordo co que vostede fala de novas funcións— e, non obstante, a Dirección Xeral de Administración Local, que depende organicamente da súa consellería, di que non procede a emisión de informes respecto das competencias dos concellos que se determina no anteproxecto de lei, xa que están sendo exercidas polos concellos antes da entrada en vigor da Lei 5/2014. En fin, é todo un pouco paradoxal. De todas formas —insisto—, non me estraña que non se acorden, porque co tempo que lle levan dando voltas a esta lei... Pero, en calquera caso, póñanse de acordo.

A Secretaría Xeral Técnica presenta unha memoria xustificativa da non necesidade de solicitar un ditame do Consello Económico e Social. Menos mal que —igual que no caso anterior— vostede lle pon claridade a iso e vostede mesmo fala do grande impacto económico e do grande impacto social desta lei. Polo tanto, vostede mesmo xustifica a absoluta necesidade dun informe do Consello Económico e Social. Que, por certo, esa memoria xustificativa da non necesidade contravén a propia Lei 6/1995, pola que se crea o Consello Económico e Social, que no seu artigo 5 indica as funcións deste consello e di, entre outros, que serán ditames de solicitude preceptiva os que versen sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Pero, non obstante, nós fomos mirar a ver que impacto tiña isto nas contas galegas e comprobamos que nas táboas publicadas polo IGE as actividades artísticas, recreativas e outros servizos representan para Galicia, en datos anuais para o 2016, un 3,5 % do PIB anual; non parece que sexa desprezable. E se imos a postos de traballo equivalentes a tempo completo, que se define como total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo no territorio económico, pois o IGE tamén nos di nas contas económicas trimestrais que as actividades artísticas, recreativas e outros servizos representan un 7,8 % do total, e, no caso dos asalariados, un 7,32 % do total para o ano 2016. Polo tanto, estamos de acordo —concordamos con vostede—: teñen moito impacto social e moito impacto económico. Polo tanto, pedimos que o CES faga un informe sobre este proxecto de lei.

A verdade é que co tempo que levan falando desta lei nos podían traer unha lei un pouco máis elaborada. ¿Ou tiñan dúbidas de que ía saír adiante? Supoño que non sería iso. E, por certo, xa que nos recordan sempre que son 41, pois que se note, que traballen un pouco máis as leis e que veñan un pouco máis debulladas, que me parece algo bastante interesante. *(Aplausos.)*

Nós, o Grupo Parlamentario Socialista, cremos que é unha lei necesaria —estamos totalmente de acordo—, e por iso non presentamos unha emenda á totalidade, porque esperamos chegar a un acordo para que saia unha lei absolutamente necesaria que dea seguridade xurídica ao sector e aos participantes, así como garantir a convivencia ordenada entre os espectáculos públicos e a vida familiar.

Presentamos un total de 44 emendas, que debatemos co sector, con asociacións de veciños, con asociacións de consumidores e usuarios e con concellos. Estamos seguros de que a nosa aportación vai mellorar moito este proxecto de lei. E esperamos que o Partido Popular, coa súa maioría, teña en conta as nosas proposicións e mellorará fundamentalmente a definición do contido e a clarificación dos preceptos que nestes intres, tal e como está redactada, non dá seguridade xurídica en moitos aspectos.

Con isto, dicir —aínda que xa o dixen anteriormente— que solicitamos un texto refundido no que se recompile toda a normativa autonómica e que estamos abertos a chegar a acordos para facer unha lei absolutamente necesaria.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, señorías.

Dicía o reverendo Luther King que o auténtico liderado non consistía en buscar consensos, senón en modelar consensos. Eu quero comezar esta intervención felicitando o Goberno, e

concretamente o seu vicepresidente, por conseguir modelar este texto lexislativo que hoxe comeza a súa andaina nesta Cámara e que, sen dúbida, constitúe unha magnífica base sobre a que agora nos corresponde traballar aos distintos grupos parlamentarios.

Por certo —quero aclararllo, señora Rumbo—, o traballo dos 41 e o traballo do resto da Cámara comeza hoxe, é hoxe cando comezamos a traballar. Non convén que vostede cometa os mesmos erros que a súa compañeira Carmela Silva, que confunde o Lexislativo co Executivo. Este é un proxecto de lei que redactou o Executivo e, a partir de hoxe, traballamos nós, ¡a partir de hoxe! E eu invítoa a que traballe con nós. *(Aplausos.)*

Creo sinceramente que nos atopamos ante un proxecto normativo necesario, útil e, como dicía o vicepresidente, consensuado. Mire, necesario porque o conxunto da sociedade galega, especialmente os sectores máis directamente afectados por esta normativa, demandan un marco xurídico claro, adecuado á realidade social actual e capaz de garantir a protección e a conciliación dos distintos dereitos e intereses en relación cos espectáculos públicos, delimitando con igual claridade as obrigas de cadaquén á hora de tomar as medidas necesarias para evitar situacións indesexadas e as responsabilidades que cadaquén asume como consecuencia do incumprimento desas obrigas.

Creo que tamén é un proxecto útil, pois céntrase no substancial, no importante, abandonando calquera pretensión de establecer un innecesario intervencionismo da Administración autonómica sen que isto supoña que se renuncie a establecer un marco lexislativo claro, sinxelo, desburocratizado e eminentemente práctico. E, dende logo, a pesar dalgunhas cousas que se dixeron aquí, é un proxecto consensuado, xa que, como explicou o vicepresidente, se estableceu cos sectores afectados un auténtico diálogo; nin sequera unha comunicación, un auténtico diálogo, fluído, sostido durante un longo período de tempo, e iso permitiu enriquecer o texto ata chegar a esta Cámara cun altísimo nivel de consenso co sector.

Eu estou seguro de que ningún dos actores que participaron nese proceso viron as súas expectativas completamente colmadas, pero creo que ese diálogo serviu —e créoo sinceramente— para disipar temores e para atopar un punto de equilibrio no que se poidan sentir razoablemente cómodos e o suficientemente protexidos os seus intereses.

É certo que é un proxecto esperado moito tempo. Facía mención a señora Rumbo aos 21 anos. Eu teño que recordarlle que dos 21, 4 foron seus, e, por certo, nin sequera o intentaron, ¡nin sequera o intentaron! Pero é certo que era complicado homoxeneizar toda a lexislación existente, e ademais hai que recoñecer que Galicia, no que fai referencia á súa realidade de espectáculos culturais, ten unha realidade especialmente complexa. E por iso eu quero felicitar sinceramente o señor vicepresidente, porque non era sinxelo acadar un grao de consenso arredor dunha materia tan sensible, tan alto, como o que se conseguiu con este texto.

Aproveito, sinceramente, para tender a man aos grupos parlamentarios para que na parte que nos corresponde sexamos quen de enriquecer este proxecto de lei, conservando, iso si, as bases substanciais do acordo social que alcanzou ata o momento. Si, señor Bará, o rostro amable. Cando atopamos reciprocidade na contestación, gústanos amosar o noso rostro amable.

E creo, sinceramente, que o comezo resultou prometedor. A ausencia de emenda á totalidade por parte do Grupo Socialista e do Grupo Nacionalista supón un recoñecemento da validez do texto que hoxe debatemos, polo menos —recoñeceranmo— para os efectos de servir como punto de partida para que elaboremos unha lei que satisfaga razoablemente os múltiples intereses que se concitan arredor dela.

Non vou entrar hoxe no debate de emendas parciais, porque, sinceramente, escoitei algunhas cousas aquí que probablemente terían que facerme sangrar os oídos. Pero precisamente, en aras a manter ese ton conciliador, ese rostro amable ao que facía mención o señor Bará, imos pasar hoxe por riba delas, creo que temos tempo para debatelas na pertinente comisión e ver así se conseguimos un certo grao de consenso amplo.

Polo tanto, hoxe agradezo ese espírito construtivo dos nacionalistas e dos socialistas, e oxalá manteñan ese espírito construtivo e nos permitan alcanzar un acordo parlamentario o máis amplo posible.

Pero, señor vicepresidente, ata ao mellor cazador se lle escapa algunha lebre, e a nós se nos escapou o consenso con En Marea, polo menos o consenso neste estado inicial.

Eu recoñezo que, por suposto, teñen todo o dereito a discrepar, pero, dende logo, sen que sorprenda a presentación da emenda á totalidade, porque xa os antecedentes a viñan anunciando, si sorprenden as razóns esgrimidas para opoñerse a esta lei.

En datas recentes, a señora Cuña e a señora Chao manifestaban ante os medios de comunicación, e cito literalmente: «A nova Lei de espectáculos da Xunta é unha coartada para amordazar a cultura», ademais de cualificala como «un risco» e «un perigo» para a creación artística de Galicia.

Home, xa coñecemos todos unha certa tendencia á metáfora hiperbólica por parte dos representantes da nova política, pero creo, sinceramente, que esta vez levaron esta cuestión ao extremo. Porque, señorías, a Lei de espectáculos nin regula nin pretendeu nunca regular a creación artística, e, polo tanto, dificilmente vai incidir nunha materia sobre a que non se pronuncia en ningún dos seus artigos, en ningún. Pero a pesar disto a señora Cuña atopa riscos de amordazamento da creación cultural nunha normativa que non regula a creación cultural.

E eu, sinceramente, confeso que escoitando todo isto recordei esta frase do seu marxista de cabeceira, que é o señor Groucho Marx, cando dicía aquilo de que estiveron tan ocupados escribindo a crítica que non tiveron tempo para sentarse a ler o libro, porque non hai outra explicación a isto que di.

Eu entendo, ademais, que vostede atribúe a responsabilidade deste presunto amordazamento cultural exclusivamente ao Partido Popular. Pero segundo o seu parecer, señora Cuña, ¿cal é a responsabilidade do BNG e do PSdeG neste suposto atropelo? ¿Son coautores? ¿Son cómplices necesarios? ¿Son encubridores? Porque, claro, estaría ben que no seu turno de peche vostede o explicase, porque algunha explicación terá a ausencia de emendas á totalidade de

socialistas e nacionalistas, respecto, polo menos, a ese suposto e brutal frontal ataque contra a cultura do noso país. Espero algunha explicación ao respecto na súa intervención.

Pero voume centrar agora no texto da súa emenda á totalidade, texto que argumentan con base en catro aspectos fundamentais. O primeiro, a falta de diálogo e consenso. Porque parece ser que hai unha ausencia de diálogo que As Mareas xustifican nunha serie de xuntanzas que as súas señorías mantiveron cunha serie de grupos e sociedades —supoño que secretas, polo menos para nós—, porque parece que teñen intereses afectados pola lei, pero que por algún tipo de timidez institucional —supoño— decidiron non presentar alegacións ao anteproxecto en ningún momento. E, dende logo, non lle acepto, non lle podo aceptar, que vostede veña aquí e diga que non se tiveron contactos coas asociacións e representacións culturais, porque creo que a Asociación Galega de Empresas Musicais os representa, creo que a Asociación Galega de Orquestras os representa e creo que a Asociación de Empresarios da Verbena Galega os representa. Non lle negue, polo menos, representatividade a unha parte tan importante do sector.

O segundo dos motivos aos que aluden é que o proxecto parte dunha premisa errónea: pretende equiparar cultura con espectáculo. Non só afirmo que isto é rotundamente falso, senón que vou máis alá: son vostedes os que parten desa premisa errónea, señorías, non o Goberno.

Como dicía antes, esta lei non regula a creación cultural; os escritores van seguir escribindo, os compositores continuarán compoñendo, os artistas plásticos seguirán creando e os consumidores de bens culturais seguiremos desfrutando desas creacións. E non hai nada nesta lei que afecte ou condicione a creación cultural, nada. Porque esta lei, señoría, só regula os espectáculos públicos e as actividades recreativas. Iso si, regúlaos todos, sexa cal sexa a natureza do espectáculo ou evento: deportivo, lúdico, veciñal, laboral, relixioso, sindical, político ou cultural. E se o proxecto de lei non vai limitar a práctica do deporte, nin a práctica do lecer, nin a vida veciñal, nin a práctica relixiosa, nin a actividade laboral, sindical ou política, cabe preguntarse, ¿por que motivo sospeita vostede que vai limitar a creación cultural? Eu recoñezo que o descoñezo.

Señoría, esta lei só pretende establecer as condicións para que cando calquera desas manifestacións que acabo de relatar se materialicen nun espectáculo público, este se celebre con plenas garantías para todos os que participan ou asisten a ese evento. Iso ten moito máis que ver coa liberdade dos individuos que con calquera clase de censura.

O terceiro motivo ao que aluden, señoría, é á falta de proporcionalidade no sistema de sancións, porque segundo En Marea calquera espectáculo que se realice sen ánimo de lucro non pode nin debe ser sancionado. Isto é o que din vostedes. E se eses espectáculos non gozan, polo tanto, de total impunidade incorreremos, consecuentemente, no amordazamento da cultura e, consecuentemente, tamén no último dos argumentos que xustifican a súa emenda á totalidade: a redución de dereitos democráticos.

O caixón de xastre das Mareas de Podemos. Vale para todo, e —como ben dicía a señora Cuña— cando vale para todo é que non vale para nada. A xustificación do uso deste recurso desesperado, sinceramente, neste caso resulta abraiante. Cito literalmente, literalmente:

«Tanto a exixencia de comunicación previa á autoridade administrativa competente como a autorización por parte da mesma para a realización de todo tipo de actividades artísticas, culturais e recreativas supón un exceso de control inaceptable». Isto é o que din vostedes, señorías.

Primeiro, é falso, porque a normativa contempla que os propios concellos determinen que actividades se exceptúan pola súa baixa incidencia desta regulación xeral. Por certo, aclaro, unha competencia que van exercer os concellos e que non ten ningún custo económico, evidentemente, como tamén van ter a posibilidade de modificar os horarios, que parece que lles molestase, como tamén decidir como se exerce o control destes espectáculos. Porque, señor Bará, supoño que estará de acordo en que os concellos deben ter liberdade para decidir como exercen ese control, ou talvez lle parece a vostede que só o Concello de Pontevedra ten dereito a privatizar ese servizo, porque vostede critícao, pero no seu concello está privatizado. Imos ser un pouco serios.

Señorías, As Mareas de Podemos entenden que se non hai ánimo de lucro xa non existen nin obrigas para os organizadores nin riscos para os asistentes. Señoría, paréceme unha grave irresponsabilidade. As condicións de organización e seguridade dun evento deben estar graduadas en función das súas características técnicas, da súa localización física, do seu aforo, pero a vostedes parécelles razoable que dous eventos de idénticas características técnicas, celebrados no mesmo lugar e que teñen o mesmo aforo sexan sometidos a distinta regulación simplemente en función de se existe ou non existe ánimo de lucro; e iso, señoría, é un disparate.

Esta lei debería, entre outras cousas, intentar evitar que en Galicia teña lugar unha traxedia como esa que recordamos todos e que aconteceu hai anos no Madrid Arena. Contésteme sinceramente, señoría, ¿vostede cre que o feito de que non se cobrase entrada nese espectáculo minimizaría a traxedia? ¿Pensa que se a recadación tivera un fin benéfico se evitarían aquelas mortes? ¿Pensa que de darse algunha desas circunstancias deberían rebaixarse as responsabilidades ou as indemnizacións ás familias? Nós pedímoslle que reflexione sobre eses particulares, señoría, porque coa seguridade das persoas non deberiamos frivolizar.

Señoría, regular non equivale a censurar. Eu non lle acepto esa premisa. Neste país non se censura a ninguén, a diferenza doutros cos que vostedes simpatizan, señoría, pero España non é Cuba, España non é Venezuela e, dende logo, España non se parece en nada ao Irán. E, francamente, comeza a resultar molesto que un grupo político, cuxo líder lanzaba a súa mensaxe política dende unha televisión financiada polo mesmo réxime que ditaba fatuas condenando a morte a Salman Rushdie, veña agora darnos lecciónns de como se exerce en España a liberdade de expresión. Non llo acepto, señoría, ¡non llo acepto! *(Aplausos.)* E, consecuentemente, señoría, eu o que lle pido é que abandone esa mensaxe tremendista, eu pídolle que volte á linguaxe que nos permita alcanzar un acordo para facer a mellor lei posible en beneficio de todos.

Se vostedes deciden participar nese proceso de diálogo construtivo, atoparanos dispostos a chegar a acordos, e eu espero que sexa así. Pero se o que pretenden vostedes é simplemente utilizar isto como un arma para acusar o meu partido dende unha atalaia de suposta supe-

rioridade moral, que non lles corresponde, señorías, atoparanos dispostos a defender as nosas convicciónns.

Eu xa lle advirto que as nosas convicciónns pasan por intentar perseguir o ben común, e a iso nos imos dedicar. Eu espero, sinceramente, que vostedes fagan exactamente o mesmo e que sexamos quen de chegar a acordos razoables.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Réplica do grupo emendante, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Non sei por onde empezar, a verdade.

Señor Pazos Couñago, creo que hai un problema de escoita. Realmente, non sei se lle sangran os ouvidos ou é que hai algún tapón. Dende logo, negar a evidencia ten o seu aquel, negar a evidencia de moitísimas cuestións contundentes que aquí se nomearon. Aquí falouse dunha lei contraditoria, falouse dunha lei con grande inseguridade xurídica, pouco participada, opaca, pouco realista, pouco desenvolvida, con perda de protagonismo da cidadanía, que pon en perigo os grupos pequenos ao lado dos grandes grupos, con moita indefinición, unha lei moi hilvanada, pouco cosida, por momentos anacrónica... Poderiamos continuar, e vostede non escoitaría, porque non escoitou nada.

Os diferentes grupos temos a liberdade de emendar á totalidade ou parcialmente. Creo que a diferenza é que nós, ademais de facer sesenta e pico emendas, facemos tamén a emenda á totalidade, porque cremos... E discrepamos aí, pero niso non pasada nada. Discrepar politicamente non é negativo, e vostede pretende levarnos a un territorio de confrontación que non vai acadar. Creo que houbo moitísimas coincidencias. Dáme igual que vostede diga: o consenso hai que movelo doutra maneira. Unha lei desta envergadura require consenso, unha lei desta envergadura require que sexa participativa; foi sesgadamente participada. Consultaron e falaron cos grupos. Digamos que hai que diferenciar moi ben o que é a actividade comercial mercantil da actividade artística. Dentro da actividade artística..., para que non pense que eu, despois de moitos anos coñecendo o mundo da cultura, non discrimino entre actividades sen ánimo de lucro e actividades con ánimo de lucro. É patético, é falta de argumentos que me diga: ¿Que pasa se En Arena non se cobra entrada? Ou non entendeu nada ou ten tapóns nos ouvidos. Entón, revise, vaia revisar os ouvidos, señor Couñago, que é o mellor que pode facer.

Dende logo, non hai segredismo ningún, falamos con moitos dos grupos cos que vostedes tamén falaron, e pode seguir con iso, negando a evidencia.

Nós cremos que as emendas parciais, desgraciadamente, por ese uso que fan habitualmente da súa maioría, non van ter eco, van ser rexeitadas; é o habitual. ¡Home!, o ano pasado, de 1.000 emendas da oposición aos orzamentos, non aceptaron nin a primeira. Previsiblemente, poucas van aceptar. Iso, máis os datos da transparencia, da opacidade desas emendas feitas

polos grupos, das que vostedes aceptaron unha ou dúas nada máis, é un indicio claro de como utilizan vostedes a maioría.

Esta lei pide...—non sei que me está dicindo; estou falando eu...— Preguntamos e falamos con moitos grupos, intentamos falar con todos os grupos. Esta lei pide claridade, pide concesión, pide concreción, pide ecuanimidade, pide realismo, pide desenvolvemento...; pide moitísimas cousas. Do que se pode extraer tamén que creo que aquí ninguén pode estar en contra da seguridade. Todas e todos desexamos que a mocidade e os dependentes teñan acceso á cultura e acceso ao ocio. O que pasa é que por moitos momentos esta lei é anacrónica. O ocio hoxe mudou moitísimo. E vostedes teñen un duplo discurso estraño: «Hai que protexer os menores». Claro, claro, ¡como non! Teñen que ir os nenos e os mozos acompañados a un festival de música ata os 16 anos, pero poden ir ás touradas aos 12. Isto dío a súa lei...; *(Aplausos.)* acompañados, pero aos 12 anos poden os nenos e as nenas asistir a un espectáculo que agride e maltrata os animais. Bueno, poden segundo a súa lei.

Claro que nós somos partidarias; non falamos por falar, nin temos superioridade moral, nin eses rabos de gaitas. Estamos debatendo con argumentos. Cando non hai argumentos, chegan os insultos e, de aí, as derivacións a outros líderes que non sei que e a Groucho Marx —que, por certo, é un autor marabilloso—.

Ben, con respecto ao réxime sancionador, para que non haxa dúbidas de como pode afectar unha actividade sen ánimo de lucro, pois, moi ben, unha actividade pequena, organizada, ten o mesmo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...rango que un espectáculo público; polo tanto, pode ser sancionada con entre 300 e 300.000 euros. ¿Parécelle ben, verdade? Falta de definición e opacidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña

Rematado o debate, procedemos á votación da emenda á totalidade de devolución formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 40; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda á totalidade.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, o proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas continúa o seu trámite en comisión.

Pasamos ao segundo punto da orde do día.

Acumúlanse as seguintes comparecencias:

Comparecencias do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar sobre a resposta ante a extraordinaria vaga de lumes que acaba de sufrir Galicia nos últimos días

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, solicitada polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, para analizar a gravísima situación creada polos lumes forestais e urbanos que asedian o país

O señor PRESIDENTE: Para substanciar, polo tanto, estas comparecencias, ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Maximina Iglesias, Angelina Otero, Marcelino Martínez e Alberto Castromil.

Cando estamos a falar de catro persoas que perderon a vida, todo o demais queda en segundo plano. Quero que as nosas primeiras palabras de recordo, de pésame e de afecto sexan para as súas familias. *(Aplausos.)*

Señor presidente do Parlamento, señora e señores deputados.

Antonio, de Cervantes, viu como o lume destruía a casa da familia que construíran os seus pais. Patricia, de Melón, perdeu a casa, o garaxe, dous palleiros, o coche e un tractor. Harry e Elena, de Ponte Caldelas, perderon a cabana de madeira e o autobús rehabilitado onde vivían. Neste mesmo concello, o lume provocou perdas de ata medio millón de euros nunha fábrica de taboleiros. En Vigo, derrubouse parte da nave dunha distribuidora de bebidas e perdéronse todas as existencias. E nas Neves os traballadores do serradoiro perdérono todo: a nave, a maquinaria, os vehículos, a materia prima e os produtos elaborados.

Podería relatarlles ducias de situacións semellantes como esta, que vostedes tamén coñecen, vividas en 137 concellos galegos, que reflicten a magnitude dos incendios ocorridos entre o 14 e o 16 de outubro deste ano. Neses días, un total de 128 persoas tiveron que ser ingresadas en distintos centros hospitalarios por danos de diversa índole. Afortunadamente, a gran maioría delas foron dadas de alta nas seguintes horas, mentres que tres aínda hoxe continúan ingresadas, dúas procedentes de Soutomaior e outra veciña de Vigo.

Máis de 2.400 galegos e galegas tiveron que ser desaloxados das súas casas, máis dun centenar viron danadas as súas casas, os seus medios de vida e os seus vehículos, e toda Galicia viviu a angustia do acontecido durante aquelas horas.

Señorías, as persoas afectadas son o máis importante. Por iso, tanto os membros do Goberno, os delegados territoriais e eu mesmo tratamos de estar persoalmente coa maioría delas. Puxémonos á disposición de todas a través de visitas ou conversas telefónicas, e por iso atendelas do mellor xeito posible foi o primeiro e a prioridade absoluta por riba de calquera outra durante os lumes, sendo a prioridade dos equipos de extinción e tamén despois con accións inmediatas para atender os afectados.

Non hai verbas para describir o que sufriu Galicia, pero si debemos ser todos moi conscientes —e máis co que vimos que sucedeu tan preto, en Portugal— de que se xuntaron todas as circunstancias para que as consecuencias que hoxe choramos e lamentamos aínda foran de maiores dimensións se non fose polo esforzo e a pericia de miles de persoas que traballaron nas tarefas de extinción e ás que debemos recoñecer neste Parlamento: axentes forestais, *(Aplausos.)* axentes medioambientais, bombeiros forestais, bombeiros comarcais e urbanos, efectivos da Garda Civil, da Policía Nacional e da Policía Autonómica, efectivos dos concellos, tripulacións de hidroavións e helicópteros, membros da Unidade Militar de Emerxencias do Exército, técnicos do Centro de Coordinación de Incendios nos seus distritos e, por suposto, cidadáns que, solidariamente, loitaron contra as lapas e volveron demostrar que cada vez que unha desgraza pon á proba a determinación deste pobo, os galegos respondemos do mesmo xeito: dando o mellor de nós mesmos.

Porén, os danos foron cuantiosos e alcanzaron moitas familias galegas. Creo que falo en nome de vostedes e tamén do conxunto de Galicia trasladándolles a todas elas que o noso apoio, e, o máis importante, o noso compromiso, seguirá vixente ata que sexan reparados os danos. Lamentablemente, a perda que sufriron as familias das catro vítimas mortais é imposible de recuperar; o único que lles podemos ofrecer, e que, de feito, eu lles ofrecín persoalmente, é o noso respaldo en todo aquilo que poidan precisar. E ao resto dos afectados que viviron en primeira persoa horas de pánico, impotencia e desolación, especialmente a noite do domingo, 15 de outubro, e en menor medida o sábado anterior e o luns seguinte, tamén temos que darlles solucións, que xa teñen á súa disposición. Como lles dixen, sabemos que esa é a nosa primeira obriga, e a iso dedicamos todos estes días con determinación.

Aínda que logo detallarei as medidas concretas, podo dicirlles que todos os afectados teñen xa ao seu alcance axudas, apoio preciso para poder tramitalas e o compromiso de que sexan resoltas no menor tempo posible. E, por suposto, non só teñen este teléfono, o 900 815400 —teléfono gratuíto—, para ser atendidos, senón que —o máis importante— teñen toda a Xunta de Galicia á súa disposición para que se cumpra esta atención.

Señorías, comparezo neste Parlamento porque son consciente de que, tras o ocorrido aqueles días, xorden preguntas, e é conveniente facer reflexións conxuntas. É certo que tentamos dar conta do estado da situación en todo momento: o conxunto dos galegos, a través dos medios de comunicación a diario; os alcaldes dos concellos afectados, cos que seguimos en contacto para avaliar os danos; o Goberno central, que tamén estivo pendente e presente a través do propio presidente do Goberno e da ministra de Medio Ambiente; e igualmente o conxunto de grupos políticos.

Do mesmo xeito, é certo que a conselleira do Medio Rural expuxo os datos coñecidos xa o martes 17, na súa comparecencia inmediata nesta Cámara, incluída no pleno de xeito totalmente extraordinario, cando aínda non se completaran as tarefas de extinción. E no mesmo ánimo da máxima transparencia, tamén eu mesmo dei conta na mesma sesión, igualmente facéndome partícipe dunha alteración de facto da orde do día no control ao presidente.

Pero se estou aquí, a petición propia e de todos vostedes, é porque penso que, superadas as urxencias, cun balance de danos máis preciso, coas axudas necesarias para os afectados xa publicadas e tramitándose —que estaremos de acordo en que era o primordial—, é agora cando temos maior capacidade para facer un debate con máis coñecemento e, polo tanto, un debate máis amplo e un debate máis profundo.

Señorías, os centenares, miles de galegos, que viviron en primeira persoa a angustia dos lumes, e sobre todo as catro familias que choran a perda do seu ser querido, merecen que os honremos nesta Cámara cun debate que vaia máis alá do simplismo goberno-oposición.

Pola miña parte, acudo hoxe aquí con toda a vontade de que este Parlamento poida ofrecerlles a eles e ao conxunto de Galicia algo máis que non sexa simplemente unha sesión máis. Debemos ofrecer respostas ao sucedido, pero tamén respostas para o futuro.

A primeira pregunta que creo que se están a facer os galegos é: ¿foi normal o que pasou? E, obxectivamente, na nosa opinión, non, señorías. O que vivimos foi unha situación completamente excepcional. Nunha comunidade autónoma como a nosa, lamentablemente afeita á loita contra os lumes, pero tamén por iso preparada e coa maior experiencia de toda a Península, moitos cidadáns preguntaranse como é posible afirmar categoricamente que os galegos non viviramos unha vaga de lumes como a daquela das 48 horas. Pois ben, señorías, nin foi normal a actividade incendiaria nin tampouco foi normal a situación meteorolóxica. Certamente, rexistramos condicións climatolóxicas extremas, e mesmo algunhas inéditas. Foi extraordinario, e segue a ser extraordinario, o ano hidrolóxico no que estamos a vivir, cun 35 % menos de choiva do normal, e, segundo os expertos nesta área, co chan máis seco dos últimos sesenta anos.

Foi extraordinario e excepcional o nivel de humidade relativo, por debaixo do 30 % en moitos concellos, onde estes valores son soamente habituais no verán —un exemplo, Cervantes— e chegando mesmo a mínimos históricos noutros como Caldas de Reis. Foron excepcionais os valores das temperaturas diúrnas dun mes de outubro, e moi especialmente daquela fin de semana, por exemplo, máis de 34 graos no concello de Ponteareas. E ao extraordinario e excepcional, como lles dicía, uniuse algo insólito: os efectos do furacán Ophelia, o primeiro de categoría 3 que chega a Galicia desde que hai rexistros, que entrou aproximadamente ás 20 horas do domingo e comezou a saír ás 3-3.30 horas da madrugada do luns, e que se traduciu en temperaturas nocturnas extremas —por exemplo, máis de 24 graos no concello de Laza— e fortes ventos do sur, que especialmente a noite do 15 chegaron a superar os 100 quilómetros/hora.

Isto provocou dificultades engadidas relevantes para o dispositivo, como, por exemplo, que os helicópteros non puideron voar, ademais de por ser de noite, só o fixeron de maneira reducida e moi puntual durante o día, por mor da escasa visibilidade xerada pola néboa.

Os refachos complicaron o control dos lumes, tamén desde terra, ou os lumes procedentes de Portugal chegaron a traspasar a fronteira natural do río Miño de forma reiterada, e con frontes quilométricas, como sucedeu en Lobios, nas Neves, en Salvaterra de Miño ou en Muíños. Só nestes tres incendios arderon máis de 7.000 hectáreas.

Por tanto, señorías, para avaliar axeitadamente o ocorrido, debemos partir da base de que non hai precedentes comparables; nin se pode equiparar ao que fora o peor ano neste eido no que vai de século ou no 2006, onde a vaga de lumes se produciu na época de maior risco e se prolongou durante moitos máis días, nin tampouco é homologable, por exemplo, ao mes de outubro do ano 2011, que tamén rexistrou unha elevada actividade incendiaria. Lamentablemente, desta volta, as condicións meteorolóxicas convertérono en principal aliado dos incendiarios e do lume en Galicia, como tamén, en diferente medida, nas veciñas Asturias, Castela e León e Portugal.

Quero neste punto reiterar a solidariedade de Galicia coa traxedia vivida no país luso este ano, con máis de 100 falecidos polos lumes forestais. Saben que na máxima medida das nosas posibilidades, como xa estivemos en Portugal no pasado, seguiremos ao seu dispor. *(Aplausos.)*

O resultado en Galicia, segundo a avaliación definitiva que nos trasladaron os técnicos na pasada semana, foron máis de 49.000 hectáreas queimadas, o 53 % de monte arborado e o 47 % de monte raso. Isto significa que ardeu nunha fin de semana máis que nos tres anos anteriores, e iso indica a gravidade da situación á que tiveron que facer fronte os equipos.

Cómpre, por iso, subliñar, que coas condicións que se deron, aínda que finalmente este 2017 non sexa o ano con máis hectáreas arrasadas da nosa historia, perfectamente podería selo, e por iso quero tamén volver poñer en valor o traballo dos equipos, que, co vento, coa temperatura, coa humidade e co furacán Ophelia, acadaron que ao redor de 2 de cada 3 incendios, dos 264 aos que se enfrontaron os dous días, quedaran en conatos, pero que sobre todo salvaron moitas vidas que se puxeron en risco.

En calquera caso, os datos sobre hectáreas que sinalan o enorme dano que fan os incendiarios son secundarios, cando estamos a falar de que catro persoas perderon a vida. As hectáreas queimadas poderemos reparalas desde xa e con tempo, pero, lamentablemente, o que non é reparable é o dano de catro familias vítimas do terrorismo incendiario.

Velaí a motivación da segunda pregunta, da segunda pregunta que creo que me corresponde respostar aos galegos; unha pregunta que se repite cada verán, sen dúbida, pero especialmente nas últimas semanas, ao fío do ocorrido: ¿por que arde o monte? Pois ben, cando se afirma con recorrencia que Galicia arde, xa se está faltando á verdade. A Galicia quéimana; de xeito maioritario quéimana. Non é unha opinión persoal, que comparto coa de tantísimos galegos, senón a conclusión extraída polas persoas que investigan os lumes e que apuntan a que de media 3 de cada 4 lumes non son por causas naturais e que a maioría deles son intencionados. Así nolo veñen comunicando historicamente aos sucesivos gobernos.

As primeiras análises apuntan a esta mesma tendencia a respecto dos 264 lumes que xurdiron en Galicia en 48 horas. Entre o sábado e o domingo o 65 % dos lumes iniciáronse a

partir das 19.30 horas da tarde, o momento de maior risco pola imposibilidade de atallalos con medios aéreos, posto que estes non poden traballar a partir dese momento. E, ademais, nestes días, un total de 19 lumes requiriron a activación da situación 2, que, como saben, se decreta cando hai risco de aceptación a núcleos de poboación.

Para valorar a excepcionalidade das dezanove situacións 2, débese ter en conta que ata ese momento durante todo o ano 2017, verán incluído, se recorrera a esta situación 2 durante tres ocasións, e en dous días houbo máis lumes de nivel 2 que os que habitualmente hai de media durante todo o ano. Nos últimos cinco exercicios, a media foi de 13.

Señorías, quen prende lume de noite en varios focos, preto das casas e nas condicións climatolóxicas que había, sabe que esa acción pode xerar terror. Se houbo ou hai unha trama, se os incendiarios estaban ou non organizados, correspóndelles determinalo ás autoridades policiais e xudiciais, que noutras ocasións o descartaron. Pero o que si dixen, o que si digo e o que reitero, manteño e afirmo con todas as letras, sen minimizar o que fan ou relativizalo, é que aqueles que atentan indiscriminadamente contra todo e contra todos, que atacan indiscriminadamente o patrimonio natural e material das persoas, que poñen en risco vidas humanas e conseguen acabar con elas, non son simplemente individuos que por diferentes circunstancias lles prenderon lume a unhas árbores, senón que os seus actos, sen medir as consecuencias, son propios de terroristas, e o que fan non ten outro nome que terrorismo incendiario. *(Aplausos.)* Temos que acabar cos incendiarios e temos que acabar co terrorismo incendiario, e fraco favor nos facemos como país se comezamos por restarlle importancia ou incluso frivolizar con quen son ou co que fan.

Cando se atenta contra a seguridade e o benestar dos cidadáns, hai un problema de orde pública que, primeiro, debemos condenar con toda contundencia e que, segundo, debemos tentar castigar de xeito consecuente.

Outra cousa diferente, pero non por iso deixa de ser grave, é que tamén haxa lumes provocados por descoidos. Loxicamente, tirar unha cabicha ou facer unha queima en días nos que están prohibidos non é o mesmo que prender lume no monte intencionadamente, pero as consecuencias si poden chegar a ser as mesmas. Por iso, non significa que debamos ser condescendentes con prácticas que igualmente poñen en risco a seguridade e o benestar dos cidadáns e o noso patrimonio natural e por iso cómpre seguir insistindo na máxima prudencia. A quen se lle vai das mans un lume pode ter atenuantes, non cabe dúbida, pero igualmente ten a responsabilidade de poñernos a todos nun enorme perigo.

Señorías, a terceira pregunta que creo que os galegos están a facer é: ¿de que xeito respondeu o dispositivo da actividade incendiaria durante estes días, que o situou, efectivamente, fronte a un ataque indiscriminado e difícil de combater? Malia os medios cuantiosos que se utilizaron nos labores de extinción, cun dispositivo que era o máis numeroso de calquera mes de outubro da nosa historia, maila a determinación das diferentes administracións implicadas e malia o heroísmo de todos os que loitaron contra o lume, a principal dificultade derivou de que non só se atentou contra o medio natural, senón que se queimou de forma moi intensa nos núcleos habitados; é dicir, sometendo a gran risco moitísimas vidas humanas.

A mellor ilustración disto dánola o dato do centro de emerxencias 112, que chegou a reforzar o seu persoal ata máis do 150 % nos momentos de maior intensidade da crise, xa que superou con creces os rexistros máximos de actividade de toda a década. Nos dous días atendéronse máis de 9.000 chamadas, que representan practicamente o dobre dunha xornada ordinaria.

Señorías, ante a proliferación de lumes preto das casas, vímonos, especialmente durante doce horas na noite do domingo, na obriga de antepoñer a protección da xente á protección do terreo forestal.

Eu mesmo estaba presente no centro de coordinación cando os técnicos decidiron baixar a maioría dos axentes dos montes, mesmo a lugares completamente urbanos nos que a Xunta non ten competencia directa, pero nós, como é obvio, decidimos actuar. Non teño dúbida de que calquera de vostedes tomaría exactamente a mesma decisión nunha situación semellante, porque a prioridade eran, tiñan que ser, as galegas e os galegos; era evitar que se puidera reeditar aquí unha desgraza como a que viviramos só uns meses antes en Pedrógrão Grande, en Portugal, e como a que tristemente volveron vivir eses mesmos días no país veciño.

Esa fin de semana houbo ata 19 incendios simultáneos en zonas urbanas e urbanizadas con casas, ata no propio casco urbano de Vigo. Deles, 5 afectaron a espazos naturais. Nin os incendios nin os incendiarios distinguiron rural, urbano, especies, parque natural, monte ordenado ou non.

Señorías, priorizamos as persoas no dispositivo e tamén as priorizamos nas respostas, que entendemos que deberían ser inmediatas, especialmente para as catro familias que perderon un ser querido, para as persoas que resultaron feridas e para aqueles que perderon casas e negocios.

E cabe a cuarta pregunta: ¿actuamos coa máxima dilixencia coas axudas? Nas primeiras 24 horas aprobamos no Consello o Decreto marco que dá soporte xurídico ás axudas; aos sete días seguintes autorizamos a orde que as concreta e as habilita, cunha partida de máis de 20 millóns de euros —ampliable, loxicamente, se é preciso—, e abrimos un servizo de atención telefónica gratuíto á disposición dos afectados para orientalos en todo o proceso.

Os técnicos encargados de tramitar as solicitudes teñen instrución de darlles preferencia con carácter especial ás axudas destinadas a paliar os danos individuais; é dicir, fundamentalmente ás indemnizacións ás que teñen dereito as familias das vítimas mortais —que, ademais, xa saben que foron reforzadas— ou aos gastos nos que puideran incorrer os feridos, co límite diario establecido na orde.

Igualmente, xa activamos as axudas para as persoas que viron afectada a súa vivenda, así como o enxoval doméstico, de ata o 100 % do valor da reparación en caso de vivenda habitual e do 40 % en residencias ocasionais, e completando, ademais, os gastos de aloxamento provisional nos casos en que isto fose necesario.

Anúnciolles que incluiremos unha emenda na Lei de medidas administrativas e fiscais para que as axudas incluídas neste decreto queden sen tributación no imposto das rendas ás persoas físicas no que ao tramo autonómico se refire.

Nos últimos días tamén se avanzou notablemente nos expedientes de distintos establecementos comerciais, mercantís e industriais que se viron afectados polos lumes, e para eles habilitamos dúas medidas: a primeira, asesoramento para axudar os afectados a recuperar os seus negocios; e a segunda, e máis importante, axudas para obras de recuperación ou reconstrución de ata 600.000 euros por establecemento, ademais de préstamos con xuros bonificados para financiar estas actuacións, compatibles coas futuras axudas do Estado, así como os seguros que tiveran contratados.

Dentro dos sectores produtivos, tamén, loxicamente, hai que adicar especial atención ao rural e ao mar. No primeiro ámbito —no rural—, faise necesario reparar danos como infraestruturas de titularidade privada, pistas forestais, captacións de auga, cerramentos, bebedoiros e comedoiros; gastos da madeira amoreada queimada, priorizando a recollida na fronteira lusa, para evitar que se propague a praga do pino; reparación de bens, maquinaria ou equipamento; perda total ou parcial de produción agrícola das explotacións; morte de gando ou perda de colmeas das explotacións gandeiras e apícolas; ou para a adquisición da alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas.

Pola súa parte, a Consellería do Mar tamén mantén en alerta sobre os bancos marisqueiros ata a continxencia de que se puideran producir afectacións graves. A maiores —e como xa detallamos no seu momento—, temos aprobadas axudas para outras necesidades: repoñer sinalización turística queimada; recuperar infraestruturas deportivas; arranxar as estradas danadas, especialmente na provincia de Pontevedra, cuxas obras xa se están a desenvolver; ou respaldar os titulares dos terreos cinexéticos ordenados que se viron afectados.

Señorías, quixera determe tamén nunha das partidas máis importantes que reservamos na orde, e que son as axudas para os concellos; axudas tanto para paliar os gastos derivados das actuacións que foron necesarias para afrontar os lumes, como para reparar danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal, e que temos á súa disposición para darlles o respaldo necesario, xunto coas deputacións, tal e como acordamos na reunión celebrada conxuntamente.

Delas xa informamos directamente á Federación Galega de Municipios e Provincias, e estamos pendentes de que se concrete o alcance dos danos dos concellos afectados. Permítanme que aproveite para facer unha chamada a que esta resposta se faga coa maior axilidade posible, porque diso depende que as axudas habilitadas en Galicia se poidan complementar a nivel nacional e, no seu caso, a nivel europeo; é dicir, coas axudas do Goberno central —que xa confirmaron que este mes serán aprobadas— e tamén co Fondo de Solidariedade da Unión Europea, que temos a vontade de explorar co resto das comunidades, pero para o que precisamos ter unha valoración extensa e completa dos custos o máis axiña posible. Por iso, o mesmo compromiso da Xunta, con recursos e con rapidez, pídollelo a todas as administracións implicadas para que os danos ocasionados polos lumes se poidan resarcir canto antes.

Neste obxectivo cobra tamén unha gran relevancia o terceiro piar das actuacións. Estoume a referir ás tarefas de rexeneración e consolidación dos solos queimados. De xeito urxente, iniciamos a fixación dos chans afectados, coa finalidade de impedir o seu arrastre e a chegada dos sedimentos aos cursos fluviais e ás rías; un obxectivo que non damos por pechado e no que imos seguir traballando. Igualmente tamén priorizamos a resposta nos espazos naturais protexidos, en especial o restablecemento dos hábitats na Baixa Limia-Xurés e nos Ancares, debido á presenza de especies catalogadas nalgún caso en perigo de extinción. E, a maiores, xa comezamos a desenvolver tamén a folla de ruta da reforestación, co obxectivo de actuar nunha primeira fase nos 32 lumes de máis de 300 hectáreas que houbo ao longo do 2017 e nunha segunda fase no resto de lugares onde os técnicos vexan preciso e máis urxente actuar.

Señorías, recoñecer a excepcionalidade da vaga de lumes que xustifica esta comparecencia, ter as axudas garantidas e en marcha para os afectados e iniciar os traballos de recuperación dos terreos danados non debe facernos obviar a necesidade de revisar os ámbitos máis estruturais vinculados aos lumes, xa sexa no eido forestal e medioambiental ou no eido da actuación criminal. Ás reflexións neste dobre ámbito encamiñamos a parte final desta comparecencia.

Se Galicia non se deu por satisfeita nisto nunca, tampouco despois desta vaga de lumes podemos saír pensando que todo é correcto. Todo se pode mellorar e, por suposto, tamén a planificación forestal —ten que perfeccionarse—, para reducir no posible a nosa exposición aos lumes, malia que o risco cero nin existe mentres haxa incendiarios nin tampouco é posible nunha comunidade como a nosa, con máis de 2 millóns de hectáreas de montes.

Señorías, contar cunha política forestal que faga máis rendibles os montes e diminúa o risco de lumes era un compromiso do noso Goberno antes de outubro e vaino seguir sendo despois e durante toda a lexislatura.

Penso que nos últimos anos se adoptaron decisións de gran relevancia neste sentido. Permítanme que faga unha breve referencia a dez desas decisións xa adoptadas. Dende o ano 2012, Galicia ten en vigor a primeira Lei de montes da nosa historia aprobada neste Parlamento. No ano 2011 puxemos en marcha o Decreto para fomentar as agrupacións de propietarios forestais. Obrigamos a que todos os propietarios de montes teñan un plan de ordenación a partir do ano 2020. Regulamos a obriga de reinvestir os ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal. Igualmente, hai restricións claras respecto da recualificación dos terreos, que, con base na lexislación nacional vixente, desde o ano 2015 está prohibida durante trinta anos. Creamos axudas para as plantacións de especies autóctonas, como os castiñeiros. Puxemos a funcionar por primeira vez a Axencia Galega da Industria Forestal. E sobre todo —como oitava medida— aprobamos a política impositiva máis ambiciosa da historia de Galicia no rural, primeiro, porque no ano 2016 aprobamos impostos cero para calquera compra, calquera venda ou calquera permuta dunha finca no rural; unha medida da que xa se beneficiaron 20.600 galegos, e tamén porque dende o ano 2017 a mesma política de impostos cero a aplicamos á compra de vivenda en áreas rurais para determinados colectivos e niveis de renda. E, finalmente, porque, tal e como figura no proxecto orzamentario que ten a Cámara, para o próximo ano

introducimos incentivos fiscais para aquelas persoas que xeren actividade económica no rural, neste caso con deducións tanto no imposto das renda das persoas físicas como no imposto de patrimonio.

Señorías, todas estas medidas —estas dez medidas— poñen de manifesto que nos últimos anos collemos o testemuño de gobernos anteriores, que tamén foron conscientes desde o inicio da democracia, de que ordenar os montes, poñelos en valor, é un dos retos máis importantes que temos e que seguimos tendo como país. Nin antes nin agora damos esa tarefa por rematada; convócanos hoxe pero tamén nos convoca no futuro. E nin antes nin agora consideramos que a responsabilidade é exclusiva dun goberno; convoca a este Parlamento e tamén convoca a todos os cidadáns de Galicia.

Por iso, señorías, do mesmo xeito que fomos quen de chegar a acordos importantes ao longo dos últimos anos, propóñolles que a convicción compartida de que no sector forestal temos que seguir actuando a focalicemos tamén nunha única ofensiva.

Desde hai meses, co inicio da nova lexislatura, a Xunta retomou o deseño das novas medidas de planificación e impulso forestal que consideramos necesarias. A maioría delas xa están en marcha e tramitándose; algunhas incluídas na Lei de medidas administrativas e fiscais que está tramitando este Parlamento e que está, por tanto, aberta ás súas achegas, e outras debemos abordalas xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias, xa que inflúen directamente no día a día da Administración local. E hai un último paquete de medidas, como as que conforman o novo Plan forestal, que estamos a avaliar con todos os axentes implicados e que tamén queremos pechar co conxunto dos grupos parlamentarios.

O futuro forestal, señorías, non depende só do Goberno de cada momento, senón de todo o país, e durante décadas. Acertar ou non tampouco está soamente nas mans do Executivo, porque involucrarnos a todos —a vostedes tamén como conxunto dos cidadáns— é responsabilidade de cadaquén. Creo, por iso, que o mellor xeito de crear unha conciencia colectiva que protexe, que ordene e que poña en valor o monte é que comecemos desde aquí, neste Parlamento. E por iso propoño, en concordancia co que manifestaron os diferentes grupos da Cámara e ampliando os obxectivos, a creación dunha comisión específica para buscar un acordo de país sobre a política forestal que blinde a unidade de criterio e a unidade de acción. *(Aplausos.)*

Ademais desa comisión específica na Cámara, someto á consideración nesta comparecencia un paquete de 30 medidas —a metade delas xa en tramitación— nas que lles propoño traballar conxuntamente en tres frontes distintas pero converxentes: en primeiro lugar, no eido da prevención; en segundo lugar, no eido da ordenación; e, en terceiro lugar, no eido da dinamización socioeconómica. Señorías, como xa apuntei previamente, a actividade incendiaria está directamente relacionada cun problema de orde pública que está demostrando que pon en perigo a seguridade dos cidadáns, e, por tanto, previr é fundamental.

A día de hoxe, 3 de cada 4 euros da loita contra o lume xa van para esa finalidade, e a nosa vocación é seguir actuando neste campo con máis intensidade aínda. De feito, o pasado mes de setembro aprobamos as axudas para ter os montes nas mellores condicións posibles de cara

á próxima campaña de lumes do ano 2018. En total, nesta primeira entrega, aprobamos no Consello da Xunta do mes de setembro 11 millóns de euros para propietarios individuais ou colectivos dos montes para que fagan labores silvícolas ou outros tratamentos preventivos.

Creo que todos os galegos debemos recoñecer que as instrucións de prevención e limpeza de montes xa están bastante definidas, con independencia de que se poida afinar nalgún punto concreto. O principal problema é que en moitas ocasións hai unha notable resistencia a cumprilas. Cando os propietarios dos montes —e non esquezamos que o 98 % dos montes en Galicia son privados— non asumimos que hai que xestionalos de xeito periódico, hai un problema. Cando os concellos non cumpren coa súa competencia de inspeccionar o estado das fincas próximas aos núcleos habitados, se é inapropiado ou ben sancionar ou ben facer eses labores e repercutir posteriormente o custo, tamén hai un problema. E cando as administracións non abordamos a problemática das parcelas abandonadas ou sen dono coñecido, e máis aínda se están nos perímetros dos núcleos urbanos, igualmente hai un problema.

Pois ben, señorías, ante esa tripla problemática que nos concirne a todos, preséntolles as seguintes propostas que, na miña opinión, poderiamos comezar a implementar o vindeiro 2018.

Primeira. Avanzar nun acordo coa Administración local para incentivar economicamente a limpeza dos montes, especialmente nas faixas secundarias, é dicir, nas faixas de contorna dos núcleos habitados, de xeito que os propietarios que deleguen no Concello estes traballos paguen un prezo fixo, equiparable a unha roza básica, e as administracións cubramos a parte restante nos casos en que sexa preciso. Iso suporía un desembolso público moi elevado nos primeiros anos pola limpeza das fincas que levan máis tempo a monte e nas que, loxicamente, é máis custosa esa limpeza, pero nas que se chegaría practicamente a custo cero para as administracións en poucos exercicios, se actuamos de forma sistemática.

Segundo. Garantir a total implicación dos concellos, que teñen competencias directas; e, por tanto, exercelas non pode depender da vontade de cada un e de cada exercicio concreto. Neste senso, propoñerémoslle á Fegamp unha fórmula para que o 100 % dos municipios rurais que non teñan parque de bombeiros propio conten con brigadas forestais, que lles cofinanciamos desde a Xunta, fronte aos 195 concellos que nesta tempada si tiñan brigadas forestais e que asinaron o correspondente convenio no 2017; pero non deben ser 195, deben ser preto de 300. É importante, non só porque permita reforzar o dispositivo de extinción cando é necesario, senón porque —non o esquezamos— o principal labor destas brigadas antes da campaña de maior risco é, precisamente, a prevención.

Na mesma liña confírmolles que o Plan Aprol rural 2018 estará orientado exclusivamente e por primeira vez a concellos do rural para que contraten persoal dedicado ás tarefas de silvicultura, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal; e poñemos á disposición deles 7 millóns de euros.

Co mesmo obxectivo de reforzar a colaboración cos municipios e deputacións, saben tamén que levamos tempo traballando nun novo mapa de emerxencias que incorpore e coordine no mando único varios avances logrados nos últimos anos, como a comarcalización dos parques de bombeiros —que xa está definido un grupo creado especificamente para isto—; os

Grupos de Emerxencia Supramunicipal —os GES—, que defendemos consolidar como un corpo centrado exclusivamente en tarefas de seguridade; os novos instrumentos tecnolóxicos da rede dixital de emerxencias; ou o funcionamento dun teléfono para os alcaldes, que se ten solicitado estes días desde a Fegamp para casos de emerxencia, e que xa lles confirmo que habilitaremos.

De todo isto, por certo, daralles cumprida información o vicepresidente da Xunta cunha comparecencia, a petición propia, que se solicitará para o próximo pleno. Igualmente, tal e como xa figura na Lei de medidas administrativas e fiscais, pretendemos incrementar a seguridade xurídica dos concellos para facilitarlles a execución subsidiaria das medidas de prevención no caso de parcelas de titular descoñecido. Clarificamos que nestes casos non é necesaria autorización xudicial para acceder á xestión das mesmas, e permitimos á Administración vender a madeira resultante para resarcirse dos danos.

E para abordar o terceiro problema, o dos terreos abandonados, tamén estamos traballando en varias medidas, tendo en conta que, segundo os datos do catastro, se estima que en Galicia hai máis de 300.000 parcelas de titular descoñecido e un número aínda maior a nome de persoas xa falecidas ou que non se poden localizar. Por tanto, actuar nelas é actuar nunha parte moi importante do medio rural, que neste momento está sen que ninguén mire por el.

Con carácter xeral, ao abeiro do convenio que asinamos co Ministerio de Facenda o pasado 2013, propoñemos incorporar de xeito cautelar e inmediato ao Banco de Terras aquelas fincas sobre as que se está a investigar se teñen un propietario descoñecido, falecido ou ilocalizable; é dicir, imos poñelas, desde que se abre a investigación, á disposición de quen as queira traballar. A mesma finalidade, incorporadas ao Banco de Terras, propoñemos darlles ás fincas abandonadas nos montes veciñais en man común, no caso de que a comunidade correspondente non queira facerse cargo delas. E o mesmo procedemento de mobilización de terreos abandonados podería estenderse a outras finalidades, como o impulso de polígonos agrarios; é dicir, que se poidan mobilizar fincas incorporadas ao Banco de Terras cando existe algunha demanda empresarial que se comprometa a darlles a rendibilidade axeitada.

Pídolles o seu apoio para estas oito medidas de carácter máis xeral que, en todo caso, debemos complementar con outras máis concretas, incluídas xa na Lei de medidas que aprobaremos en decembro, e refírome a algún destes casos.

Di a lei que establecemos faixas de protección arredor das subestacións eléctricas e estacións de telecomunicacións. Ata agora só existía esta obriga nas liñas de transporte e distribución da enerxía eléctrica e de gas. Tamén, que hai que obrigar á xestión da biomasa nas vivendas illadas en solo rústico, aínda que estean situadas a máis de 400 metros do monte; ampliar as limitacións nas faixas secundarias, é dicir, dentro dos 50 metros arredor das edificacións, onde non poden existir acacias nin tampouco especies pirofíticas, basicamente piñeiros e eucaliptos, en determinadas zonas que presentan maior risco de incendios por altitude ou vento ou nos cámpings, gasolineiras e instalacións con material inflamable; endurecer os requisitos para a plantación de piñeiros e eucaliptos entre os 30 e 50 metros arredor dos núcleos, onde propoñemos ampliar a distancia de plantación a 10 metros entre exemplares. Penso, ademais, que é preciso aumentar o coñecemento cidadán sobre todas estas medidas

de protección, e con este obxectivo imos facer unha campaña de difusión que conciencie a todos os galegos das obrigas e das responsabilidades que temos como propietarios.

Non quixera rematar este apartado sen facer mención a unha das medidas máis necesarias para a prevención, sobre todo a medio e longo prazo; refírome á educación das xeracións máis novas. Para sensibilizalas no respecto aos montes, temos a intención de botar a andar campañas que permitan chegar ao 100 % dos rapaces antes de que rematen a ensinanza obrigatoria.

En definitiva, señorías, 14 medidas encamiñadas a máis prevención e, por tanto, menor risco; algunhas delas xa entrarían en vigor o 1 de xaneiro. Ese é o camiño no que temos que perseverar en primeiro lugar.

O segundo campo de actuación, como lles dicía, está vinculado á ordenación dos nosos montes. Tamén estamos traballando nel, e temos a man tendida para facelo xuntos. O principal traballo que temos por diante é continuar a completar a revisión do Plan forestal de Galicia; unha necesidade evidente tendo en conta que o actual foi deseñado hai máis de dúas décadas e, por tanto, precisa ser actualizado.

Saben que xa avanzamos neste traballo da man do Consello Forestal de Galicia con varios obxectivos relevantes, como aumentar decididamente a superficie ocupada por frondosas autóctonas —castiñeiro, carballo e cerdeira—, fomentar as agrupacións de propietarios forestais con vantaxes fiscais como as que xa se inclúen no orzamento do próximo ano, ou aprobar tamén incentivos tributarios para os emprendedores do sector forestal.

Porén, con esta primeira base e despois de que sexa avaliado no Consello Forestal como corresponde, comunícolles que remitiremos o Plan forestal ao Parlamento para que tamén poida ser enriquecido coas achegas dos grupos parlamentarios. Galicia agradeceranos que nos poñamos de acordo nun plan forestal de consenso que sexa máis útil para as próximas catro décadas.

Neste apartado, señorías, hai un segundo nivel de actuación nos montes: os plans de ordenación a nivel de distrito, que tamén estamos a impulsar. O obxectivo é ter para os montes instrumentos semellantes aos plans urbanísticos dos concellos; é dicir, igual que un plan xeral de ordenación urbana guía o crecemento urbanístico nos municipios, estes plans orientarán o crecemento forestal dos montes de cada distrito. Dos 19 distritos que hai en Galicia, a proposta comezará en xaneiro polos da provincia de Ourense, que ten 5, e pola provincia de Pontevedra, que ten 4, por tratarse dos que rexistran maior afectación e actividade incendiaria.

Outra medida é a ordenación xeral do Plan forestal; a ordenación por distritos. Pero ten que haber, ademais, un terceiro nivel de ordenación en cada propietario individual ou asociación. Está previsto na lexislación vixente, que estipula que todos os montes ou terreos forestais teñen que dispoñer no ano 2020 dun instrumento de ordenación ou xestión forestal para que poidan ter autorización de aproveitamentos. O noso compromiso é acompañar os galegos

neste proceso e, de feito, xa puxemos á disposición dos propietarios hai meses axudas, os primeiros 4 millóns de euros para que poidan cumprir coas súas obrigas de cara ao ano 2020.

Este proceso ten moito que ver co plan de actuacións de mellora das zonas de pastoreo extensivo nas provincias de Ourense e Pontevedra, que xa, como avanzamos no debate sobre o estado da Autonomía, conta cun dispositivo de 1,3 millóns de euros para este ano. Está contrastado o seu impacto, e iso lévanos a facilitar esta actividade.

Señorías, estas catro propostas ás que me acabo de referir debemos complementalas con outras dúas nas que tamén se avanzou nos últimos anos, pero creo que son materias pendentes históricas en Galicia e que, por tanto, leva tempo reverter.

O máis importante é a reestruturación parcelaria e, neste senso, creo que debemos incentivar o máximo posible certos procedementos que deben axilizar moito o proceso. Considerando que non hai ningún tipo de impostos que grave as fincas no rural, nin agrarias nin forestais, as concentracións feitas polos particulares son moito más rápidas, menos conflitivas e con cero impostos e cero gastos. Especialmente atractivas resultan as concentracións en zonas de pequena superficie, como as que estamos desenvolvendo de xeito piloto nunha parroquia de Sarria, 300 hectáreas, ou en Oímbra, 1.000 hectáreas, baseada tamén en permutas entre particulares.

Igualmente, tamén cómpre afondar na simplificación administrativa xa iniciada coa autorización das cortas. Non cabe dúbida de que o proceso anterior, con máis de seis fases de autorización, provocaba unha importante lentitude, que, en boa maneira, se reverterá coa Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais, establecendo unha xanela única e, por tanto, unha solicitude única, e, por tanto, unha autorización única para as especies que precisen dunha maior protección. Refírome ás especies autóctonas. É a mera declaración responsable para os piñeiros e eucaliptos.

Pero para que isto sexa realmente operativo estamos abrindo unha plataforma tecnolóxica no Portal da Xunta coa información xeolocalizada e debidamente actualizada que permita coñecer cando os montes forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, de xeito que permita aos operadores unha planificación da xestión forestal máis respectuosa.

Señorías, medidas de prevención, medidas de ordenación e agora medidas de dinamización. Xerar valor nos montes e evitar o abandono é a nosa mellor defensa. Un monte produtivo, aproveitado e que a comunidade percibe como útil é un monte menos vulnerable contra o lume. Por iso creo que o terceiro piar da folla de ruta que lles presento consiste, precisamente, en apoiar a vertente socioeconómica do forestal. Xa estamos a falar dun sector dunha grande importancia económica e social: 2.000 millóns de euros de facturación ao ano, 80.000 persoas empregadas de forma directa ou indirecta nel e unhas 3.000 empresas relacionadas co sector forestal.

Para este reto a Axencia Galega da Industria Forestal, que acaba de poñerse a funcionar, vai ter un papel primordial tanto para incentivar con máis intensidade as pemes do sector e fo-

mentar a fabricación de produtos de consumo, como para facer o sector máis competitivo a través da renovación tecnolóxica e a aplicación da enxeñería, como para fomentar o emprego de calidade.

Neste último aspecto, no emprego, anúnciolles que o próximo ano adicaremos 5 millóns específicos do Plan de obradoiros a obradoiros de tipo forestal exclusivamente, para tratamentos silvícolas, xestión de biomasa e montes veciñais en man común e de particulares e asociados. Coa posta en marcha deste programa, estaríase a posibilitar que persoas en situación de desemprego poidan obter un contrato formativo que lles permita acadar coñecementos certificables no sector e, ao mesmo tempo, axudar no labor de limpeza dos montes da nosa comunidade.

Igualmente, a Consellería do Medio Rural tamén vai abordar a modificación do decreto das sociedades de fomento forestal co obxectivo de flexibilizar a normativa actual e facilitar a entrada de novos investidores. O mesmo obxectivo de atraer a emprendedores cara ao sector forestal está, como dixen, nas rebaixas fiscais introducidas na Lei de acompañamento, tanto no imposto da renda como no imposto de patrimonio, que incluímos, insisto, se saen adiante os orzamentos, a partir de xaneiro do 2018, para que calquera persoa que queira investir no sector rural e, por tanto, no sector forestal, saiba que terá maiores facilidades tributarias.

Señorías, veño de relatarlles unha serie de 25 medidas; 25 medidas para mellorar a prevención, a ordenación e a posta en valor dos nosos montes. Algunhas a curto prazo, aínda que tamén iniciativas que non darán resultados inmediatos, pero estou convencido de que as xeracións de galegos que aínda están por vir nos agradecerán no futuro que hoxe deixemos de lado parte das nosas diferenzas para abordar este asunto. ¿Que hai que seguir intensificando a prevención? Por suposto. ¿Que hai que adoptar novas medidas no ámbito da ordenación? Por suposto. ¿Que hai que conseguir incrementar o valor do noso patrimonio forestal? Por suposto. ¿Que hai que elevar a exixencia e control para que cadaquén, administracións e particulares, cumpran co seu deber? Por suposto. ¿Que hai que tentar mellorar a coordinación entre administracións e todas nos impliquemos ao máximo nas nosas posibilidades? Por suposto. ¿Que hai que buscar unha resposta aínda máis eficaz para un dos mellores servizos de extinción de Europa? Por suposto. ¿Que hai especies que arden máis rapidamente que outras? Por suposto. Pero, señorías, que nin o traballo que aínda hai que seguir facendo, nin as melloras que aínda hai que acadar, nin a confrontación oposición-goberno entre partidos nos confundan. Galicia non sufrirá o mesmo sen incendiarios. *(Aplausos.)* Todos os esforzos feitos e os que están por facer non valerán de nada se non poñemos couto aos auténticos e últimos responsables desta lacra: os incendiarios.

Estou seguro de que expreso un sentimento colectivo cando digo que non hai palabras que poidan resumir a inmensa dor, a inmensa indignación e a inmensa carraxe que provoca ver como se lle prende lume a Galicia. Dóenos ver como os lumes non inflixen o golpe máis grande, que é levar por diante vidas humanas; dóennos esas persoas que viron o seu lugar reducido a cinzas; dóennos esas familias que viron como o traballo de décadas podía perderse en cuestión de segundos; indígnanos que pareza que hai que asumir como algo normal e rutineiro o feito de que, cada vez que non chova, Galicia teña que arder, que haxa persoas que están esperando a que as condicións meteorolóxicas lles sexan propicias para facer tanto

dano como sexa posible; e provócanos carraxe saber que na inmensa maioría das ocasións o que pon en risco o patrimonio natural, as pertenzas de moitas persoas e mesmo a vida doutras non é a casualidade nin a mala fortuna. Sentimos rabia ao ver como hai incendiarios terroristas, —si terroristas— que usan o lume para alterar a paz pública en Galicia e provocar episodios de terror como os que, por desgraza, vivimos todos hai dúas semanas.

Galicia non merece que nos provoquen esa dor. Non merecemos que se poña en risco a vida dos nosos seres queridos; non merecemos a desolación, a frustración, a impotencia de ver como o traballo de toda unha vida se volve pasto do lume; non merecemos que nos intimiden. O noso pobo non merece ver ciclicamente como os montes se converten en escenarios dunha traxedia. Galicia non merece que a queimen. Que Galicia se poña mans á obra para reparar as consecuencias dos crimes dos incendiarios non significa que vaiamos esquecer que o monte arde porque alguén o prende.

A primeira pregunta, logo, que se debe formular á sociedade galega é: ¿como podemos actuar para acabar co terrorismo incendiario? A nosa prioridade debe ser facer desaparecer para sempre a atmosfera xeral de impunidade que pode existir para este tipo de delitos. Non pode ser que na nosa sociedade se poida chegar a asumir a percepción que desexarían os incendiarios de que prenderlle lume a Galicia sae moi barato. Non imos perdoar as persoas que puxeron en risco a natureza, os nosos medios de vida e que levaron por diante catro vidas humanas. Debémosllelo ás catro familias que perderon o ser querido, debémosllelo a tantos galegos que viviron a angustia dos lumes e debémosllelo aos equipos de extinción, que xogaron e xogan a vida pola vida dos demais.

Galicia está farta dos incendios, pero máis e sobre todo dos incendiarios. Imos a por eles, e pagarán polo que fixeron. Os incendiarios teñen que responder ante a xustiza polos seus crimes, e para iso é evidente que é necesario levalos ante ela. Moitas veces para que un incendiario vaia a xuízo é necesario que se dean unhas condicións virtualmente imposibles, a non ser que sexan collidos infraganti. Hoxe voulles presentar unha serie de medidas para que crezan as posibilidades de facelo, para que crezan as posibilidades de collelos infraganti.

En primeiro lugar, propoñemos a creación dos equipos forestais de investigación, que ampliará e permitirá especializar o traballo que ata agora realizaban as brigadas de investigación de incendios forestais. Este corpo especializado estará dedicado á investigación no punto de orixe dos lumes, á análise da relación entre os incendios e as actividades que se fan no monte e ao seguimento das zonas queimadas. Este labor é imprescindible para apoiar o traballo investigador das forzas e corpos de seguridade do Estado, que é a elas a quen lles corresponde. Haberá un mínimo de tres axentes dos equipos forestais de investigación en cada un dos 19 distritos forestais; é dicir, Galicia contará cun entorno de 50-60 axentes adicados a este fin.

En segundo lugar, crearanse os equipos de vixilancia de incumprimento para velar por que se cumpran as medidas incluídas na normativa forestal e de defensa contra incendios, tanto as que xa están en vigor como as que se inclúen na Lei de acompañamento dos orzamentos, e aquelas que aprobemos, no seu caso, nese acordo. Estes equipos serán os encargados de supervisar que se cumpran as distancias de seguridade, ademais de apoiar os concellos na

inclusión de faixas de xestión de biomasa para defender os núcleos habitados. Ademais, tamén localizarán parcelas descoidadas e abandonadas ou que incumpran a normativa. E haberá un mínimo de dous efectivos de vixilancia por cada distrito forestal, arredor de 40. Os profesionais dos equipos forestais de investigación e os profesionais dos equipos de vixilancia de incumprimento compartirán un mando único na figura do coordinador provincial.

En terceiro lugar, imos crear o Rexistro administrativo de investigacións en materia de incendios forestais de Galicia. Nel almacenaremos de forma sistemática todos os datos e os informes e as valoracións das investigacións administrativas sobre lumes forestais. Este rexistro será accesible por todos os equipos de investigación e polas forzas e corpos de seguridade do Estado, de xeito que dispoñan de máis información e dunha mellor coordinación.

A maiores, propoñemos, en cuarto lugar, neste ámbito, a creación dunha rede de vixilancia forestal, que, mediante cámaras de videovixilancia e de xeito proporcional á actividade incendiaria de cada lugar, axude a identificar a actividade incendiaria e a detectar focos coa máxima axilidade posible. Esta, estas instalacións, faranse nas localizacións que ten o operador público Retegal. Para iso, aproveitaremos a experiencia que temos dalgunha proba piloto que se levou a cabo durante os últimos anos.

E, por último, a medida número cinco é reforzar unha campaña de coñecemento do teléfono 085, para que sexa, ademais do número para advertir do avistamento de lumes, tamén do avistamento dos incendiarios.

Estas cinco iniciativas facilitarán a tarefa de identificar os incendiarios no mesmo momento que están a acometer o delito; en consecuencia, permitirán que sexa máis sinxelo levalos ante o xuíz.

Porén, tamén considero imprescindible dotar a xustiza de instrumentos para darlles aos incendiarios unha resposta proporcional ao inmenso dano que fan. Son consciente de que a última reforma do Código penal xa intensificou a resposta que se lles dá a estes criminais; por certo, unha proposta feita polo Goberno da Xunta de Galicia e aprobada no Congreso dos Deputados. Pero tamén espero que esteamos de acordo en que na vaga de lumes quedou patente que todos os incendios forestais conlevaron un risco potencial para a vida das persoas. Os seus responsables deben ser xulgados en consecuencia. Esta será unha das reflexións que levarei ao cumio que celebraremos con Asturias e Castela-León nos primeiros días do mes de decembro.

Señorías, se hai algo que se pode sacar en positivo da vaga do terrorismo incendiario que vivimos nesas 48 horas é que o pobo galego demostrou volver ser un pobo excepcional. Galicia volveu demostrar que é solidaria, Galicia volveu demostrar que é fraterna e Galicia volveu demostrar que é valente. E eu sinto orgullo de ser presidente dun pobo exemplar, solidario e unido. *(Aplausos.)*

A unidade que demostramos nos lumes debemos seguila demostrando na abordaxe das súas consecuencias, unidos no apoio ás vítimas, unidos na condena aos que provocan esta traxedia e unidos no recoñecemento do traballo dos equipos de extinción.

Galicia non esquecerá nunca a dor, a angustia e a rabia que sentimos eses días. Galicia non esquecerá o que fixeron os incendiarios, pero Galicia tampouco esquecerá como os galegos profesionais, veciños, traballaron ombro con ombro para facer fronte ao lume e apoiar os afectados.

Se somos quen de reproducir esta irmandade que demostrou o noso pobo, se somos quen de traballar unidos, se somos quen de estar á altura da nosa xente, pódolles asegurar que Galicia tampouco esquecerá o que aquí fagamos. Non é nin será fácil acabar cos incendios, non é nin será fácil acabar cos incendiarios, pero nin eu me dou por vencido nin vostedes se dan por vencidos nin Galicia se dá por vencida.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas, señoras e señores deputados, señor Feijóo.

Permítanme que as miñas primeiras palabras sexan de recordo para as catro persoas que perderon a súa vida nesta última vaga de lumes. Son eles e as súas familias quen recibiron o golpe máis duro desta vaga incendiaria, e deben saber que estamos ao seu carón e que compartimos a inmensa pena por esa irreparábel e terríbel perda.

En segundo lugar, quero trasladar o meu recoñecemento a todas e cada unha das persoas, dos profesionais, que estiveron loitando contra o lume; recoñecemento pola entrega, recoñecemento pola súa profesionalidade, a pesar de que sabemos que en moitas ocasións traballan en condicións precarias e de que sabemos que durante eses días fixeron todo o que puideron e máis.

E, en terceiro lugar, eu quero amosar o orgullo e a admiración ante a lección de dignidade que deu o pobo de Galiza. É evidente que sen esa capacidade de autoorganización a traxedia tería sido maior.

Os alcaldes e alcaldesas tiveron que poñerse á fronte ante unha Xunta que estaba desbordada e, en moitas ocasións, ausente. *(Aplausos.)* Miles de persoas tiveron que coller de novo os capachos, igual que durante o *Prestige*, esta vez para utilizar eses capachos para frear o chapapote do lume e de novo o chapapote dun goberno incompetente e mentireiro. *(Aplausos.)*

Hoxe estamos nun momento no que temos que facer unha avaliación desde o punto de vista político de que pasou na xestión desta vaga de lumes, cales son as causas, definir as responsabilidades, pero tamén, señorías, poñer en marcha os cambios que sexan necesarios para evitar que esta situación volva repetirse no futuro. E esta —quero que quede moi

claro— é a vontade coa que vén o Bloque Nacionalista Galego a este debate, a colaborar para evitar que esta situación poida repetirse de novo.

Pero hai algo que a oposición non podemos facer, señor Feijóo, hai algo que depende do Goberno e que é evidente que vostede, na súa comparecencia, non fixo. Creo que é un insulto a todas as persoas que viviron a vaga de lumes que vostede veña aquí con esa autocompracencia e sen facer ningún tipo de autocrítica, despois do balance desolador que nos deixa este 15 de outubro, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Porque os profesionais traballaron arreo, a xente traballou arreo, pero tamén é evidente que, se non chovera, as consecuencias terían sido moito máis desastrosas. E temos un balance que non é como para que vostede veña aquí sen despeinarse a dicir que non pasou absolutamente nada, que todo estivo baixo control.

Temos, señor Feijóo —e non ría—, unha situación gravísima, morreron catro persoas, houbo decenas ingresadas por queimaduras, vimos a miles de persoas desaloxadas das súas vivendas, que lles arderon as súas casas, que, efectivamente, lles custou moito traballo construír, que perderon os coches, que perderon o emprego, que perderon todo o seu traballo... Vimos vehículos queimados, vimos como estaban as autovías cortadas, como se interrompía a circulación, miles de perdas económicas, 50.000 hectáreas arrasadas, e vimos moita rabia, indignación e medo nos ollos dos galegos e das galegas, que están fartas de ver como arde o monte, pero tamén que están fartas das mentiras oficiais.

E, efectivamente, señor Feijóo, Galiza non arde, a Galiza quéimana; quéimana os incendiarios, claro que si, pero tamén a queiman as políticas pirómanas do Goberno do Partido Popular, *(Aplausos.)* que inza o noso país de eucalipto; a Galiza tamén a queiman as políticas xiratorias de Ence, a Galiza quéimaa o abandono do medio rural e a falta de ordenación do noso territorio.

Señor Feijóo, nós non vimos aquí para crear polémicas inútiles, e non lle vou cuestionar cousas que, por exemplo, vostede ten cuestionado neste mesmo Parlamento ante situacións similares. Había unha situación excepcional, ninguén pon en dúbida iso; o que non é certo, señor Feijóo, é que esa situación fora imprevisible. Todo o contrario, fíxese, vostede tiña constancia de que había unha seca prolongada, altas temperaturas, unha actividade incendiaria elevada nesta altura do ano. Sabían, como todas as persoas —e sabíano cunha semana de antelación—, que tiñamos un problema moi grave porque viña un furacán que ía traer ventos e que podería elevar as temperaturas, como dramaticamente despois pasou. E, polo tanto, a súa obriga non ten que ver con estas circunstancias; a súa obriga era medir o risco que había para a poboación e ter os medios necesarios e os máximos medios para facerlle fronte a unha situación de alto risco. E, ante esta situación coñecida, ¿que fixo a Xunta de Galiza?, ¿que fixo vostede? Mandar para casa o 12 de outubro a 500 brigadistas de Seaga. ¿E sabe como xustificou esta decisión —non a súa conselleira, vostede— nun consello da Xunta? Dixo: «O despido de brigadistas non afectará a loita contra os incendios, porque o risco de incendios na zona atlántica baixou de forma evidente».

É certo, señor Feijóo, que dous días despois os brigadistas despedidos recibiron un correo de Seaga dicíndolles que o luns serían reingresados, pero é que o mal xa estaba feito, porque o lume non agardou ao luns, señor Núñez Feijóo; o lume non agardou ao luns. E eu o que

quero saber é se vostede pode manter hoxe aquí esta explicación que deu vostede mesmo nun consello da Xunta ou se vai ter a humildade e a decencia política de pedir perdón, de recoñecer o seu erro e de dicirlles aos galegos e ás galegas que os enganou. *(Aplausos.)*

Pero temos moitas máis preguntas, señor Feijóo. Queremos saber por que razón non se activou a prealerta nos servizos de emerxencia a pesar do risco evidente; queremos saber por que tardaron tanto, porque o domingo pola mañá xa se estaba vendo a situación de risco que se creaba tan alarmante, non só en Ourense senón tamén na provincia de Pontevedra; queremos saber por que tardaron tanto en solicitar axuda; queremos saber por que non se mobilizaron todos os recursos dispoñibles, cando era tanto o que estaba en xogo na vida de moitas persoas, señor Feijóo.

¿Saben que están denunciando os profesionais de emerxencias —non o BNG, os profesionais de emerxencias—? Caos total, e din que a conselleira mentiu no Parlamento.

Mire, os bombeiros de Vigo afirmaron, e de momento ninguén os desmentiu desde o seu goberno, que se rexeitaron varios dos seus ofrecementos. Os de Pontevedra dixeron que saíron sen aviso da Xunta, porque viron que a situación estaba desbordada. E os da Coruña denunciaron que tardaron 12 horas en atender a súa oferta de colaboración.

As traballadoras do 112 din: «Só 7 persoas estivemos a atender centos e miles de chamadas durante a mañá do domingo».

De verdade, señor Feijóo, ¿vostede non pensa que, vendo esta situación das emerxencias, o seu ausente vicepresidente da Xunta de Galicia está dedicando demasiado tempo a preparar mocións de censura e moi pouco tempo a atender as emerxencias deste país? *(Aplausos.)*

E miren, no combate contra o lume, ten vostede unha enorme responsabilidade. É responsábel de ter modificado unha lei para reducir as franxas de protección; é responsábel de eliminar as brigadas de investigación dos incendios forestais; *(Aplausos.)* é responsábel de recortar o dispositivo de loita contra os incendios, de precarizalo e fragmentalo, e quere seguir nesa dirección; é responsábel de recortar en prevención; de cargarse as uxfor; de paralizar o Banco de Terras; *(Aplausos.)* é responsábel de incumprir o Plan forestal e de deixar que Ence marque a política forestal deste país.

E mire, ¿sabe cal é o resultado? Galiza arde e Ence triplica os seus beneficios.

Mire, neste desastre, teño que dicirlle que me preocupa, e xa me preocupaba antes de vir aquí, pero hoxe estou moito máis preocupada por ver que a vostede o que máis lle ocupou foi construír ese relato autoesculpatorio. Creo que lles debe unha desculpa a todos os galegos e galegas, porque os medios públicos deste país non cumpriron coa súa función de servizo público, e, mentres Galiza ardía, a televisión e a radio ou informaban sobre o fútbol ou nos emitían *Land Rover.*

Creo, señor Feijóo, que lles debe unha desculpa a todos eses galegos e galegas e que lles debe unha desculpa porque está utilizando os medios públicos para construír un relato autoesculpatorio.

É curioso, non recibimos ningunha chamada en todos estes especiais para saber que opinabamos nin que propostas tiñamos ante un reto tan importante para este país como é enfrontar o problema que significan os lumes forestais. Iso si, tivemos tempo de ver declaracións sorprendentes como as da súa conselleira de Medio Ambiente, a señora Bea Mato —teño mala sorte, tampouco está presente neste momento—, que nos di que non sabe se arde máis un eucalipto ou un carballo. ¿De verdade vostede pensa que alguén que non coñece o problema que poden causar os eucaliptos pode xestionar os nosos parques naturais? *(Aplausos.)* ¡Pero, señor Feijóo, ¿en mans de quen estamos?! *(Aplausos.)* É que isto é realmente alarmante.

Tamén quero saber que lle parece a vostede que a conselleira de Medio Rural mobilice 5 helicópteros e dilapide como mínimo uns 20.000 euros públicos para ir a unha visita a sacar unha foto. Denunciárono os propios traballadores e traballadoras. Señor Feijóo, creo que esta é unha moi mala práctica; non sei se isto o poderiamos cualificar como malversación de fondos públicos. *(Aplausos.)*

En todo caso, é evidente —e vou rematando— que nós cremos que é importante mirar cara ao futuro. O Goberno ten que aclarar cales son as súas responsabilidades, e polo tanto hai algo que é importante que hoxe neste Parlamento deixemos claro. Se hai vontade de mudar as causas estruturais, é evidente que temos que poñerlle fin a unha política pirómana que leva aplicándose durante trinta anos neste país e darlle un xiro de 180 graos ao que está pasando coa xestión do noso monte, pero tamén fronte ao abandono e o despoboamento do rural...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Temos que evitar que Galiza se converta nun polvorín.

E nós tamén temos propostas, se me permite o presidente. Cremos que é importante que a prioridade sexa protexer vivendas e protexer infraestruturas. Fai falta un plan de protección desas infraestruturas e que haxa franxas reais, pero para iso necesítanse medios. Hai que poñer freo á extensión do eucalipto, hai que poñer o Pladiga en marcha no primeiro trimestre, señor Feijóo, non pode facer prevención cando o monte está ardendo. Necesitamos un dispositivo único e con mando único, que actúe durante todo o ano e que faga prevención nas emerxencias, medios do 112 e un regulamento dos bombeiros.

E permítame rematar cun consello que non é meu. Voulle ler literalmente unha cita dunha persoa, que eu penso que vostede estima. Inicio a cita: «Deamos unha lección a este país. Asumamos as nosas responsabilidades. Non podemos marchar de aquí como entramos; non podemos dicir que aquí non pasou nada. Pídolle o que eu faría se estivera no seu lugar: teriamos que cesar o conselleiro directamente responsable do maior desastre ecolóxico dos últimos dezaseis anos; teriamos que aceptar unha comisión de investigación para saber realmente o que pasou. E ofrézolle o que a min me gustaría que me ofreceran, se estivera no seu lugar: ofrézolle que, unha vez constituída unha comisión de investigación, fagamos o pacto forestal que necesita este país». Fin da cita.

¿Saben quen dixo isto, señor Feijóo? Vostede. *(Aplausos.)* Vostede saberá a quen ten que cesar ou non...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...pero o que lle pido é que predique co exemplo. Acepte os seus consellos: unha comisión de estudo que investigue, que analice e que dirima as responsabilidades na vaga de lumes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo. Ten outro turno.

A señora PONTÓN MONDELO: Acepte a proposta dun pacto de país para acabar cunha política forestal fracasada.

Remato, señor presidente.

Eu, señor Feijóo, pedinlle hai meses por carta que fixeramos un grande acordo para acabar cunha política forestal que convertía a Galiza nun polvorín. Vostede non se dignou nin a contestar. Aínda está a tempo de rectificar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente.

Señoras e señoras deputados, quero facer antes de nada eu tamén un recordatorio para Angelina Otero e Maximina Iglesias, de Chandebrito; para Marcelino Martínez, de Carballeda de Avia; e para Alberto Castromil, de Santo André de Comesaña, en Vigo. Quero manifestarlles a eles e aos seus seres queridos a proximidade, a lembranza e o afecto do noso grupo político.

Debemos tamén lembrar a todos os profesionais que pelexaron contra o lume, así como aos alcaldes e concelleiros de todo signo político, ás autoridades en xeral de todo signo político, que estiveron atentos para intentar reducir os seus efectos, aos profesionais, ao persoal sanitario, que combateron os efectos sobre as persoas. A todos eles, grazas pola súa determinación e entrega e polo seu compromiso.

Grazas tamén aos milleiros de persoas que expresaron o mellor do noso pobo, nun combate desigual contra os incendios durante esa fin de semana; unha cidadanía mobilizada e solidaria, unha cidadanía que se sentiu desamparada.

Temos que facer hoxe, señor Feijóo, unha avaliación en termos políticos do sucedido, coas 50.000 hectáreas queimadas nun soa fin de semana, 137 concellos afectados, 32 grandes in-

cendios e, sobre todo, 4 persoas mortas, miles de persoas desprazadas, centos de persoas con problemas de saúde, vivendas calcinadas, ámbitos rurais e urbanos sitiados, paraxes naturais afectadas, vías de comunicación colapsadas e perdas que a día de hoxe aínda descoñecemos pero que só en madeira deben superar con creces os 100 millóns de euros.

Desde o noso partido mantivemos durante esa fin de semana unha actitude de clarísima colaboración institucional. Mentres houbo incendios, insistimos en colaborar, en centrar todos os esforzos en apagar o lume; mentres houbo incendios, non houbo fotos; e mentres tanto o seu goberno fartábase de facer declaracións sinalando xa os culpables, nun esforzo de comunicación moi custoso, que seguramente quería compensar o apagón informativo da TVG no domingo fatídico. Nós sempre preferimos a transferencia dos medios públicos fronte ao gasto en medios privados para paliar os seus efectos, os efectos da falta da mesma.

Señoría, vostede, nun feito sen precedentes, utilizou todos os medios públicos e incluso os medios privados para dicir o que quería dicir previo pago. Estou citando o *Diario de Sesións* do ano 2006. Poderiamos aplicar agora a esta situación ese mesmo comentario. En fin, eu creo que abonda seguir insistindo.

Pero os lumes cesaron, case todos, as urxencias fóronse, e é o momento de establecer en sede parlamentaria un relato dos feitos que nos permita avanzar nas solucións e asumir as responsabilidades. Nós imos exixir responsabilidades á Xunta de Galicia, porque é quen ten a obriga e a competencia sobre estas cuestións, pero tamén queremos que se fagan propostas útiles que permitan avanzar e erradicar as causas de fondo, as causas estruturais que están detrás desta praga incendiaria, así como reducir os efectos cando os lumes se producen.

Escoitamos a súa interpretación do sucedido; en resumo, que houbo unha climatoloxía única, unha situación imprevisible nun mes como este de outubro, xa no outono, e que, coincidindo con ela, houbo unha súbita aparición dun ataque colectivo de piromanía perfectamente organizada; ese terrorismo incendiario, unha trama organizada con propósitos criminais, que sería a última responsable do sucedido; en todo caso, Portugal, que tamén ten a súa cota de culpa, con lumes traspasando as fronteiras, e concellos que non cumpriron con exactitude as súas responsabilidades.

En suma, a Xunta de Galicia fixo todo o que podía facer; non hai nada que reprocharlle porque tomou todas as medidas posibles. Os responsables deste inferno sempre son os outros.

Pero, claro, terrorismo incendiario é —desculpen a metáfora— unha cortina de fume para non enfrontar as cousas: dous detidos ata hoxe, unha persoa imprudente que fixo unha barbacoa e unha muller de máis de 70 anos; o grupo organizado máis improbable da historia. As declaracións do fiscal de Medio Ambiente de Galicia desbotan por completo esta posibilidade. Tampouco a avalan as declaracións do fiscal superior de Galicia. Se houbese unha trama que provoca todos os anos unha queima media de 20.000 hectáreas, ¿como non está identificada?, ¿como non sabemos nada de todo isto despois de tantos anos? Non merece moito a pena insistir nesta tese. Perseguir os incendiarios, por suposto, con toda determinación e con toda a forza, pero terrorismo incendiario non o vemos por ningún lado.

¿Pero sabe o que máis me preocupa, señor Feijóo? Dúas cousas sobre todas as demais: a primeira, que se facemos caso das súas teses, estamos nas mans da climatoloxía. Se utilizaron todos os medios dispoñibles coa máxima eficacia —eu creo que non, como explicarei a continuación— e non cometeron ningún erro, cada vez que se repitan as condicións meteoroló-xicas que sufrimos nese mes de outubro —é dicir, que esteamos nos 3.30, que din os técnicos— volveriamos ter decenas de grandes incendios, decenas de miles de hectáreas queimadas, vivendas e naves industriais, e, se nada o remedia, a probabilidade dalgunha vítima.

Estamos nas mans da seca, da calor e do vento. Pero, entón, non estamos nas súas, señor presidente, e iso é moi difícil admitilo para un pobo civilmente maduro como o noso, porque esas circunstancias climáticas excepcionais vanse repetir. O cambio climático está aquí para quedar, aínda que a Xunta aínda non asumira con determinación a preparación fronte a isto.

Das súas teses, deduciríase até hoxe a necesidade de non cambiar nada; e hoxe, en cambio, preséntanos unha batería de medidas que non temos nin sequera tempo de analizar ou de coñecer ben, dado que foron presentadas agora mesmo; máis de 30 medidas. Pero, de dúas, unha, señor Feijóo: ou ben estaba todo perfecto e non teñen responsabilidades —test inicial— ou ben agora hai medidas que deberían estar tomadas previamente, que xa estaban no relatorio dos incendios que saíu deste Parlamento no ano 2006 e que vostedes obviaron durante todo este tempo, e, por tanto, son responsábeis directos de crear as condicións nas que pasou. O seu goberno sería o responsable das condicións que propiciaron os lumes, que propiciaron en situacións climáticas excepcionais que houbera estes efectos.

Ten que aclararnos onde estamos. ¿É responsábel ou non é responsábel? ¿Estaba todo perfecto ou deixaron de facer durante oito anos moitas das cousas que agora nos propón?

Nós consideramos, primeiro, que vostedes teñen responsabilidades, porque hai dispositivos que fallaron, medidas que debían ter aplicado e non o fixeron. Voulle dar algúns exemplos a continuación.

E, en segundo lugar, cremos que o resultado desta traxedia debe ser pór en marcha unha estratexia contra os incendios forestais que revise o conxunto das políticas a aplicar no monte, para a que nós mostramos a nosa disposición. Por iso propuxemos —xunto co Grupo de En Marea— recentemente, na Mesa da Cámara, a creación dunha comisión de estudo, ao que vostedes dixeron que non era o momento.

Alégrome de que agora si o sexa. Seguramente non era o momento porque estaban agardando a que vostede viñera facer ese anuncio nesta Cámara. Dáme igual, trátase de pór en marcha esa comisión para conseguir, con consenso político e social amplo, determinar as reformas que hai que pór en marcha a partir da aplicación do coñecemento existente hoxe e de experiencia comparada. Como, por certo, fixo Portugal en Pedrógão Grande. Esa é a nosa política tamén, e imos apoiar que isto tire para adiante.

Pero voulle citar moi rapidamente os ámbitos nos que fracasaron. Foi un fracaso a súa política de fixación de poboación no medio rural. Os mellores cortalumes son o uso intensivo do espazo forestal, o mantemento dos pastos e os campos traballados.

Foi un fracaso a súa política de ordenación forestal. Leva paralizado o novo Plan forestal desde hai demasiado tempo.

Foi un fracaso a súa política de xestión forestal nos terreos privados. Substituíron as uxfor polas sofor, ¿cantas están efectivamente creadas e funcionando a día de hoxe, despois de oito anos?

É un fracaso a súa política de montes veciñais, ¿cantos foron declarados ata hoxe en estado de gran abandono nos últimos oito anos? ¿Cantos foron traspasados ao Banco de Terras para que foran xestionados ben desde alí? Agora pretenden reformar todo isto pero chegan oito anos tarde. Esa é a súa responsabilidade.

Foi un fracaso a súa política de montes conveniados, que xestiona directamente a Xunta de Galicia. ¿Pode dicirme que proporción do capítulo VI para montes conveniados en materia de prevención estaba executada o 30 de setembro?

Foi un fracaso a súa política de preservación dos espazos naturais. Foi un fracaso a súa política de prevención.

Mire, no mes de xullo o director xeral dixo nunha entrevista que, se se cumpriran as normas de prevención, un caso como o de Portugal sería difícil de ver en Galicia. O cumprimento das normas, segundo Fernández Couto, era anecdótico, pero era o director xeral que desde hai moitos anos é o principal responsable de que se cumpra a política de prevención. E dicía el mesmo que era anecdótica unha política decisiva para evitar que os montes ardan. E aínda ninguén o cesou. E aínda ninguén deu unha explicación tampouco do que pasou en Chandebrito, e eu demándolla.

Foi un fracaso a súa política de mando único porque hai demasiadas agrupacións, grupos diferentes con responsabilidades sobre o terreo, sen que exista unha coordinación efectiva.

Foi un fracaso a súa política de modernización da política antiincendios. O Pladiga converteuse nun instrumento rutineiro e non nun instrumento de reflexión continuada sobre o que hai que facer. Foi un fracaso unha resposta rápida no mes de outubro.

E permítame un minuto, señor presidente. O director xeral recoñeceu na declaración que publicou o 11 de outubro —vou citar textualmente— que «desde o comezo do mes de outubro observábase un cambio continuo na previsión meteorolóxica, que fai que no caso de producirse un incendio este poida evolucionar e ocasionar danos graves tanto a bens de natureza forestal como doutra natureza»; e conclúe: «esta situación pode ter consecuencias catastróficas». Desde o inicio do mes de outubro sabía que había unha situación que podía ter consecuencias catastróficas, pero, sen embargo, non fixo o que tiña que facer durante eses quince días. E moitos dos incendios que se avivaron nesa fin de semana fatídica estaban queimando desde días antes e algúns desde semanas antes, algúns desde o mes de setembro.

A gran responsabilidade do seu Goberno é xustamente esa: non estaban todos os medios operativos, faltaban as 125 brigadas de Seaga. O persoal foi chamado a partir do día 12 para

se incorporar a partir do 16 de outubro, estivo ausente a fin de semana fatídica. E o 75 % das brigadas municipais estaban xa ausentes neses días. Iso faltaba.

Fracasou o dispositivo de seguridade —e isto implica ao señor vicepresidente—. No 112 non había un operativo que permitise atender as chamadas durante a fin de semana. Non houbo unha coordinación efectiva co 085...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...non houbo aviso previo aos corpos de seguridade, aos corpos locais. Activaron o nivel 2 do Platerga pero non o nivel IG, cando se daban todas as condicións para facelo.

Señor presidente, houbo unha reacción tardía e despois impotencia. O lume estivo varias horas fóra de control, cando desde había días o propio director xeral era consciente da posibilidade dunha situación catastrófica. A credibilidade pública do señor director xeral, e por responsabilidades políticas da conselleira do Medio Rural, obrigarían a cesalos en calquera país. En Portugal cesou a ministra do Interior, responsable do dispositivo. Téñolle que pedir que os cese —aos dous— por responsabilidade, aínda sabendo que fixeron un gran esforzo persoal neses días, ¡que o fixeron, sen dúbida!, pero temos que darlle unha resposta adecuada ao país, que está mirando para nós...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...que exixe reflexión e cambios. Exixe a asunción de responsabilidades primeiro, e, a partir de aí, os cambios necesarios, que nós remitimos a esa comisión especial que vostede se compromete a crear —benvida sexa—, onde podemos estudar esas 30 medidas que vostede propón e outras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...que seguramente nós propoñeremos. Primeiro, a asunción de responsabilidades, e logo os cambios que o país demanda, que o país necesita.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Señores deputados, señoras deputadas.

Rapaces e rapazas novas que hoxe vides aquí ver esta rendición de contas do presidente da Xunta sobre a súa incompetencia durante a vaga de lumes, a súa incapacidade de xestionar a catástrofe nas semanas posteriores e o seu abandono do conxunto da poboación de Galicia, empezando por vós, por todos e todas vós, que sodes o futuro deste país.

Señor Núñez, bos días.

O 15 de outubro Galicia viviu un domingo negro, e o seu presidente viviu escondido covardemente detrás da manipulación informativa, finxindo que non pasaba nada mentres un millón de galegas e de galegos vían cos seus propios ollos a magnitude da catástrofe e saían ás rúas e ao monte a defender o que é de todos.

Un manto negro cubría os nosos ollos; unha mancha negra chea de chapapote percorreu montes, vilas e cidades; e un lazo negro polas catro vítimas mortais percorre aínda agora os nosos corazóns. A peor noite da historia contemporánea de Galicia foi vivida sen o acompañamento do seu presidente e do seu Goberno. Nas cidades, nas vilas, nos montes de Galicia só houbo unha luz maior que as lapas dos lumes, que foron os ollos brillantes da xente que saíu valentemente, coas súas propias mans, defender o ben común. ¡Coas súas propias mans, sen outra axuda que as súas propias mans!

Na longa loite de lume, afundiu a Xunta e emerxeu a xente. No domingo negro, unha vez máis, esmoreceu o Estado e agromou a nación. Unha cidadanía que pon as súas mans e dá a cara contra o lume non merece un presidente que na noite do domingo sae a dicir nos medios de comunicación privados que non hai nada que facer, que a situación está fora de control. Vostede pagou con derrotismo e con abandono a valentía dunha poboación que supliu a súa incompetencia, a súa covardía e a súa incapacidade de facer fronte á catástrofe. Vostede estaba desbordado, a cidadanía de Galicia non.

Os lumes queimaron a fachada de cartón-pedra que tiña construída vostede de bo xestor e deixaron ao descuberto unha realidade negra, un Goberno incompetente e un presidente máis preocupado de xestionar a súa propia imaxe que de xestionar unha catástrofe. A xente merece unha explicación do que pasou, e vostede non veu a esta Cámara a dala. Porque hai moitas cousas que dependen de vostede que vostede e o seu equipo non fixeron ben, e por elas ten que responder.

A xente sentiuse abandonada e soa pola incompetencia da Xunta durante esta noite, a peor noite da historia recente de Galicia. Incompetencia, en primeiro lugar, dos mandos políticos de emerxencias e protección civil; faltaron medios de protección cidadá. Cóntanse por centos as aldeas e vilas onde a policía e a protección civil non podían fornecer á poboación de algo tan básico como mascarillas. As liñas do 112 estaban colapsadas e a televisión non informaba de como facer mascarillas artesás ou de como protexer unha vivenda. Non se activaron os protocolos de evacuación. Cando hai lumes de nivel 2, onde son ameazadas casas ou gasolineiras, debe de activarse o Peifoga, o nivel 2, e iso non sucedeu. Non sucedeu en Carballeda de Avia, non sucedeu en Salceda de Caselas, non sucedeu en Ponte Caldelas; a pesar de que en todos estes sitios houbo ameazas e nalgúns casos danos irreparables.

Houbo descoordinación pola inexistencia dun mando único verdadeiro de emerxencias. Incapacidade de coordinación tanto dos efectivos dispoñibles da propia Administración como das outras administracións, que os puxeron á disposición da Xunta de Galicia, como foi o caso de concellos como o de Vigo ou o da Coruña, e non permitiron facer un bo uso dos efectivos dispoñibles.

Houbo un colapso do servizo de información de emerxencias. Os servizos de atención telefónica 112 e 085 estiveron colapsados toda a tarde-noite do domingo. A súa incompetencia sementou o caos e o pánico, que foi suplido moitas veces pola decisión e valentía dos alcaldes, que tomaron o mando da situación e coordinaron con máis vontade que medios a veciñanza erixida en defensora da terra e da vida. Mentres, a TVG botaba o *Land Rover*, señora conselleira.

Imprudencia temeraria dos mandos de Protección Civil. Con estas predicións meteorolóxicas, non tiveron a ocorrencia de suspender a actividade de caza, que se iniciaba esa fin de semana, nin de evitar que numerosas persoas —grupos por centos— que facían sendeirismo fosen ao monte. Puido haber unha catástrofe aínda maior que a que houbo.

Señor presidente, ¿respalda vostede a actuación do equipo de Emerxencias e Interior que xestionou durante esta fin de semana esta situación? ¿Tería feito vostede, co seu mando directo, exactamente o mesmo que se fixo nesta situación da que estamos dando conta? Se a resposta é non —que debería de ser non—, entón cese inmediatamente a Luis Menor como director xeral de Emerxencias e Interior. E por responder diso, ao vicepresidente da Xunta, evidentemente, o máximo responsable do dispositivo.

Pero a incompetencia non acabou aquí, non, hai incompetencia dos mandos de extinción de lumes forestais. Houbo unha ausencia de mobilización de todos os efectivos persoais dispoñibles. Aquí xa se falou da desmobilización dos 436 brigadistas, pero é que ademais non se cubrían baixas nin vacacións porque os equipos estaban baixo mínimos xa nesta época. Os axentes de Medio Ambiente, que estaban adscritos á protección de incendios ata o 30 de setembro, deixaron de estalo. Dixeron vostedes que era unha cuestión burocrática non estaren dispoñibles, malia as prórrogas, sobre todo con relación aos contratados de Seaga. ¡Cambien a lei! Actualmente en Galicia resulta máis fácil abrir unha explotación mineira que prorrogar o contrato dun brigadista. *(Aplausos.)*

Houbo unha falta de mobilización de todos os recursos materiais dispoñibles. Non é certo —tal e como dixo vostede, presidente— que todos os efectivos materiais estivesen traballando. En ningún dos parques comarcais das provincias de Lugo e da Coruña estaban mobilizados. Eles mesmos o explicaron en rolda de prensa. Aquí xa amosamos os partes dos parques de incendios, onde se demostra que non estaban mobilizados esa fin de semana nin o sábado nin o domingo, a pesar de que había condicións obxectivas para o estaren.

Temos un pobo mellor que os seus gobernantes, por iso a xente, a pesar deses medios, saíu adiante a defender o ben común. ¿Vostede respalda a actuación destes equipos e a actuación dos responsables políticos, que non mobilizaron todos os recursos? ¿Respáldaos? Entendemos que non. Se non os respalda, cese inmediatamente tanto aos responsables do Servizo

de Extinción de Incendios como do Servizo de Seaga, e por extensión tamén, como máxima responsable —xunto co director xeral de Montes—, a fallida conselleira do Medio Rural.

O abandono e a soidade, froito da incompetencia do seu Goberno, desacredítano a vostede como bo xestor, e a súa reputación queimouse no domingo negro. Podería vostede pasar por un simple incompetente, evidentemente, pero non, foi vostede moito máis aló. Unha cousa é ser imprudente e outra cousa é ser malicioso, e o seu Goberno non só incorreu en incompetencia, senón tamén en malicia e mentira moitas veces.

E non quero deixar pasar a ocasión para rebater o que dixo a conselleira na súa intervención do Pleno pasado, cando dicía que en Cervantes os medios foran suficientes e que non había ningún problema de medios. Como poden contemplar aquí, na portada de *El Progreso de Lugo*, aparecen os rapaces que deixaron de ir a clase para defender as súas casas e defender o monte. E nin a clase nin o monte se defendían deixando de ir a clase o domingo, facíase o luns, cando xa era día lectivo. E estes rapaces e estas rapazas deixaron todo porque non había medios para defenderen as súas propias casas, e dan conta disto en testemuñas valentes: «As nosas familias víronse soas para loitar contra as lapas. A realidade é só unha, e é que as casas están a salvo grazas a todas e todos nós». Din: «Iso si, en ningún momento tivemos medo, ¿como iamos ter medo se a nosa casa estaba en perigo? Tiñamos que actuar para protexela como fose», resalta un mozo chamado Raúl, de 16 anos, reivindicando o sentir de todos. Elas, eles, os que estades aí e sodes o futuro e sodes os que suplides a incompetencia e o abandono da Xunta de Galicia. Grazas a xente coma vós non hai soidade e hai esperanza para o futuro para este país. *(Aplausos.)*

A malicia da manipulación informativa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* foi grande na CRTVG. A CRTVG é un servizo público por definición estatutaria, e o domingo negro debeu activar unha programación especial onde toda a poboación aprendese que facer se o lume se achegaba ás súas vivendas. Como informarse de onde había lumes. Onde había estradas cortadas. Onde había túneles colapsados. Onde había rúas e parques urbanos en chamas.

Pero non, señor presidente, a súa egolatría política priorizou a súa imaxe por riba do interese xeral de todos os galegos. Preferiu ocultar a realidade da sociedade galega que recoñecer a súa incompetencia. Para salvar a súa imaxe, puxo en perigo a moita xente e agravou a angustia dunha poboación que non tiña maneira de informarse nas canles de comunicación do seu propio país. Isto non é incompetencia, isto é malicia; non é incapacidade de xestionar, é manipular.

Este feito foi un dos que máis indignou a poboación. Non é só que non axudasen, senón que ademais tratasen de enganalos. O señor Sánchez Izquierdo debe de ser cesado inmediatamente como responsable directo dunha intoxicación masiva á poboación galega. *(Aplausos.)* Pídello En Marea, pero tamén llo pide o Comité Intercentros da CRTVG e masivamente a cidadanía. Mentres a xente pensaba como salvar as súas casas, Núñez pensaba como salvar a súa cara. Eles pensaban como salvar as súas casas e Núñez como salvar a súa cara. Mentres a xente axudaba, a TVG manipulaba. Mentres nunha situación de emerxencia nacional o presidente incorría nun derrotismo lacerante, a cidadanía de Galicia poñíase en pé para dicir

ben alto e ben claro que, cando hai que pelexar pola vida, aquí non se rende ninguén. A noite do domingo negro só se rendeu o presidente. A noite en que a manipulación non puido frear o lume que queimou a súa fachada de cartón-pedra de bo xestor.

Agora ben, a incompetencia e o abandono da Xunta de Galicia non foi só da fin de semana, veu nas semanas posteriores. Por iso, aínda que tiveron oportunidade de rectificar e facer o que non fixeran antes, perderon a oportunidade de facelo, o que se prolonga ata hoxe. Vémolo en varias mostras.

En primeiro lugar, na soidade dos concellos. A Xunta non dispón dunha sistemática de atención aos concellos afectados; é o reino da improvisación, o desleixo e a falta de ganas. O Goberno abandeira o abandono rural. Ponse en perigo a viabilidade de moitas explotacións gandeiras, non hai unha posta efectiva de remedios. Para empezar, a subministración de forraxes nos primeiros días para evitar que o gando morra; non hai información da Xunta aos concellos sobre como facer os labores de restauración e fixación dun chan queimado que non poden esperar meses porque as chuvias están tendo lugar agora. En Carballeda de Avia os técnicos veterinarios da Xunta tardaron nalgúns casos máis dunha semana en autorizar a retirada de animais calcinados, co atraso que isto supuxo e cos riscos de saúde pública que isto entrañou.

Non se está facendo dende a Xunta un seguimento dos acuíferos afectados, cos perigos que iso pode ter tamén para a seguridade pública. E non se activou ningún plan de atención psicolóxica á poboación afectada.

O decreto de axudas que anunciaron a bombo e platillo en dous episodios debe ser sometido a varias críticas. En primeiro lugar, o prazo moi breve, para empezar, para inventariar e identificar os danos causados. Un mes, absolutamente escaso. Deberían de abrirse oficinas de información e atención en todos os concellos afectados, ou polo menos nas cabeceiras de comarca, e non facer un simple anuncio propagandista como se fixo onte en Cervantes...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...cando se dixo que se abría unha oficina que soamente se abre por unha semana e soamente ten capacidade para informar, pero non para iniciar procedementos.

En relación coas axudas por danos persoais, non é admisible que soamente se consideren coa existencia de intencionalidade. Non é admisible que os danos para a vivenda habitual soamente se poidan facer se se está ao corrente de todas as obrigas tributarias, porque hai xente que pode non estar por non poder pagar determinadas obrigas tributarias e perdelo todo, como foi o caso de máis de 30 persoas.

Crearon vostedes —iso si— unha escusa que pretendían perfecta para restaurar a fachada da súa imaxe calcinada. O señor Feijóo tiña dúas vías: escoller os sólidos materiais de construción da autocrítica e da revisión das súas políticas públicas en materia de prevención e extinción de incendios, de modelo forestal e agrogandeiro e de ordenación territorial, ou ben

optar por un modelo de cartón-pedra. O cartón-pedra é máis barato e máis inmediato, e optou polo barato.

Os nenos teñen amigos invisibles, e o presidente Núñez, nun alarde de imaxinación e escapismo, descubre un inimigo exterior, común a todos os galegos, que nada ten que ver coas políticas da Xunta, o que el denomina o «terrorismo incendiario».

Un exercicio de frivolidade que xoga...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—vou acabando, señor presidente— coa dor de moita xente que necesita comprender o que pasou e unha explicación que dea sentido a tanta destrución.

Utiliza de forma irresponsable e falsaria un concepto penal e social do que non hai evidencias de ningún tipo, pero non lle importa porque o importante é reconstruír a súa fachada inmediatamente e xogar coa dor das vítimas do terrorismo e das vítimas dos incendios. Chegoulle algún tipo... *(Aplausos.)*

Ninguén fóra do seu gabinete de manipulación informativa defende esta tese, ninguén. Gastou vostede 80.000 euros en propaganda pagada cos medios de comunicación nas últimas semanas, en verter soflamas que desculpen a súa incompetencia e o abandono da súa poboación. Tampouco existen tramas incendiarias, ou, polo menos, ninguén ten rastro delas, nin a Fiscalía...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...de Medio Ambiente, nin o director da Escola Forestal...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares. Terminou o seu tempo, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...nin a Delegación do Goberno.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Ten outro turno despois.

Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Seguimos despois. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente.

Señorías, bos días.

Eu tamén quero que as miñas primeiras palabras sexan en nome do Grupo Parlamentario Popular para renderlle homenaxe e mostrarlle o noso fondo pensar ás familias e aos amigos de Maximina Iglesias, Angelina Otero, Marcelino Martínez e Alberto Castromil, falecidos durante a excepcional vaga de incendios dos pasados días 14, 15 e 16 de outubro. E tamén quero que estas miñas primeiras verbas sexan para expresar a solidariedade coas 128 persoas feridas que necesitaron atención hospitalaria, cos 2.400 galegos e galegas que tiveron que deixar as súas casas nesa noite, e, sobre todo, que as miñas primeiras verbas sexan de fondo agradecemento aos preto de 5.600 traballadores e traballadoras que nas distintas funcións do dispositivo loitaron contra as lapas esa noite. *(Aplausos.)* Sen eles, a desgraza podería ter sido moito maior, como vimos en Portugal. Como tamén o sería de non ser —pese a que neste caso non estamos a falar de algo que sexa fóra do normal, senón que é o que sempre esperamos dun pobo como o galego— pola excepcional resposta da cidadanía, que soubo reaccionar ante unha ameaza extraordinaria e excepcional, como a vaga de lumes, para colaborar cos máis de 5.000 traballadores profesionais que loitaron contra as lapas durante eses días. Sen dúbida, sen ese traballo voluntario dirixido por profesionais, a desgraza hoxe podería ser moito maior.

Señorías, certamente todo o que estamos a vivir social e politicamente desde a fin de semana dos días 14 e 15 de outubro é excepcional. Foron excepcionais as condicións meteorolóxicas, que por certo non foron creadas polo Goberno. O ano máis seco do último medio século; temperaturas máximas no mes de outubro, de máis de 30 graos as máximas e mínimas por riba dos 20 graos; unha humidade relativa por baixo dos 30 graos; ventos cálidos, intensos, de 80 e 100 quilómetros/hora, polos efectos do furacán Ophelia.

Foi tamén excepcional a actividade incendiaria, 614 incendios no mes de outubro, dos que 237 foron só os días 14, 15 e 16. Como informou o presidente pola noite, só 48 de sábado a domingo despois de que se puxera o sol. A media de outubro son normalmente 72 incendios e foron 614, ¡case nove veces máis! Este ano o día que máis houbo foi un día en agosto, con 50; o domingo 15 de outubro houbo 132. Unha actividade incendiaria que tanto alcaldes como axentes dos corpos de seguridade teñen dito que non se explica en moitos casos, por ser urbanos, polos horarios, polos lugares, por actuacións neglixentes... e que ten levado á Fiscalía de Medio Ambiente do Estado a abrir unha investigación nas comunidades autónomas afectadas para dar unha visión ou unha análise colectiva, e tamén ao fiscal superior de Galicia a investigar se, ademais de imprudencia e intencionalidade, diso deriva unha planificación concertada. Actuacións que falan da excepcionalidade dos incendios, aínda que algúns pensen que o que di o fiscal, xunto ao Tribunal Superior, é imprudente.

Nós o que pensamos é que o que é imprudente é chamarlle imprudente ao fiscal que investiga e non aos incendiarios. Hoxe o señor Villares *(Aplausos.)* non fixo nin unha soa referencia aos incendiarios, ¡nin unha soa referencia aos incendiarios! Sen embargo, houbo unha actividade incendiaria criminal que xerou terror, que exixiu unha resposta excepcional: prórrogas dos traballadores do dispositivo. Seaga só representa o 8,5. Entrou o día 12, que foi cando se renovaron os contratos, e a partir do día 15 foi cando empezaron a traballar. Unha resposta excepcional tamén de medios. Nunca tantos houbera dispoñibles durante a vaga de incendios nun mes de outubro.

E, por suposto, unha resposta tamén excepcional das institucións. O presidente o domingo estivo no operativo, igual que a conselleira. O presidente do Goberno de España apareceu en Galicia ás oito horas do remate da vaga de lumes. A ministra de Agricultura ás 24 horas; e non veu dicir que os galegos tiñan un problema mental, cousa que agradecemos. Atendendo constantemente aos medios, informando. E a Televisión de Galicia, ademais dos informativos do domingo, fixo un especial a partir das 22.50 horas que foi ademais moi seguido. Máis dun millón de persoas seguiron o programa especial que se fixo, no que, por certo, non se fixo alusión nin ás redes nin a falsas noticias que circulaban polas redes, como outros medios de comunicación privados. A Radio Galega tivo 26 horas ininterrompidas de información. E, desde logo, parécenos que é unha reacción mellor a dos nosos medios públicos que a semana de silencio informativo absoluto que tiveron os medios públicos de información durante a vaga de incendios do ano 2006.

Tamén foi excepcional a resposta administrativa: as ordes de axudas. O día 16 remata a vaga; o xoves 19 xa está aprobado o decreto; e á semana seguinte, o 26 a orde de axudas. Foron 21 millóns de euros ampliables, en dez días, dende que remata a vaga de incendios, priorizando os cidadáns afectados e tamén dedicando recursos para a reforestación e a fixación de solos. E, desde logo, con plans xa aprobados e gastos aprobados ás vías autonómicas: 10 millóns de euros en Pontevedra ás que estaban danadas. Ou a Consellería de Medio Ambiente, con actuacións de estabilización de solo e protección de sedimentos nas zonas máis sensibles, particularmente nos parques e zonas naturais; activación dun plan contra a contaminación mariña por parte da Consellería do Mar. O Estado xa ten anunciado tamén declarar zona afectada e de emerxencia de protección civil e publicar as axudas nun próximo consello de ministros. E, por suposto, estamos a actuar e a traballar cunha dilixencia excepcional.

Excepcional tamén foi a resposta parlamentaria. A primeira alteración da orde do día dun pleno fíxose a raíz da comparecencia da conselleira, que veu comparecer cando aínda ardía o monte. Alterouse, neste caso fóra do Regulamento, a orde do día para que contestase o presidente tamén e dese resposta ás preguntas que lle fixo unha deputada da oposición. E hoxe hai unha comparecencia, por petición propia, 25 días despois do remate da vaga, na que non só traen solucións, senón propostas de futuro.

Posiblemente outros pensen que é mellor exemplo o que se fixo en Vigo, onde o alcalde non quixo comparecer ante a corporación plenaria, non deu unha explicación aínda do operativo, non avaliou aos afectados e, desde logo, non coñecemos que o Concello de Vigo teña posta ningunha axuda. Nós preferimos o xeito de actuar do presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Hoxe, á parte de dar conta do feito durante eses días, o presidente centrouse fundamentalmente en propostas de futuro. Leva a oposición días dicindo que o presidente se agocha, que busca esconderse en tramas que non mencionou en ningún momento —salvo a oposición, que é a única que falou de tramas—, e que non quere facer cambios na política forestal.

Eu creo que hoxe os colleu co paso cambiado. A realidade desmentiulles os seus prexuízos contra o PP basicamente, e contra o presidente. Desde logo, o que non fixo este presidente hoxe no seu discurso foi dicir que houbo contra Galicia un ataque indiscriminado, masivo e

terrorista contra o cambio de política para o medio rural que protagonizou o BNG e o compañeiro Alfredo. Isto foi o que dixo o vicepresidente da Xunta o 26 de agosto do ano 2006.

Tampouco foi o que fixo este presidente. ¡Home!, non sei eu se pediu responsabilidades. Desde logo, o Goberno bipartito non se fixo responsable de nada. En once días arderon 84.000 hectáreas en agosto, cando tiña que estar o dispositivo funcionado. Agora en tres días arden 50.000 escasas e piden todas as responsabilidades que entón non se pediron.

Eu quero recordar que PSOE e Bloque Nacionalista Galego foron naquel agosto do ano 2006 a unha manifestación que organizara Nunca Máis que levaba como lema «Galiza contra o lume: paremos o terrorismo incendiario». Eu creo que con estas cuestións o discurso do presidente, efectivamente, colleunos co paso cambiado, e, certamente, nós ímolo apoiar.

Tense dito que Portugal é un exemplo polas responsabilidades políticas. Eu non sei se Portugal é un exemplo, desde logo, nós mostramos a solidariedade con Portugal, pero ¿que está a facer Portugal? Pois entre outras cousas ten convocada unha reunión para o próximo día 10 de novembro en Lisboa, de 11 a 18, na residencia oficial do primeiro ministro, para expor diante do primeiro ministro e os ministros de Agricultura, Administración Interna e Defensa o funcionamento xeral do sistema español, galego e andaluz de prevención de incendios. E está invitado o señor Tomás Fernández Couto a participar nesa reunión. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señorías, hoxe o presidente trouxo un discurso propositivo. Eu quero agradecer que un grupo polo menos se mostrase a favor da creación dunha comisión específica para analizar como podemos mellorar a ordenación forestal, como podemos mellorar o Plan forestal e como podemos combater mellor contra os lumes.

Plantexou moitas propostas en prevención. En prevención plantexou repensar a función social da propiedade privada, cando máis do 95 % —practicamente o 98 %— do monte en Galicia é privado e moitas fincas están abandonadas, moitas non teñen propietario coñecido, e ademais faino a través de dúas vías: facilitar o cumprimento das leis aos concellos, con normas, medios e coordinación, e activar o Banco de Terras para rendibilizar as terras abandonadas ou de propietario descoñecido.

Fixo propostas no ámbito de ordenación, onde eu destacaría fundamentalmente o que lle brinda de traballar conxuntamente no desenvolvemento do Plan forestal.

Finalmente, fixo propostas na dinamización do sector forestal. Só un 10 % está explotado de forma controlada en Galicia, e xa aporta o 3 % do PIB e xera entre 70.000 e 80.000 postos de traballo directos e indirectos.

Fixo propostas, finalmente, no ámbito criminal. Non é o Goberno nin as políticas as que incendian o monte, señora Pontón, eu síntoo moito, son os criminais. Hai que perseguilos con máis eficacia. Primeiro, traballando na conciencia social. E despois, con equipos forestais de investigación e equipos de vixilancia de incumprimento. Un paso adiante na persecución que exixe, certamente, a colaboración social.

Pero fixo unha proposta final, que é o método. O método para avanzar na mellora da ordenación forestal e na prevención dos lumes foi o diálogo e o acordo. Propuxo —insisto— unha comisión específica de estudo para buscar un acordo de país sobre a política forestal...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: Nós aceptamos o reto, presidente. O monte é un gran valor económico pero tamén social, medioambiental, paisaxístico e cultural de Galicia. Traballaremos politicamente buscando o consenso. Confiamos en que a oposición acepte este envite porque a xente, o país, demanda un pacto entre todos. Aquí teñen, señores da oposición, a súa oportunidade. Iso é o que o país nos demanda. E nisto tamén sexan excepcionais, fagan unha excepción ao que adoitan facer e acepten o reto de traballar conxuntamente polo país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica, presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu tamén saúdo os rapaces e as rapazas do instituto de Valga. Hai un debate neste momento nalgún lugar de España sobre se hai ou non adoutrinamento nas aulas. O que acabamos de confirmar aquí é que incluso hai adoutrinamento aos rapaces e ás rapazas no Parlamento. *(Aplausos.)* Que un representante do pobo galego utilice a tribuna para adoutrinar os alumnos e as alumnas dicindo que a culpa de todo isto a teñen as malas persoas que habitan no PP, é, en primeiro lugar, un insulto á intelixencia dos rapaces e das rapazas. En segundo lugar, un insulto aos seus pais e ás súas nais, que votan libremente en Valga, onde o PP saca unhas grandes maiorías absolutas. E en terceiro lugar, señorías, é facer o contrario do que temos que facer.

O que temos que facer é dicirlles aos rapaces e ás rapazas, dándolles información, que teñen a súa propia opinión. E despois convencelos de que, do mesmo xeito que as nosas xeracións non fomos capaces de solventar problemas estruturais no monte, que eles sexan capaces de facer o que nós non facemos. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza entre nós e algún portavoz parlamentario. En todo caso, cada un, como é lóxico, ten a súa propia opinión, e con testemuña para sempre no *Diario de Sesións*, e de vez en cando hai que lelo con moito interese.

Paréceme ben que se cite o que se dixo noutras ocasións no *Diario de Sesións*. Eu veño aquí a respostar polo que fixo o meu goberno, e se queren poñelo en comparación co que fixeron gobernos anteriores, podémolo facer, pero non creo que iso lle interese nin ao BNG nin ao Partido Socialista. E como non lle interesa nin ao BNG nin ao Partido Socialista, eu non o vou facer.

Dicir que comparezo e que non teño autocrítica, ¡home!, con todos os respectos, non se me ocorre dicir que todo resultou ben cando morreron catro compatriotas. Sería unha temeri-

dade na que, dende logo, eu non vou caer. Pero dicir dende esta tribuna, como se dixo pola representante do BNG, que a causa dos lumes en Galicia é como consecuencia dos pirómanos e das políticas incendiarias do PP, é algo que non lle podo aceptar, señora Pontón.

Volve vostede outra vez, cos efectos do ano 2006, a dicir que os responsables daquela vaga de lumes eran os alcaldes do PP, e creo que iso é inxusto, é indigno. Non lle podo aceptar que vostede diga que a responsabilidade dos lumes é polas políticas incendiarias do PP, e pídolle que o rectifique agora que vostede vai ter ocasión.

Señoría, autocrítica toda a que sexa necesaria. Vostede fixo unha alegoría ao *Prestige.* Non sei a que *Prestige* se refire vostede, se se refire ao *Prestige* do ano 2006, o dos lumes do Bipartito, ou ao outro *Prestige*. Nós estamos dando conta do que fixemos e non vimos aquí para dar explicacións da nosa política forestal, que tamén, senón para dar explicacións do que ocorreu en Galicia dende o ano 2009 a agora, a este ano 2017. Se quere vostede comparar as políticas efectivas de extinción do lume e de prevención deste goberno, ten vostede a posibilidade non só de coller 48 horas, senón de coller nove anos. Seguro que a vostede non lle interesa. Polo tanto, sería sorprendente que vostede manteña a idea de que os que plantan o lume son os pirómanos e a xente do PP.

Di vostede que non había medios suficientes. Vostede sabe que non é verdade. Nunca nun mes de outubro, na historia de Galicia, houbo tantos medios como agora: 5.600 efectivos. ¡Nunca! ¡Xamais!

Di vostede que non estabamos preparados. Mire, o 10 de outubro declaramos perigo alto en Ourense e nos distritos forestais de Lugo, Sarria, Terra de Lemos e Deza-Tabeirós en Pontevedra. Reiniciamos a actividade laboral dende o 10 de outubro ata o 31 de outubro, que despois foi ampliada ao 12 de novembro, a 400 brigadistas do servizo público. E reiniciamos a actividade laboral do persoal dos centros de coordinación xa a partir do 10 de outubro.

O mércores 11 de outubro declaramos perigo alto en toda a comunidade, e tocoume requirir a incorporación do persoal de brigadas, persoal de vacacións e cubrir as baixas.

O venres 13 de outubro declaramos situación de emerxencia e prolongamos a encomenda de Tragsa, 26 brigadas, que remataban o 16 de outubro e, polo tanto, proseguiron. Ampliamos a encomenda de Seaga ás 125 brigadas, que remataban o 12 de outubro, e contratamos tres medios aéreos a maiores.

Xa sei que despois hai algún sindicato que denuncia a consellería, o conselleiro e o director xeral por contratar de forma excepcional. ¡Alá eles e a súa conciencia! Ten que ir o persoal de extinción de lumes aos xulgados ante as denuncias de contratar de forma excepcional efectivos e medios aéreos. ¡Alá eles e a súa conciencia! ¡Alá eles e a súa conciencia! Nós fixémolo. Ao mellor vólvennos denunciar. Espero que non, señoría. Se vostede pode interceder, agradeceríallo con moito gusto.

Fala vostede tamén, e o portavoz do Partido Socialista, de que no persoal do 112 era un caos. Entre as 21.30 horas do domingo e as 8.30 horas do luns incrementouse un 83 % a

plantilla, superando en horarios desa franxa un 150 % a plantilla. Demos resposta a 9.000 chamadas, o dobre dunha situación ordinaria, pero como non hai nada que ocultar e queremos, sen dúbida, dar conta á Cámara e seguir propoñendo medidas, o vicepresidente vai comparecer no seguinte pleno, señor Leiceaga. Seguro que vostede ten ocasión de debater co vicepresidente, en relación co 112, sobre cales son as medidas que fixemos, cantas chamadas atendemos etc., porque creo que hai que medir algunhas das cuestións que aquí se plantexan.

Dicir que a conselleira foi a Cervantes e que levou helicópteros tras de si é outra falacia, por non dicir unha palabra máis gorda, porque os helicópteros estaban perimetrando a zona e acabando a extinción dos lumes, e tiveron en Cervantes 17 helicópteros durante estes tres días para apagar a vaga de lumes.

Señora Pontón, pídolle que volva rectificar, porque é bo simplemente para ser honrado, dende o punto de vista dun deputado e dunha deputada, e para non terxiversar e falsear a realidade.

Creo que vostede non ten dereito a calumniar nin a inxuriar a ninguén. E creo que vostede non lle pode dicir á conselleira que ían os helicópteros a Cervantes porque ía ela. Esa é unha falsidade absoluta, e eu lle pido simplemente que a rectifique. Si, señoría, non pasa nada por rectificar. Ao contrario, rectificar é algo moi grande cando a persoa é grande.

Señorías, non hai ningunha dúbida de que incluso a señora Pontón colle unha declaración do presidente da Xunta que fixen, efectivamente, un 11 de outubro, e din que dixen que xa non había problemas na zona atlántica e, en consecuencia, non estaba preocupado pola zona atlántica. Teño a declaración aquí, se quere que a lea, léoa. Se a ten vostede, entón si que volveu mentir por terceira vez. Vou ler exactamente o que dixen.

Como se pode vostede imaxinar, non estou de acordo con ese cualificativo. Sabemos exactamente os lumes que temos, hai «unha zona atlántica», «unha zona atlántica», onde o risco baixou. «Unha zona atlántica», non «a zona atlántica», senón «unha zona atlántica». ¿Cantas hectáreas arderon na zona atlántica da Coruña, señora Pontón? Sorpréndeme que vostede minta por terceira vez á Cámara en dez minutos. ¡Imaxine se vostede tivera ocasión de falar unha hora! E engado, dixen literalmente —leo—: «Estamos traballando nos lumes e estamos actuando a pesar das condicións climatolóxicas extremas. Non tiñamos unha temporada coma esta, polo menos non a recordamos. Seguimos insistindo en que o risco de lumes é máximo neste momento». Día 11 de outubro. Como vostede ten a declaración, os deputados que non me crean o único que teñen que facer é lela, e, a partir de aí, ver a quen cren, se a vostede cando mente, ou a min cando digo a verdade.

Señoría, nós imos seguir traballando en relación con este asunto, e o que máis agradezo da intervención da señora Pontón, ademais de pedirlle estas pequenas rectificacións que creo que proceden, é dicirlles que quedo con esa vontade do BNG de colaborar en canto ás respostas que podemos dar no futuro. A min paréceme ben, porque creo que é o que merecen os galegos e tamén os votantes do BNG.

O que fixera o BNG no pasado, iso xa está zanxado, o importante é o que faga o BNG a partir de agora. E ten vostede a posibilidade de ser útil; de ser útil aos seus votantes, e o que é máis importante, de ser útil a Galicia.

Señor Leiceaga, con todos os respectos, non creo que vostede estea moi afectado cando di que as condicións climatolóxicas non foron excepcionais, absolutamente excepcionais. Foron absolutamente excepcionais porque coincide o ano de maior seca que recordamos, un anticiclón marcado no mes de outubro. É a primeira vez da aproximación dun furacán ás costas galegas. Se iso non é excepcional; se non é excepcional ter o solo máis seco dos últimos sesenta anos; se non é excepcional estar en alerta por seca en toda a demarcación Miño-Sil e en sete áreas da demarcación Galicia-Costa, ¡se iso non é excepcional...! Se non é excepcional un outubro marcado por un anticiclón na primeira quincena, marcado por condicións climatolóxicas anticiclónicas constantes; se non é excepcional que pegue o resto dun furacán nas costas galegas —e eu engadiría en todo o territorio galego—, con ventos de 100 quilómetros, se iso non é excepcional, señor Leiceaga, ¿que cre vostede que pode ocorrer máis? É ben difícil que poida ocorrer o que nunca ocorrera, que entre un furacán con anticiclón no ano máis seco e no ano cos solos máis secos dos últimos sesenta anos.

O domingo 15 de outubro case o 90 % do territorio de Galicia estaba en risco máximo, extremo, de lumes. Se colle vostede o mapa, que está á súa disposición, salvo a Mariña lucense e algunha zona atlántica da Coruña —teno á súa disposición— pode comprobar como estabamos nesa situación.

Dicir que é moi baladí e pouco serio falar de terrorismo incendiario e de alta intencionalidade. ¡Home!, o día que máis lumes houbo no ano 2017 foi o 21 de agosto: 51. O 15 de outubro, 131. Con dúas ou tres horas máis de sol en agosto, o día que máis lumes tivemos no ano máis seco foron 51 lumes; e con menos horas e no mes de outubro, nun día, 131 lumes. ¿Parécelle que iso non é excepcional? Non é só excepcional, ¡é excepcionalísimo!

¿Non é excepcional que o 65 % dos lumes ese día comezara a partir de que as aeronaves non puideron voar? Parece que é algo cando menos sorprendente.

O Pino: dous focos na Coruña. Dos poucos que houbo na provincia, ás 20 e 23 horas o domingo. En Lugo, Monforte de Lemos. O luns ás 00.15 minutos. Dende o 3 de outubro rexistráronse cinco lumes preto das casas en Monforte de Lemos. A hora de inicio do lume de Cervantes, en Noceda, foi ás 21.50 da noite, e en Donís, ás 10.10 da noite.

En Ourense, Vilariño de Conso, cinco puntos de inicio do lume o xoves ás 3.45 da madrugada.

Vilariño de Conso e Veiga de Camba, iníciase o sábado ás 20.27 minutos, e dende o 1 de agosto levamos 17 lumes neste concello.

Maceda, Castro de Escuadro, cinco lumes ás 9 horas. O inicio o sábado ás 8.30, outro ás 10.30, outro ás 4 da madrugada, outro ás 7.03 minutos, e outro ás 7.07 minutos. Dende o 1 de xullo, 49 lumes en Maceda.

E en Pontevedra, en Ponteareas, catro puntos no inicio do lume o domingo ás 00.30 da noite. E nos últimos tres anos, neste concello de Ponteareas, 76 lumes. Pregúntelle ao alcalde. Que lle conte o que me contou a min, señora Pontón. Pregúntelle ao alcalde de Ponteareas.

Xamais dixen que estabamos convencidos de que había unha trama, iso deixeino para outros responsables políticos. Nin dixen en ningún caso que había unha trama organizada. Se quere, léolle o que dixo o comisario xefe de Vigo, o tenente coronel da Garda Civil de Pontevedra, o Fiscal coordinador de Medio Ambiente e Urbanismo de España e o decreto de dilixencias da Fiscalía Superior de Galicia.

«Fan pensar na posibilidade dunha actuación criminal máis aló dos simples autores ocasionais con perfís criminolóxicos coñecidos.» Isto é o que di a Fiscalía. Xa sei que aquí hai bos fiscais e malos fiscais. Cando lle dan a razón ao señor de En Marea é bo fiscal, e cando non lle dan a razón é mal fiscal. *(Aplausos.)* Esa é unha forma moi interesante de xulgar os fiscais.

Non creo, señor Leiceaga, que vostede estea de acordo en dicir algunhas das cousas que dixo, polo tanto, a intencionalidade é máxima. Reitero que se nun mes de agosto, o día 21, o día con máis lumes, houbo 51, e en outubro houbo 131, como é lóxico, se iso non é excepcional, xa non hai excepcionalidade de ningún tipo.

Señorías, a min non me corresponde, pero correspóndeme como calquera cidadán ler o Código penal. E o Código penal —dígoo para a xente que teña interese en concretar o que di, porque aquí se oculta— no artigo 573 di: «*Se considerarán delitos de terrorismo la comisión de cualquier delito grave contra la vida o la integridad física, la libertad, la integridad moral, la libertad e indemnidad sexual, el patrimonio, los recursos naturales o el medio ambiente, la salud pública de riesgo catastrófico, incendio, cuando se lleven a cabo con cualquiera de las siguientes finalidades. Una. Alterar gravemente la paz pública. Dos. Provocar un estado de terror en la población o parte de ella.*»

¿A vostede non lle parece razoable discutir e profundar sobre este asunto? E o que acaba de facer este Código penal é que as accións dos terroristas xa non é necesario que sexan en grupo ou coordinadas, senón que vale unha acción individual.

Veremos no cumio entre Castela-León e Asturias que é o que imos propoñer. Veremos o que pensan os presidentes. Pero dicir que aquí non hai terrrorismo incendiario —como moi ben destacaba o portavoz do BNG—, cando iso era lei para os nacionalistas e os socialistas... Resulta que agora xa non vale utilizar.

Vou utilizar esa denominación, é a miña obriga dicir o que penso. Estou convencido de que se cremos que o que prende lume nun monte pegado ás casas é simplemente un delincuente máis, ¡alá vostedes!, para min é un terrorista incendiario, concrete ou non concrete a tipificación do Código penal de forma exacta. Pero teremos posibilidade de discutir en relación cos códigos, do mesmo xeito que modificamos o Código penal ata vinte anos de prisión para os incendiarios por proposta do Goberno.

Señor Leiceaga, eu agradézolle que vostede poña en valor esa comisión que, por certo, vostedes plantexaban. Agradézolle que vaia botarlle unha ollada ás 30 medidas, e agradézollo porque me parece axeitado que poidamos sentarnos a falar.

O portavoz do Partido Popular acaba de concretar o asunto de Portugal. Efectivamente, esa comisión do Parlamento portugués di que o 90 % dos lumes eran provocados, e tamén di que hai que copiar do servizo de extinción de incendios de España, e nomeadamente de Galicia.

Non creo, señor Leiceaga, que vostede non poida poñer en valor o servizo de extinción que temos, porque realmente isto non parece axeitado. Señor Leiceaga, o fracaso non foron as políticas dos galegos nos últimos anos, proba disto é que podemos comparar as hectáreas duns momentos e doutros momentos. Non creo que toque neste período e nesta sesión facelo, pero o certo e verdade é que, cando di vostede que é un fracaso, non creo que sexa un fracaso que 20.600 galegos adquirisen unha parcela ou a venderan ou a permutaran sen pagar un euro. Non creo que sexa un fracaso a política fiscal no rural que plantexa este Goberno. Non creo que sexan un fracaso todas as propostas que levamos poñendo enriba da mesa, e moito menos as que levamos nesta lei de medidas, que espero contar con vostedes para a súa aprobación, para a súa modificación ou para as engádegas que vostedes consideren oportunas. Honradamente, creo que hai moitas cousas que se están facendo ben, e de feito remítome a como estaba indo o ano.

Se ata o 13 outubro levabamos once mil e pico hectáreas co ano máis seco, co ano con menor auga no chan, co ano máis caloroso. Se este ano máis difícil da serie levabamos once mil e pico de hectáreas ata esas 48 horas, ¿que pasa? ¿que nos equivocamos en toda a nosa política de extinción en 48 horas, con independencia de xulgar o que fixemos durante os últimos nove anos? Ningún galego cre iso, señor Leiceaga e señora Pontón. Ningún galego cre iso. E hai que falar cos galegos, porque se non simplemente plantexamos relatos, relatos de novela negra como o que fixo o portavoz das Mareas de Podemos, que era un relato que ¡alá el!, que é autor do mesmo, supoño, de lelo aquí.

Presentou vostede máis cesamentos, e non tiven ocasión de apuntalos todos, pero pode vostede propoñer máis na réplica. Cesar a diestro e siniestro non creo que sexa propio dun Goberno responsable. Ao mellor é o que ocorre no partido no que vostede milita, porque hai unha serie de cesamentos, cada semana cesan a un. ¡Iso si, todos desde Madrid! Cesan ao de Cataluña desde Madrid, cesaron ao de Galicia desde Madrid. Desde Madrid vostedes cesan a quen lles peta. *(Murmurios.)* Non se enfaden vostedes, que estamos nun debate parlamentario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Parece ser que en Galicia non cesaron ao señor Breogán, que en paz descanse. Pois non cesaron ao señor Breogán, e puxérono a vostede porque lle corresponde. Eu estou de acordo en que sexa vostede o responsable de Podemos en Galicia, pero creo que o seu portavoz debería de estar un pouco máis fino cando fala de cesamentos a discreción.

Claro que hai un mando único. Debería vostede coñecer a lei para explicar que o mando único existe e que o mando único se exerceu. No mando único, o dispositivo correspóndelle ao director xeral de Ordenación Forestal, e en todo momento ese director xeral estivo á fronte do

operativo, onde tamén eu estiven e puiden comprobalo. En cada incendio hai un director de extinción que depende dese mando. ¿Que ocorre? Que se hai unha situación extraordinaria —que é o que ocorreu o sábado e o domingo durante unhas horas—, o mando único, de acordo coa lei, correspóndelle ao Delegado Provincial, Delegado Territorial, da Xunta de Galicia, que foi o que ocorreu.

Polo tanto, hai un mando único. Poden vostedes discutir se ese mando único funciona axeitadamente ou non, pero ¡claro que había un mando único! De feito, na provincia de Ourense estivemos concentrados eses mandos en Cea, en Castro Caldelas e en Baños de Molgas. E na provincia de Pontevedra, en Pazos de Borbén, As Neves e en Gondomar. A conselleira do Medio Rural e o vicepresidente da Xunta estiveron onde criamos que era máis importante. O posto de mando avanzado, que estivo en tres lugares en Pontevedra e en tres lugares en Ourense, son os que acabo de referir. E eu, que é a miña obriga, desde despois de xantar estiven no Centro de coordinación, como é lóxico.

Non sei se se me critica por poñer nos medios de comunicación ou por ocultar información. Resulta que se me critica por poñer nos medios de comunicación. Señor Leiceaga, señor Villares, ¿a vostedes parécelles que se unha radio ou unha televisión chaman e queren saber a opinión do presidente, o mellor é ocultala, ou simplemente dar a cara?

Non crea que estiven en máis medios de comunicación que outros responsables do Partido Socialista. Ás veces entraba despois deles. Incluso houbo un responsable do Partido Socialista que describiu con detalle que no seu concello non había medios materiais para ir contra o lume, e ese responsable do Partido Socialista estaba en Madrid. ¡Alá eles e alá as súas responsabilidades! Non digo que non tivera xustificación para estar en Madrid, pero o que non me parece razoable é que describa a situación do seu concello non estando no concello. Pero ¡alá as responsabilidades de cadaquén!

Creo que dar a cara neses momentos por Galicia, dar a cara diante de todo o mundo, é a responsabilidade dun Goberno. E mentres sexa presidente, vou seguir dando a cara, cos lumes e con calquera plantexamento que ocorra en Galicia. *(Aplausos.)* Non teñan vostedes ningunha dúbida.

Quero tranquilizar o señor Villares sobre o prazo do decreto de axudas, porque o prazo é dun mes prorrogable ata tres. E tamén quero darlle a garantía de que, se hai persoas que non puideron acreditar os seus danos no prazo de trinta días, como é natural, temos que ampliar ese prazo, e agotados os tres meses, temos que seguir ampliando o prazo.

As oficinas están unha en Cervantes e outra nas Neves, pero os delegados da Xunta teñen a obriga, e por suposto os alcaldes teñen o compromiso, de remitir á Xunta a listaxe dos problemas, porque cando fomos visitar os alcaldes, os alcaldes ben saben os problemas que tiveron no seu ámbito municipal.

E, señor Villares, non se preocupe vostede porque o decreto fala da intencionalide dos lumes. Efectivamente, a orde de axudas fala de intencionalidade, porque o que pretendemos é que

esta orde teña unha certa vocación de permanencia para o futuro, e non é o mesmo cando os lumes son intencionados ou cando os lumes non son intencionados.

Na nosa opinión, nesa vaga de lumes de 264 lumes en 48 horas é moi difícil dicir que non foron intencionados. É certo que hai lumes que viñan de lumes anteriores, pero a maioría dos lumes anteriores eran lumes intencionados, con independencia de que os lumes secundarios viñeran de intencionalidades orixinais. Todos se consideran lumes intencionados, e eu non creo que teñamos ningún problema ao respecto, pero asegúrolle que, se temos algún problema ao respecto, non pasa nada por modificar o que sexa necesario para garantir os dereitos dos galegos.

Na miña opinión, señorías, temos a posibilidade de facer cousas interesantes. Nós sometémonos á súa propia opinión. Temos, en primeiro lugar, unha grande oportunidade: coñecer, engadir, modificar e propoñer o novo plan forestal no Parlamento. Temos a segunda grande oportunidade: entrar nunha comisión de estudo específica para analizar as 30 medidas que acabo de plantexar e aquelas que consideren vostedes. E teñen vostedes tamén unha oportunidade, esta vez urxente, porque temos que aprobar a Lei de medidas fiscais, e na Lei de medidas administrativas e fiscais van varios asuntos en relación cos lumes dos 30 que acabo de referir. Se vostedes cren que se poden modificar ou mellorar, dígannolo. Se vostedes queren engadir algo, podémolo ver. Pero o noso obxectivo é que o 1 de xaneiro a metade das medidas que acabo de anunciar estean en vigor. Evidentemente, as cuestións estruturais e de planificación necesitan esa comisión, que o Goberno brinda e na que o Goberno se pon á disposición da oposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, teño que dicirlle que había moito tempo que non vía tanta soberbia, tanta prepotencia e tanto paternalismo. *(Aplausos.)* Soberbia, prepotencia e paternalismo.

Vostede vén aquí e dá carnés de quen di a verdade, de quen di a mentira. Eu antes era a culpable de todos os males deste país, agora queda tan ancho dicindo que eu minto. Falseando vostede a realidade, dende logo, supérase vostede a si mesmo, e o que nos demostra é a súa falta de escrúpulos en política.

Mire, eu manteño todas e cada unha das palabras que dixen neste Pleno, *(Aplausos.)* todas e cada unha das miñas palabras. Efectivamente, a Galiza non arde, a Galiza quéimana. Quéimana os incendiarios, ¡claro que si!, pero tamén a queiman as políticas pirómanas dos gobernos do Partido Popular. *(Aplausos.)* Tamén queima Galiza inzar de eucaliptos, queima Galiza incumprir a lexislación, señor Feijóo. ¿Ou cúmprese a lexislación en materia forestal neste país? ¿Que fai o seu Goberno, tan preocupado por cumprir a lei, mirando para outro lado?

Señor Feijóo, efectivamente, hai responsabilidades que non dependen do Goberno, pero hai outras que dependen directamente do que vostedes deciden.

E, mire, a min sorpréndeme. Vostede vén aquí e di que alaba o traballo de todos os brigadistas, de toda a xente que estivo loitando contra o lume. ¡Ai!, agora si, cando non lle dan a razón, resulta que todo o mundo mente menos vostede. Mire, vostede recortou o dispositivo, recortouno ao longo destes anos. É máis —dígolle—, hai un 20 % menos de medios en materia terrestre e un 31 % menos en medios aéreos se comparamos o que hai neste momento co 2009, e cando queira podémolo comprobar.

Eu teño aquí os medios de comunicación que recollen as súas palabras, e din: «*Feijóo rechazó el adjetivo desmantelamiento para calificar los despidos en el sector, y aseguró: 'en la zona atlántica el riesgo bajó de forma evidente'*». Isto é o que recollen os medios de comunicación. Non vin que vostede emitira neste momento ningunha nota descualificando e dicindo que iso era mentira, e vén aquí revisar as súas propias palabras.

E mire o que lle están dicindo desde os medios que están traballando na loita contra o lume, esas persoas ás que vostede ten a obriga de escoitar: «Os sindicatos de bombeiros forestais exixen a dimisión da conselleira pola manifesta incompetencia na xestión do servizo público de prevencións e por falsear datos no Parlamento». Iso é o que están dicindo os brigadistas. Dinnos tamén que «houbo falta de prevención, falta de planificación e continua improvisación de Medio Rural».

Señor Feijóo, vostede a min acusoume de mentir dicindo que era falso, que non se despedira a brigadistas de Seaga. Eu teño aquí —porque se publicou tamén nos medios de comunicación— o correo que enviou a Xunta de Galiza, que dicía que se incorporarían o luns 16. Señor Feijóo, o luns 16 di no correo que se enviou, e —insisto— son as decisións que adoptou o seu Goberno.

Tamén foron os propios traballadores do Servizo de Extinción quen criticaron a visita da conselleira. É que non a criticou o BNG, foron eles quen dixeron que se mobilizaron medios para un incendio cando xa estaba extinguido. ¡Dixérono eles! ¿Entón vostede por que di que defende os servizos de extinción, e logo, cando critican o que vostede fai, di que todo o mundo mente menos Feijóo, que, evidentemente, todos sabemos que é o rei da verdade? Creo que non é serio, que non é responsable e que non é xusto para este país que veña vostede con esta frivolidade tratar un tema tan importante para o noso futuro.

Non me respondeu a algo que é importante, e é se vostede fai caso dos consellos que vostede daba cando estaba na oposición. Voullo repetir: «Deamos unha lección a este país, asumamos as nosas responsabilidades. Non podemos marchar de aquí como entramos, non podemos dicir que aquí non pasou nada. Pídolle que faga o que eu faría se estivera no seu lugar, cesar o conselleiro directamente responsable do maior desastre ecolóxico dos últimos 16 anos. Aceptar unha comisión de investigación para saber realmente o que pasou. E ofrézolle o que me gustaría que me ofreceran a min se eu estivera no seu lugar. Ofrézolle que, unha vez constituída a comisión de investigación, fagamos o pacto forestal que este país necesita».

Vostede quere eliminar a xestión da vaga de lumes da análise sobre o que pasou neses días, e eu creo que é unha irresponsabilidade. Porque todas as forzas políticas temos que saber, e este país ten que saber, que falla neste tipo de situacións de emerxencia. Non pode vir aquí, despois de todo o que pasou, e dicir que funcionou todo perfectamente e que non hai nada que revisar nas emerxencias; que xa vai vir o Goberno e xa vai vir Rueda dicirnos como se fan as cousas, porque é evidente que as cousas están fallando e que hai problemas que están denunciando os traballadores deses servizos, e non poden vir aquí desprezar como se a súa opinión non valera absolutamente nada.

Neste mesmo Pleno vai debaterse unha iniciativa do BNG, que é que propoñamos o mínimo que nós cremos que hai que facer ante unha situación así. Que haxa unha comisión que estude que pasou durante a vaga de lumes, que analice que cambios hai que poñer en marcha na política forestal, na política de emerxencias, nas políticas de dinamización do medio rural. Que tome tamén como base un traballo que fixo este Parlamento e que, por certo, vostede boicoteou porque daquela lle parecía moi pouco que houbera unha comisión de estudo que investigara absolutamente todo, e nin tan sequera se puxeron a traballar despois dunha situación tan grave como aquela. Nós, desde logo, imos traballar en todos os ámbitos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e nunca imos cometer o erro e a irresponsabilidade que cometeu vostede cando non tiña responsabilidades de Goberno. *(Aplausos.)* ¡Nunca imos facer iso! *(Aplausos.)* ¡Nunca xamais! *(Aplausos.)* E pode rirse, señor Feijóo, pero eu creo que este é un tema o suficientemente serio como para que non se tome a cachondeo o Parlamento. *(Murmurios.)* ¡Para que non se tome a cachondeo o Parlamento! *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Creo que é unha cuestión suficientemente importante. Si, si, pois é a sensación que dá vostede todos os días que vén aquí, lamento ter que dicirllo.

O señor PRESIDENTE: Remate xa, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: E lamento ter que dicirllo nun debate destas características.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...eu creo que a responsabilidade que vostede ten é mirarse no espello do seu pasado. Hoxe fomos aquí todos moi respectuosos coas imaxes deformantes...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e, desde logo, terribles que nos deixou...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a oposición do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós temos unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, terminou o seu tempo xa.

A señora PONTÓN MONDELO: Temos unha responsabilidade...

O señor PRESIDENTE: Xa terminou o seu tempo, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...con este país, pero a nosa responsabilidade non é dicirlles aos galegos e galegas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que despois dunha situación de emerxencia nacional...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...non pasou nada neste país, que é basicamente o que veu vostede dicirnos hoxe.

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, terminou o seu tempo.

Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

A verdade é que creo que vostede está facendo aquí un exercicio que ten algunha complicación, porque, por unha parte, vénnos dicir que está todo perfecto, que non había nada que

funcionara mal na política forestal, no dispositivo antiincendios, e a continuación vénnos propoñer 30 medidas que van desde cambios estruturais no funcionamento do mundo rural até cambios de certo calado no conxunto do dispositivo. E as dúas cousas á vez é difícil de facelas compatibles.

Por iso nós o que lle propoñemos é que discutamos as segundas —que nós cremos que son absolutamente imprescindibles e necesarias, que levan moito atraso—, pero, primeiro, para ser cribles nas segundas, ten que darnos cumprimento á exixencia de responsabilidades sobre o que pasou neste tema. E sen esa exixencia de responsabilidades cumprida por vostede non vai ser moi crible todo o que veña despois. Podemos estar diante dunha estratexia —digamos— gatopardesca, de intentar que todo cambie para que todo siga igual.

Fíxese vostede, se o principal responsable de toda a política forestal e do dispositivo antiincendios de todo o tempo que vostede gobernou e do tempo en que estaba gobernando o señor Fraga —polo menos unha parte del— segue á fronte da política forestal e do dispositivo antiincendios, ¿como van ter credibilidade eses cambios estruturais que vostede promete? Ese é o problema.

Fíxese, o señor Fernández Couto —que sei que fixo un grande esforzo persoal neses días, que non o poño en dúbida— primeiro presenta o Pladiga e di que o seu obxectivo é que se queimen só 15.000 hectáreas neste ano. Pero só nesa fin de semana 50.000, ademais das do resto do ano; é dicir, multiplícase por catro —digamos— o obxectivo. ¿Que pasaría nunha empresa, se o seu responsable ten ese erro de desviación nese obxectivo?

Segundo. Recoñece no mes de xullo que a prevención non funcionaba, pero resulta que non fai nada e no mes de outubro temos este resultado.

Terceiro. É o responsable de declarar o alto risco, pero nesa declaración de alto risco recoñece que desde primeiros de outubro é consciente de que se podía producir unha catástrofe.

Claro, para ser crible na súa vontade reformista —que eu tomo como unha referencia porque eu creo que é un deber saír deste debate dicíndolle á sociedade que estamos dispostos a cambiar todas aquelas cousas necesarias na política forestal, na xestión do monte, na política antiincendios, para que Galicia non poida volver enfrontarse a unha situación deste tipo—, para ser crible nesa estratexia reformista, ten vostede, primeiro, que depurar responsabilidades no seu Goberno, porque a responsabilidade do que pasou é do seu Goberno.

Eu non cuestiono para nada a excepcionalidade climática en outubro. Todo o contrario, xa dixen que era excepcional. Pero pódese volver repetir, porque xustamente o cambio climático, que vén para quedar, avanza nesa dirección. E xustamente porque era excepcional a situación en outubro, non nos pode dicir que o dispositivo antiincendios era o máis completo que houbera nunca no mes de outubro. Efectivamente, se vostedes sabían que había unha situación excepcional e que se podía producir unha catástrofe, tiñan que reforzar o dispositivo, pero o fixeron tarde e con algún fracaso. Fixérono tarde porque —como se lembrará perfectamente— até o día 16 non se incorporaron esas 125 brigadas de Seaga que remataran o seu contrato o día 12 de outubro. ¡Non se incorporaron ata o día 16! Algunhas

persoas puideron incorporarse porque foron chamadas telefonicamente un pouco antes, pero estaba prevista a incorporación da maioría para o día 16, e iso foi o que se produciu. E tampouco as brigadas municipais estaban operativas en máis dun 25 % neses momentos, a pesar das circunstancias excepcionais. E faltaban algúns medios aéreos tamén, que poderiamos detallar.

Por último, a cuestión de Portugal. O que fixo Portugal, despois da traxedia de Pedrógão Grande, foi crear unha comisión de análise, de estudo... en fin, de avaliación da situación, que en seis meses produciu un documento que xustamente foi entregado no mes de outubro. Por certo, con participación de técnicos galegos. Nese caso non era o señor Fernández Couto, pero dá igual.

Efectivamente, Portugal tiña e ten unha situación na que en moitos extremos está por detrás de nós, sen dúbida ningunha, o cal explica a situación. E ten unha situación no medio rural de despoboamento e de monocultivo forestal nalgunhas zonas que provoca que a situación de risco sexa maior que en Galicia. Iso é o que explica o de Portugal. Do que se trata é de non ir nesa dirección, senón de tomar o bo que fai Portugal. E o que fai é establecer un consenso sobre os cambios na política forestal a partir das conclusións desa comisión de investigación. É o que temos que facer, unha comisión que funcione cunha base técnica pero que ten que ter consecuencias políticas con motivos. E esas consecuencias políticas son as que nós esperamos que teña tamén esta. Quero dicir consecuencias de cambio na forma de enfrontarse ao monte en Galicia nos seus distintos aspectos. Desde a propiedade até o mix de especies, as formas de xestión e a forma de facer prevención e extinción do lume, que algunhas cousas teñen que cambiar.

Por último, como consecuencia, ¿que lle pido? Primeiro, como fixo vostede no ano 2006, solicítolle o cesamento dos responsables directos disto. Vostede saberá a quen ten que cesar. Para min sería un sarcasmo que cesara a conselleira e non o responsable da política forestal, porque todos sabemos que é o que pasa, a conselleira soporta o director xeral, pero sopórtao nos dous sentidos da palabra. *(Risos.) (Aplausos.)* E ten que cesalos aos dous. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: E, en segundo lugar, a partir de aí, poñamos en marcha con prontitude no Parlamento esa comisión de estudo que vostede propón —e que nós aceptamos tamén— para cambiar a política forestal e a política de extinción antiincendios de forma consensuada, porque Galicia así o demanda e porque Galicia así o necesita.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, dicía Rafael Crecente Vega —un dos mellores investigadores en ordenación do territorio galego que deu o noso país— que os lumes son a febre, son o síntoma, dun territorio enfermo. Con esta imaxe el significaba o que nós queremos trasladar aquí hoxe, que, máis alá da mala xestión dos recursos dispoñibles —que nós rexeitamos e criticamos e pola que pedimos responsabilidades—, que máis alá de que, efectivamente, haxa causas vinculadas a que haxa xente que lle plante lume ao monte, hai un problema esencial de carácter estrutural, e ese problema é o modelo actual de xestión do territorio, que é un problema complexo e, polo tanto, require solucións complexas, solucións diversas e multisectoriais.

Hai un modelo actual que fracasou: o modelo de abandono do rural con perda do emprego agrario. Hai problemas na transformación de solos agrícolas en forestais. Fallou tamén a falta de ordenación das masas forestais, e que os oligopolios forestais soamente buscaban a súa propia riqueza, sen pensar no ben común. Faltou tamén a asunción do cambio climático, as políticas de depredación dos recursos naturais e confundir a ordenación do territorio co urbanismo e o uso especulativo do chan.

Hai que andar todo este camiño, e iso non se anda dun día para outro. Aí estou de acordo con iso que dixo vostede: para andar este camiño é necesario dar varios pasos. O primeiro deles foi comentado aquí por outros que me precederon no uso da palabra. É necesario destituír algúns dos responsables políticos desta desfeita. Entre outras cousas porque, de non facelo, as políticas que se pretendan como alternativas non serán cribles en quen, durante un período moi prolongado de tempo, realizou feitos contrarios cos mesmos políticos e as mesmas políticas e cos mesmos técnicos e as mesmas técnicas. Sabemos que non cesará a ningún dos conselleiros, pero polo menos reconsidere e considere seriamente facelo con algúns dos directores xerais. Cremos que isto daría lugar a que o período que agora parece querer emprender —no cal, por certo, nos terá do seu lado— sexa realmente crible.

Propuxemos conxuntamente co Partido Socialista a creación dunha comisión de estudo que foi rexeitada por vostedes a semana pasada, sen ir máis lonxe, e agora vén cunha proposta que, cun nome semellante, pretende abarcar ese ámbito de estudo. Ben, parabenizámolo por isto e, desde logo, participaremos activamente nesa comisión para o estudo de todas esas medidas. Xa lle avanzo que despois, se me queda tempo, entrarei a comentalas particularizadamente, aínda que non creo que me dea tempo. Cremos que a meirande parte delas son asumibles, en moitos casos xa lexisladas, e que requirían única e exclusivamente da vontade política ou administrativa de poñelas en marcha, pero cremos que é un bo paso.

Con todas estas consideracións, coa creación da comisión de estudo, con algunhas das propostas que vostedes traen hoxe á Cámara, nós queriamos abordar de forma ambiciosa un pacto nacional polo territorio. Cando falamos de pacto, falamos da necesidade de diálogo, da necesidade e da vontade de chegar a acordos, da necesidade de transixir, da necesidade de pensar que hai xente en fronte e xente ao lado que pensa diferente e que é necesario acadar un consenso social novo, un contrato social interxeracional, para que isto sexa sustentable.

Ese pacto debe ser de carácter nacional; é dicir, non pode quedar reducido a un ou dous sectores, non pode quedar reducido a espazos que teñan intereses económicos, teñen que ir

todos os espazos sociais, todos os espazos políticos, todos os espazos de participación cidadá, vinculados nese pacto para que o sintan como propio. E é necesario que ese pacto nacional sexa sobre o territorio, non abonda con cinguilo ao ámbito forestal.

Isto require dunha política moito máis ampla, dunha intervención moito máis ampla. Implicitamente xa o anunciou aquí, establecendo propostas de medidas que son notoriamente transversais e que exceden con moito o ámbito forestal. Parabenizamos tamén a Xunta de Galicia por ir nesa liña. Esperemos que sexa sincera.

Miren, os lumes chegaron ás cidades, e chegaron ás cidades porque o territorio é unha unidade, non é un problema do rural. Cómpre un pacto social integral que xere unha sociedade segura e sostible en todo o territorio. Para que o monte non arda cómpre outro modelo de país, de territorio, entendido como algo vivo, como un ecosistema total, rural e urbano, natural e humano.

Para nós os puntos mínimos dese pacto nacional polo territorio foron parcialmente apuntados por vostede. Cremos que son todos necesarios pero insuficientes. Queremos, en primeiro lugar, un rural vivo, onde haxa os servizos esenciais para que a poboación non teña que marchar e teña expectativas de futuro. Sabemos que soamente é posible manter o rural vivo, custodiar o territorio, se existe xente vivindo nel, por iso nós reclamamos tantas veces sanidade, educación, asistencia social, prestacións aos nosos maiores, porque cremos que esa é a forma de manter vivo todo o tecido social do noso país.

En segundo lugar, asumir o cambio climático de forma decidida, de forma transversal, fomentando as fontes de enerxía renovables, o aforro enerxético, a mobilidade sostible por todo o territorio.

Tres. Cremos que é necesario un cambio de modelo forestal baseado na multifuncionalidade, na sostibilidade, na diversidade, e rematar cos monopolios forestais. É necesario establecer a discontinuidade das masas forestais para que os incendios que se produzan non sexan descontrolados.

Catro. É necesario o fomento e recuperación do modelo agrogandeiro que xere vida e riqueza no rural; parar a forestación de terras agrarias; manter, respectar e aumentar as distancias de seguridade, a mobilización de terras agrarias; poñer decididamente o PDR e a PAC ao servizo da economía produtiva; reabrir, manter e revitalizar oficinas de Extensión Agraria; contar coas comunidades de montes, buscar unha xestión participada da ordenación.

É necesaria, finalmente, unha ordenación integral do territorio, do medio rural e do medio urbano, poñendo fin aos usos especulativos do chan. O urbanismo non é ordenación territorial. É necesario facer unha unicomprensión...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—vou rematando— de todo este fenómeno.

Nós estamos dispostos a falar e a chegar a acordos superando siglas en beneficio do país, en beneficio dunha forma de entender a política e a vida, entendendo que o territorio, a terra, non é o que nós herdamos dos devanceiros, senón o que nós custodiamos para os que están por vir.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas a vostede. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Permítanme unhas citas.

«O que non podemos é ter os efectivos do verán todo o ano porque iso hai que pagalo, e non hai ningunha necesidade de ter ese dispositivo, un volume tres veces superior, porque non sería posible financialo». Fin da primeira cita.

Segunda. «Non pensamos que máis medios darían moito mellores resultados, porque, cando hai xente que quere facer dano, se acaban producindo máis focos». Fin da cita.

Terceira cita. «Un sistema de extinción, un operativo de loita contra o lume, un operativo dun país, nunca está debuxado para atender a máxima punta da maior crise excepcional que poida haber, nin neste nin en ningún país». Fin da terceira cita.

Cuarta cita. «*Cuando el fuego es tan generalizado, aportar más medios no añade eficacia*».

Son, respectivamente, do director xeral de Montes no ano 2006, do conselleiro do Medio Rural do ano 2006, do presidente do Goberno da Xunta do ano 2006 e da ministra de Medio Ambiente do ano 2006.

E digo isto porque en boa medida o que se está dicindo é que o presidente ten que presentar ou pedir o cesamento, a dimisión, a unha serie de responsables do operativo precisamente porque se xestionaron mal os medios. E o que se di é que iso foi o que pediu o presidente no ano 2006 cando estaba na oposición. O que non entenden é que non pasou o mesmo que no ano 2006.

En agosto de 2006 houbo menor número de incendios que, por exemplo, en agosto de 2005 ou de 2003 e, sen embargo, arderon o dobre de hectáreas que en 2005 e dez veces máis que no 2003.

Neste outubro, en cambio, houbo seis veces máis número de incendios que o ano anterior. A media de incendios en outubro dos cinco anos anteriores a este era de 72 ao mes, e este tivemos 614, oito veces máis que nos últimos cinco anos. Polo tanto, este goberno, ao contrario que aquel, si afrontou unha situación excepcional, por iso este goberno non ten por

que pedir o cesamento dunha serie de persoas que funcionaron ben. O operativo antiincendios demostrou a súa eficacia este mesmo verán na temporada de máximo risco. De xullo a setembro arderon un 60 % menos de hectáreas que a media dos veráns desde o ano 1990, e foi o mesmo verán climaticamente complexo, de seca, polo tanto, a eficacia do dispositivo de extinción e da dirección política do dispositivo é indubidable.

Pero, ademais das circunstancias, hai unha segunda cousa que non foi igual que no ano 2006. No ano 2006 o Goberno cambiara o dispositivo de extinción. O ano 2006 cesárase o 50 % dos xefes de distrito, o cen por cento dos xefes provinciais e o 90 % dos directivos de máximo nivel operativo contra lumes. Este foi o factor diferencial do ano 2006. No ano 2006 non veu o Exército, non se asinou o convenio coa Unidade Militar de Emerxencias, porque se dicía que os militares non sabían apagar lumes. Este ano non houbo ningunha decisión política que afectara ao dispositivo de incendios, cousa que si houbo no 2006. Polo tanto, hai motivos distintos para pedir a dimisión nun ano ou pedila noutro ano.

Hai outra diferenza co 2006, iso é certo tamén. Nós non contamos cunha plataforma —como cando goberna a esquerda— que cando gobernaba o Bipartito dicía —e cito textualmente—: «A Administración está desbordada, ninguén podería facer máis». E arderon case o dobre de hectáreas que nesta ocasión. Pero ben, é o que temos.

Despois do exemplo —e digo por antónimos dos apelativos que vostede lle dedicou ao presidente— de humildade, de transixencia, de respecto escrupuloso aos demais e de responsabilidade, eu, señora Pontón, lamento moito que vostede caese na descualificación persoal, porque non me parece que lle faga honra á carreira política que leva vostede nos últimos anos.

Hoxe o que hai que recoñecer é que o presidente da Xunta nos situou nun escenario diferente ao que vostedes predicían, colleunos co pé cambiado. Estamos ante unha situación totalmente distinta do 2006 en condicións climáticas, xestión da extinción e responsabilidade institucional, pero tamén hai unha nova forma de reaccionar politicamente ante unha vaga de lumes como a que vivimos en outubro.

Fixo chamadas ao acordo para facilitar a limpeza dos montes, para buscar fórmulas de actuación nos montes abandonados ou sen dono coñecido, para a mellora da investigación da criminalidade incendiaria, para facilitar as actividades produtivas no monte. E agora temos a ocasión de chegar a acordos de país, que era o que vostedes estaban pedindo nos últimos días. Primeiro, na Lei de medidas lexislativas, coas modificacións normativas que se están a tramitar neste Parlamento xa. Segundo, coa xestión das emerxencias, coa convocatoria a pasada semana do grupo de traballo entre a Xunta, as deputacións e a Fegamp para a reforma do Mapa de emerxencias. E terceiro, co acordo na tramitación do Plan forestal, e da política forestal en xeral, a través dunha comisión no Parlamento para chegar a un consenso ao respecto.

Señorías, eu creo que da vaga de lumes do mes pasado hai que aprender que é necesario consensuar estratexias para evitar o abandono de terras e a proliferación desordenada de especies pirófitas. Temos un problema, en primeiro lugar, de orde pública, pero tamén o

temos na ordenación forestal, no cumprimento das normas que preveñen os lumes e tamén condicionado, como non, polo cambio climático.

Isto leva a situacións extraordinarias, extremas, que poñen en risco vidas, propiedades e o patrimonio natural. Eu penso que, ou chegamos a pactos de longo percorrido, ou é posible que a historia volva repetirse. Nós desde logo, presidente, temos a determinación de traballar para evitalo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Peche desta comparecencia, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señorías, na miña primeira intervención díxenlles que temos diante de nós unha disxuntiva. Podemos engadir unha frustración máis que xa experimentamos o conxunto dos galegos cos lumes, opción 1. Unha frustración que creo que sentirán moitos galegos se viran nesta Cámara un debate estéril, que esquece os culpables do que ocorreu e ignora o deber de aportar ideas construtivas.

Señorías, se pensan que a súa misión é aproveitar este asunto para avivar un conflito partidario, por experiencia dígolles que se equivocan.

Hai outra opción, e mantemos a man tendida do Goberno para que apostemos conxuntamente por ela, para que conxuntamente nos dirixamos —coa diferenza de criterios, por suposto, que poida ter cadaquén— aos dous tipos de espectadores deste debate. Refírome aos galegos que padecen o terrorismo incendiario e tamén ás persoas que provocaron ese terrorismo incendiario.

¿Que esperan de nós os incendiarios? Non teño dúbida de que un debate agresivo que ignore que eles e só eles son os culpables. Esperan que alguén diga que os que loitaron contra o lume son tamén incluso os causantes do lume. Agardan que se digan moitas das cousas que vostedes dixeron na súa intervención, especialmente a señora Pontón. E celebrarán que a unidade demostrada polos galegos durante os incendios se rompa precisamente no Parlamento.

¿E que esperan o resto dos cidadáns que sufriron a actividade incendiaria? Esperan que a traxedia nos una. Queren que a súa unidade se traslade á representación parlamentaria.

¿Supón iso omitir calquera crítica á actuación das diferentes administracións? Por suposto que non. Pero, señorías, Galicia ten un sistema de prevención e loita contra o lume dun excelente nivel, e só fai falta ver a gran desgraza que comentamos esta mañá que sufriu o noso país irmán, Portugal, este ano para darse conta do excelente sistema de extinción que temos. Iso é mérito, en primeiro termo, de todos os galegos, que dedicamos moitísimos recursos públicos a este capítulo. E, en segundo lugar, é consecuencia da entrega heroica de moitísi-

mos profesionais que arriscan a súa vida loitando contra os lumes. Dicir isto non significa dicir que non se poida mellorar, señor Leiceaga, pero pídolles que poñan a mesma intensidade nas críticas que nas propostas.

Presentamos unha batería de 30 medidas que xa están moi avanzadas, algunhas delas implementadas, outras no Parlamento, no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que son de calado, porque afectan a todas as frontes da política forestal, e que están abertas, señorías, ás súas propostas, ás súas achegas, ás súas ideas. Señorías, ¿teñen algo que dicir a estas trinta medidas? ¿Están de acordo ou non en que hai que cumprir de xeito máis intenso as normas de prevención? En que todas as administracións incentivemos economicamente os propietarios para que limpen os montes, ¿están de acordo ou non? ¿Están de acordo en garantir que o cen por cento dos concellos rurais teñan bombeiros ou brigadas forestais? ¿Están de acordo ou non? ¿Están de acordo en que o Aprol rural e boa parte dos obradoiros de emprego —en total, 12 millóns de euros— se dediquen exclusivamente a tarefas forestais? ¿Están de acordo ou non? ¿Están de acordo en facer un novo mapa de emerxencias, si ou non? ¿Están de acordo, señorías, en concretar máis instrumentos para mobilizar os terreos abandonados co titular descoñecido e, dende que iniciemos o procedemento, pasen automaticamente ao Banco de Terras? ¿Están de acordo ou non? ¿Están de acordo en que aprobemos requisitos máis estritos nas franxas de protección dos núcleos? ¿Están de acordo ou non? E ¿están de acordo en que incrementemos a difusión das medidas de prevención especialmente entre os máis novos? ¿Están de acordo ou non en que avancemos xuntos nunha ordenación forestal pactada para as próximas catro décadas e en que pactemos un novo plan forestal que fomente as especies autóctonas e que incentive a agrupación de propietarios e o seu agrupamento? ¿Están de acordo en aprobar e redactar plans de distrito e apoiar igualmente a cada propietario para que tamén teña un instrumento de ordenación? ¿Están de acordo, señorías, en mellorar as zonas de pastoreo extensivo no sur de Galicia, concretamente nas provincias de Ourense e Pontevedra? ¿Están de acordo en avanzar na reestruturación parcelaria? ¿Están de acordo en reducir o papelame necesario para as autorizacións na corta? ¿Están de acordo en aprobar medidas de dinamización do sector forestal, si ou non? ¿Están de acordo en aproveitar a recentemente creada Axencia Galega de Industria Forestal? ¿Están de acordo nun programa de formación e emprego para tratamentos silvícolas? ¿Están de acordo en facilitar o investimento no monte a través da modificación das sofor cunha normativa máis flexible? ¿Están de acordo na política fiscal que levamos implementando no ano 2016, que intensificamos no ano 2017 e na que proseguiremos profundando no ano 2018?

Todo isto podería facer os montes un pouco menos vulnerables. E a pregunta, despois desta comparecencia, é: ¿están de acordo en apoialo ou non?

Señorías, previñamos xuntos, ordenemos xuntos, poñamos en valor o monte xuntos, pero, sobre todo, non nos enganemos. Claro que nos gustaría que existira unha política forestal que asegurase o risco cero de incendios. Pero non é posible, ningún goberno no mundo atopou esta pedra filosofal, como acreditan as vagas incendiarias de Portugal; como acreditan as miles e miles de hectáreas do primeiro país en PIB do mundo, Estados Unidos; ou como acredita tamén outro dos grandes países en PIB, Australia; ou como acreditan os nosos veciños de Asturias ou como acreditan os nosos veciños de Andalucía. Só que nós temos o 46 % da masa forestal do total de España.

Estamos abertos a discutir ideas concretas, e quero enfatizar: ideas concretas. O que non é admisible é enganar o noso pobo, dicíndolle que existe unha política que evitaría o risco incendiario, sen aclarar nunca cal é; e cando se está no Goberno, defendendo o que fan, e, cando se está na oposición, defendendo o contrario do que fixeron cando estaban no Goberno.

Non nos equivoquemos de inimigo, señorías. Neste tema, o contrincante do Goberno —e agardo que tamén da oposición— está fóra do hemiciclo. Por iso, ¿están de acordo ou non en reforzar tamén os medios de investigación contra os incendiarios? ¿Están de acordo ou non en que dotemos con máis persoal os equipos forestais de investigación? Simplemente non existían antes, señora Pontón. ¿E tamén os novos instrumentos, como un rexistro de incendios ou a rede de vixilancia forestal a través das cámaras? Dígame, señora Pontón, onde non había cámaras, porque aí non as imos repoñer.

¿Están de acordo en difundir o teléfono 085 para que os cidadáns non soamente nos avisen dos lumes senón tamén dos incendiarios, das matrículas das motos, das matrículas dos coches, da xente que sae de madrugada dos montes? Agardo que si, que estean de acordo. Agardo que si, señorías, porque os incendiarios atentan contra todos, sen reparar na ideoloxía ou no voto do veciño que obrigan a fuxir, do que lle queiman a casa ou do que matan. ¿Estamos de acordo nisto ou non? Temos un inimigo común e ningún galego entendería que se colaborara politicamente con el.

Non pido neste debate unidade en torno ao Goberno senón unidade en torno a Galicia. Eu pido unidade en torno a Galicia, para Galicia e por Galicia. E por iso, porque creo que un presidente da Xunta nunca debe mentir, nin en declaracións públicas e moito menos no Parlamento lle deixo a transcrición das miñas declaracións á Cadena Ser. *(O señor presidente da Xunta amósalle un papel á Cámara.)* Como é natural, a señora Pontón ten un problema coa realidade e coa verdade. ¡Alá ela!, porque tiña a posibilidade de rectificar. Non, volveu mentir dúas veces, na primeira e na segunda. E, na segunda, incluso falseando esa lectura. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, como é natural, xa se sabe que a señora Pontón non é soberbia. Como dicía o portavoz do PP, non soamente non é soberbia senón que, ademais, non rectifica nin unha soa palabra das que dixo durante toda a súa intervención. Eu, dende logo, pido desculpas se non estiven feliz nalgunhas das expresións, nesta e en calquera outra intervención que se poida producir. Pero, señora Pontón, eu non podo cesar un membro do goberno que produciu a maior catástrofe medioambiental da historia de Galicia, primeiro, porque non forma parte do meu goberno e, segundo, señora Pontón, porque non foi cesado polo que podía facelo. Pero iso xa é parte da historia. Eu someto á consideración dos galegos unha historia de extinción de lumes durante nove anos. Dáme a sensación, señora Pontón, que vostede non a pode someter nin sequera durante doce meses.

Pero disto xa falaremos, e por iso quero agradecer a posición do portavoz do Partido Socialista de Galicia e do portavoz de En Marea, porque é evidente que van participar —iso é o que entendín— e que valoran positivamente esa comisión.

Parece, señorías, que aquí houbera unha competición sobre quen é máis galego. Xa sabemos que despois de Ana Pontón sempre estamos no pelotón. *(Murmurios.)* Os únicos galegos que hai aquí de raza e de convicción son a señora Pontón e os seus compañeiros. O resto da Cámara somos galegos de segunda categoría. Non se preocupen, señores de En Marea e señores do PSOE, nós xa estamos acostumados a estas descualificacións. Espéroos na comisión a vostedes, por suposto; e á señora Pontón tamén.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión, comunícolles unha alteración na orde do día, que xa foi comunicada aos portavoces. Logo de debater as catro proposicións non de lei que debateremos hoxe á tarde, pois substanciaremos a pregunta do Grupo Parlamentario de En Marea ao conselleiro de Sanidade.

E agora suspendemos a sesión, ata as catro e cuarto.

Suspéndese a sesión á unha e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás tres e quince minutos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi boas tardes.

Retomamos a sesión co punto 3, de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Garantir un ensino en igualdade, de calidade e gratuíto para todas as nenas e nenos do país, ese é o motivo que inspira a nosa moción, froito do debate da interpelación que tivemos hai quince días. Se nese momento tiñamos entre mans a obriga de denunciar os graves problemas que ao noso entender acumula o ensino público tras anos de recortes e orzamentos claramente insuficientes, hoxe temos a ocasión de defender e explicar unha batería de medidas que dende o Grupo de En Marea entendemos que podería axudar a reverter algunha das problemáticas denunciadas.

Neste senso, non están todas as que son, pero si son todas as que están. Son medidas que entendemos necesarias, que recollemos da interlocución constante co profesorado e cos seus representantes sindicais, en fin, con toda a comunidade educativa, que vive nunha realidade ben distinta á triunfalista que defende aquí o Goberno do Partido Popular.

Enténdase tamén que este decálogo de propostas é unha proposta de mínimos que nos permita ir recuperando parte do que perdemos nos anos de políticas austericidas do Partido Popular. A nosa moción pide menos boas palabras e máis recursos. Porén, a proposta de orzamentos que temos enriba da mesa non invita ao optimismo, senón que é continuísta, no peor sentido do termo, pretende continuar pola senda de desmantelamento e privatización dos servizos públicos.

Lonxe queda o nivel de investimento do 2009, lonxe queda o 4,62 % do PIB que o Goberno galego destinaba ao ensino galego hai unha década; unha cifra que, tendo en conta as previsións para este ano, quedará nun penoso 3,59 %, 5 puntos por debaixo da media estatal, malia que o Estado español é o quinto pola cola de toda Europa.

Precisamos recursos, recursos para garantir o dereito ao ensino en todo o territorio, e precisamos, sobre todo, que se deteña o plan de demolición do ensino rural. É urxente que se paralicen os peches de centros e unidades ata que teñamos un plan específico. Ou asumimos dunha vez a potencialidade e riqueza que supoñen os centros de ensino no rural e a necesidade de tratalos dun xeito específico, como medio fundamental para garantir dereitos e fixar poboación, ou non haberá política demográfica crible nin aposta verdadeira por un ensino público.

En segundo lugar, propoñemos recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de recuperación de todos os dereitos laborais do persoal docente e de redución da interinidade. O que estamos pedindo é coherencia e congruencia entre as palabras e os feitos. Se o Goberno do Partido Popular quere convencer a cidadanía de Galicia de que estes orzamentos son de recuperación, de fin da crise e de crecemento, é tempo de devolverlles aos docentes deste país todo o que lles quitaron.

Non podemos asumir que o modelo de emprego do Partido Popular sexa o da precariedade, e, en primeiro lugar, porque a Administración pública debería ser bandeira de dereitos laborais. Isto non se fai a base de recortar salarios, non se fai a base de aumentar xornadas e interinidade. Faise ampliando prazas de traballo público e mellorando as condicións laborais. É unha cuestión de xustiza, pero é que tamén é unha cuestión de calidade. É evidente que investir na estabilización do profesorado é investir en calidade educativa.

No mesmo senso, propoñemos garantir a cláusula de revisión salarial para asegurar, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC. A base dunha suba anual do 1 %, cando se prevé un incremento de prezos do 2,5 %, é facer trampas, sendo benévolas. Porque dicir que soben os salarios falando dun incremento do 1 %, cando dende o ano 2013 os docentes perderon unhas cantidades que van dos 4.663 euros aos 8.446 euros dependendo do posto e da antigüidade, é unha tomadura de pelo. Dicir que soben os salarios, cando as docentes e os docentes deste país seguen perdendo poder adquisitivo, é falsear a realidade.

En cuarto lugar, a nosa moción propón derrogar os cambios impostos pola Lei 12/2014, de xeito que o profesorado perciba o cen por cento de todas as retribucións dende o primeiro día das incapacidades temporais. Non se trata dunha petición extraordinaria, trátase de defender os dereitos das traballadoras e traballadores deste país, trátase de sentido común e de xustiza.

E, no mesmo senso, propón derrogar a Orde do 23 de xuño do 2011 para recuperar as 21 horas de docencia da xornada lectiva. E fíxense que con estas medidas non estariamos dando grandes pasos adiante, todo o contrario, soamente estariamos tratando de corrixir a desfeita acometida polo Goberno do Partido Popular no que a dereitos do profesorado se refire.

En sexto lugar, propoñemos regular coherentemente as materias que pode impartir un docente en función da titularidade posuída, co gallo da garantía da maior especialidade posible. A aposta pola especialización é unha aposta definitiva pola calidade educativa. Do mesmo xeito, mirar para outro lado, fomentar as materias afíns, é un chanzo máis na minusvaloración do público. Dende En Marea pensamos que permitir e mesmo fomentar que profesorado, digamos, de debuxo acabe impartindo aulas de matemáticas vai xusto na liña contraria do que este país necesita. Dende En Marea queremos profesoras de música que impartan música, profesoras de matemáticas que impartan matemáticas, profesores de debuxo que impartan debuxo. É evidente que no momento no que isto non acontece, estamos condenando o alumnado... *(A señora Chao Pérez detén o seu discurso polo nivel de ruído no salón de sesións.)*

Señor presidente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, eu pídolles a todos que baixen un pouco o volume co que están falando, porque non se escoita a persoa que está no uso da palabra.

Moitas grazas.

A señora CHAO PÉREZ: É evidente que no momento en que isto non acontece estamos condenando o alumando a non recibir a ensinanza especializada que merece, e estamos minguando a calidade. E, ao mesmo tempo, ao abrir tanto a cuestión das materias afíns estamos descargando na responsabilidade individual e sobre cada docente a decisión sobre a conveniencia ou non de impartir estas materias. Deste xeito, atopámonos con profesorado que renuncia á impartición de materias afíns, co conseguinte prexuízo competitivo nas listas de contratación. Os casos falan por si sos: especialistas de filosofía que imparten música e galego, especialistas de latín que imparten grego e matemáticas. Basta botar unha ollada ás listas para comprobar ata que punto se está disparando a cuestión da afinidade. E por iso cremos urxente regular este extremo, de xeito que camiñemos cara a unha maior especialidade na docencia.

En sétimo lugar, falamos das melloras e reparacións nos centros de ensino. Cun parque de colexios públicos avellentado, como é o galego, e tras oito anos de partidas orzamentarias moi minguadas nesta materia, é evidente que os problemas nos centros de ensino se acumulan. Cada inicio de curso, basta botar unha ollada aos xornais para ver como novos centros reclaman a necesidade de atender cuestións como teitos en mal estado, peches inadecuados ou problemas de climatización; cada ano, novos centros sobre os que urxe actuar. Por iso propoñemos a recuperación do nivel das partidas orzamentarias referidas á reparación e mantemento dos centros educativos que tiñamos previas á crise, para paliar a lonxevidade dos centros educativos, atendendo de xeito preferente a substitución das cubertas que teñen amianto. É impresentable que sexan aínda decenas os centros educativos que teñen este perigoso material nos teitos, e cómpre actuar; así como na mellora da eficiencia enerxética e

a adecuada climatización dos centros educativos. Non pode ser que teñamos aulas educativas neste país a máis de 35 graos en verán e a menos de 10 graos en inverno.

Oitavo, falamos de libros de texto e da necesidade de atender correctamente todos os nenos e nenas deste país. Como saben, o modelo que defendemos dende En Marea non é o modelo do fondo solidario, probadamente máis custoso e ineficaz que o de préstamo universal. Lembremos que así o cualificou a propia Valedora do Pobo, pouco sospeitosa de compartir con En Marea un posicionamento ideolóxico. Pero ben, neste caso traemos aquí unha petición de mínimos, como é a de que, polo menos, estendan o seu modelo, o seu modelo de préstamo, a todos os niveis educativos, de xeito que non sigan deixando fóra os nenos e nenas dos dous primeiros cursos de primaria; unha exclusión totalmente incomprensible e que entendemos que supón un agravio comparativo que urxe corrixir.

En noveno lugar, queremos instar o Goberno a contabilizar o alumnado repetidor para o cálculo dos alumnos repetidores nas aulas. Un dos enormes despropósitos é a estafa estatística do Goberno do Partido Popular. Como xa temos denunciado neste Pleno, Galicia é a única comunidade de todo o Estado que non contabiliza o alumnado repetidor para as ratios nas aulas. Lamentablemente, levamos un ano neste Parlamento e nin o conselleiro Román nin o que fai ás veces do seu axudante, o señor Fernández Gil, pero tampouco ningún outro deputado ou deputada desta Cámara, foron quen de explicar este disparate. ¿En base a que motivos se pode xustificar que as nenas e nenos que repiten curso non entren no cómputo de alumnos por aula? ¿Acaso non é evidente que a propia repetición é mostra da necesidade que teñen estes alumnos e alumnas dunha atención máis individualizada? ¿Non é evidente que a existencia do alumnado repetidor na aula proba que o profesorado vai ter que facer un esforzo extra? Sexamos serios, isto non se sostén por ningunha banda e soamente responde á intención de confundir sacando peito por ter supostamente ratios das máis baixas en todo o Estado. Para En Marea as ratios non deberían ser propaganda, senón estar ao servizo da calidade educativa, e deberían servir para indicar as necesidades que precisamente temos nas aulas. Invisibilizar o alumnado repetidor non serve. Hai que visibilizalo, contabilizalo e ofrecerlles maiores recursos. Diso se trata, de axudar a quen máis o precisa, diso estamos falando cando reivindicamos igualdade e equidade educativa.

E por último, e en décimo lugar, dende En Marea propoñemos aumentar as axudas de material escolar, de xeito que, tras realizar un estudo sobre estes gastos, a súa contía se adecúe ás necesidades reais do alumando e das familias. Na pasada sesión plenaria, o conselleiro chegou a dicirme dende o seu escano que non sabía se 50 euros eran moito ou pouco, porque non sabía canto gastaban as familias neste país en materia escolar cada inicio de curso. ¡Calquera diría que fora o conselleiro de Educación! Mesmo ¡calquera diría que fora pai!

Ben, igual el non o sabe, igual as deputadas e os deputados do Partido Popular tampouco saben o que custa iniciar cada curso escolar. Pero nós xa lles dicimos que a xente que está fóra si que o sabe. E resulta que a factura do material escolar é elevadísima, impracticable para demasiadas familias. Por iso, e para que o conselleiro non poida dicir que non sabe, para non ter que poñer sobre a mesa unha cantidade aleatoria, propoñemos realizar un estudo respecto diso e logo ampliar as partidas orzamentarias para que as axudas cubran o enorme custo que cada inicio de curso teñen as familias galegas.

Máis nada polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Pola banda do BNG imos apoiar esta moción. Basicamente —como explicaba a señora Chao xa na súa intervención— ten como núcleo central das propostas a restitución dos dereitos laborais perdidos e recortados ao profesorado deste país coa escusa ou ao amparo da crise económica; un debate que xa se ten producido nesta Cámara, en concreto —se non lembro mal— foi no ano 2015 ao fío dunha iniciativa lexislativa popular que trouxera ao Parlamento, avalada por máis de 20.000 sinaturas, a CIG-Ensino. Non houbo éxito daquela nin sequera para a súa toma en consideración. Agardamos que si se teña agora nesta moción.

E xa digo que a apoiaremos porque, en boa medida, ese decálogo de propostas tamén fai parte das demandas de propostas —valla a redundancia— que vén defendendo o BNG tanto neste Pleno como na Comisión 4ª.

Nós cremos que é hora de comezar a recuperar eses dereitos laborais e tamén eses dereitos salariais perdidos polo profesorado do noso país ao longo dos últimos anos. E foron destruídos, ademais, postos de traballo —e moitos, segundo as cifras que proporcionou a propia Consellería— que atinxiron especialmente, ou basicamente, ao ensino público do noso país, en contraposición con como se viron apoiados e avalados, desde o punto de vista político, por parte deste Goberno do Partido Popular os centros de ensino privado-concertado. Temos os datos aquí. Neste curso 2017-2018 houbo 39 unidades educativas menos na educación infantil e primaria pública, e 53 postos de traballo, que se sumaron aos desaparecidos nos últimos seis anos; no concreto, 69 escolas públicas menos e 450 unidades perdidas na pública. Mentres, insistimos, no mesmo período de tempo houbo un aumento de 243 unidades no privado-concertado. O privado-concertado —témolo denunciado aquí en moitísimas ocasións—, ademais, viu como neste ano, en abril de 2017, vía blindados os fondos públicos para os próximos seis anos, incluídos tamén —repito, como o vimos denunciando de maneira reiterada— os centros que discriminan o alumnado por sexo e que agora teñen o amparo legal da LOMCE.

Nós cremos que estas propostas —como dicía a señora Chao na súa intervención— poderían permitir dar marcha a atrás nas políticas tan lesivas e tan agresivas para o ensino público do noso país que se veñen implementando desde o ano 2009. E, ademais, parécenos especialmente interesante un asunto que xa se ten debatido incluso na Comisión 4ª, no que a señora Chao na súa intervención facía fincapé, que é o de regular coherentemente as materias afíns. Actualmente —ademais dos exemplos que ela puña—, nós atopamos situacións imos chamarlles anómalas, como especialistas, por exemplo, en matemáticas que imparten inglés e francés —é o caso do Instituto Miguel Ángel González, de Vilagarcía de Arousa—; ou de bioloxía impartindo historia; ou de física e química impartindo debuxo e inglés.

É curioso que nun dos momentos onde a grande aposta política do Partido Popular pasa por incorporar o inglés ao ensino regrado, mesmo en detrimento da lingua propia —caso, por exemplo, de que sexa ilegal, de acordo co decretazo, a día de hoxe impartir as aulas de física e química en lingua galega pero si podes impartilas en inglés—, nese contexto vemos como se pode impartir como materia afín esta materia, é dicir, podes impartir a materia de inglés sen ningún tipo de titulación específica, pero, por exemplo, para impartir unha materia non lingüística en inglés —o caso, por exemplo, de seccións bilingües que teñan matemáticas nesta lingua estranxeira— hai que contar cun B2. É un pouco paradóxico. Nós tamén consideramos que hai que regular doutra maneira esa posibilidade de impartir afíns —sen ter formación específica— para aumentar a calidade do ensino.

Porque, ademais, sabemos —eu supoño que fará fincapé, ou non, non o sei, pero por se acaso, porque xa é un debate que se ten dado noutras ocasións— que é unha libre «escolla» —entre aspas— do profesorado apuntarse a ese tipo de materias. Todas e todos sabemos que para poder garantir un posto público, un posto educativo, un posto de traballo na educación do noso país nestas condicións, se ven moitas veces abocadas a situar como materias afíns aquelas nas que non teñen formación suficiente.

E, para rematar, tamén apoiamos que se garanta o acceso en condicións de equidade, independentemente do lugar de residencia —de se vives no rural ou se vives no urbano— ou da capacidade económica das familias, e que tamén se blinde a posibilidade de ter un acceso a un ensino público e de calidade; equidade que se consegue —e témolo defendido en moitas ocasións— pola vía de sistemas redistributivos progresivos, nos que pague máis quen máis ten e non a través dun dobre imposto ás familias con menor capacidade adquisitiva.

Pola miña banda, máis nada.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Chao, imos apoiar, evidentemente, esta moción porque da maior parte do seu decálogo —que en realidade poderiamos agrupar en seis tipoloxías de medidas—, a maior parte das medidas xa as presentou o Partido Socialista, o Grupo Parlamentario Socialista. E, polo tanto, sería raro, cando menos, que non as apoiaramos agora, posto que estamos de acordo. Estamos de acordo no fondo e estamos de acordo na forma do que vostede plantexa.

Como dicía antes, en realidade son seis grupos de medidas. A primeira referíase á programación da rede de centros. Nós trouxemos unha iniciativa a este Pleno, con nulo éxito, relativa a

que por parte da Consellería de Educación se constituíse unha comisión ou un grupo de traballo para planificar a rede de centros. Non se considerou nin necesaria nin pertinente porque xa se encarga o Partido Popular de planificar a totalidade da Comunidade Autónoma. A segunda tamén ía nas propostas de resolución que presentamos no pleno de política xeral, relativa á recuperación das condicións salariais e de traballo do profesorado. E, evidentemente, concitou o mesmo éxito por parte do Partido Popular que todas cantas se teñen presentado encamiñadas a tratar de recuperar —como vostede moi ben expuxo e tamén a señora Rodil— as condicións de traballo do profesorado previas a esa crise que se supón que xa temos superada, con base, iso si, no permanentemente recoñecido sacrificio dos traballadores públicos —neste caso do profesorado—, que sempre contan coa felicitación e o recoñecemento do señor conselleiro, ou ben do deputado ou deputada do Partido Popular que saia aquí a falar. Pero, á parte desa felicitación e desa palmadiña na espalda, ese recoñecemento non vai máis alá; é dicir, non hai nada desa recuperación salarial, non hai nada desa recuperación das condicións de traballo previas a esa crise que ao final acabamos pagando ou acabou pagando quen non tivo ningunha responsabilidade na súa orixe pero que si tivo a responsabilidade de sacar a adiante, co seu sacrificio, esa recuperación económica da que —insisto— tanto se gaba o Partido Popular pero que tan pouco ou nada se traslada na realidade aos traballadores.

Respecto das materias afíns, ¡claro que si! Insisto, este grupo parlamentario trouxo unha iniciativa para regular a impartición das materias afíns. É certo que por parte do Partido Popular se nos dixo, coma sempre, que confiaba na responsabilidade do profesorado para marcar as materias afíns que estaban dispostos ou non a impartir. Pero non é menos certo que, curiosamente, dúas semanas ou tres despois de que se presentase esa iniciativa neste Parlamento, a Consellería regulou, limitou, o número de materias afíns que podía marcar o profesorado. ¡Por algo será! Sen desconfiar do profesorado nin da súa capacidade, si que era pertinente a iniciativa deste grupo parlamentario, que, coma sempre, non contou coa aprobación do Partido Popular, posto que non vaia ser que calquera grupo da oposición parlamentaria teña unha idea que mellore o funcionamento do sistema educativo. Insisto, iniciativa de En Marea, iniciativa do Bloque, iniciativa do Partido Socialista...

Señor Fernández Gil, desgraciadamente, vostedes sempre teñen a razón pero a práctica é que a realidade leva a que acaben recoñecendo —algunhas veces máis pronto, outras máis tarde— as propostas que se fan desde este lado do hemiciclo nas súas normativas, nas súas instrucións, na súa regulamentación en xeral. Porque —insisto— ao mellor é que tamén a oposición parlamentaria sabe como pode funcionar mellor o sistema educativo sen ter que pertencer necesariamente ao Partido Popular.

¿Que dicir da gratuidade dos libros de texto, un sistema de financiamento que se ten revelado como moito máis eficiente en canto a investimento por alumno para beneficiar a totalidade, a universalidade, do alumnado? Neste caso, efectivamente, vostedes plantexan na súa moción a totalidade dos sistemas educativos. A nosa proposta sería, evidentemente, nas etapas obrigatorias, pero tampouco temos ningún problema, porque, igual que é o máis eficiente nas etapas obrigatorias, ha de selo necesariamente nas non obrigatorias. E, polo tanto, tanto a medida 8 como a 10 formarían parte dun mesmo grupo de medidas encamiñadas a facilitar a aquelas familias con menos recursos —no caso concreto da 10— a escolarización efectiva dos seus fillos e fillas.

E, por último —porque xa se me acabou o tempo—, ¿como non?, ía nunha proposta de resolución contabilizar o alumno repetidor. Porque resulta que os alumnos repetidores case, case, forman parte da enerxía oculta do sistema educativo, desa masa escura. Porque resulta que están pero non están. E, polo tanto, claro que deben ser computados...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...máxime cando, posiblemente, se repiten, é porque necesiten unha atención específica distinta dos que promocionan de forma natural.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Despois de todo o que temos escoitado nas anteriores intervencións, quero comezar sinalando que, por moito que se empeñen en construír un relato que oculte esta realidade, en Galicia temos un ensino público de calidade, equitativo e inclusivo. E isto é principalmente grazas aos miles de profesionais que prestan os seus servizos no sistema educativo galego e que, día a día, co seu esforzo e co seu traballo, desmenten o relato que vostedes se empeñan en construír.

Debatemos hoxe unha moción que trae causa da interpelación debatida no pasado pleno, na que dende este grupo observabamos atónitos como se pretendía describir unha realidade absolutamente inexistente, cargada de argumentos falaces que pretendían unicamente converter en norma casos excepcionais, e que non tiñan outra finalidade máis que intentar facerlles crer aos galegos e ás galegas que viven nun mundo totalmente diferente deste co que interactúan no seu día a día. Porque, señora Chao, sería moito máis útil para ter un debate serio sobre educación que partira dunhas premisas un pouco máis axustadas á realidade; se non, corremos o risco de abandonar o plano do discurso político para situarnos no contexto da creación da novela distópica. E, como ben sabe, os cidadáns pídennos que traballemos para mellorar a súa realidade e non que nos esforcemos en convencelos da existencia dunha realidade diferente á que eles coñecen.

Piden na súa moción unha serie de medidas que xa temos debatido noutras ocasións e sobre as que todos temos posicións claras, definidas e xa expresadas nesta Cámara en moitas ocasións, todos o mencionaron. Saben perfectamente que a Consellería realiza un importante esforzo para apoiar os centros educativos do rural galego, tanto a través do impulso de plans novidosos e específicos como favorecendo a súa participación nas estratexias de implantación das novas tecnoloxías. A Consellería, dende que goberna o Partido Popular, sempre tivo, ten e terá o mesmo criterio para o mantemento das escolas unitarias. E tal criterio é que

conten con seis ou máis alumnos. Noutras ocasións e con outros gobernos, os criterios eran ben diferentes. Chegábase a pechar escolas con nove alumnos.

Falan vostedes, ademais, sobre taxas de interinidade no ensino galego. Pero obviamente esconden o dato de que Galicia é a comunidade autónoma con menor porcentaxe de interinidade e, polo tanto, cunha maior estabilidade no traballo para os docentes. Pero é que, ademais, neste momento Galicia é a comunidade autónoma que menor número de alumnos ten por profesor —10,5—, segundo os últimos datos proporcionados polo Ministerio. En definitiva, son datos que o que veñen facer é desmentir os seus relatos.

Pero sigamos usando datos para desmentir relatos. Porque saben perfectamente que, malia a crise e as restricións impostas á contratación pública, dende o ano 2009 a Consellería ten convocado ofertas de emprego público todos os anos, agás o 2012; o que supón un total de 4.928 prazas. E con 1.112 prazas, esta última de 2016 foi a oferta pública de emprego máis alta dos últimos sete anos.

Pero, ademais, saben tamén que a Consellería liderou o proceso de solicitar ao Goberno central o incremento ao cen por cento da taxa de reposición de efectivos.

Falan tamén da regulación de materias afíns, e saben perfectamente — e a señora Rodil adiantaba cal ía ser o meu argumento, porque é certo— que son os propios profesores, cando solicitan praza, os que tamén indican a súa dispoñibilidade para impartir estas materias. Como vostedes comprenderán, nós non imos dubidar da capacidade de profesores que eles mesmos amosan a súa dispoñibilidade para impartir estas materias afíns. Ademais, recordámoslles que na base décimo quinta da Orde do 13 de xuño de 2017, pola que se editan normas para a adxudicación de destinos provisionais para este curso, se establece que con carácter xeral as vacantes non poderán incluír máis de dúas materiais afíns, excepto autorización de Inspección Educativa. E nós tampouco temos por que dubidar das autorizacións que emita Inspección Educativa.

Falan vostedes tamén na súa moción de reformas en centros educativos. E, unha vez máis, temos datos para desmentir os seus relatos. No ano 2015 realizouse un importante investimento asociado a unha reprogramación de fondos Feder que significou executar case 23 millóns de euros. No ano 2016 aprobouse o Plan de infraestruturas educativas 2016/2020, que permitiu iniciar nese exercicio unha programación de máis de 33 millóns de euros en actuacións nos centros educativos de Galicia.

Tamén en 2016, froito da disciplina financeira do Goberno galego, se activou o fondo de superávit de responsabilidade. E saben perfectamente que para este ano, para o 2018, o orzamento da Consellería contempla un incremento superior ao 25 % para actuacións deste tipo.

Para rematar, falan do fondo solidario de libros de texto pedindo a súa ampliación a todos os niveis educativos. Pero saben que no caso do alumnado de primeiro e segundo de primaria ou de educación especial é imposible, porque, entre outras cousas, estamos a falar de material non reutilizable. Teñen que utilizalo e non poden prestárllelo a outros porque quedan escritos os propios libros, o propio material. En definitiva, contamos cun sistema solidario

de libros de texto que posibilita garantir unha educación accesible para todo o alumnado e que se sustenta nese fondo solidario de libros de texto, en axudas á adquisición de libros e axudas á adquisición de material escolar.

En definitiva, señorías, como dicía ao principio da miña intervención...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...—remato, presidente—, en Galicia contamos cun sistema educativo de calidade, equitativo e inclusivo. Somos conscientes de que sempre hai que pensar en mellorar, e así o defendemos, pero non podemos compartir o seu relato distópico e catastrofista, porque, se fuximos da realidade, estarémonos alonxando do contexto obxectivo que nos permite propoñer medidas para a mellora efectiva do sistema, estarémonos alonxando, en definitiva, da cidadanía. E iso, o de estar lonxe da realidade, lonxe da xente, como xa saben, preferimos deixárllelo a vostedes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da moción, a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: En primeiro lugar, quero agradecer o apoio do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego; en segundo lugar, sorpresas, poucas. E quero lamentar unha vez máis a negativa soberbia do Partido Popular, porque trouxemos aquí dez medidas, non unha nin dúas, traïamos dez, dez medidas concretas sobre a mesa. E vostedes non aceptan ningunha. Son dez medidas sobre a mesa que —insistimos— non sacamos da chistera. Non nos levantamos hoxe e dixemos «imos escribir estas», senón que son congruentes coas demandas da comunidade educativa. Pero vostedes desprézanas dun plumazo en cinco minutos e cun «non». Un «non» —non se enganen— que non é unha negativa a En Marea, é un «non» ao profesorado deste país, é un «non» á recuperación dos seus dereitos, é un «non nos interesa o alumnado dos centros de ensino do rural», é un «non nos preocupan as familias agobiadas cada inicio de curso para pagar o material escolar», un «non imos mover un dedo polos nenos e nenas que se queixan de aulas e instalacións en mal estado», un «non» á aposta pola calidade educativa. Demasiados «non» destinados a asegurar que nada cambie, demasiados «non» destinados a repetir que son vostedes os únicos que teñen a razón.

Ben, oxalá na súa quenda dedicase menos tempo a falar do debate do día anterior e máis do de hoxe. Así, igual tería tempo a entrar a valorar todas as nosas medidas. Porque, curiosamente, houbo varias que vostede esqueceu comentar. Non quixo dicir nada diso. Non quixo explicarnos por que Galicia é a única comunidade do Estado na que non se conta o alumnado repetidor para calcular as ratios nas aulas. Claro, señor Fernández Gil, vostede, que era profesor, ¿de verdade que non tiña ningunha idea ao respecto ou é que lle resulta difícil explicar que precisamente, como era vostede repetidor, sabe que o alumnado repetidor está, existe? Ou acaso, cando era profesor, ¿non lle merecían ningunha atención?, ¿imaxinaba que non estaban? Supoñemos que non. Entón, debería telo explicado.

A mesma lóxica pode aplicarse á cuestión das axudas para o inicio de curso. Vostedes non só queren votar que «non» á axuda ás familias, senón que votan «non» a saber canto, efectivamente, gastan as familias. ¡Quen sabe, entón, como se toman as decisións políticas na Consellería! ¡Quen sabe por que propuxeron 50 euros anuais e non 20 ou 200 euros! Sería unha proposta ao azar. Chegaría alguén á Consellería e diría: 50... ¡Ben, pois 50!

Non entendemos a súa negativa porque a nosa proposta é tanto como dicir que as políticas non se poden facer ás escuras, senón que hai que coñecer as problemáticas para poñer sobre a mesa as mellores medidas posibles. Porén, parece que para o Partido Popular a idea é unha: o que non se ve, non existe. Lamentablemente, señores deputados e señoras deputadas do Partido Popular, vostedes poderán ignoralo pero as nenas e nenos que repiten curso van seguir requirindo máis atención. Poderán ignoralo, pero as familias seguirán tendo problemas graves para pagar as facturas do inicio de curso. Poderán ignoralo, pero as nenas e nenos de primeiro e segundo de primaria tamén van requirir libros de texto. ¿Escríbenos e fan falta máis? ¡Claro, é o que lles estamos dicindo! Gasten máis e garantan que todos os nenos, vaian en primeiro ou en cuarto de primaria, teñan os mesmos dereitos.

Poderán negarse a velo pero —asegúrollelo— están. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda, a número 19812, do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor don José Luís Rivas Cruz.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. Tomar en serio o cumprimento das franxas de protección e distancias a infraestruturas.

2. Mudar radicalmente a política relacionada co medio rural, e en concreto co monte establecendo unha moratoria ó eucalipto e demais especies pirófitas e cultivos enerxéticos.

3. Orienta-lo Plan Forestal cara á multifuncionalidade do noso monte apoiando e promocionando os montes veciñais en man común e as Unidades de Xestión Forestal para supera-la atomización da propiedade e facer unha ordenación acorde á nosa realidade.

4. Orienta-lo Plan cara á diversificación do cultivo de especies forestais encamiñándoo ás madeiras nobres logo de facer unha ordenación consecuente coas características dos nosos solos e microclimas e acorde cos modelos habitacionais asentados ó longo da nosa existencia como pobo.

5. Establecer un Plan de Recuperación e incentivación da actividade transformadora da madeira a medida que os procesos anteriores se vaian materializando».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra o señor Quiroga Díaz.

O señor QUIROGA DÍAZ: Boa tarde.

Logo de escoitar o presidente ao longo da mañá, xa non sei se aforrar as explicacións desta moción e pasar directamente á parte propositiva, xa que o lóxico é que, en consonancia co que se anunciou nesta Cámara durante a mañá, cando chegue o momento da votación, a bancada popular vaia premer o botón roxo. Non quedaría outra alternativa, pensamos nós.

De todos os xeitos, vaiamos adiante con ela, porque imos tratar un tema crucial para o país, como amosan as macrocifras do sector. Dos case dous millóns e medio de hectáreas de superficie total, aproximadamente 1,5 millóns de hectáreas están ocupadas polos bosques de distintos cultivos silvícolas, sendo Galicia a comunidade que ten máis recursos. E, de feito, máis do 50 % da madeira con destino á transformación en España sae desta comunidade. A isto engádeselle algo máis de 70.000 persoas empregadas no sector, entre postos directos e postos indirectos, a través desas case 3.000 empresas.

Ademais, a planificación do sector forestal condiciona a paisaxe e o medio ambiente, ou, o que é o mesmo, a saúde das nosas augas, das terras e do ar. E por se isto fose pouco, todos os sectores implicados e coñecedores entenden que un bo plan forestal vai ser un elemento crucial para facerlle fronte con garantías á ameaza do lume. Claro que non é unha garantía total, pero si un alicerce fundamental nesa política —e, nese senso, teñen que estar engarzadas—, é unha peza fundamental.

O plan forestal que temos hoxe rexe os destinos dos bosques e cultivos silvícolas desde o ano 1992, como todos sabemos. E tiña previsto estar operativo ata o 2032. Pero, do mesmo xeito, todos os axentes do sector, todos os implicados dunha ou doutra maneira coa masa forestal, co bosque, coa madeira, están de acordo en que o devandito plan forestal non dá unha resposta adecuada aos retos e problemas que se suscitan en torno a esta superficie. É un plan, a xuízo de todos, totalmente desfasado e cunha planificación tamén totalmente desbordada. E isto ocorre xa desde hai moito tempo.

Se miramos aspectos cuantitativos, as especies pirófitas e de valor estritamente forestal estendéronse sen control, sen atender a ningún tipo de criterio ou, mellor dito, só co norte da ganancia a curto prazo sen ningunha outra consideración nin social nin medioambiental. Así, as previsións sobre o eucalipto duplicáronse respecto das iniciais, as grandes masas de piñeiro seguiron o mesmo camiño, sen que en ningún dos casos se contemplen medidas cun corte de vertente social, medioambiental nin de prevención de lumes. Está só primando o criterio produtivista, o criterio económico. Mesmamente —como se ten dito nesta Cámara—, moitas terras de uso e vocación agraria víronse invadidas polo descontrol baixo os principios do abandono e o rendemento económico a curto prazo, que é o que calquera de nós pode ver ao longo e ancho deste país.

Na Galicia de influencia marítima as masas forestais son froito da iniciativa privada que imita o camiño trazado polas grandes empresas, co único criterio economicista, produtivista, sen outro aspecto que se entremezcle nesas masas ou nesa suposta ordenación totalmente desbordada e onde a planificación pública está ausente ou mesmo ás veces, coa súa pasividade, colabora nese descontrol, nese desbordamento ao que estamos aludindo. No interior do país as masas forestais de nova implantación seguen o mesmo criterio de imitación, comandada unicamente polo interese comercial. Continuamente se fai alusión ao monocultivo e á extensión do eucalipto. Pero, se un discorre polo interior do país, atópase co mesmo problema do monocultivo do piñeiro sen ningún outro elemento que se entremezcle nesas grandes masas e que logo son caldo de cultivo para o lume.

Polo tanto, o monocultivo de piñeiros e eucaliptos, a falla de planificación, o abandono do medio rural e a redución da actividade agropecuaria están a crear un panorama forestal que vai á deriva e pon en perigo a viabilidade dun importantísimo recurso económico pero que ten tamén esa ampla repercusión medioambiental e paisaxística que non debe estar fóra de toda planificación forestal.

O modelo de explotación existente está esgotado. Sobre iso non lle cabe dúbida a ninguén. Acabouse, ademais, xa hai moito tempo. Polo tanto, necesítase con présa un plan serio, con alto grao de consenso, que supere esa vertente estritamente produtivista e desenvolva a vertente social potenciando unha visión medioambiental que agora están ausentes.

Van dous anos desde que no 2015 se aprobara a proposta de directrices. Longo tempo para ter revisado, efectivamente, este plan, que, segundo a Consellería, pretende sentar as bases, as directrices, do novo plan forestal galego que dea resposta a estes retos que nos está demandando a sociedade galega.

Ao longo destes anos foron saíndo decretos —xa se dixo tamén aquí nesta Cámara— para regular diversos aspectos relacionados coa ordenación forestal, e mesmo outros intentos de decretos e normativas que non pasaron do estadio de borrador e sondaxe á opinión pública, que fixeron correr ríos de tinta sobre aspectos concretos da regulación forestal. Pero diante da situación que se vive xa non vale andar con parches, non valen eses decretos, non vale esa lexislación ocorrente para salvar unha situación puntual, e hai que ir ao global, hai que ir a un replantexamento total da planificación forestal.

Aínda que o Goberno non se cansa de repetir que as directrices están consensuadas —e volverémolo escoitar— e que son o piar do novo plan, se se analizan as actas desas directrices, desas famosas directrices do grupo de traballo e as recomendacións e o resultado final das devanditas directrices, pronto nelas, nesas actas, se atopan eivas e suxerencias de gran calado que cómpre solventar. E de aí a oportunidade desta moción. Hai que ir superar esas eivas que se sinalaban nas actas das directrices. Se a todo isto lle engadimos o papel crucial que xoga o desenvolvemento forestal para o control e contención do lume, aínda que non dea esa garantía total, e que é unha gran ameaza do país, ninguén entende as continuas dilacións, dúbidas e cambios de prazo sobre a posta en marcha do tan cacarexado plan forestal. Se ademais sabemos que xa existe un borrador do documento feito pola empresa Tragsatec sen participación do sector, en solitario, por moito que se faga alusión a esas directrices,

temos que concluír que o borrador, o devandito borrador do plan forestal clave para o futuro do país, se elaborou contravindo esas recomendacións das asociacións, entidades e profesionais; en xeral, de todos aqueles que teñen interese no futuro do forestal galego. Por iso é necesario sacar o borrador da escuridade e poñelo baixo o foco da participación para a súa mellora acadando o maior consenso posible. Se xa se presentou no Consello da Xunta o 30 de xuño do 2017 e desde esa segue agochado nos despachos, non entendemos cal é a razón para non dar o paso seguinte.

Pola mañá escoitamos o presidente urxir a posta en marcha do plan. Entendemos, polo tanto, que van aprobar esta moción, que só pretende iso, poñelo en marcha, sacalo da escuridade e situalo no centro dos focos, no centro do debate, para a súa mellora.

Non pode ser, a elaboración do plan forestal, doutro xeito que o da participación do sector, e implicalo para poder aportar e chegar a un modelo que faga bo o plan con ese tan manido carácter mutifuncional, sostible e de biodiversidade do monte e da superficie forestal. Por todo isto, propoñemos ao Parlamento que inste o Goberno galego para o seguinte:

En primeiro lugar, para presentar o borrador do plan forestal sen máis dilacións. E sen máis dilacións é iso, xa no mes de novembro deste ano 2017. E que se lle presente ao sector implicado e relacionado co mundo forestal. Isto quere dicir a empresas, asociacións profesionais relacionadas coa silvicultura, madeira e bosques, asociacións ecoloxistas e medioambientalistas, universidades, sindicatos agrarios, Consello Forestal, por suposto, e aos grupos parlamentarios, cando menos, para comezar o proceso de participación, mellora e adaptación ás necesidades socioeconómicas, culturais e medioambientais de Galicia.

En segundo lugar...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...establecer un protocolo —remato xa— de actuación e un calendario para o seu estudo, achegas e conclusións.

E, o que non é menos importante, un terceiro punto, que é efectuar unha rápida avaliación —que supoño que poderá saír desa comisión que se anunciou— sobre os incendios forestais desde a aprobación do anterior plan forestal e incorporar as súas conclusións ao proceso de elaboración actual, dada a profunda imbricación que hai entre o plan forestal e o fenómeno dos lumes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Quiroga.

Ten a palabra, por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Se o plan forestal do 92 pretendía ordenar o noso monte e guialo cara a unha explotación sustentable e racional na que, ademais da produción forestal, coubesen outros aproveitamentos e fose base para unha dinamización económica do rural, o fracaso foi estrepitoso. Agora ben, se o que se pretendía era a implantación do eucalipto e o piñeiro como monocultivos intensivos e exclusivos, reserva de occidente de inframadeira que surtise de materia prima a Ence para fabricar papel hixiénico para toda Europa e taboleiro para os mobles tipo Ikea, o obxectivo cumpriuse con creces. O dato está tan manido que xa non nos causa estupor: duplicadas as hectáreas de eucalipto —de 245.000 previstas para o 2032, imos neste 2017 polas 500.000, e a ritmo de merengue—, sofocada a revolución do leite e consumado o monocultivo do abandono, cantidade de terras agrarias abandonadas foron forestadas principalmente con esta especie. Ninguén moveu un dedo. O plan estaba aí como guía de ninguén que vai para ningures. Unha grande parte das propiedades agrarias e de monte, antano en mans de labregos e labregas que arrincaban o pan delas, agora estaban en mans de absentistas que as teñen aí como lembranza dun pasado, para presumir de que tiñan raíces na aldea e para completar a súa renda cuns ingresos fáciles que non precisaban de coidados. E, total, para outra cousa non servían. O campo non ten futuro, é duro e miserento, húmido e cheirento; fume, suor e frío. Por iso ven o eucalipto ata nas cunetas das estradas provinciais, nas beiriñas das chamadas nacionais, e tamén, ¡como non!, nas autoestradas.

As leis son para seren estudadas polos xuristas, non para seren cumpridas. «Se te fas amigo de quen manda e agora é cousa de votos, podes plantar o que queiras e onde queiras», esta é a máxima que todos aprendemos. Eu diría que é a que levan moitos gravada a lume na alma do pobo, a que nos mostrou o franquismo e este posfranquismo que se manifesta ultimamente con virulencia inusitada. A algúns, que lle coñecemos demasiado ben o cheiro, énchenos de preocupación.

Non crean que estou divagando. Estou vendo e falando do asunto desde alá, desde o monocultivo do abandono, desde onde as masas de eucalipto impiden a «cubertería» telefónica, desde onde o verde porco manda sobre o verde vivo da herba e da folla caduca, desde onde xa non hai vacas nos prados e cremos pouco nos reis magos e non cremos nada nos outros reis.

¿É o eucalipto unha árbore maldita? Pois non, sinceramente penso que non. Mais é preciso sinalar que non é arbore con categoría dabondo para os nosos montes e para os nosos acuíferos. A xente que, desde a madeira, ten amor e consideración por este país de mil microclimas e solos vizosos sabe que é unha necidade ou unha condena malgastar e arruinar o noso monte cun infracultivo como estamos a facer.

¿É o noso monte a superficie axeitada para unha explotación forestal intensiva? Tampouco é. O noso monte invita á diversidade, á sostibilidade, a madeiras variadas e de calidade, aos pastos extensivos axeitados, á castaña e á noz, aos cogomelos e á biodiversidade, ao sustento dunha industria de transformación da madeira de calidade producida en círculos pousados que pasan dos 30 euros por tonelada métrica aos 400 euros.

En economía, os números cantan. ¿Que intereses ocultos hai por detrás para non oíren a canción destes números? A historia do Plan forestal é a historia dun enorme fracaso, ou da súa política de montes, señores do PP, a historia dun monocultivo dual inducido que nos leva á miseria, á despoboación e á inertización da nosa maior riqueza, o solo. Moito tememos, polas directrices que se coñecen, que este plan forestal vai ser continuísta; é dicir, vai ser máis do mesmo e vai partir dunha realidade que xa está viciada. Por iso a nosa emenda, tras o segundo aviso con toque de arrebato do 15 de outubro. Toca tomar en serio o monte. Nós queremos dar a nosa opinión. Velaí un plan forestal que sería para cumprir e para observar: tomar a serio o cumprimento das franxas de protección e as distancias ás infraestruturas; mudar radicalmente a política relacionada co medio rural e, en concreto, co monte establecendo unha moratoria ao eucalipto e demais especies pirófitas e cultivos enerxéticos; orientar o plan forestal cara á multifuncionalidade do noso monte apoiando e promocionando os montes veciñais en man común e as unidades de xestión forestal, uxfor, para superar a atomización da propiedade e facer unha ordenación acorde coa nosa realidade; orientar o plan cara á diversificación do cultivo de especies forestais encamiñándoo a madeiras nobres logo de facer unha ordenación consecuente coas características dos nosos solos e microclimas, e acorde cos modelos habitacionais asentados ao longo da nosa existencia como pobo; establecer un plan de recuperación e incentivación da actividade transformadora da madeira a medida que os procesos anteriores se van materializando. ¿Estará a inframadeira de acordo? Vai ser que non, pero nós insistiremos erre que erre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

O Consello Forestal de Galicia acordou, xa alá polo ano 2014, crear un grupo de traballo. Este grupo, en principio, nacía para dar resposta á demanda da sociedade galega, co fin de que se acordase o modelo de monte que se desexa para Galiza, para o noso país, no futuro, e que o dito modelo servise de guía na elaboración da revisión do Plan forestal de Galiza. En decembro do ano 2015 o grupo de traballo finalizaba e aprobaba o texto das directrices por consenso, coa abstención dos representantes da asociación ecoloxista Amigos da Terra, e concluía que este documento debe considerarse como resultado do labor do grupo de traballo no seu conxunto. Acordaba unha serie de recomendacións á Xunta de Galiza para a redacción da revisión do plan. E finalmente —xa na súa última xuntanza— aceptábase a proposta de que a documentación elaborada no grupo de traballo —composición do grupo de traballo, normas de funcionamento do grupo, documento e directrices, recomendacións á Xunta de Galiza para ter en conta na redacción do plan, as actas de traballo, informe, resumo, etc.— se fixera pública e que fora en formato aberto e totalmente dispoñible por calquera cidadán co fin de dotar o traballo e o resultado do grupo da máxima transparencia e difusión, como debe ser un documento.

A partir de aquí, chegan os problemas, ao pór de manifesto diversas asociacións en conxunto que o texto ignora os problemas reais do modelo de monte que queremos para o noso país, problemas de erosión, problemas ao incrementar excesivamente a masa forestal, etc.

Hoxe a metade das árbores que temos no noso país teñen menos de 10 centímetros de diámetro, e tres de cada catro teñen menos de 15 centímetros de diámetro. Os eucaliptos —287.000 hectáreas en masas monoespecíficas e máis de 500.000 en total— xa son os principais protagonistas da paisaxe forestal galega.

A Sociedade Galega de Historia Natural denunciou que o plan afirma que a maior parte do territorio galego non presenta serios problemas erosivos. Pois é pouco máis da quinta parte, o 21 %. Eu penso que eses problemas de erosión implican que ter hoxe unha quinta parte do territorio galego afectado na súa vida útil é tremendamente grave.

Dende En Marea compartimos que debe aumentarse a superficie arbórea ocupada por coníferas e bosques de frondosas autóctonas en detrimento, como así o temos manifestado en numerosas ocasións, dos eucaliptais, que xa sobrepasaron moi amplamente a superficie prevista no seu plan forestal do ano 92, cun único culpable —aquí si, todo hai que dicilo—, que son as políticas do Partido Popular.

Pero para isto deberíase deseñar e implementar un plan para a eliminación progresiva, pero rápida, de eucaliptos en todos os terreos que son de titularidade pública, así como promover a súa eliminación progresiva en toda a rede de espazos naturais protexidos da Galiza, con incentivos economicamente atractivos aos e ás propietarias para a súa substitución por frondosas autóctonas; e, por suposto, a eliminación de todas as plantacións que se fixeron sen os preceptivos permisos.

Tamén sinala a Sociedade Galega de Historia Natural que calquera proxecto ou aproveitamento de fontes enerxéticas renovables —máxime se está financiado directa ou indirectamente con fondos públicos— deberá demostrar obrigatoriamente uns efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais e os aspectos socioeconómicos. E só considera admisible a utilización da biomasa para usos térmicos industriais despois dunha auditoría enerxética e de gases de efecto invernadoiro que certifiquen un balance favorable no consumo de combustibles fósiles e emisións, considerando globalmente a recollida, transporte, preparación e combustión da biomasa.

O verán pasado o mesmo Consello de Contas alertou a Xunta de Galiza de que estaba a incumprir o seu plan forestal ao gastar moito máis en extinción e en apagar lumes que en ordenar o noso monte. Polo tanto, imos apoiar esta moción do PSdeG. Consideramos necesario presentar este plan forestal canto antes, e hoxe máis ca nunca, despois de escoitar a intervención do actual presidente da Xunta. Pensamos que é o momento xa de sacalo, de ensinalo a empresas, a asociacións, de abrilo á sociedade para comezar o proceso de participación que debe ter un plan que vaia rexer o futuro forestal do noso país durante os próximos anos. É un proceso do que vostedes algunha vez, a xente o Partido Popular, se teñen gabado de que é de exposición pública, pero sabemos que despois sempre ocultan intereses por detrás.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Boas tardes, señor presidente.

Señorías, eu quero comezar a miña intervención trasladando que, despois do que pasou hoxe á mañá, e dos anuncios do presidente da Xunta de Galicia, eu penso que os colleu a todos —como dicía o noso portavoz— un pouco co paso cambiado. Porque o discurso que se podía facer hoxe aquí podíase trasladar a que temos xa propostas con moita máis forza. Imos facer tramitación parlamentaria do Plan forestal de Galicia, imos, por suposto, darlles esa información pública da que fala o señor Quiroga e xa lles anuncio que non imos dar ao botón roxo neste caso senón que imos votar a favor da moción. Pero é que, ademais, se recollen trinta medidas. Eu levo un ano aquí no Parlamento, como todos nós, e levo na Comisión 7ª escoitando moitas veces os discursos dos grupos da oposición. E boa parte deses discursos recóllense nesas trinta medidas. Imos traballar entre todos para implantar esas medidas e para conseguir o modelo forestal que queremos todos para o noso país.

Recóllese tamén unha comisión de estudo para abordar esas trinta medidas, para recoller todas as súas aportacións. Eu pediríalles que aquí fagamos política de verdade, que traballemos para conseguir que estas medidas sexan as mellores posibles.

Miren, o Plan forestal de Galicia do ano 1992 foi un documento que establecía o marco forestal para corenta anos, ata 2032. Na Lei de montes 7/2012, a que aprobou o Partido Popular na Xunta, xa se recolle como un dos instrumentos fundamentais para o desenrolo da política forestal este Plan forestal de Galicia e os plans de ordenación dos recursos forestais dos distritos, que hoxe tamén anunciou o presidente que se van desenrolar.

Este plan forestal é o instrumento básico para o deseño e a execución da política forestal galega. Como di o artigo 72 da lei, o plan e a súa modificación —que é o que estamos a abordar nestes momentos— corresponde ao Consello da Xunta mediante decreto, por proposta da consellería competente e oído o Consello Forestal de Galicia. Ademais, establécese na súa tramitación unha información pública, señor Quiroga, que é o que vostede pide e é o que, por suposto, nós apoiamos tamén, Proximamente, o borrador do plan vaise presentar ao Consello Forestal, e teremos que ver, no marco desa comisión de estudo, como se tramita ou como se fai a súa tramitación.

A min interésame destacar tamén —e penso que todos o temos que ter en conta— que o Plan forestal o que establece son previsións de superficie, que poden verse superadas pola demanda, no seu caso, estimada. Non é unha norma executiva, non se pode falar de incumprimentos do Plan forestal de Galicia. E é certo que dende o ano 2014 se entendeu pola Xunta de Galicia a necesidade de proceder á súa revisión. E eu apuntaría que foi unha revisión contando co sector. No Consello Forestal dicía o señor Rodríguez que houbo unha abstención, pero é que son 28 vocais os que votaron as directrices.

Eu queríalles recordar aquí tamén que na Comisión 7ª recollemos unha iniciativa na que buscabamos que a Xunta seguira estritamente esas directrices porque nos parecían correctas. Vostedes abstivéronse en relación con esa iniciativa.

Miren, as directrices din, entre outras cousas, que a superficie non arborada dos 2 millóns de hectáreas que temos se ten que poñer en valor incrementando a produción de pastos e forraxe en monte; que ten que aumentar a superficie arborada ocupada por coníferas, en particular por piñeiro do país; que debería manterse ou reducirse a superficie arborada ocupada por eucalipto —señorías, o noso grupo parlamentario non está a favor do monocultivo do eucalipto, está a favor da ordenación do monte—; que cómpre aumentar decididamente a superficie arborada ocupada por frondosas caducifolias, mediante o fomento e implantación, especialmente, de castiñeiro, carballo, cerdeira, nogueira, freixo e bidueiro. Plantexa unha visión de monte multifuncional e sustentable con diferentes usos.

Eu quérolles recordar aquí algunha das cifras que temos na nosa comunidade en relación co sector forestal, porque sempre contrapoñemos o uso do monte e a rendibilidade. Miren, estamos a falar dun sector no que hai 80.000 propietarios que cortan madeira —con datos do ano 2015—, hai un 11,88 % das familias galegas que perciben ingresos por este concepto —300 millóns de euros—, hai un volume de cortas de 8,25 millóns de metros cúbicos, máis de 3.000 empresas, unha facturación de case 2.000 millóns de euros e 70.000 postos de traballo. ¡Claro que temos que falar de rendibilidade do monte! E, ademais, é que o noso monte é rendible, e, polo tanto, temos que traballar aí ordenando, por suposto, o monte.

Eu —remato xa— penso que a importancia do Plan forestal de Galicia como instrumento, que é esencial na planificación a longo prazo do noso monte, exixe a máxima implicación de todos os que conforman o sector forestal na súa elaboración. Ademais desta tramitación e posta en coñecemento de todos os implicados que hoxe traemos aquí nesta moción, o anuncio da mañá do presidente da Xunta de Galicia penso que vai moito máis alá, tanto pola tramitación parlamentaria do Plan forestal de Galicia como, por suposto, pola creación da comisión de estudo dos temas forestais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Polo grupo autor da moción, o señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Ben, co paso cambiado, non, porque o propio presidente xa leva anunciando desde xuño que para a semana, para a semana..., e xa imos polo San Martiño. Pero, en todo caso, aledámonos de que por fin se vaia poñer en marcha, porque é unha auténtica necesidade, coa nosa inquedanza en facer continuo fincapé no tema da participación, dadas as profundas implicacións, que a ninguén nos escapan, tanto sociais e medioambientais como económicas.

Son moitos os aspectos para tratar neste novo plan forestal, e ademais teñen un forte carácter multidisciplinar, polo cal é fundamental unha participación tamén multidisciplinar e

transversal para solucionar adecuadamente este problema de país. A única maneira, entendemos, de facer un plan forestal adecuado a esas necesidades que nos demanda o país desde o punto de vista medioambiental e desde a sociedade galega en xeral é poñer en marcha xa o borrador, e facelo cunha participación ampla e variada. Hai que facer un chamamento ao Goberno para que facilite esa participación do sector, dos implicados e interesados, tal e como vimos pedindo na moción e tal como reiteramos continuamente, por esas implicacións.

E vostede, o portavoz do PP, facía especial fincapé nese carácter económico, que ninguén vai negar. É de sobra coñecido e xa antes fixemos alusión a el. Realmente é un factor clave e moi a ter en conta, pero non menos importante e non menos clave é iso ao que moitas veces nos estamos referindo pero que tamén ás veces dá a impresión de que pode quedar en simple slogan e anuncio: o da multifuncionalidade e biodiversidade, e, en definitiva, os aspectos sociais e medioambientais, que teñen tan grande transcendencia.

Respecto da emenda de substitución que nos presenta o Bloque, pois, señor Rivas, non lla podemos aceptar, entre outras cousas, porque entendemos que o que aquí se propón nesta emenda son propostas cualitativas, e esas propostas cualitativas entendemos que deberían formar parte dese debate que está esperando o Plan forestal, ou o borrador do Plan forestal. Todas estas cousas que vostedes trasladan aquí como emenda parécennos interesantes pero non oportunas agora, posto que agora do que se trata é de lanzar o plan, poñelo en funcionamento e que o Goberno propicie as canles adecuadas para esa participación e que este e outros asuntos queden plasmados nese plan logo dun profundo debate e contraste de ideas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Moción do G. P. dos Socialistas, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición

Engadir un novo punto que pasa a ser o 3, co seguinte texto:

«3. Publicar unha nova convocatoria de subvencións (2017-2018) cunha dotación económica de cando menos 8 millóns de euros.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Hoxe o Grupo Parlamentario Socialista trae unha moción que se deriva da interpelación feita por este grupo á conselleira do Medio Rural no último pleno deste Parlamento de Galicia. Vostedes saben perfectamente que os incendios na súa totalidade son inevitables. Ningún goberno ten a culpa dos incendios que se producen en Galicia, pero o Goberno si é culpable de non contar cunha política de prevención de incendios que evite que os lumes cheguen a ser unha catástrofe das dimensións acaecidas neste pasado mes de outubro.

Varios informes emitidos por expertos na materia alértannos dende hai bastante tempo de que o cambio climático, sumado ao despoboamento no rural, son dous factores que favorecen as dimensións do lume.

Galicia conta con dous dos ecosistemas máis sensibles aos incendios: por unha banda, un espazo rural inmenso, despoboado e envellecido; e, por outra banda, un espazo periurbano con vivendas unifamiliares na fronteira entre a cidade e o campo. E nesta interfaz entre o monte e as áreas urbanizadas o risco para as vidas humanas e para a destrución dos bens é moi alto. Polo tanto, o problema do despoboamento, posto de manifesto unha e outra vez, provoca o abandono das terras, o que supón que aumente a invasión de vexetacións espontáneas cun alto grao de combustibilidade.

A Sociedade Galega de Historia presentou, nun comunicado de prensa sobre os incendios forestais, dous mapas de Europa que son realmente ilustrativos da relación entre a crise demográfica e os lumes. Así, apuntan que o centro e o norte do interior de Portugal, Galicia e todo o noroeste español, entre outras rexións, evidencian que o exilio do home provoca a volta do lume.

Deputados e deputadas do Partido Popular, Goberno da Xunta de Galicia, a mellor prevención para os lumes é ter un mundo rural vivo. O rural ten que estar vivo. Un rural vivo evita que se propaguen os lumes catastroficamente. Un rural vivo conta con cortalumes naturais. Un rural vivo ten os montes en condicións axeitadas e valorizado. Un rural vivo evita o despoboamento. Un rural vivo permite que a rede viaria facilite a accesibilidade ás explotacións e aos núcleos de poboación. Un rural vivo evita que Galicia arda con dimensións catastróficas.

Non é de recibo que no século XXI os medios materiais e humanos da Xunta de Galicia non teñan evitado a perda de vivendas, así como a perda de vidas humanas. Non é de recibo, tal como se escoitou hoxe pola mañá, que se volva falar do Bipartito, cando vostedes levan gobernando nove anos ininterrompidamente. *(Aplausos.)* Non é de recibo que se amparen no pasado. Non é de recibo que non teñan aprendido do acontecido e que non poñan os medios necesarios para evitar esta catástrofe e que volva producirse en Galicia, non é de recibo, señoras e señores do Goberno galego.

Nunha soa fin de semana arderon 50.000 hectáreas, con 137 concellos afectados, 32 grandes incendios, 4 mortos, miles de persoas desprazadas, centos de persoas con problemas respi-

ratorios, núcleos rurais ameazados, decenas de vivendas afectadas, ámbitos urbanos sitiados, paraxes naturais calcinadas, vías de comunicación colapsadas e perdas que a día de hoxe descoñecemos porque non están valoradas. Estes resultados non son de recibo.

Vostedes culpan o terrorismo incendiario e unha trama global organizada con propósitos criminais, culpables que as evidencias desmenten, así como as propias declaracións do Fiscal de Medio Ambiente de Galicia. As explicacións dadas hoxe nesta Cámara polo presidente da Xunta de Galicia sitúannos ante a impotencia, a impotencia de actuar ante a posibilidade real, que pode volver existir, de que esta situación se repita. Colócannos ante unha absoluta vulnerabilidade como país, e isto non é de recibo.

No Grupo Parlamentario Socialista cremos que outra política de prevención é posible. Hai que poñer en marcha unha estratexia galega contras os incendios forestais que reduza o risco e minimice os danos. Teñen que atender e estar pendentes dos numerosos estudos que relacionan, unha e outra vez, despoboamento con lumes.

O propio director xeral recoñeceu na declaración de alto risco do 11 de outubro que desde o comezo do mes de outubro se observaba un cambio continuo na previsión meteorolóxica que facía que, no caso de producirse un incendio, este puidese evolucionar e ocasionar danos graves, tanto a bens de natureza forestal como doutra natureza. E conclúe que esa situación podería ter situacións catastróficas.

Nós preguntámonos, e toda Galicia se pregunta, por que a Consellería non declarou antes a declaración de alto risco. ¿Por que non concentrou os medios para extinguir os lumes? ¿Por que non empregaron todos os medios? ¿Por que non continuaron as 125 brigadas do Seaga? ¿Por que 6 helicópteros de extinción e 2 de coordinación tampouco estaban operativos? ¿Por que confían á sorte e a algo tan pouco controlable pola man do home, como pode ser a climatoloxía, que os lumes en Galicia poidan acadar dimensións de catástrofe, tal como aconteceu e non estamos libres de que non volva acontecer?

Vostedes levan gobernando dezasete dos vinte e un anos de autonomía; nove ininterrompidamente, nove nestes últimos anos, nove en que perdemos 89.000 persoas, nove en que perdemos máis de 13.000 persoas menores de 20 anos, nove en que o saldo vexetativo pasa de menos 7.000 a menos 12.000, nove en que perdemos case 34.500 persoas nos concellos de menos de 5.000 habitantes, e nove nos que perdemos case 55.000 persoas nos concellos de menos de 10.000 habitantes. Polo tanto, esta está sendo a lexislatura de esmorecemento do noso rural. Volvo repetilo: a lexislatura do abandono do rural.

¿Cantos plans teñen feitos para fixar poboación? ¿Cantos desde que gobernan? O despoboamento —insisto— permite que aumenten os terreos a monte sen aproveitar, acumulando combustible que favorece a aparición e a propagación dos lumes.

O mellor plan forestal é ter unha política de ordenación forestal, o mellor plan é ter unha política de montes veciñais, o mellor plan é ter unha política de montes conveniados, ter unha política de preservación de espazos naturais e unha política de prevención dos incendios.

O Goberno do PP anúncianos, con gran cobertura mediática, un plan de fixación de poboación —o último— que conta cunha dotación orzamentaria de 231 millóns de euros. E xa lles dixemos que estariamos de acordo coa cantidade e estariamos de acordo co obxectivo, que é a cohesión territorial e o mantemento da poboación, o apoio aos modelos de negocio no rural tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxenos como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento equilibrado das economías e das comunidades rurais e a creación e conservación do emprego. Este plan conta con varios eixes, como son a cohesión territorial, innovación, agricultura sostible, competitividade, cooperativismo e remuda xeracional. Pero estamos outra vez ante que se fai, que se fai..., ante facer que se fai. É unha máxima e unha mínima, de todos os xeitos, do Partido Popular. Porque a realidade non está no que anuncian, senón no que executan despois.

Voulles volver recordar os datos de execución para o ano 2016: no Plan de fixación de poboación no medio rural, un 69 %; modernización e diversificación do tecido produtivo real, un 44 %; fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria, un 18 %; ordenación das producións forestais, un 57 %; implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables, un 55 %; mellora da calidade na produción agroalimentaria, un 66 %. É dicir, no 2016 deixaron 100 millóns de euros sen executar. Algo pode ter que ver en que estes lumes alcanzaran esta catástrofe. *(Aplausos.)*

E no exercicio 2017 —neste ano, señores do Partido Popular— a execución orzamentaria, á data 30 de xuño, da partida 712A —fixación da poboación no medio rural— ten unha execución dun 6,68 %. Esperamos que a finais deste ano estea executado preto do 100 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa.

Dentro deste Plan de fixación da poboación do medio rural o primeiro eixe é o de cohesión territorial. Está dotado con 72 millóns de euros e inclúe, entre outros, camiños municipais por 16 millóns de euros. O obxectivo é promover a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade a fincas e explotacións agrarias e forestais, así como a mellora de accesibilidade aos núcleos de poboación. O que pedimos nesta moción —e creo que é bastante razoable— é que se incremente esta contía e que se chegue á mesma contía orzada no exercicio 2017, 20 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Xa está entendido, incrementar a partida sobre os camiños municipais.

Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, moitas grazas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Estou un pouco confundido porque non sei exactamente en que punto da orde do día estamos, señor presidente. *(Risos.)* Fíxense que mesmo o señor Puy colleu o teléfono para advertir o presidente de que se cambiara o guión. A nós non nos preocupa. Ao contrario, alégranos que se fale do rural e que se fale en serio do rural, con propostas positivas de desenvolvemento do rural. Non nos preocupa. Alégranos que se cambie o guión.

Porque, claro, a vostedes éncheselles a boca de falar da lexislatura do rural e o que están facendo na práctica é liquidar o rural, catastrazos incluídos. A golpe de catastrazos, así é como vostedes tratan o rural. Pero, claro, coa concepción da señora conselleira non nos estraña. O rural é mellor para pasear que para vivir, isto díxoo a señora conselleira do Medio Rural. Claro, con estas concepcións, transmitindo estas mensaxes con esta irresponsabilidade, ¿que vai pensar a xente?

Respecto da crise dos lumes de outubro, tamén puxo en evidencia —como xa dixo a portavoz do PSOE— a falta de ordenación, non só do rural senón en xeral da ordenación e vertebración do territorio, e o abandono do monte. E, claro, a conselleira sobre esta cuestión tamén dixo que non era un problema político, que era un problema de orde pública, de orde pública *(Murmurios.)* Pois se non é un problema político, a verdade é que a conselleira sobra, pode marchar para a casa porque non ten nada que facer. Porque se non é un problema político, se é un problema de orde pública, pois que se encarguen outros.

Tamén fala moito o Goberno do Partido Popular da famosa trama incendiaria, do terrorismo incendiario, e a verdade é que a Fiscalía non ve ningunha desas tramas terroristas. A única trama acreditada, segundo a Fiscalía, é a trama do Partido Popular para delinquir. Esta trama si que a acreditou a Fiscalía. A Fiscalía insiste en que a caixa «b» do Partido Popular está abrumadoramente demostrada, e que o PP se beneficiou da corrupción, na primeira fase da Gürtel —de momento—, entre o ano 1999 e 2005.

Pois ben, evidentemente estamos de acordo con que ten que haber políticas integrais para o medio rural e que non hai estas políticas. Nos orzamentos do ano 2018 non se ven por ningún lado. E ademais, como xa dixo a portavoz do PSOE, as partidas que hai —e o orzamento de 2016 déixao ben claro— pois non se executan. E agora resulta que no que ten que ver coa mellora dos camiños municipais nesta lexislatura, que lle chaman «do rural», pois de novo un sablazo orzamentario nada máis e nada menos que do 60 %. Baixan as partidas desde 20 millóns no ano 2016 a 8 millóns no ano 2017. Iso si, cunha convocatoria perfectamente transparente e acordada coa Fegamp para a repartición dos fondos públicos. Outra trampa máis, porque, claro, hai a convocatoria xeral para todos os concellos e despois teñen os convenios á medida, á carta, para certos concellos.

E aquí a min cústame un pouco conceder a medalla de ouro da política clientelar e partidista a algún departamento da Xunta. Hai tres que fixeron moitos méritos: a Vicepresidencia, a de Infraestruturas e Vivenda e a de Medio Ambiente e Urbanismo. Posiblemente a medalla de ouro debería ser para Medio Ambiente e Urbanismo, porque fíxense nos convenios asinados entre os meses de maio e setembro de 2017. Concellos agraciados: Baleira, A Bola, Cenlle, Cerdedo- Cotobade, Vilardevós, Maceda, Baltar, San Amaro, Tordoia, O Vicedo... —puntos suspensivos—. ¿Saben o que teñen en común estes concellos agraciados cos convenios de, neste caso, Medio Ambiente —e poderiamos poñer outros exemplos—? Pois que son gobernos do Partido Popular aos que lles tocou un convenio do Plan Urbe, da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas, para mellorar as infraestruturas viarias, prazas e vías públicas. En total, máis de 1,2 millóns de euros repartidos a dedo por parte do Partido Popular. Porque, claro, din: este concello ten esta praza ou esta vía que ten estas características, que encaixa perfectamente cos obxectivos do Plan Urbe; entón ímoslle asinar un convenio a este concello. Porque, claro, non se pode facer isto mediante unha subvención, porque ten que ser á medida para esta actuación concreta que cumpre os requisitos do Plan Urbe. É dicir, unha escandalosa, vergoñenta e indecente utilización da Administración do Partido Popular para beneficiar concellos do Partido Popular. Disto é do que trata o Plan Urbe.

En canto á proposta do Grupo Socialista, desde logo, ímola apoiar. Presentamos tamén unha emenda de engádega, que agardemos que se teña en conta. En todo caso, o noso voto vai ser favorable.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.
Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

O 28 de marzo deste mesmo ano o director xeral de Desenvolvemento Rural reuníase coa xunta de voceiros da Fegamp co fin de avanzar no deseño e execución do Plan marco de mellora de camiños municipais, para este ano 2017 e para o vindeiro 2018, dotado con case 16 millóns de euros. A xuntanza de traballo buscaba o consenso posible á hora de establecer os criterios que hai que seguir para a asignación destes fondos que corresponden a cada concello, tales como a poboación, a superficie, o grao de despoboamento, de envellecemento, o peso do agro en cada municipio, etc.

Tratouse aquí de fixar o baremo da repartición destes 16 millóns de euros de fondos propios dos orzamentos da Xunta para esta finalidade para o bienio 2017-2018. Así, haberá unha achega fixa por municipio de 15.000 euros, aos que se engadirán outros fondos segundo os seus habitantes, entidades de poboación, etc. A superficie de cada termo municipal, a importancia das actividades agrogandeiras e forestais, a evolución demográfica e o grao de envellecemento corrixirán o total da asignación que lle vai corresponder a cada concello.

Anunciaba o director xeral de Desenvolvemento Rural que a execución do plan permitiu o ano pasado o arranxo dun total de 810 quilómetros de vías públicas en 293 concellos. O paradoxo deste programa xorde cando na resolución do ano pasado, cunha cantidade fixa de case 20 millóns de euros —eran fondos Feder e da Xunta—, se estimaba un total de 730 camiños arranxados, que alcanzarían máis de 1.300 quilómetros. Isto é, executáronse moitos menos quilómetros de camiños dos previstos, un 38 % menos do proxectado. E non sabemos se esta redución se trasladou tamén ao investimento executado.

Na Comisión 7ª, o venres día 2 de xuño do 2017, o director xeral de Agader veu a este Parlamento a responder unha pregunta sobre o PEIM, que formulaba o Partido Popular, e fíxense vostedes que até fixo quedar ben ao anterior director xeral, o señor Crespo, que xa era tarefa ardua e complicada. Gabouse do papel desenvolto no plan marco anterior, mentindo, igual que mentiu aquí o presidente no pleno do estado da Autonomía ao anunciar que ía haber moitos máis camiños para os concellos. Anunciou o señor Dubois o Plan marco de mellora de camiños para o ano 2017-2018 con 8 millóns de euros para cada ano; ou sexa, menos da metade que o ano pasado.

Eu voulle poñer —xa o fixen o outro día na comisión— un exemplo práctico dun concello do macizo central que ten aproximadamente entre 70 e 80 quilómetros de pistas, máis ca estradas. Nese concello no ano 2009, co Bipartito, houbo un investimento de 90.000 euros. O ano pasado, co Partido Popular, fíxose un investimento de 19.652 euros; unha redución do 78,17 % dos fondos. Nun camiño de 3 metros de ancho que vai a unha explotación, metendo tubos de 120 centímetros de diámetro...

para recoller as augas, compactando entre 15 e 20 centímetros de zahorra, dan máis ou menos para menos dun quilómetro. Segundo os prezos oficiais, sobre 60 euros o metro cadrado, 20 euros o metro cúbico de zahorra, canalizacións, transporte, man de obra e beneficios industriais, e xa non metemos tubos de drenaxe nin as arquetas, por se hai que apartar as augas para algún lado, pero iso non chega a un quilómetro. Iso contando con que os concellos agora, hoxe, están a pagar eles o IVE e a redacción do proxecto, cousa que na época do Bipartito non pasaba, que era a Xunta a que pagaba todo.

Entón, a súa aposta polo rural segue sendo unha falsidade, redúcese a catro medidas propagandísticas que nos están a arranxar cero problemas ás e aos que vivimos nel.

En Marea presentou a debate na Comisión 7ª unha proposición non de lei neste senso. Nós imos apoiar esta iniciativa e esperamos que esta moción teña mellor sorte que a que tivo a nosa proposición non de lei na comisión.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

¡Menos mal que viñamos falar de camiños! ¡Menos mal!

Custoume bastante, señora Rumbo, buscar a palabra «camiño» na súa intervención. Polo tanto, a min quédame só dicirlle algo: non sei se estivo atenta no debate de pola mañá, non sei se estivo; pero, se estivo atenta, ¿non lle gustou a intervención do señor Leiceaga? Porque vostede me falou de incendios cando xa falara o señor Leiceaga. *(Aplausos.)* Non o entendo.

Polo tanto, como nós acudimos á responsabilidade, imos falar de camiños. Vostedes divagen, así lles vai. Nós imos seguir investindo no rural, e as infraestruturas son fundamentais no rural, por iso a dotación orzamentaria con fondos propios —queden con este dato, que é un dato moi importante—; con fondos propios, non con fondos europeos. Isto é moi importante para investir no rural.

As infraestruturas son fundamentais, todos sabemos que as infraestruturas son fundamentais para o acceso ao rural, e as infraestruturas son moi importantes para o acceso ás distintas explotacións, señor Rivas Cruz, ás explotacións que segue habendo no rural. Non se liquida por completo as explotacións. As explotacións ségueas habendo no rural e nós, este grupo maioritario —que por algo será—, seguimos investindo no rural para a melloría de accesos ás explotacións, ás industrias; é dicir, á riqueza dun rural próspero e dun rural polo que todos loitamos, non só vostedes. *(Aplausos.)*

Polo tanto, cando hai un acordo unánime entre a Administración autonómica, é dicir, Xunta de Galicia e a Fegamp... Señora Rodríguez Rumbo, o señor presidente da Fegamp quero crer que segue sendo un socialista, e está de acordo co investimento, coa dotación orzamentaria que se está destinando á mellora de camiños. Vostede non falou de camiños; polo tanto, vostede aquí non nos pode dar lecciónns de nada. Porque se nos dixera cal é verdadeiramente a dotación orzamentaria e nos falara de camiños, eu poderíalle contestar e dicirlle: señora Rodríguez Rumbo, cando vostede invista o que leva investido este goberno, o que leva investido un goberno da Xunta de Galicia en plan de camiños, de infraestruturas necesarias para o rural, nós poderemos escoitala e tomala en serio. Mentres, imos seguir escoitando o pobo, escoitando o rural e, en consecuencia, investir no tal, que é o rural.

E nós tamén lle temos que dicir unha cousa. Cando nós apostamos decididamente polas explotacións gandeiras e cando nós apostamos decididamente polo sector cárnico, cando nós estamos apostando decididamente pola transformación, iso todo ten un nome, e ese nome é industria. E, claro, se nós queremos apostar por fixar poboación no rural, por loitar decididamente por combater a demografía, tamén é fundamental investir nas infraestruturas que son sumamente necesarias para fixar poboación no rural. Polo tanto, a inversión que se está facendo de 16 millóns de euros nas infraestruturas con dotación orzamentaria propia da Xunta de Galicia antes —é dicir, con anterioridade— facíanse con fondos Feder, é dicir, con fondos europeos; e agora con fondos propios seguimos apostando decididamente polo rural, seguimos investindo no rural. E non é soamente cunha vocación ou por unha vocación de rural. Nós investimos, apostamos polo rural, porque cremos que hai que fixar poboación e hai que fixar industrias, e unhas boas comunicacións ao rural tradúcense en riqueza, e a consecuencia da riqueza, é dicir, de xerar postos de traballo, fixaremos poboación.

Para rematar, señor presidente, só lle quero dicir ao señor Rodríguez Estévez que vostede me falou de concellos que querían investir ou que investían en camiños rurais. Eu só lle digo unha cousa: pódello dicir vostede ao señor Martiño Noriega, porque o señor Martiño Noriega non se uniu a este Plan de camiños. Non o digo eu, dío o señor Martiño Noriega, porque non se uniu a un plan de colaboración de arreglo de camiños. E vostede vénnos exixindo a este grupo maioritario, a este grupo, que invistamos no rural, e vostede, é dicir, o seu alcalde, non inviste nos camiños. Polo tanto, moito caso non lle podemos facer. *(Murmurios.)*

E ao Partido Socialista —e remato, presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor VEGA PÉREZ: ...quero dicirlle que nesta moción é verdade que vostede non falou de camiños rurais, vólvollo repetir. Pero pídolle que falen en Vigo, no Concello de Vigo, e que esta moción lla presente vostede ao señor Abel Caballero, porque tampouco se uniu a un plan de infraestruturas, é dicir, a un plan de camiños para investir no rural de Vigo. Vigo tamén ten rural, Vigo tamén ten xente que está vivindo no rural. *(Aplausos.)* É dicir, á parte de dar lecciónns, aplíquenas vostedes, e despois exixan traballo dun grupo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VEGA PÉREZ: ...maioritario que vive no rural e que vive do rural.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega.

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade é que non sei moi ben por onde empezar. *(Risos.)*

Mire, é verdade que o representante do BNG nada máis saír estrañouse un pouco... Dixo que estaba un pouco..., bueno, iso, pero é que, ao final, recapitulou. Porque os socialistas e vostedes, tanto o BNG como en En Marea, ao final estamos convencidos e si cremos —e ademais o temos constatado— que o feito de que se tomen medidas no rural, e tamén, e fundamentalmente, nos camiños municipais, si que ten moito que ver coa propagación dos lumes. Vostedes non o ven, por iso lles pasan esas cousas. Non están escoitando o que lles din os expertos. E eu insístolles: escoiten o que din os expertos, que falan diso, do rural, e din que mentres o rural amolece, os incendios propáganse.

Polo tanto, mire, señor Daniel Vega, o estado dos camiños rurais é fundamental para evitar os lumes; é fundamental para a cohesión territorial, axuda ao impedimento de que se propaguen rapidamente os lumes, facilita o acceso dos medios para condicionar os terreos, que tamén redundan en que haxa menos lumes, e facilita o acceso dos medios para apagar eses lumes. Polo tanto, si que tiña que ver, e moito, a miña exposición. E insisto niso a pesar de

que tamén o fixo xa o meu voceiro, evidentemente, e eu non veño rectificalo, senón que insistimos para que escoiten e o teñan en conta. *(Aplausos.)*

Miren, o presidente da Xunta de Galicia hoxe pola mañá díxonos textualmente que deixaramos atrás as posturas partidistas e que todos apoiemos as iniciativas presentadas hoxe pola mañá. Pois iso, o Grupo Parlamentario Socialista pídevos que deixedes a un lado as posturas partidistas e votedes a favor de algo que vai redundar en beneficio do rural, que vai redundar en beneficio do despoboamento —é dicir, de que non haxa tanto despoboamento no rural— e vai redundar en beneficio de evitar a propagación dos lumes.

Tamén lle quero recordar unha cousa. Eu, evidentemente, non podo investir na Xunta de Galicia porque aínda non ganamos e aínda non son a presidenta da Xunta; cando o sexa, ao mellor o podo facer. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois, ao mellor..., imaxine. *(Murmurios.)* Pero mire, si lle vou dicir que tiven responsabilidades municipais como concelleira e pódoo invitar a que vaia ver como están os camiños rurais no meu concello, independentemente das axudas ou non que tivera da Xunta de Galicia, que nunca son dabondo, sempre son bastante escasas. Entón, non me veña vostede falar de aplicar políticas porque diso podemos debater noutro momento e, ao mellor, non sae ben parado. En fin...

En calquera caso, é bastante curioso... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Polo que vexo, a postura do Partido Popular é a de sempre, a de pasar o rodillo.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, voulle insistir nun tema. Vostede fala de que vostedes invisten no rural. Voulle volver dicir que no 2016 deixaron 100 millóns de euros sen executar no rural e que neste ano á data 30 de xuño de 2017 en fixación de poboación no medio rural levan executado un 6,68 %. Polo tanto, espero que iso o valoren.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, señora Rodríguez Rumbo, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: A nosa moción é para que a contía para investimento...

O señor PRESIDENTE: Non, sobre a emenda...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...sexa a mesma que en 2016.

E, dende logo, aceptamos a emenda presentada polo BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Se queren demostrar unha aposta real polo rural...,

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...agora teñen ocasión.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ben reconducido o tema, ben reconducido. Grazas.

Rematado o debate das mocións, procedemos á votación das mesmas. Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Luca Chao.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción de Dª Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don José Antonio Quiroga.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; abstencións, 6. (Murmurios.)

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Aceptou a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora dos camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40. (Murmurios.)

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Terminada a votación das mocións, abran as portas, por favor.

Pasamos a debater agora o punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 7663 (10/PNP-000699).

Emenda de adición.

Débese engadir, ao final da parte resolutiva, o seguinte:

« O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Iniciar o procedemento para declarar Parque Natural os espazos: Ancares–Courel, Monte Pindo e outras zonas da Costa da Morte, Canóns do Sil, Bibei, ampliación do Invernadoiro ao Macizo Central e Pena Trevinca.

- De xeito progresivo, iniciar a eliminación de especies exóticas dos Parques Naturais. Este Plan será dotado economicamente con fondos suficientes para alcanzar eses obxectivos. Tamén se incluirán os espazos protexidos baixo a Rede Natura 2000.

- Ampliar progresivamente o persoal de conservación e que este persoal sexa contratado das listaxes públicas (D. 37/2006).

- Que as labores de mantemento que están a facer os axentes medioambientais, e que non sonda súa competencia, pasen a realizalas persoal cualificado.

- Prohibir e regular actividades cando exista risco de que a fauna ou flora existente nos Parques Nacionais (moitas delas protexidas) se poidan sentir ameazadas.

- Elaborar novos plans específicos para a loita contra o lume nos espazos protexidos, escoitando a voz dos axentes medioambientais, de medio rural, dos brigadistas e das facultades de bioloxía, que son quen mellor coñecen a actual situación.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-000699, documento número 7663).

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:
«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer neste ano a elaboración, abrindo unha fase de audiencia suficiente para garantir a efectividade do principio de transparencia e coa comparecencia da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de cara á súa explicación, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais cos que conta Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, do seguinte xeito:

1. Para todos eles, desbotando que se convertan en grandes destinos turísticos; aproveitándoos como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes e encadrándoos como centro dun Plan de educación ambiental escolar de Galicia.

2. Especificamente para o Parque Nacional, incluíndo na súa memoria económico-financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario de 'Financiamento da Rede Natura 2000', tanto no relativo á conservación, xestión e recuperación de hábitats, como no relativo ás compensacións previstas aos propietarios de pola posible perda de dereitos consecuencia da xestión da Rede Natura.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 7663 [10/PNP-000699].

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a

a) Acometer no prazo máximo de 12 meses a elaboración e aprobación dos plans reitores de uso e xestión dos seis parque naturais e do parque nacional das Illas Atlánticas.

b) Someter os citados plans a un amplo proceso de participación e acordo cos concellos, asociacións ecoloxistas e comunidades locais de cada ámbito territorial.

c) Iniciar os trámites para a ampliación do territorio protexido por Rede Natura até chegar como mínimo ao 20% en 2020.

d) Iniciar os trámites para a declaración dos seguintes parque naturais: Os Ancares, O Caurel, Pena Trevinca e Monte Pindo.

2) O Parlamento galego acorda como resolución reprobar o goberno da Xunta polo retraso na aprobación dos Plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais e do parque nacional das Illas Atlánticas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, Galicia ten unha superficie de 29.574 quilómetros cadrados. No territorio galego temos unha gran diversidade de medios naturais, grazas á nosa posición, á nosa xeografía, á nosa orografía, pero tamén o territorio reflicte a nosa propia acción, nalgúns casos para mellorar, enriquecer o que a natureza nos deu, pero noutros, por desgraza, non tanto.

Temos máis de 1.200 quilómetros de costas, a altitude varía entre o nivel do mar ata a súa cota máxima de 2.124 metros en Pena Trevinca, sen esquecer os fondos mariños. A variedade de climas que se dan propicia ambientes oceánicos, de montaña, incluso mediterráneos, e multitude de microclimas que dan lugar a unha multitude de ecosistemas, todos eles diferentes e especiais, que son o resultado da evolución natural e da forma de aproveitar os recursos naturais.

A Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos representa máis do 12 % da superficie total galega. Nela recóllense aqueles espazos naturais da comunidade autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias, así como convenios internacionais. Estes espazos naturais recollen os ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego: costas e rías, lagoas, ecosistemas fluviais, serras do interior, fragas e devesas, etc., e a normativa autonómica que regula a súa protección está recollida na Lei de conservación da natureza.

Dentro destes espazos naturais destacan os que teñen elementos singulares de fauna, flora, xeobioloxía e a representatividade dos seus ecosistemas ou polo seu valor e interese científico e educativo, tamén pola beleza das súas paisaxes ou pola súa proxección cultural ou histórica, que requiren dunha especial atención e os fan merecedores dunha figura de protección que é a dos parques naturais.

Neste momento en Galicia temos declarado seis parques naturais: as Fragas do Eume, Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, na provincia da Coruña; O Invernadoiro e a serra da Enciña da Lastra e a Baixa Limia e a serra do Xurés, na provincia de Ourense; e o monte Aloia, en Pontevedra.

Con fin de facilitar unha xestión coordinada dos espazos que a conforman, así como contribuír ao seu recoñecemento e divulgación, creouse como un sistema integrado e unitario de todos os parques naturais a Rede de Parques Naturais de Galicia. Esta ten como obxectivos principais converter os parques naturais da nosa comunidade nun modelo de xestión compartida e coordinada, fomentar a cooperación e promover obxectivos comúns, potenciar os parques naturais como valor de desenvolvemento económico e dinamizar as economías locais da súa contorna, coñecer tamén os datos e cifras relativas á xestión das principais áreas de actuación na Rede de Parques Naturais, situar a marca Parques Naturais de Galicia como referente en España baixo unha identidade corporativa global, capitalizar o amplo e diverso patrimonio natural de Galicia a través da promoción dos parques naturais e potenciar as singularidades de cada parque natural para converter a Rede en icona da España verde e como espazos naturais de interese en Europa.

A Rede de Parques Naturais de Galicia fai fincapé na coordinación, entre eles, pero tamén con outras redes ou espazos protexidos, en especial co Parque Nacional das Illas Atlánticas, pero tamén na xestión e uso e na promoción e posta en valor dos mesmos.
A Lei do patrimonio natural e da biodiversidade establece o réxime xurídico básico da conservación, do uso sostible, da mellora e restauración do patrimonio natural e da súa biodiversidade. Establece que nos parques naturais se elaborarán os plans reitores do uso e xestión, correspondendo a súa aprobación ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, establece que os plans reitores prevalecerán sobre os plans urbanísticos. O Estatuto de autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva para ditar normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos que contempla a Constitución. A Lei de conservación da natureza de Galicia establece como instrumentos de planificación dos parques naturais os plans de ordenación dos recursos naturais (os PORN) e os plans reitores de uso e de xestión.

O concepto dos plans reitores establece que nestes documentos se desenvolvan as directrices emanadas nos plans de ordenación, establecendo as previsións de actuacións da Administración no ámbito de aplicación dos parques naturais.

De acordo con esta normativa, durante este ano 2017 xa se implementou a elaboración dos plans reitores, tanto dos parques naturais como do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas.

No que se refire ao Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Illas Atlánticas de Galicia, cómpre subliñar que, tras o inicio da tramitación, no ano 2011, houbo cambios substanciais que propiciaron unha revisión en profundidade do documento preliminar que se expuxo a información pública, e o mesmo recibiu durante o devandito proceso, no proceso de tramitación pública, un total de 25 achegas. Neste proceso, ao mesmo tempo, apróbase a

Lei de parques nacionais e, na posterior adaptación do Plan director de parques nacionais, sinálase que os plans reitores de uso e xestión se axustarán ao Plan director da Rede de Parques Nacionais.

Con estas novas regulamentacións, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural levou a cabo a revisión do documento de acordo coas novas prescricións.

Neste marco realizáronse traballos para mellorar a zonificación de acordo cos novos estudos realizados nos últimos anos e nestes momentos o documento de inicio do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional vai ser sometido a participación do público en xeral, de acordo co disposto na Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. A finalidade dese proceso participativo é que o documento poida enriquecerse polas suxestións e as observacións realizadas.

Respecto dos plans reitores de uso e xestión dos parques naturais, actualmente xa está en fase de actualización e revisión o borrador do Plan reitor das Fragas do Eume. No que atinxe aos documentos de uso e xestión do resto dos cinco parques naturais de Galicia, cómpre destacar que na actualidade se atopan en tramitación, xa que a Xunta licitou o contrato para o servizo de asesoramento técnico na elaboración da documentación destes plans, dando inicio aos traballos previos de medicións e comprobación sobre o terreo.
Polo anterior, é previsible que durante o segundo semestre do ano 2018 estean rematados os trámites que permiten aprobar os decretos dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia. Esta situación é unha mostra de que a Xunta está a traballar nun documento que garanta a conservación do patrimonio natural de Galicia ao tempo que o aproveitamento do mesmo e o desenvolvemento económico, social e cultural dos concellos no que se asentan e das súas contornas máis próximas.

Son proxectos nos que conflúen moitísimo actores, polo que é necesario dar resposta a todas as sensibilidades e necesidades. Isto farase durante o proceso de redacción dos borradores, polo que nese momento se iniciarán roldas informativas, charlas, xornadas e encontros para presentar o contido e achegar as propostas, así como recompilar as consideracións que presenten os axentes sociais e propietarios dos parques. As achegas formarán parte do documento que se tramite como decreto e que regulará os usos e xestión dos parques naturais.

O plan reitor de usos e xestión de cada parque será un instrumento que, na medida do posible, debe estar avalado polo maior dos consensos de todos os sectores implicados, pois do que se trata é de que sexa un plan respectado por todos os que participan dun modo ou outro do Parque Nacional e dos parques naturais.

Na súa comparecencia parlamentaria a petición propia para explicar os obxectivos da Consellería para esta lexislatura, a conselleira de Medio Ambiente anunciou a elaboración e aprobación dos plans reitores de uso e xestión de todos os parques, o que concorda co defendido tamén no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorreu ás eleccións autonómicas de 2016. Pero este grupo quere ampliar ese compromiso coa sociedade

galega ao resto dos grupos políticos, acadando un acordo político amplo para impulso desta actuación inmediata.

En relación, señorías, coas súas emendas, a nosa oferta para acadar un acordo político amplo e unha oferta en firme, e entendemos que algún dos puntos das súas emendas poden ser incorporados á súa iniciativa, polo cal ao remate desta exposición intentaremos achegar posturas e avanzar cara á transacción dunha iniciativa conxunta entre todos os grupos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: A verdade, señor Trenor, é que lle tocou a vostede defender aquí unha proposta atrevida, arriscada, porque esta iniciativa, desde o BNG, desde logo pensamos que pon en evidencia o fracaso, o atraso, a inoperancia, a ineficiencia, o incumprimento, a falta de compromiso e a escasa sensibilidade do Partido Popular en materia de espazos naturais protexidos. Se non, non se explica que a estas alturas, despois de tantos anos de aprobación da lei —dezaseis anos—, esteamos aínda falando de que non están aprobados estes plans; é dicir, que pon en evidencia a foto do incumprimento do fracaso e do atraso e, ademais, pon o foco nunha das áreas máis maltratadas polos gobernos do Partido Popular.
Primeiro, porque temos unha lexislación anticuada, lexislación do ano 2001 de conservación da natureza. Pasaron dezaseis anos e agora vostedes anuncian unha nova lei que xa ían traer no ano 2016 e aínda non chegou. E o Plan director da Rede Natura é do ano 2014, cando temos unha Directiva Hábitat, do ano 1992, que establecía un prazo de seis anos para a aprobación dos plans de xestión dos lugares de interese comunitario, e non se viu nada de nada.

Outro elemento que pon en evidencia o fracaso: o escaso desenvolvemento dos espazos naturais protexidos por Rede Natura 2000, que, aínda así, a propia Unión Europea recoñece que é un instrumento insuficiente para a protección da biodiversidade; pero é que temos menos do 12 % do territorio galego protexido con estas figuras. Estamos no último posto do Estado; a seguinte comunidade, Asturias, está cerca do 19 %; xa non digamos a Comunidade Valenciana, Madrid ou Canarias, que andan por riba ou arredor do 40 %. E, ademais, nesta materia vostedes incumpren sistematicamente as súas promesas, os seus compromisos, porque xa no ano 2012 anunciaron que ían aumentar os espazos protexidos ata a modesta cifra do 14 %; nada de nada.

Outro elemento que pon en evidencia este fracaso é a grave deterioración da paisaxe e do patrimonio. E non o dicimos nós, non o di o BNG, é que o di o Plan director de turismo da Xunta de Galicia, que recoñece como unha das principais ameazas para o turismo a grave deterioración da paisaxe e do patrimonio. Podería poñer miles de exemplos, basta dar unha volta polo país, pero o máis escandaloso talvez sexa esa plantación de eucaliptos nada máis e nada menos que no pedregal de Irimia, que debía ser un santuario da natureza, un auténtico símbolo, e resulta que está plantado tamén de eucaliptos. E por iso a Unión Europea lles

fixo unha advertencia sobre a deficiente xestión dos espazos protexidos e sobre o atraso na aprobación dos plans de xestión.

Efectivamente, plans reitores de uso e xestión dos que só temos dous parques naturais, monte Aloia e Baixa Limia-Xurés, con plans obsoletos e pendentes de actualización. O caso das Cíes, do Parque das Illas Atlánticas, é —xa o dixo vostede tamén— un escándalo: catorce anos de tramitación do plan reitor, levamos 28 borradores e non acaban de aprobalo, e a crise do 20 de agosto puxo en evidencia, precisamente, todo o que non se fixo a respecto dunha boa xestión deste espazo natural, cos impactos negativos que iso está tendo no ecosistema e tamén na imaxe deste espazo cando se está aspirando a unha declaración de patrimonio da humanidade.

A crise dos lumes de outubro tamén puxo en evidencia a afección aos espazos naturais e a ausencia de medidas de prevención, pero, claro, como a conselleira estivo ausente... —e non sei se case mellor que estea ausente, porque coas súas teorías sobre a propagación do lume nas carballeiras ou nos eucaliptais pois mellor case que estea ausente—.

En definitiva, que vostedes acaban de presentar aquí o informe, a constatación dun fracaso, un balance dun fracaso, polo incumprimento dos prazos de aprobación dos plans reitores, porque non se aprobou ningún parque natural desde o ano 2002, porque estamos no furgón de cola, estamos no último posto do Estado en materia de espazos protexidos e biodiversidade, pola desatención ante as agresións. Por exemplo, a Sociedade Galega de Historia Natural denunciou agresións en 35 espazos con impactos negativos, que investiga a Unión Europea. E estes incumprimentos, esta ineficiencia e esta incompetencia vostedes substitúena con anuncios de cara á galería e con propaganda, porque non se pode chamar doutra maneira, por exemplo, as reservas da biosfera ou esa Rede de Espazos Naturais que na práctica é unha web, é unha páxina web e pouco máis.

Por iso nós presentamos unha serie de emendas para que se estableza un prazo para non só a elaboración, senón a aprobación dos plans reitores, para someter os citados plans a un amplo proceso de participación no que interveñan todos os sectores e institucións relacionados, para iniciar os trámites para a ampliación do territorio protexido por Rede Natura, ata chegar como mínimo ao 20 % do territorio no ano 2020, e tamén para iniciar os trámites para a declaración como parques naturais tanto do monte Pindo como dos Ancares e o Courel e Pena Trevinca, e tamén un punto que fai referencia á reprobación da Xunta de Galiza polo seu incumprimento na aprobación de todas estas medidas de protección e de xestión dos parques naturais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Este é un tema que suscita, de verdade, moitísimo interese, polo que se ve na Cámara. É verdade que temos un parque nacional, temos seis parques naturais, está ben de vez en cando saber como se chaman, sobre todo porque a gran maioría dos galegos descoñecen a súa existencia.

O parque nacional está formado por illas e os parques naturais son as Fragas do Eume, o complexo dunar de Corrubedo-lagoas de Carregal e Vixán, o monte Aloia, a Baixa Limia, a serra do Xurés, O Invernadoiro e a serra da Enciña da Lastra.

O parque natural acordárase nunha lei do ano 2002, que ía ter como obriga un plan reitor; 2002, pasaron máis de quince anos, seguimos esperando por este plan. Había un conselleiro do Medio Rural, no ano 2011, que en xullo saía nos medios de comunicación dicindo que xa estaba listo, que antes de rematar aquel ano 2011 xa se ía aprobar, só quedaban un par informes, un deles o informe do padroado do propio parque nacional, e xa estaría listo antes de rematar o ano 2011. Pois estamos —aínda queda para rematar— no ano 2017, seguimos igual. O valor terrestre e o valor mariño, sobre todo, do parque nacional seguen a esperar por esa pretendida eficacia e eficiencia da que vostedes nos falan cada vez que saen aquí.

E os parques naturais o único que tiveron por parte da Consellería do Partido Popular, da conselleira que non está, a señora Beatriz Mato, foi máis ou menos un ano, dentro da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, dous servizos: un para os parques naturais da zona norte e outro para os parques naturais da zona sur, que aínda seguimos sen saber nin para que se crearon nin para que serven, nin para que serviron.
Fundamentalmente, cando un ve o que ocorreu no parque do Xurés, parque natural, vese que esta coordinación, que ía ser tremenda a través desa zona sur de Galicia, non debeu de funcionar excesivamente ben cando ardeu o parque do Xurés, porque non ardeu só o día 15 de outubro, levaba ardendo dende o mes de setembro, e, polo tanto, vese que a coordinación non existiu; non sei quen sería o coordinador, pero, ademais de cesar o director xeral do Medio Rural, estaría ben tamén cesar este coordinador da zona sur de coordinación dos parques naturais, porque vese que non se enteraba de que estaba ardendo o parque do Xurés.

Hoxe veñen vostedes con esta proposición non de lei. Parece que descubriron a pólvora. Non está mal, está ben, pero é absolutamente insuficiente. Na pasada lexislatura levamos varias iniciativas dende o Grupo Parlamentario Socialista para que aprobaran vostedes os plans de xestión —por certo, sempre votaban en contra—, e non estaría de máis que, antes da vaga de lumes que asolaron as zonas protexidas, non só o parque natural do Xurés, tamén Os Ancares —máis do 23 % do terreo que ardeu foi en zonas protexidas; non é unha tontería, non é unha cuestión baladí—, tivésemos xa estes plans reitores, polo menos para que se activasen e que se minimizase a vaga de lumes sobre as zonas protexidas se fose posible.

Nunha das súas comparecencias, a conselleira de Medio Ambiente apostaba pola conservación dos parques naturais e do parque nacional compatible co seu desfrute turístico, apostaba pola idea de potenciar que fosen un destino turístico. Para nós é inaceptable. Non sei se iso de compatibilizar o desfrute turístico significa que pase o que pasou nas illas Cíes este verán. Dende o Grupo Parlamentario Socialista non cremos que o importante sexa que sexan destinos turísticos, senón que se desenvolvan, que se aproveiten como elementos de desenvol-

vemento económico para os lugares onde están, e sobre todo para aqueles que están habitados, para o desenvolvemento económico dos seus habitantes, e non estaría de máis tamén prever certas compensacións en favor pola perda de dereitos que teñen como consecuencia da xestión de Rede Natura.

E entendemos tamén que, como case ninguén en Galicia sabe, si que é o parque nacional, poucos ao mellor incluirían a illa de Cortegada dentro do parque nacional, porque pouca xente sabe, poucos rapaces e rapazas, salvo os da zona, saben onde está, eu diría que dificilmente saberían onde están os catro arquipélagos, pois está ben saber como se chaman, e está ben saber que existen. Sería para nós imprescindible que fosen un epicentro dun plan de educación ambiental de carácter escolar.

Por iso lles propoñemos unha emenda de substitución. Cremos que esta iniciativa non está mal, que chega moi tarde e, ademais, é insuficiente. Pedímoslles que neste ano abran vostedes unha fase de audiencia suficiente para garantir o principio de transparencia, que compareza a conselleira de cara á súa explicación destes plans reitores —despois de esperar quince anos, dános igual esperar seis meses máis ou seis meses menos— e que, ademais, para todos eles, desboten vostedes que sexan destinos turísticos. Aprovéitenos como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde están, habiliten tamén que sexan aprendidos polos rapaces e rapazas escolares de Galicia, e especificamente para o Plan nacional que haxa un plan de financiamento na súa memoria, un plan de financiamento especial acorde co financiamento da Rede Natura 2000, para a conservación dos seus hábitats...
O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato xa, presidente— e tamén para a posible compensación aos propietarios que viven nas zonas que están afectadas pola Rede Natura, e neste caso polo Plan nacional, como compensación pola perda dos dereitos dos seus habitantes, que sabemos que xera problemas nas zonas onde están.

Pola nosa banda, nada máis. Agardamos que a acepten.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Nós presentamos unha serie de emendas a esta PNL que trae hoxe o Partido Popular. Non nos parece serio traer unha PNL dun anuncio que xa fixo o Goberno da Xunta. Pasamos das PNL de mentiras, PNL que non teñen contido, que non teñen compromiso orzamentario, que non teñen compromiso temporal, declaracións de intencións xenéricas que non van ao con-

creto, a traer PNL nas que fan de voceiros do Goberno, porque isto, como vostedes ben din, xa o anunciou o propio Goberno e, polo tanto, o que ten que facer o Goberno é facelo. Non entendemos por que a traen aquí, unicamente que vostedes non confíen na palabra do Goberno do Partido Popular, e por iso traen esta PNL, para ver se entre todos os grupos facemos presión para que cumpra a súa palabra. Tamén sería algo que entraría dentro da lóxica se o fixeramos desde a oposición, pero non ten ningún sentido que o traia o Partido Popular.

É moi chamativo tamén que vostedes, na súa exposición de motivos, fan unha festa, celebran que a conselleira anunciou a elaboración e a probación dos plans reitores de uso e xestión de todos os parques, o que concorda co definido no programa electoral co que o Partido Popular se presenta ás eleccións autonómicas. Entendemos que a vostedes lles sorprenda que o Goberno do Partido Popular cumpra co seu programa, pero é bastante curioso que o poñan na PNL; é algo que habitualmente non ocorre e entendo que por iso o queren destacar.

Pero é que, ademais do que xa anunciou o Goberno, ademais de que o levan vostedes no programa, a lexislación obriga a que fagan estes plans reitores. Polo tanto, tampouco entendemos como vostedes se atreven a traer aquí esta PNL, cando é a obriga do Goberno facer estes plans reitores.

A Lei 9/2001, de conservación da natureza, e a Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade, conteñen os plans de ordenación dos recursos naturais —os PORN— e os plans reitores de uso e xestión —os PRUX —. Pola lexislación, para cumprir a lei, o Goberno ten que elaborar estes plans, e non o temos que decidir nós aquí. E a Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, que entra en vigor o 5 de decembro de 2014, na disposición transitoria segunda, aproba o Plan reitor de uso e xestión dos parques nacionais declarados, o cal obriga a Administración competente a aprobar nun prazo de tres anos os plans reitores. Quédalles un mes para cumprir a lei co parque das Illas Atlánticas. O que ten que facer o Goberno da Xunta de Galicia é cumprir a lei.

Xa en 2009 o DOG anuncia a aprobación do Plan reitor do monte Aloia. O 4 de febreiro de 2015 no DOG acórdase ampliar o prazo de participación pública do Plan reitor das Fragas do Eume. O 26 de xullo de 2011 acorda someter á participación do público o parque das Illas Atlánticas. E, como vostede xa dixo, en 2016 créase a Rede de Parques Naturais de Galicia, que ten como obxectivo coordinar e regular os usos e a xestión dos propios parques.

Por iso non nos parece nada serio que vostedes traian aquí esta PNL. O que ten que facer o Goberno é executar os plans de uso, os plans reitores que xa teñen en proxecto público e someter ao público os que non teñen e darlles para adiante e facelos. Non ten ningún sentido.

Para que teña sentido este debate, para que esta Cámara poida servir para algo, os grupos da oposición traemos unha serie de emendas, que agardamos que poidan aceptar algunha para que saquemos algo máis en limpo.

Nós presentamos varias. Unha delas, ampliar a rede de parques naturais. Como xa dixo algún voceiro do BNG que me antecedeu, Galicia está á cola en canto a espazos naturais protexidos. Supoño que todos e todas entendemos que non hai motivo para que Galicia estea tan por

debaixo da media do Estado, pois entendemos que temos espazos cun valor natural altísimo e que deberiamos ter moito máis espazo protexido, á parte tamén da importancia social e económica que ten o noso medio.

Polo tanto, presentamos unha emenda nesa dirección, que esperemos que sexa aceptada. Facemos a proposta de Ancares- Courel, monte Pindo, canóns do Sil, Bibei, ampliación do Invernadoiro —no que as zonas de maior valor non están dentro do parque— e Pena Trevinca. Supoñemos que non teñen motivos para opoñerse a que estes espazos entren dentro da Rede de Parques Naturais.

Introducimos outra emenda para eliminar as especies exóticas. Na maioría dos parques hai moitísimas especies exóticas. Hoxe cando menos fixeron xa un recoñecemento de que o eucalipto e o piñeiro conteñen algúns problemas con respecto ao lume, tamén teñen afeccións con respecto ao consumo de recursos hídricos, á seca e á destrución de biodiversidade, e, polo tanto, hai que eliminalos.

E remato, que xa se me esgotou o tempo.

Ampliar progresivamente o persoal que se adica á conservación, que levan recortado o persoal durante todos estes anos, e para ir do discurso á realidade fan falta recursos, e sobre todo recursos humanos; sen recursos non hai conservación posible. Que os labores de mantemento que están a facer se axusten ás competencias de cada axente, porque, con esta perda de persoal, están facendo cousas que non lle corresponden.
Prohibir e regular actividades cando exista risco coa fauna e coa flora. Non se pode permitir que se sigan facendo carreiras en Ons, pasando por zonas onde habitan especies protexidas en épocas de cría.

Ou non se pode volver repetir a vergoña do Goberno da Xunta de Galicia celebrando o Día do Medio Ambiente no parque natural de Corrubedo. Foi unha vergoña que o Goberno da Xunta de Galicia celebra o Día do Medio Ambiente agredindo un espazo natural, que non tivo ningunha consecuencia, que debería tela tido, e iso desde logo non se pode reverter.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: E, por último, a última emenda vai no sentido de facer plans específicos para a loita contra o lume nestes espazos. Comentou a voceira do Partido Socialista o que pasou no parque do Xurés, non foi o único, e, polo tanto, entendemos que iso debe de corrixirse.

Recollan as nosas emendas e presionen os seus compañeiros do Goberno para que cumpran a lei.

Máis nada pola nosa parte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Así como brincadeira, hoxe é un gran día, xa que eu penso que é a primeira vez que coincido co señor Cal.

O Partido Popular é verdade que leva propostas e soen ser acordes coa legalidade; é máis, fan que cumpramos a lei, e sempre, non só con aquelas que caprichosamente nos parecen que son xustas. Quero dicir: nós entendemos que hai que acatar a lei, hai que facela cumprir e tamén dende a acción do Goberno.

Señor Bará, en canto ao primeiro punto da súa emenda, «acometer no prazo máximo de doce meses a elaboración e aprobación dos plans reitores», nós poderiamos incorporar ese punto na proposta de transacción. «Someter os citados plans a un amplo proceso de participación de acordo cos concellos, asociacións ecoloxistas e comunidades locais de cada ámbito territorial», tamén poderiamos incorporar iso á iniciativa, xa que no procedemento de elaboración, tramitación e aprobación dos futuros plans reitores contémplanse varios procesos participativos nos que os interesados e o público en xeral poden realizar as pertinentes observacións, suxestións e alegacións.

En canto a «iniciar os trámites para a ampliación do territorio protexido pola Rede Natura ata chegar como mínimo ao 20 % en 2020», nós estamos de acordo en ampliar o territorio protexido. O que pasa é que nós o que non pensamos é que a ampliación da Rede Natura se faga en función dunha porcentaxe obxectivo que nós poñamos, senón en función de valores naturais do territorio e da presenza dos hábitats e especies, que, ademais, veñen claramente determinados no anexo 1 da Directiva europea que regula a Rede Natura 2000.

En todo caso, facer comparacións con territorios diametralmente diferentes ao noso pois tampouco é moi lóxico. É dicir, comparar o noso territorio co que poida ter Valencia, cando a distribución da poboación e os hábitats e os ecosistemas non teñen absolutamente nada que ver, pois tamén configura que os espazos protexidos sexan diferentes en diferentes modalidades. Por iso nós non compartiriamos nese caso ese punto.

¿«Iniciar os trámites para a declaración de diversos parques naturais»? Vostedes propoñen uns, En Marea tamén nos fai outra proposta —coincide nunha parte, noutra parte non coincide—; nós entendemos que, primeiro, deberiamos de poñernos de acordo entre nós para saber que outros parques se poderían iniciar. E logo entendo que isto, ademais, merece unha reflexión máis profunda e que nos leve un pouco máis do tempo que temos para falar diso.

Sobre o punto 2, relativo a reprobar o Goberno, vai entender que non o introduzamos e que non o apoiemos.

En canto ás emendas do Partido Socialista, nós buscamos unha compatibilidade amable co uso público, e o noso principal obxectivo é conseguir o desenvolvemento do turismo sostible, o que se chama «turismo sensato». E a promoción dos espazos naturais ocorre nese senso. Nunca se promocionaron os parques naturais como grandes destinos turísticos, senón como

espazos singulares que poden ser visitados sen prexudicar o xusto equilibrio entre o desenvolvemento e a conservación.

No que respecta ao Plan de educación ambiental, podemos incorporar a súa iniciativa. Cómpre lembrar —e xa llo recordei na iniciativa que vostede levou á comisión— que xa a Consellería desenvolve dende hai tempo varias liñas de actuación que engloban un Plan de educación ambiental, tendo como motor esencial a súa rede de parques e como inspiración a Estratexia galega de educación ambiental.

En relación co plan de financiamento, nos plans reitores xa se teñen en conta as necesidades de financiamento conforme as figuras de protección, e tamén as posibles compensacións están xa. Hai unha orde de axudas do organismo autónomo Parques Nacionais destinada precisamente para os concesionarios e propietarios do Parque nacional marítimo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: En relación —xa para rematar— coas emendas de En Marea, «elaborar novos plans específicos para a loita contra o lume nos espazos protexidos», se vostedes están de acordo, nós poderiamos incorporalo á iniciativa inicial. Os plans reitores, que están en elaboración, van recoller plans específicos para coordinar as actuacións no caso de lumes. En todo caso, podiamos acordar que quedase reflectido expresamente.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Xa nos fai chegar se hai unha transacción. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai emendas dos grupos parlamentarios Socialista, de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001103, documento número 13018).

Emenda de adición.

Débense engadir na parte resolutiva da proposición non de lei os seguintes parágrafos:

«Contar durante a tramitación do proxecto de lei coa colaboración, consulta e participación da Fegamp así como cos colexios profesionais implicados no proceso de elaboración da mesma.

Incluír como contidos mínimos da lei:

- A obrigatoriedade de implantación en todos os concellos dos Informes de - - Avaliación de Edificios (IAEs) como medida de coñecemento directo e realista do estado físico das edificacións máis antigas.

- Intervención directa da Administración nos casos de inacción na mellora de accesibilidade en edificacións plurifamiliares.

- Flexibilización na interpretación dos condicionantes dimensionais e funcionais mínimos das vivendas no caso de edificacións con algún grao de protección ou pertencente a áreas de protección declaradas.

- Fomentar a simplificación na tramitación, prescindindo no posible de informes autonómicos, dotando aos concellos de maior autonomía na tramitación das licenzas.

- Poñer en marcha medidas de intervención directa da Administración ante o abandono e inadecuado mantemento das edificacións incluídas en ámbitos de protección.

- Impulsar a creación de catálogos de protección nos concellos que aínda non contan con el, e buscar ferramentas de homoxeneización dos existentes así como dos futuros.

- Acompañar a lei dunha partida orzamentaria destinada ao incremento de máis medios e persoal para os concellos que, afectados pola aplicación da lei, asuman máis competencias e polo tanto máis carga de traballo nos seus departamentos.»)

(O G. P. de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei, doc. núm. 13018 (10/PNP 001103).

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar, para a súa remisión á Cámara no ano 2018, un proxecto de lei en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas dirixido á recuperación e posta en valor dos núcleos rurais e urbanos, en especial os de valor histórico, patrimonial, paisaxístico ou ambiental, así como ao fomento e promoción desde a Xunta de Galicia dos instrumentos de cooperación administrativa e de apoio financeiro aos concellos para a súa execución, en especial no referido ás actuacións en materia de vivenda e de espazos públicos».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 13018 [10/PNP-001103].

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Aprobar un proxecto de lei en materia de rehabilitación de vivenda e renovación urbana para a súa remisión á cámara no primeiro trimestre de 2018.

2. Desenvolver un amplo proceso de participación e consulta con todas as institucións e sectores relacionados con ese ámbito.

3. Revisar o Plan galego de vivenda 2015-2020 e incrementar os investimentos en rehabilitación cando menos no 20%.

4. Mellorar notabelmente os niveis de execución orzamentaria en materia de vivenda.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Galicia conta con numerosos núcleos rurais e zonas urbanas cun gran valor histórico ou patrimonial que se atopan deshabitadas ou deterioradas. Co obxectivo de dignificar a paisaxe construída e poñer en valor a arquitectura tradicional e tamén co fin de xerar actividade económica e desenvolvemento, o Goberno galego quere promover a recuperación destes ámbitos deteriorados para que funcionen como centros de actividade económica, social ou cultural.

O pasado mes de maio o presidente da Xunta e o día 2 deste mes a conselleira de Infraestruturas e Vivenda na Comisión 3ª, durante a exposición dos orzamentos da Consellería, anunciaban que estaban a traballar na primeira Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, unha ferramenta legal que facilitará e potenciará a recuperación do construído e que faga posible que Galicia continúe mantendo a súa propia identidade.

Indicaban como obxectivo primordial mellorar a condición de vida dos residentes, recuperar ámbitos urbanos e rurais da nosa comunidade que se atopan en estado de deterioración e fomentar a cultura da rehabilitación. Pois dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que esta lei debe de incidir, entre outras cousas, no fomento da cultura da rehabilitación; é dicir, que un propietario ou propietaria dunha edificación —e o resto da cidadanía— sintan a necesidade e valoren a rendibilidade de recuperar o xa construído. Para iso é imprescindible reducir barreiras que dificultan na actualidade actuacións en materia de rehabilitación e rexeneración urbana: barreiras lexislativas, administrativas e de xestión, de adquisición de inmobles, de habitabilidade, sociais, demográficas e, por suposto financeiras.

Barreiras lexislativas. ¡Home!, non existe neste momento na Comunidade Autónoma ningún marco legal específico sobre rehabilitación. A lexislación habitual é dispersa e pouco incentivadora da rehabilitación; precísase dun marco legal claro que sirva de guía e referencia.

Normas administrativas e de xestión. A obtención de licenzas neste momento —licenzas, permisos ou autorizacións— para rehabilitar unha edificación, especialmente se está nun

núcleo ou nun casco histórico, é unha auténtica odisea. Sinceramente, desaniman a particulares e a empresas a embarcarse en procesos de rehabilitación. Iso é a realidade. Ao mellor fálolles porque son de Lugo e unha licenza alí o normal é que tarde como mínimo un ano. Pero é que é un caso que se está dando desgraciadamente noutras cidades e noutros sitios. Polo tanto, temos que intentar conseguir unha lei que dea a volta a esta situación.

É máis, é moi frecuente atopar xente —eu fálolles desde a miña experiencia como lucense— ou persoas que acaban de rehabilitar unha edificación no casco histórico e que cando terminan ven un edificio ben rematadiño, felicítalos e tal e din: «si, pero se é hoxe, non empezo». Iso é unha realidade, e iso é unha obrigación nosa como deputados cando se presente aquí a nova Lei de rehabilitación, esa Lei de rehabilitación e rexeneración urbana, intentar entre todos e todas facer a mellor lei posible para que isto nunca máis volva ocorrer. Que a xente diga: «si, é un pracer, e se volvera, volvería empezar». Temos que cambiar e darlle a volta a esa tendencia, e esa é unha realidade que necesitamos, porque nestes momentos moitas veces tárdase máis tempo en conseguir os permisos e licenzas necesarias que en facer as obras, e iso non pode ser. E non estou botando a culpa a ninguén, é o sistema que temos neste momento e que vén desde hai anos. É precisa unha lei que regularice esta situación e que aclare os pasos e que marque as pautas adecuadas.

Temas de habitabilidade, barreiras de habitabilidade. É frecuente en cascos históricos que haxa edificacións de reducido tamaño ou con distintos graos de nivel de protección que non cumpren as normas de habitabilidade. Entón, é necesario buscar —aínda que hai normas flexibles de habitabilidade e se está intentando buscar puntos de encontro— un equilibrio entre o nivel de protección e a habitabilidade para poder levar a cabo esas rehabilitacións.

De tipo social. É unha realidade que hai moitos cascos históricos ou núcleos que están neste momento, á parte de deteriorados desde o punto de vista arquitectónico, tamén desde o punto de vista social; é dicir, son barrios marxinais onde non hai practicamente habitantes ou están semideshabitados e, polo tanto, precisan unha intervención eu diría que transversal desde o punto de vista social, económico e urbanístico e cuns modelos de xestión adecuados para recuperar non só as edificacións senón recuperar o barrio e a vida dese barrio ou desa zona.

¿Medidas financeiras? Por suposto, porque todo isto require medidas financeiras importantes.

E a rehabilitación non é nada novo nin vou dicir nada novo, que é unha situación na que rehabilitar unha edificación sae en moitos casos o dobre de caro que facer unha casa nova, non xa o mesmo, senón o dobre ou incluso máis. E se falamos de cascos históricos onde as rúas son estreitas, hai difícil acceso e non hai sitio para acopios e complicacións por todos os lados; se a maiores hai que facer escavacións arqueolóxicas —caso de Lugo, volvo dicilo outra vez, pero hai escavacións arqueolóxicas na Coruña e noutros núcleos igual—, é dicir, estamos a falar dun proceso custosísimo non só no tempo —que se alonga anos e anos— senón economicamente para os propietarios destas edificacións. Polo tanto, é moi difícil levar a cabo estas rehabilitacións, abúrrense antes de empezar, e temos a obrigación, como deputados e responsables de lexislar, de sacar unha norma que facilite —respectando, por suposto, o patrimonio— estas intervencións.

Por iso tamén neste caso é preciso e é imprescindible o apoio económico das administracións, tendo en conta todas estas situacións. Refírome á situación de cascos históricos, se hai que facer escavacións, etc., etc., porque todos estes gastos na actualidade corren a cargo dos entes ou persoas que fan as rehabilitacións. E se eses restos arqueolóxicos son públicos, creo que se debería de participar e colaborar dalgunha maneira, buscar vías de apoio para esas escavacións.

Debemos de ter presente que a aposta pola rehabilitación é un feito claro e é unha aposta coa que sempre a Administración ganará cada vez que aposte por ela —e non me gustan as apostas, quero que quede claro—, pero temos que ter en conta que por cada millón de euros que unha administración poña en axudas cara a particulares para rehabilitación isto xera normalmente cara aos particulares unha inversión que se multiplica como mínimo por tres. É dicir, estariamos falando, con 1 millón, cun investimento mínimo duns 3 millóns de euros, de que estariamos xerando ao redor de 200 postos de traballo; estariamos xerando unha repercusión outra vez un retorno para as distintas administracións —concellos, Administración do Estado e tamén a autonómica— pois practicamente de ao redor do mesmo millón de euros que está aportando. Porque non nos olvidemos de que hai licenzas, Seguridade Social, hai IVE, IBI, etc., etc., e incluso a renda dos traballadores que van ter un soldo se traballan aí. Polo tanto, creo que é un diñeiro que sería moi ben investido, que merece a pena, e aí debemos de traballar unidos.
Por suposto que a pretensión desta iniciativa é que todos os grupos fixeran aportacións. Falarei despois das distintas emendas. Pero si quero, antes de que se me remate o tempo, agradecer o entendemento do espírito desta iniciativa por parte de dona María Luisa Pierres, do Grupo Parlamentario Socialista, que fai aportacións importantes, que estou convencido de que moitas delas xa están previstas e contempladas no borrador da lei que ten o Goberno, pero non por iso son menos importantes; é dicir, desde logo invitala a que siga nesa liña de participar e aportar cuestións para solucionar os problemas e dar solucións realmente á rehabilitación no noso país.

Moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Ben, señor Castiñeira, eu sigo sen saír do meu asombro, porque resulta que nos traen aquí unha proposta para que apoiemos a aprobación e elaboración dunha lei que xa hai máis dun ano que anunciaron que ían facer. É un pouco raro isto, ¿non?

Porque, claro, a verdade é que un goberno e unha consellería especialista en facer anuncios e tamén despois en incumprilos.

Mire, anuncio do señor Feijóo no discurso de investidura —xa hai máis dun ano, ¡eh!—: «Nesta lexislatura aprobaremos a Estratexia galega de rehabilitación». Por certo, se se lles esqueceu, recordámosllelo: non estaría mal ter unha estratexia galega de rehabilitación. Tamén anunciou a Lei de rehabilitación e mellora de cascos históricos, porque esta lei vaise

chamando, vai cambiando de nome, ás veces é Lei de cascos históricos, outras veces é Lei de rehabilitación. E tamén un plan de rehabilitación e posta en valor dos elementos patrimoniais máis destacados da ruta xacobea; tamén estamos agardando a que nos presenten este plan.

Segundo. A conselleira, nas súas distintas comparecencias parlamentarias, anunciou a Lei de rehabilitación de cascos históricos e tamén falou de que estaban traballando coordinadamente entre as consellerías de Ordenación do Territorio e Vivenda e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Educación e Cultura. Menos mal que están traballando coordinadamente, porque realmente vostede falou de que había moitos atrasos na tramitación das licenzas, sobre todo nos cascos históricos, e sabe cal é a razón principal deste atraso. Porque, claro, se o casco histórico ten un plan especial, un Peprica por exemplo, pois normalmente a tramitación das licenzas está regrada e está clara; o problema é cando non se dá este caso; e aí sabe cal é a causa disto que vostede chamou odisea, de que haxa un monumental atasco: os informes de Patrimonio, os informes de Patrimonio, que non dan feito, porque todo pasa por Patrimonio e teñen pouco persoal e eternízanse nos informes. Mire, hai un colapso, un absoluto colapso, unha parálise que ten que ver coas atribucións da Dirección Xeral de Patrimonio.

En terceiro lugar, o señor Feijóo o 5 de maio di: «A metade do Goberno está traballando na lei». A ver se se aplican, porque se a metade do Goberno está traballando na lei, xa case podía estar feita.
O pasado mes de xullo: «A primeira Lei de rehabilitación chegará ao Parlamento en setembro». Despois de escoitalo a vostede, non sei se setembro de 2017, setembro de 2018; creo que vai ser máis ben setembro de 2018. Entón, claro, anuncian que vai chegar a lei ao Parlamento en setembro e en novembro pídennos que... ¿Que pasa? ¿Que non acaba de saír, que necesitan o apoio dos grupos parlamentarios? A ver, polo tanto, se se aclaran.

Entón, estamos ante un ritmo cansino, un ritmo lento, paralizante, na Consellería e no IGVS, e iso é evidente nas políticas de vivenda, sobre todo nas políticas de rehabilitación, das que presumen tanto. Están incumprindo o Plan de vivenda e hai un atraso en xeral en todo o que ten que ver coa tramitación e coas actuacións que teñen que ver coa rehabilitación, incluíndo a baixa execución orzamentaria. Porque, claro, no ano 2016, en fomento, rehabilitación e calidade de vivenda, deixaron sen executar, sen gastar, máis de 11 millóns de euros. Se teñen tal compromiso coa política de rehabilitación, ¿como é que non dan executado as partidas orzamentarias? Neste ano, a 30 de setembro, están nun nivel de execución do 22 %. Polo tanto, non se están aplicando moito nas políticas de vivenda.

Máis anuncios. Obxectivos de rehabilitación da lexislatura, Programa Rexurbe, 500 edificios, 1.500 vivendas, 300 locais; isto con actuacións directas de compra do Goberno a través do IGVS. Non vemos por ningún lado estas políticas.

O señor Feijóo na campaña electoral anunciounos a rehabilitación de 10.000 vivendas en cascos históricos do rural. Non vemos tampouco estas actuacións.

O Plan galego de vivenda 2015-2020. Mire, este plan, que ten un apartado de normativa, nin sequera contemplaba unha lexislación específica en materia de rehabilitación. Entón, non sei, merecería unha actualización, unha posta ao día este plan neste tema e noutras cues-

tións. Por exemplo, que haxa indicadores de avaliación, de seguimento e de cumprimento do que establece o plan, porque non cumpre absolutamente nada. E a ver se dan a luz ese Observatorio da Vivenda —do que lle contrataron a unha empresa privada a súa elaboración—, que debería servir para isto.

¿Sabe cal é o modelo das políticas de rehabilitación do Partido Popular? É o modelo Betanzos. Modelo Betanzos: mercan nove edificios no ano 2011 e no 2017, é dicir, seis anos despois, aproban, licitan as obras de tres deses edificios. A este ritmo, eses nove edificios acabarán de rehabilitarse no ano 2029, se seguen a este ritmo de seis anos para tres edificios.

Nós, desde o BNG, ofrecémoslles modestamente a nosa experiencia, contrastada e multipremiada. Podemos poñerlles o modelo Allariz, se queren, para pequenas vilas do interior, que non é só rehabilitación dos edificios, do patrimonio, dos centros históricos. O modelo Pontevedra, para as cidades, tamén nos vale; multipremiado, entre eles co Premio Galego da Cultura, por exemplo, Premio Nacional da Cultura —antes eran premios nacionais—.

Que, ademais, teñen unha visión integral. Non falan só de rehabilitación, falan de dinamización urbana, de rexeneración urbana, de recuperación do espazo público, de dinamización económica e social dos espazos urbanos e dos centros históricos. Pero, claro, iso faise con políticas que aposten polos valores e polo patrimonio que teñen as cidades, non por grandes macrocentros comerciais no extrarradio, que o que fan é debilitar e acabar co comercio local, ou con esas urbanizacións nas periferias urbanas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Mire, o exemplo máis claro do fracaso das políticas do Partido Popular é algo do que presumen moito: o Programa de vivendas baleiras; isto non ten que ver coa rehabilitación, pero non podo pasar sen dicilo. Vostedes anunciaron a bombo e platillo este plan, utilizárono como unha arma, como un ariete político contra os gobernos municipais, e resulta que é un absoluto fracaso; non son capaces de dar nin un só dato de balance de éxito deste programa.

Así que nós, desde logo, ofrecémoslles, a través das emendas, mellorar o texto deste acordo, non dicir o obvio: que o Goberno xa está facendo unha lei, senón realmente poñer algo que teña sentido e que sirva para mellorar e avanzar nas políticas de rehabilitación.

Agardamos que acepten as nosas emendas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Vaia por diante que este grupo parlamentario considera positiva e necesaria esta iniciativa sempre e cando se encamiñe axeitadamente e non como ferramenta de liberar uns servizos ou administracións para cargar a outros. E grazas polo piropo, se é que pode entenderse como un piropo, señor Castiñeira, pero para poder opinar en consecuencia sería interesante coñecer ese borrador máis que impulsar PNL baleiras de contido. *(Aplausos.)*

A este grupo parlamentario interésanos especialmente o que esta lei poida aportar de flexibilidade nas interpretacións normativas e de axilidade na tramitación das licenzas. Ambas as dúas cuestións veñen responder a demandas que este mesmo grupo ten manifestado nesta Cámara á propia conselleira.

A falta de flexibilidade na interpretación das normativas, dos plans de ordenación dos concellos, dos plans especiais en edificacións protexidas ou áreas de rehabilitación provocou o desinterese —vostede comentouno— de promotores e propietarios para afrontar proxectos de rehabilitación, o que é especialmente grave tendo en conta os anos de crise como os que vivimos. Polo tanto, estaremos vixilantes para que sexa unha lei que consiga a mellora desta circunstancia, así como a da axilización.

Os elevados tempos medios de tramitación teñen a súa causa fundamental na necesidade de informes varios, especialmente os de Patrimonio da Xunta, informes que van e veñen dunha institución a outra, dilatándose no tempo as comunicacións e respostas ou as demandas de máis documentación. Isto, como seguro comprenderán, non favorece nin a recuperación do sector da construción nin a conservación dos cascos históricos, nin a actividade emprendedora.

Dentro da emenda que hoxe lles presentamos incluímos efectivamente unha serie de cuestións básicas mínimas que consideramos que teñen que estar recollidas nesta lei e incidindo na simplificación e na tramitación. Solicitamos que se dote os concellos de maior autonomía na tramitación das licenzas, valorándose, segundo os casos, a capacidade destes para informar directamente esas licenzas sen a necesidade de informes previos de Patrimonio.

Como ferramentas de control necesarias entendemos tamén que é precisa a posta en marcha dos informes de avaliación de edificios en todos os concellos de Galicia para as edificacións máis antigas, para coñecer o estado de conservación das mesmas, e, por outro lado, impulsar os catálogos de protección nos concellos que aínda non contan con el, así como homoxeneizar os xa existentes.

Tamén é preciso tomar medidas para que a Administración poida apoiar aqueles cidadáns que, tendo a súa vivenda nunha edificación plurifamiliar, por inacción, falta de acordo da súa comunidade ou dificultades inherentes á protección da edificación, non poden asegurar a accesibilidade á súa vivenda. Cremos que, dado que esta circunstancia está a condenar moitos galegos e galegas con algún tipo de discapacidade, a vivir encerrados nas súas casas ou a ter que abandonalas, é preciso que a Administración active as ferramentas necesarias para resolver este tipo de penosa situación.

Esta cuestión é similar á necesaria flexibilización nos criterios funcionais e dimensionais mínimos das vivendas. É verdade que existe a excepcionalidade no cumprimento das vivendas a rehabilitar, que xa o marcaba o Decreto 29/2010, pero tamén é certo que é un proceso lento e pouco claro e que desincentiva a obrar ou investir a quen busca manter ou rehabilitar unha edificación.

Son moitos os galegos e galegas que demandan vivendas de hoxe, adaptadas ás comodidades de hoxe e cunha contemporaneidade que moitas veces, por non dicir case sempre, lles negan os planeamentos ou os plans de protección.

Entendan esta demanda. As cidades evolucionan e as necesidades mudan. Non neguemos unha arquitectura nova que encaixe e conviva coa preexistente, sen agredila; e incido neste verbo: sen agredir nin desvirtuar os valores das arquitecturas e conxuntos arquitectónicos que as rodean. Vexan os exemplos de arquitecturas premiadas nos últimos anos nas convocatorias dos premios COAG, de Juana de Vega ou de Gómez Román. Vivendas contemporáneas en cascos históricos como é a Casa Chao, en Corcubión, exemplo de convivencia perfecta entre o novo e o vello; a Casa Chipperfield, en Corrubedo; ou o xa antigo, pero non por antigo menos vixente, exemplo do Museo de Arte Sacra na Coruña, de Manuel Gallego Jorreto; arquitecturas que a día de hoxe non terían sido levadas a cabo segundo en que vilas, con que planeamentos ou con que plans especiais nos atopásemos.
Por iso, insisto en que se traballe por conseguir unha lei que aspire a ser ese equilibrio perfecto entre a posta en valor do patrimonio construído pero sen renunciar á contemporaneidade da arquitectura. Para todo ese labor, para articular axeitadamente esta lei, entendemos que é imprescindible contar coa participación dos colexios profesionais, dos sectores relacionados coa actividade rehabilitadora e, por suposto, coa Fegamp. Conten con todos e consigan así unha boa lei de rehabilitación e non unha lei que, por inútil, teña que ser prontamente rehabilitada.

E xa para rematar, considerando que serán os concellos os que previsiblemente verán máis incrementado o seu papel e funcións, comprométanse a apoialos economicamente e a dotalos dos medios e persoal preciso para poder asumir todas esas novas competencias.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Curiosa esta iniciativa —como xa dixeron antes— dun proxecto de lei que xa se vai presentar. Non sei, imaxino que aquí, aínda que se volvan tolos algunhas deputadas e deputados dos Partido Popular e voten en contra, nos van traer este proxecto de lei igual; polo tanto, é case ocioso. ¡A de veces que nos teñen rexeitado iniciativas a nós por dicir que xa o estaba facendo o Goberno da Xunta! —«Xa está feito o borrador», «só queda traelo»—. Polo tanto, podemos falar sen presión, que aquí imos ter que debater unha Lei de rehabilitación de Galicia si ou si, aprobemos ou non esta PNL, aprobémola como a aprobemos.

É un día de propósito de emenda. Calquera diría que hoxe é o día no que o Partido Popular vai cambiar 180 graos as principais liñas políticas do seu Goberno. Pola mañá, desas trinta medidas que anunciou o señor Feijóo, o 80 % —contadas— son incumprimentos sistemáticos dende o ano 1992 do Plan forestal de Galicia ou do ditame dos expertos do ano 2006. Propósito de emenda do señor Feijóo, que, segundo el, todo funciona ben, pero hai que implementar trinta medidas das cales vinte e catro non cumprían en absoluto dende o ano 1992; un plan forestal aprobado por vostedes. Pero ben, isto é así.

E agora veñen tamén co propósito de emenda na política de rehabilitación, porque a vontade do señor Castiñeira sempre é moi boa, pero non merece presentar unha PNL para traer aquí un proxecto de lei que xa o van traer si ou si. As intencións eran moi boas; os precedentes do seu Goberno, moi malos, moi malos. É dicir, durante todos estes anos non só houbo o nivel de execución —como dixo o señor Bará— ridículo, á cola de todos os programas de rehabilitación; é que non se lexislou para priorizar a rehabilitación, a rexeneración ou a renovación urbanas, todo o contrario. O modelo polo que vostedes apostaron é radicalmente diferente do que é apostar pola rehabilitación e a rexeneración.

Miren, nós apostabamos pola rehabilitación, rexeneración e renovación. O que diciamos no debate sobre a aprobación da Lei do solo de Galicia de 2016: «As facilidades para reclasificar e recualificar solo...». —Perdón, que acabo de perder a liña—. Diciamos da Lei do solo que as facilidades que se daban para reclasificar solo e para recualificalo ían en contra da conservación do patrimonio construído. É evidente. Se a Lei do solo está fundamentada na expansión, na recualificación, na ampliación do solo urbanizabe, na facilidade para reclasificar, non hai incentivos para conservar o que hai dentro das cidades xa construído. Entón, a Lei do solo era contraria, completamente, a priorizar a rehabilitación e rexeneración e a renovación urbanas.

Tamén dixemos no debate da Lei do solo que nesa lei non había un capítulo específico para a rehabilitación e a rexeneración urbanas; dixémolo alí. Dixemos que vostedes ían en contra da normativa europea, pero ían en contra tamén da normativa estatal dos gobernos do Partido Popular. Hai unha Lei estatal básica de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, de xuño de 2013. Máis de catro anos que hai esa lexislación básica e catro anos que tardaron vostedes en darse conta de que é necesaria unha Lei de rehabilitación, Lei de rehabilitación que para nós é incompleta; por iso presentamos unha emenda.

Non é só rehabilitación de vivenda, é rexeneración e renovación urbanas, porque, como vostede dixo na intervención —e enumerou unha serie de fracasos dos gobernos sucesivos do Partido Popular—, é unha cuestión moito máis complexa que rehabilitar arquitectonicamente un espazo. É unha cuestión que ten que ver co abandono do rural, coa perda de poboación, co envellecemento da poboación, coa falta de alternativas económicas. Porque é ao revés: non é a rehabilitación o que vai traer a actividade económica; é a actividade económica, a fixación da poboación, a que vai facilitar que se rehabilite, entre outras cousas.

Máis que simplificación —que si, toda a que sexa posible, ¿quen vai estar en contra da simplificación?—, o que houbo ata agora é un baleiro legal, baleiro legal que vostedes, despois de tantos anos, non teñen enchido; é dicir, non hai unha lei, non hai unha regulamentación na Lei do solo para a rehabilitación e a rexeneración e hai unha Lei do solo incoherente con este obxectivo. O mesmo que a Lei de rehabilitación do Estado modificaba determinadas

cousas da Lei do solo, agardemos que esta tamén poida modificar determinadas cuestións que van no sentido contrario tamén da Lei do solo.

En canto aos precedentes, dicirlle —nós facemos tamén fincapé na nosa emenda, quería falar dela— que isto non é só cuestión de competencias autonómicas; os concellos tamén teñen moitas competencias. E para nós a elaboración de leis, como está demostrado xa —está demostrado pola práctica dos gobernos do Partido Popular—, non é suficiente. Hai que ter a vontade e dotar de recursos necesarios para levalas a cabo.

E, polo tanto, a dotación orzamentaria para os concellos é fundamental para levar estas políticas; dotación orzamentaria na que vostedes teñen incumprido en graves carencias. Este ano mesmo, nos orzamentos deste ano, na partida de fomento de rehabilitación e de calidade de vivenda, os convenios e subvencións para concellos descenden, e isto non pode pasar aprobándose unha Lei de rehabilitación e rexeneración urbana.

O mesmo que non debería de pasar, e vostede dixo: multiplícase o retorno e multiplícase por dous o que se inviste en rehabilitación. Claro que si...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...pero é que vostedes, no Plan estatal de vivenda 2013-2016, nese convenio que aprobaron a finais de 2014 —¡mira que prioridade tiña a Xunta para a rehabilitación!—, non dedican un peso aos programas de rehabilitación, nin un peso. Miren a táboa do convenio que teñen co Estado e non dedican un peso. Se tanto retorno teñen, ¿por que non teñen investido estes anos en rehabilitación e en rexeneración?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señora Pierres, grazas. Grazas polas súas aportacións e eu entendo que, como deputados, esa é a maneira na que se debe de traballar. Outros prefiren criticar en lugar de aportar. Tiveron unha oportunidade estupenda de dicir o que queren, de demostrar o marabillosa que é Pontevedra, desgraciadamente para as pontevedresas e os pontevedreses, a cidade de Galicia que máis paro ten. Esa é a actividade económica que vostede xerou en Pontevedra. Pero vostede tivo unha oportunidade, señor Bará, con esta iniciativa e dixo: «¡isto non me gusta!»; aproveitando que Pontevedra non ten transporte urbano, colleu a primeira lancha que saía pola ría, pero a lancha non era a da Lei de rehabilitación, era outra.

Mire vostede, vostede na emenda que fai equivocouse, o que fai son emendas aos orzamentos do ano 2018 e outra ao nivel de execución. ¿Que ten que ver a futura Lei de rehabilitación co nivel de execución ou cun plan de vivenda, co incremento do orzamento para o plan de vivenda? ¡Home! Neste momento, ademais, será mellor empezar a traballar de cara ao futuro, porque

non sei se sabe que o Estado está preparando o Plan de vivenda 2018-2021. É dicir, supoño que será mellor ir pensando no futuro que non nun plan que xa quedará dentro de pouco pasado.

Pero, con todo iso, hai o primeiro apartado e o segundo, no que podemos —e ofrézolles a posibilidade— transaccionar, porque ao mellor se pode facer algo, sempre tendendo a man para facer esa lei, cando chegue, a mellor posible. E isto era unha oportunidade de aportar ideas todos os grupos. O Partido Socialista, a través da señora Pierres, aproveitouno; outros preferiron o contrario.

Señor Sánchez, é que mire vostede: ¡que me diga...! Claro, é outro. Vostede veu aquí e non lle gustou a actuación do señor Villares pola mañá e veuno corrixir tamén, igual que a señora Rumbo. Pois vostede fixo o mesmo, colleu o mesmo rumbo e plun; vou por aí, non me gusta. Pois dígallo ao señor Villares cando veña. Como dixen, perdeu a oportunidade de facer propostas.

Vostede di: a Lei do solo, expansiva. Vostede é que non se enterou do que di a Lei do solo. A Lei do solo o que permite é, precisamente, para recuperar todo tipo de construcións, estean ou non incluso na zona rural, cambios de uso para poder recuperalas; e iso non sei se o sabe que o di a Lei do solo. Polo tanto, creo que... *(Murmurios.)* ¡Home!, non mo discuta porque é así, está aí, non hai máis que lela, disposición transitoria terceira e artigo 40; estúdea e xa verá como vai por aí. Polo tanto, non estamos de acordo nin moitísimo menos.

Os concellos, efectivamente, teñen moito que dicir, por suposto que teñen que dicir, e mire para o da Coruña, o que se estaba a facer e o que deixou de facer; miren, porque a Xunta é a mesma. Pero hai administracións que si dan licenzas pronto, administracións municipais, Cultura ao mellor tarda un mes, ás veces se alonga, tamén é certo, e haberá que darlle un tirón de orellas cando fai falta, pero hai casos —e eu pódollo demostrar con feitos— onde Cultura fai un informe nun mes e o Concello —o de Lugo— tarda un ano en dar a licenza oportuna para rehabilitación na Tinería, de edificacións na Tinería, no casco histórico de Lugo. Iso está aí, por exemplo. *(Murmurios.)* Non, non, pero é así.

E, ¡home!, nos orzamentos da Xunta para o ano que vén hai un incremento do 13 % sobre os de 2017 e dun 35 % sobre os presupostos de 2016. Esa é a realidade: 33 millóns de euros para rehabilitación, 10 millóns a maiores no convenio para os concellos de menos de 50.000 habitantes. Si, señor Sánchez, 10 millóns a maiores de euros, para préstamos a xuro cero.

Claro, hai outro convenio que é o de vivendas baleiras, onde precisamente os concellos de En Marea non se meten no tema de vivendas baleiras, non teñen a posibilidade da rehabilitación... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Non, non é así. Poden ter o que queiran.

O señor PRESIDENTE: Non, non dialoguen.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Non é así.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Con independencia diso, aínda que vén dicir moi parecido á nosa iniciativa, que non lles gusta pero despois ao final a súa aportación vén sendo moi similar ao que pon a propia iniciativa, como digo, seguimos abertos a unha transacción para buscar loxicamente a asunción.

Para nosoutros o máis importante é sacar unha Lei de rehabilitación boa para toda Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Hai unha transacción pendente, xa nola fará chegar.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 15853).
Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa, onde di: «...crear un organismo que conte...», debe dicir: «...crear un grupo de traballo ou comisión de estudo que conte...»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Unha vez máis, boas tardes.

Eu non sei por que a cada crise, en vez de reflexionar, o Partido Popular enrócase e dálles orzamento aos medios de propaganda —77.000 euros— como medida de ocultación.

Os medios de extinción —dicía o señor presidente esta mañá—, os máis variopintos do mundo, levan un terzo do orzamento da Consellería do Medio Rural. A ordenación é un caos e os lumes do día 15 de outubro, moitos deles de interface, estes ataron de pés e man os efectivos. Se o rural non estivera abandonado, se o monte fora un espazo socialmente asumido e protagonizado, se a multifuncionalidade substituíse a rapina instalada no monocultivo, nestes momentos estariamos a debater aspectos e non esencias.

Pois imos aos lumes negados. Ata os anos noventa-noventa e pouco, a maioría dos lumes, aínda con complicacións diversas, eran controlables debido a catro razóns fundamentais.

Unha. Porque as dispersas entidades de poboación non había que protexelas, porque xa o estaban pola actividade agrícola; gran parte do combustible de matogueira era utilizado como abono e como cama para o gando; arredor dos núcleos habitados había terras de cultivo e non se admitía socialmente a cercanía de masas densas de monte, arborado ou non, preto das vivendas. Polo tanto, a actividade do servizo de prevención e extinción de incendios era máis ofensiva que defensiva.

Dous. As masas forestais non tiñan o volume actual nin eran tan abondosas; as praderías separábanas e facían de cortalumes; hoxe, consumado o abandono da actividade agraria e reducidas as explotacións leiteiras a unha décima parte, señor Dani Vega, a unha décima parte. Lograda a desertización do rural, a ocupación polo arboredo de milleiros de hectáreas de terras agrarias fai que de auténtico milagre o lume do 15 de outubro non chegase ao Cantábrico en todo o seu esplendor.

Tres. O novo ciclo climático, con temperaturas máis altas, humidades relativas —isto do que xa se falou ata a saciedade aquí—, eran descoñecidas neste noso país, porque non provocaban esas velocidades de propagación que tanto nos asustan nestes momentos.

Catro. A atomización do servizo de extinción de incendios, baixo responsabilidade da Xunta, coa continua perda de peso neste, no específico, afecta gravemente a eficacia.

No incendio de Verín deste ano dispúxose de toda a potencia aérea de Galicia. No que ocorreu en 2005 había moitos incendios simultáneos e había moita menos potencia de auga; e, non obstante, desta vez o lume avanzou máis rápido ca daquela.

Os lumes de cuarta xeración —os chamados interface— xeran unha multiemerxencia con afectacións tanto a vivendas como a persoas e como por suposto ao medio, podendo enxendrar situacións de atrapamento con risco para as vidas humanas. Claro, o prioritario é a protección da cidadanía. O bombeiro actúa diante do lume á defensiva. Se a isto lle sumamos unhas velocidades de propagación que nalgúns casos concretos poden alcanzar velocidades de 40 metros/minuto, as situacións poden voltarse incontrolables. O lume vai diante dos bombeiros, o lume corre diante do lume, ou atrás do lume.

Desvíanse, pois, medios para protexer a cidadanía sen os protocolos adecuados para combinar cos demais servizos de emerxencias; é un caos; non hai un protocolo claro que diga ata onde está o bombeiro forestal, ata onde o bombeiro urbano, ata onde Protección Civil, Policía, Garda Civil...

Os incendios que había ata os noventa en Galicia tiñan unha velocidade media de propagación duns 10 metros/minuto, nunha hora avanzaban 600 metros, un medio de extinción normal tanto aéreo como terrestre era quen de contelo e dominalo. O lume de Leiria, en Portugal, avanzaba 55 metros/minutos, é dicir, nunha hora tres quilómetros e medio, en todas as direccións, lume convectivo. Non hai un medio que sexa quen de atallar este lume. Un lume convectivo é o que despraza focos secundarios en todas as direccións a grandes distancias; polo tanto, non precisa vento para propagarse, crea os seus propios ventos e retroaliméntase. A velocidade de propagación do incendio de Verín deste verán rondaba os 28 metros/minuto, polo que estaba 18 metros/minuto por riba do controlable por unha brigada

normal e con medios normais; era un lume fóra da capacidade de extinción. Polo tanto, se os medios comezan a traballar polo flanco, porque na fronte hai moito fume, nunca conseguen pillalo.

Todo indica que nestes momentos se fai necesaria unha seria reflexión, con participación de todos os elementos que actúan no servizo de prevención e extinción, do que facer e como facer fronte aos retos dos lumes de interface e de quinta xeración. Ao dramático aviso que nos deu o lume de Leiria debemos sumar a nosa propia experiencia do 15 de outubro. As condicións foron extremas —un 30-30-30—, pero tamén foron extremas a incompetencia e a improvisación do Goberno do Partido Popular. Parece ser que todos sabiamos que podía acontecer, todos menos o Goberno. Pode...

Pode volver acontecer en calquera momento, o combustible está a punto. O incumprimento da lei no tocante a franxas de seguridade ás casas e ás infraestruturas fai que a ameaza estea aí, sempre presente. É, con seguridade, o problema máis urxente que temos por darlle solución.

Ninguén entende que logo de varias ameazas serias, o Goberno do Partido Popular non teña tomado medidas e bote balóns fóra. Todo o acontecido debería facernos reflexionar cabalmente sobre estes mentados lumes e analizalos en tempo, deseñando estratexias que eviten a improvisación e a ineficacia.

Aquí ninguén sentou nunha mesa para analizar como se traballa un lume de tipo convectivo, como o de Leiría, como se traballa un lume de interface e como se combina coa Garda Civil, bombeiros urbanos, etc.

Todo isto, ao noso ver, debería a estas alturas estar contrastado, estudado e protocolizado. Contamos con profesionais de extinción con coñecementos e experiencia suficiente como para darlle forma e preparar o servizo para estas continxencias. Reflexionar, protocolizar e formar serían os pasos a dar; formar, homoxeneizar, estabilizar, unificar e poñer fin a tanta precariedade e heteroxeneidade no servizo; traducido ao común: chiringuitos. Ese é outro cantar.

Por todo o exposto anteriormente, este Grupo Parlamentario do BNG insta o Goberno galego á creación dun organismo —e aquí imos admitir a emenda que nos fai o Partido Socialista— que conte coa participación activa dos diversos colectivos que forman parte de todo o aparello que intervén no dispositivo de prevención e extinción, para xuntos analizar os lumes de cuarta e quinta xeración que existen, están aí. O outro día demostráronnos que os nosos bombeiros, as brigadas, a xente..., todo o mundo estaba a defender as casas, e o lume campaba polas súas anchas onde non eran casas, e onde había casas tamén, por desgraza. Esta é unha realidade que non podemos ignorar. Esconder a cabeza debaixo da ala é cousa de avestruces e doutros animais; os seres humanos racionais non o facemos, e non deberiamos facelo.

Por tanto, instamos a Xunta de Galicia a que observe estes lumes, a que poña as pilas, a que recambie as pilas, a que cargue as pilas e a que empecemos dunha vez a tomarnos en serio o monte; non o forestal, o monte, porque o monte é un todo, o forestal é unha parte.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Boa tarde de novo.

Saudamos esta iniciativa do BNG que apunta a problemas que están á espera de solución e que non debemos pospoñer coa escusa do partidismo. Entendemos que non se pode permanecer estático diante de realidades cambiantes como as que se viviron ou se están a vivir nos últimos anos.

O cambio do contexto socioeconómico, nomeadamente propiciado pola perda da importancia do sector agropecuario, en paralelo á marcha de efectivos demográficos de cara á cidade, foi o elemento máis determinante para o cambio da situación no mundo rural; un mundo dinámico socioeconomicamente falando e vital desde o demográfico. O cambio experimentado nestes derradeiros trinta anos foi brutal.

En todo este tempo perdéronse máis de 30.000 explotacións. Hai que recordar que só neste ano van 265 explotacións menos, e nese últimos trinta anos hai que falar de 265.000 hectáreas de superficie agraria útil.

Por outro lado, ducias de miles de persoas pasaron ás cidades e vilas de cabeceira de comarca, incrementando o efecto de baleiro no rural.
Se a isto lle engadimos un crecemento vexetativo negativo que fornece un envellecemento galopante na poboación do rural, e se a isto lle sumamos a falta de planificación adecuada dos usos do chan, o abandono dunha parte considerable do mundo rural, en definitiva, ímonos atopar cun panorama de abandono que crea o caldo de cultivo idóneo para que o lume campe ás súas anchas.

E isto non é catastrofismo, senón a realidade que todos coñecemos. Todos dicimos do rural, a pesar de que poucos vivimos nel, pero todos temos unha percepción similar acerca do esmorecemento socioeconómico sobre o 85 % do territorio.

E por enriba de todo isto non somos capaces de asimilar que a estacionalidade clásica, tal como se trata, por exemplo, no Pladiga, e que preside todas as planificacións de extinción e prevención, está en profunda transformación, e que ata o día de hoxe esa estacionalidade se segue aplicando tal cal, sen ter en conta a realidade climática desde hai tempo, en continúo cambio.

A esta situación engádese toda unha serie de disfuncións que se poden exemplificar na falla dun mando único para o dispositivo de extinción —a pesar do que escoitamos hoxe á mañá en contra desta idea—, que os profesionais e os traballadores do servizo de extinción público avalan, e que, xunto a unha carencia formativa —outra das demandas, por outra parte considerable para unha parte deste dispositivo—, provocan unha falla de eficacia que resulta necesario e urxente corrixir.

Ademais, temos a necesidade de incorporar unha lectura o máis correcta posible sobre a situación e a súas repercusións no tecido socioeconómico e medioambiental. Por exemplo, é importante que a análise da situación provocada polos lumes e as posibles respostas adecuadas pasen a terse en conta para a elaboración do novo Plan forestal, tal como diciamos antes na defensa da moción.

Non en van estase falando de bosque, monte, mato, entre outras cousas. Sacar unhas boas conclusións que axuden a coordinar os efectivos do servizo público de extinción e os sistemas de alerta entendemos que é fundamental. Planificar a actuación dos medios adaptados á realidade climatolóxica e de usos do chan é importantísimo para incrementar a capacidade de resposta ao fenómeno dos lumes de nova xeración.

Aportar, polo tanto, conclusións para o novo Plan forestal e que cumpra os preceptos de multifuncionalidade e de prevención vai ser clave para a resposta máis efectiva ás vagas de lume.

E disto, entendemos, é do que vai esta iniciativa, buscando respostas a unha situación cambiante, que é moi distinta da situación do inicio dos servizos de extinción e prevención a grande escala.

Polo tanto, imos respaldar esta iniciativa, esta proposición non de lei do BNG. Tiñamos o matiz da emenda, pero vexo que a aceptan. Polo tanto, o noso respaldo a esta iniciativa, que entendemos que vai incrementar o mellor coñecemento para o mellor combate fronte a estas vagas de lume e contra o lume en xeral.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todos e a todas.

Nos incendios deste pasado mes de outubro a concentración de lumes foi elevada, pero nin moito menos foi a máis alta de todo o período histórico; de feito, segundo os propios datos da Consellería do Medio Rural, o número de lumes durante as 24 horas de maior presión incendiaria foi de 210 entre o domingo 22 e o luns 23, cando o propio departamento autonómico cifrou a media dun día de verán entre 40 e 50 lumes.

Ademais, se comparan estes datos cos do fatídico ano 2006, o ano de maior número de lumes no que vai de século, vemos como o 10 de agosto foi o día con máis incendios de todo o ano, houbo 281 incendios forestais ardendo na primeira quincena, 85.000 hectáreas. A cifra de superficie queimada nesta última vaga de lumes feita pública por Medio Rural é de 49.000 hectáreas. ¿Cal é o problema? Pois o problema pensamos que radica en que nos enfrontamos

a un novo tipo de lumes; a lumes, como ben explicaron aquí os compañeiros que interviñeron antes ca min, de cuarta e incluso de quinta xeración.

Dende En Marea dixémolo aquí non hai moito. Algún deputado desta Cámara tomouno a broma, non sei se foi ben por descoñecemento ou por outra causa. O caso é que agora a propia Consellería do Medio Rural recoñece esta tipoloxía de incendios.

Dende un punto de vista técnico, dos profesionais que se encargan da extinción de incendios forestais, do servizo público, o principal causante do caos que se viviu durante a vaga de lumes é consecuencia desta nova tipoloxía de lumes coa que nos atopamos, onde a combinación do abandono do rural, a aglomeración das especies pirófitas, o cambio climático e o caos urbanístico das zonas de expansión do rural converteron o país nunha auténtica bomba de reloxería.

A isto temos que engadir que a actividade criminal incendiaria actúa coincidindo con certas condicións climáticas como as que se deron na fin de semana de lumes, e aquí tivemos un auténtico desastre. E isto non é porque estea gobernando agora mesmo o presidente Feijóo, isto foi así historicamente, sempre. Temos un problema, pero non porque agora mesmo estea gobernando o Partido Popular. Aquí sempre se prendeu lume; é un problema de piromanía, que prenden lume cando as condicións van favorecer que ese lume se estenda.

Os lumes de cuarta xeración, que combinan estes lumes forestais con lumes urbanos, e incluso de quinta xeración, grandes incendios forestais simultáneos con lumes de interface masivos, están a desbordar a capacidade de extinción dos equipos e obrigan os medios de extinción a actuar en actitude defensiva, protexendo os núcleos de poboación, cando o servizo público o que tiña que estar é atacando o lume de forma ofensiva no monte.

O dispositivo público da Xunta está ancorado nos lumes dos anos noventa: lumes grandes, que superaban o dispositivo de extinción, pero onde non existía esa ameaza real sobre as poboacións, tal e como está a acontecer a día de hoxe.

Dende En Marea trouxemos propostas a esta Cámara, propostas que vostedes saben que son necesarias. De feito, o presidente moitas das propostas que nós trouxemos as anunciou el aquí, pero que as nosas nunca foron para adiante. Pedimos buscar eses protocolos claros entre os diferentes equipos de intervención, tanto do eido urbano como forestal —e así o deixamos plasmado nun decálogo que presentamos aló no mes de xullo—; os protocolos de dotación para os lumes interface, onde actúen polo menos bombeiros urbanos e forestais; os protocolos de comunicación e coa dotación de diferentes medios que actúan nos lumes; a adaptación do servizo público aos novos lumes; incorporar a todo o persoal do servizo público —xa o temos demandado aquí en numerosas ocasións— un mínimo de 9 meses, tal e como recolle o convenio colectivo, para poder acometer mellor os labores de prevención e as emerxencias que poidan acontecer; e que eles e elas tamén teñan unhas condicións laborais dignas.

Precisamos a utilización doutro tipo de medios —tamén o discutimos o outro día nunha comisión—; incluso o director xeral de Montes nos deu a razón. Hoxe os medios aéreos que temos traballando nos nosos incendios, con carga de 1.000 litros de auga e con brigadas de

5 persoas, vense totalmente insuficientes. Precisamos aparellos de moitas máis potencia, con maior capacidade de carga de auga e que actúen en condicións de vento adversas.

A curto prazo, temos que levar a cabo urxentes reunións de coordinación nunha mesa sectorial —ou como a Xunta queira denominala— para evitar que volte suceder o que vivimos na fin de semana do pasado 15 de outubro.

E, por suposto, como así o recalcamos sempre, temos que contar cun dispositivo público único que sexa máis operativo que o que temos actualmente.

Entón, pois, bueno, agora mesmo imos apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, porque compartimos toda a extensión da mesma. Penso que é importante que recoñezamos a nova tipoloxía de lumes e que non nos ancoremos no pasado, xa que temos unhas condicións que nós mesmos fomos creando ao longo destes anos co Plan forestal —que aínda hai pouco falabamos del—, condicións climatolóxicas que foron mudando tamén, e un caos urbanístico latente.

Polo tanto, penso que ten que ser así, e imos apoiala.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiros.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Moitas grazas, señor presidente.

En realidade, esta iniciativa debería terse retirado, habida conta da comparecencia do presidente desta mañá e logo do amplo debate e das medidas anunciadas, salvo que neste caso aquí haxa que aplicar o dito de «predicar en deserto, sermón perdido».

Señor Rivas Cruz, na súa proposición empeza vostede falando dos incendios nos anos noventa e noventa e pico, e afirma que eran moito máis controlables debido, sobre todo, á maior actividade agrícola, a unha carga combustible inferior á actual, a que non se producira o cambio climático e a que o servizo de extinción de incendios non estaba tan atomizado.

Señor Rivas, na década dos noventa —a que pon vostede de exemplo— producíronse en Galicia 93.845 incendios, o que supón unha media de 9.384 incendios cada ano. Tendo en conta que na última década se teñen producido un total de 33.678 incendios, a media que nos resulta é de 3.367 incendios por ano. Iso xa indica por si só que o operativo antiincendios da Xunta está cada vez máis preparado, máis dotado e equipado, cada vez é máis profesional e resulta cada vez máis resolutivo e inmediato. Tres veces menos incendios na última década, señorías —os argumentos fállanlle, señor Rivas—. Os datos, señorías —tomemos os anos que tomemos, tomemos a década que tomemos—, o que demostran é que en circunstancias normais o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta é altamente eficaz.

Por certo, señor Rivas Cruz, noutro apartado da súa iniciativa di que no ano 2005 había moitos incendios simultáneos e que, sen embargo, agora os lumes avanzan máis que daquela. É curioso, señoría; é curioso que poña o exemplo do ano 2005. Ben puido escoller o seguinte ano, o 2006. ¿Sabe cantos incendios simultáneos houbo ese ano?, ¿sabe canto avanzaban?, ¿sabe a que velocidade avanzaban? E, sobre todo, ¿sabe cantas hectáreas se queimaron? Dígollo eu: case 96.000, señoría. Case 96.000 hectáreas queimadas nun só ano en Galicia, iso si que é un récord. Xa podemos tomar como referencia os anos que queiramos, ou as décadas que queiramos, ou os motivos que queiramos, pero as cifras máis negativas lévannos a ese fatídico ano 2006. E nese ano, señorías da oposición, vostedes eran goberno en Galicia.

¿Que pasa, señor Rivas? Se daquela non había abandono da actividade agraria, se non había tanta carga de combustible, se non había cambio climático e se non estaba tan atomizado o servizo de extinción, ¿como explica que ese ano non se deran controlado os incendios, avanzaran tanto e se queimaran 96.000 hectáreas? ¡Menos mal que daquela non había caos urbanístico nin abandono do rural! ¡Menos mal que entón os helicópteros tiñan máis potencia e levaban máis auga! ¡Menos mal que no 2006 non había lumes de cuarta ou quinta xeración! ¡Pois, así e todo, 96.000 hectáreas queimadas naquel ano, señorías!

E volvendo á súa iniciativa, o repunte dos incendios en determinadas épocas do ano máis aló do verán é algo habitual nos últimos anos, rexistrándose unha considerable actividade incendiaria especialmente nos meses de marzo e abril, na primavera, e, como ocorreu este ano, de xeito moi marcado ao longo do mes de outubro. O incremento dos lumes neste ano 2017 —como vostedes ben saben— viuse favorecido en xeral polas condicións meteorolóxicas adversas, de xeito extremo nesta última vaga de lumes. Por iso a Xunta prorrogou o período de perigo alto de incendios.

Por certo, señor Rodríguez, como se nota que vostede ten algo de idea de incendios. Grazas por recoñecer aquí nesta Cámara que non foi a vaga máis traumática da historia nos incendios de Galicia. E grazas por admitir tamén aquí que non é porque estea gobernando o PP. Bueno, algúns compañeiros seus aí atrás dicían en voz baixa: «Non digas iso»... *(Risos.)*

En todo caso, o dispositivo galego é potente e flexible, o que permite adaptalo ás circunstancias de cada momento. De feito, xa se produce unha adaptación natural coa progresiva incorporación de persoal a medida que se incrementa o nivel de risco e o seu paulatino repregamento cando este baixa. Por exemplo, este ano ampliouse a contratación de persoal antes da vaga de lumes debido ás especiais condicións de seca hidrolóxica e meteorolóxica e á situación de alto risco que se estaba a vivir.

Nunca antes houbo en Galicia tantos medios contra os incendios nun mes de outubro, o dobre do habitual. Pero os equipos de extinción estiveron a traballar durante esa fin de semana, e sobre todo a noite do 15 de outubro, en condicións meteorolóxicas sen precedentes nun mes de outubro e nunha época do ano como a que estamos neste momento. Pero nin sequera os incendios nos que había máis medios, máis brigadistas, máis avións, máis helicópteros, máis motobombas e máis membros do Exército puideron sufocarse no prazo habitual debido ás extremas dificultades ás que tiveron que facer fronte os equipos, poñendo incluso en risco as súas vidas. Por iso, atendendo ás especiais circunstancias, mantense o

actual operativo formado por 5.600 traballadores; un dispositivo con máis medios que nunca nun mes de outubro e novembro. Cómpre resaltar que se prorrogan por segunda vez consecutiva —a primeira xa foi antes da vaga de lumes— os contratos dos 436 traballadores fixos descontinuos da Xunta e os 500 desempregados da empresa pública Seaga. Tamén se prorrogou o contrato dos 3 helicópteros que a Xunta xa prorrogara ata o 31 de outubro. Isto, señorías, demostra a flexibilidade e a adaptabilidade á desestacionalización dos incendios do operativo da Xunta na loita contra os incendios forestais.

Por último, señor Rivas, para rematar xa, con respecto á súa proposición, véxome na obriga de recordarlle que a Consellería de Medio Rural, a través das brigadas de investigación forestal, xa viña realizando iso. Pero, ademais, supoño que escoitaron vostedes o presidente da Xunta na súa comparecencia anunciar unha batería de reformas que —entre outras moitas medidas, e sobre todo as que atinxen á súa proposición— ampliarán e permitirán especializar o traballo de investigación mediante a creación de equipos forestais de investigación formados por un mínimo de 57 axentes; a creación de equipos de vixilancia para velar para que se cumpran as medidas incluídas na normativa forestal e de defensa contra incendios...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIROS GUINARTE: ...cun mínimo de 38 axentes; a creación do Rexistro Administrativo de Investigacións en Materia de Incendios Forestais; a creación dunha rede de vixilancia forestal mediante cámaras de vixilancia; e, como colofón —no que se refire á súa iniciativa, señor Rivas—, o presidente tamén acaba de anunciar a creación dunha comisión específica de estudo no ámbito forestal.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Non cabe dúbida —e remato, presidente— de que estas medidas van máis alá de meras propostas indeterminadas e sen concreción como as que fai a oposición. Trátase de propostas serias, valentes, concluíntes, cooperativas, resolutivas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e ambiciosas que contribuirán, sen dúbida, a reducir as posibilidades de proliferación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIROS GUINARTE: ...dos incendios forestais e mellorarán a coordinación e a eficacia na prevención e na extinción.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiros.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Agardo que teñan ocasión —que a terán— de debater e consensuar con nós...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIROS GUINARTE: ...as devanditas medidas; sobre todo vostede, señor Rodríguez, ao que lle agradezo a súa posición.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Señor Balseiros, vostede ten a estraña virtude de alegrarme a vida. *(Risos.)* Si, de verdade. *(Murmurios.)*. O que pasa é que, en fin, non sei, eu sigo preguntando por unha motobomba no 2006. ¿Vostede sabe onde está? Eu, non.

Vamos ver, ¿cantas hectáreas queimadas nos anos noventa? ¿Que virulencia tiña o lume? ¿Onde actuaba? Aquí estamos falando de algo técnico, señor Balseiros, e vostede non quere enterarse; non sei por que, pero non quere enterarse. Estamos falando de algo técnico do que moitos de nós non sabemos, pero si que os técnicos saben e transmiten. *(O señor Balseiros Guinarte pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, os técnicos saben e transmiten que hai lumes de cuarta e de quinta xeración. E que os lumes interface, ou lumes que asolan, que atacan casas e propiedades, e vías e infraestruturas, eses lumes están aí. E están aí por culpa de vostedes; están por culpa de vostedes, si, señor, porque o abandono do rural é unha realidade desde hai trinta e pico de anos, e vostedes estaban no Goberno, e seguen no Goberno. *(Aplausos.)* Seguen no Goberno e seguen gobernando ao pracer que lles manda Ence e a industria da madeira —¡é así!—, a industria do eucalipto. Si, señor Balseiros, si, recoñézano dunha vez. O problema do monte e dos incendios é un problema estrutural e é un problema nacional. ¡É un problema de país! ¡Claro! Nós fomos condenados a producir inframadeira e temos á disposición da inframadeira as mellores terras, que son as que se abandonan pola súa política. ¡É así, caramba! *(Murmurios.)* ¡É así! ¡Claro que si! Boten unha ollada polo rural, miren as vías de comunicación, as da Deputación, as locais, as chamadas nacionais, miren como están; ¡hai eucaliptos ata na cuneta, caramba! ¿Ou non? *(Murmurios.)* ¿Ou é que eu son tonto? ¿Ou é que eu vivo nun país imaxinario? Eu vivo no país real, e ese país real está aí e vese todos os días. E vostedes non teñen narices a poñer en práctica as medidas que están postas na lei. Non as teñen, nunca as tiveron. *(Aplausos.)* ¡Caramba! *(Aplausos.)* Claro... ¡Vamos, vamos, vamos! ¡Si, si! *(Aplausos.)*

Eu sei que o señor Feijóo soñou co Bipartito e con Alfredo Suárez Canal estes días, e coas medidas que había, por iso recúan, por iso volven ás brigadas de investigación, por iso volven ás distancias que vostedes derrogaron e por iso están intentando facernos coar as sofor como uxfor. *(Aplausos.)* Pero é necesario ordenar o monte, e é necesario poñelo non a producir madeira nin inframadeira. O monte é algo multifuncional. O monte deste país, os que temos memoria e anos sabemos que era un monte distinto do que vostedes queren facer. Vostedes queren facer unha selva de eucalipto. Neste país a palabra bosque era despectiva.

Aquí fraga —con perdón do señor Fraga, que en gloria estea— era unha multitude de árbores distintas e non apiladas. Entendamos o monte como hai que entendelo, e así empezaremos a falar.

Miren vostedes, queiran ou non queiran recoñecelo, os lumes de interface e de quinta xeración están aí e vannos dar moitos máis sustos. A min non me gusta ser agoreiro nin me gusta prever catástrofes, pero están aí. E coidémonos porque en canto haxa máis mortos e en canto volvan cometer as barbaridades que cometeron, cerrando os medios de comunicación, non tendo narices a cortar as vías de comunicación e dicindo todo o mundo na casa e hai que facer isto, isto e isto... Porque o que viña era terrorífico, e —repito— non chegou ao Cantábrico porque os deuses non o quixeron e porque a natureza —a natureza e a valentía da xente— unha vez máis estivo do lado do pobo galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Luca Chao Pérez e Dª María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto, que pasaría a ser o 4, co seguinte texto:

«4. O Parlamento acorda censurar a pasividade da Xunta de Galiza por permitir que a Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) continúe a facer apoloxía do fascismo a través da xestión das visitas ao Pazo de Meirás.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Antón Vilasánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Unha vez resolto o litixio interposto polo Concello de Santiago sobre a propiedade das estatuas de Abraham e Isaac, de ser o caso, colaborar con esta Administración local, na súa condición de lexítima propietaria, e prestar asesoramento técnico nas posibles tarefas de restauración e posta en valor destes bens.

2. Iniciar, tal e como está anunciado, o procedemento para incoará o expediente de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) destas estatuas, que se fará de xeito individual e non colectivo».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

«Un espolio de moitos espolios», ese podería ser o título sintético dos motivos que están detrás da proposición non de lei que En Marea trae hoxe a esta Cámara; un espolio de moitos espolios que dura demasiado e ante o cal non cabe nin o silencio nin a indiferenza.

A sombra do franquismo é alongada, que diría Rafael Escudero, parafraseando a Delibes. Que llelo digan ás familias das vítimas, ás persoas que o perderon todo; que llelo digan a todas as persoas que seguen agardando xustiza e reparación; a todas as que aínda padecen as consecuencias da impunidade e do olvido.

Falamos neste caso do saqueo do patrimonio tanto público como privado perpetrado durante anos baixo o paraugas do franquismo para uso e desfrute da familia do ditador; desa longa noite de pedra de asasinatos, desaparicións, presos e presas políticas, persoas que fuxiron ao exilio, represaliadas, e tamén de roubos sistemáticos e agasallos forzosos que afectaron, segundo os estudos realizados, unhas 200.000 familias, alén do incontable patrimonio público incautado para a causa do fascismo; desa longa noite de pedra que, por medio da violencia, puxo fin a unha apenas estreada democracia republicana; desa longa noite de pedra que nos segue interpelando hoxe aquí como representantes electos da cidadanía para promover políticas da memoria que poñan luz sobre o noso pasado; políticas que acaden a tan necesaria memoria, xustiza e reparación. Cuestións que son, aínda que custe crelo, a piques de cumprir os 42 anos da morte do ditador, aínda asuntos pendentes.

Como pendente é que volva ao pobo o que é do pobo, o pazo de Meirás, por suposto, unha e outra vez denunciado neste Parlamento; símbolo máximo dese espolio de espolios e exemplo da auténtica vergoña democrática que supón que a familia do ditador aínda viva e se lucre de propiedades subtraídas á cidadanía.

Nese senso, historiadores e especialistas no tema denuncian que o pazo de Meirás é soamente a punta do iceberg de toda a armazón de propiedades roubadas, acumuladas, durante anos tanto dentro como fóra do pazo: cadros, estatuas, fontes, cruceiros..., alén de moitos outros terreos e edificios históricos que engordaron o patrimonio do ditador e a súa familia. E é que a voracidade do franquismo non tiña límites. Nese senso, cabe entender a subtracción de dúas das esculturas que facían parte do Pórtico da Gloria.

Imposible non lembrar a Rosalía, impresionada co realismo da obra, cando dixo: «Védeos!, parece/ que os labios moven, que falan quedo/ (...) Estarán vivos? Serán de pedra?/ aqués sembrantes tan verdadeiros,/ aquelas túnicas maravillosas,/ aqueles ollos de vida cheos?». Falamos, como saben, de dúas esculturas de Abraham e Isaac, dúas magníficas estatuas columnas pétreas de finais do século XII e comezos do século XIII que saíron do obradoiro do Mestre Mateo como parte da obra cumio da escultura do románico galego.

Rosalía non puido contemplalas no seu emprazamento orixinal, pois xa no século XVIII as estatuas saíron da catedral de Compostela para trasladarse ao pazo do conde de Ximonde, para, dous séculos despois, seren mercadas polo propio Concello de Santiago e finalmente acabar engrosando o fraudulento patrimonio da familia Franco, que as trasladou a Meirás e logo á casa de Cornide.

Porén, non hai un só documento que certifique esta suposta última propiedade, todo o contrario. A documentación oficial remata en Compostela no propio contrato de compra-venda en 1948; un documento que certifica a venda de parte de don Santiago Puga Sarmiento, por aquel entón conde de Ximonde, ao Concello de Compostela para —cito textualmente— «o patrimonio artístico desta cidade». E por elas, xunto a unha terceira estatua obxecto da compra, o Concello aboou o prezo de 60.000 pesetas. O dito contrato establecía, ademais, na súa cláusula terceira, unha condición imposta polo vendedor, que era condición *sine qua non* para que a venda se efectuara, en virtude da cal se condicionaba a venda das estatuas —e cito de novo textualmente como podemos ler no contrato— «a que permaneceran indefinidamente no patrimonio do excelentísimo Concello de Santiago de Compostela», condición claramente incumprida, toda vez que agora obran na familia do ditador. De tal xeito que, unha vez que foron mercadas por parte do Concello de Compostela, se instalaron nunha das escaleiras de acceso ás plantas superiores do pazo de Raxoi, casa do Concello, como saben, e sede da corporación local.

Ata aí o legal e a documentación, porque nos arquivos históricos non constan trazas de acordo, resolución ou negocio xurídico ningún en virtude do que as obras de arte das que falamos acabaran en mans da familia Franco. A partir de aí a historia, a historia do roubo sistematizado do patrimonio compostelán, pretendidamente legal, que perpetrou a Ditadura.

Neste senso, as fontes máis fiables que se puideron obter, como as citadas nos traballos do historiador Ricardo Gurriarán, refiren que o 25 de xullo de 1954, co gallo de celebrar o Ano Santo Xacobeo, o ditador acudiu á cidade de Santiago, acompañado da súa muller, para a tradicional ofrenda ao Apóstolo, que ten lugar na catedral, así como para inaugurar o Parador de Santiago no Hostal dos Reis Católicos, que fora obxecto de rehabilitación. Nesta visita incluíase unha recepción especial no pazo de Raxoi para entregarlles a Gran Medalla de Ouro da Cidade e o título de Dama de Honra respectivamente, sendo nesa visita na que Carmen Polo centrou a súa atención nas dúas esculturas do Mestre Mateo que adornaban as xa citadas escaleiras. Nesa visita, mostrou un grande interese nas mesmas ao propio alcalde da cidade, por aquel entón Enrique Otero Aenlle. Xa sabemos como acababan estas cousas naquel momento e como de voluntarios foron todos os agasallos baixo o réxime autoritario do franquismo. Así, poucos días despois, o alcalde, sen lexitimidade ningunha para tal efecto, seguramente polo motivo do desexo de compracer o ditador e a súa esposa, envioulles as

esculturas ao pazo de Meirás, residencia de verán do matrimonio, onde estiveron algúns anos, ata que posteriormente pasaron a engalanar a denominada casa de Cornide, pazo urbano do século XVIII situado, como saben, na cidade da Coruña, outro capítulo máis desa longa historia, desa longa listaxe de pillaxes e agasallos que recibiu a familia Franco.

É dicir, que a día de hoxe a familia de Franco mantén ilexitimamente as estatuas no seu poder. Nada fai pensar, tal e como vemos nos seus reiterados incumprimentos da Lei de patrimonio no que atinxe ás visitas de bens de interese cultural, que vaian cambiar voluntariamente a súa actitude. De feito, a familia Franco xa ten recibido e ignorado numerosas peticións da sociedade civil, como agora do Concello de Santiago de Compostela, para restituír para o público o patrimonio espoliado como botín de guerra; numerosas peticións para que o roubado entre tanta dor e sufrimento de por medio volva formar parte do patrimonio público e poida ser gozado por toda a cidadanía.

Dende En Marea pensamos que é hora de que todo o patrimonio de todas as galegas e galegos deixe de formar parte da colección privada dos herdeiros da Ditadura, dos herdeiros do franquismo. É hora de que o roubado volva ser patrimonio público, hora de reparar a honra e a dignidade das persoas, que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedades baixo o risco de represalias; hora tamén de que as esculturas do Pórtico da Gloria volvan a Compostela definitivamente, cidade da que nunca tiñan que ter saído; hora, en definitiva, de poñer algo de xustiza entre tanta inxustiza. É urxente e é necesario, pois unha democracia que quere selo debe mirar con franqueza o seu pasado para desvestir de normalidade o que nunca foi e non pode considerarse como normal; para denunciar a barbaridade democrática que supón que hoxe, corenta e dous anos despois, insistimos, a familia Franco non só se beneficie do legado do militar golpista por medio das innumerables propiedades que o atesouran, senón que desobedezan as leis e poñan en mans dunha fundación fascista as visitas a Meirás. Un auténtico escándalo democrático, unha burla e un desprezo a todas as vítimas da Ditadura e a represión. A democracia ten que volver devolver xa todo o que a Ditadura roubou.

Por todo iso, e aspirando a poder ter o consenso desta Cámara, tal e como aconteceu no Pleno municipal de Santiago de Compostela e como aconteceu nas Cortes Xerais do Estado, o Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

En primeiro lugar, prestar a súa colaboración ao Concello de Santiago de Compostela para poder recuperar as estatuas que obran ilexitimamente en mans da familia do ditador franquista, co obxectivo de que volvan a mans do patrimonio municipal para que poidan ser desfrutadas por toda a cidadanía no marco do Museo da Catedral, o lugar que os expertos consideran máis adecuado para o seu desfrute e conservación.

En segundo lugar, iniciar o procedemento para a declaración como ben de interese cultural das devanditas esculturas e —sobra dicilo— actuar para que a dita declaración teña os efectos xurídicos que a Lei de patrimonio establece.

E, en terceiro lugar, proceder á catalogación de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás co fin de asegurar a súa protección legal, porque, como dicimos, a historia do espolio

das esculturas forma parte desa longa historia de espolio de espolios que segue tendo consecuencias a día de hoxe.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Falaba a señora Chao de títulos ou de capítulos. Nós cremos que este podería ser ben un capítulo máis do franquismo sen Franco, do posfranquismo ou da impunidade da que goza o fascismo aínda hoxe no Estado español e, por extensión e mal que nos pese a moitas de nós, aquí na Galiza; a impunidade da que goza corenta e dous anos despois da morte do ditador.

Unha situación, a das esculturas do Mestre Mateo, que facían parte da fachada románica da catedral de Compostela, mais que permanecen en mans, como xa se explicou aquí, da familia do ditador, despois de lle seren roubadas ao Concello de Compostela e, por extensión, ao pobo galego.

Desde o BNG —témolo dito moitas veces— este é un síntoma. As esculturas do Mestre Mateo, a casa de Cornide e o pazo de Meirás reflicten un síntoma; un síntoma da impunidade da que goza o fascismo neste país, un fascismo que campa ás súas anchas polas rúas, ao que se lle permite facer apoloxía da ditadura xenocida e mesmo xestionar as visitas dun ben de interese cultural como o de Meirás.

Neste sento, cremos que as esculturas deben ser devoltas, por suposto, ao seu lexítimo propietario, o Concello de Compostela, ao que, como xa se explicou, foron vendidas —e cómpre lembrar, ademais—, baixo o compromiso non só de que non saíran da cidade, senón de que se prevía unha indemnización de 400.000 pesetas —que hoxe nos pode parecer pouco, pero que na altura eran moitos cartos— se isto non se cumpría.

Ademais, como recolle a iniciativa, estamos de acordo con que a Xunta de Galiza debe apoiar as actuacións que a Corporación Municipal Compostelá adopte —adoptou xa—, como pode ser dar apoio, dar asesoramento, se así o solicita ou así o require, por exemplo, na demanda presentada contra a propia familia Franco.

E nós cremos, ademais, que debe incoarse de contado, con axilidade, o expediente de declaración das esculturas como ben de interese cultural; un expediente que xa foi anunciado na prensa. Hai que anunciar —está ben, hai que anunciar— o que se vai facer, pero, sobre todo, hai que facer o que se anuncia e hai que facelo con axilidade e con premura, porque, ademais, axudaría e serviría de apoio —non nos cabe a menor dúbida— a esa demanda presentada tamén contra a familia Franco.

E engadimos nós, desde o BNG —e nese sentido vai o cuarto punto que nós engadimos—, que o Parlamento ten que actuar, e facelo, ademais, de maneira contundente. A Xunta de Galiza debe abandonar a conivencia coa que actúa a respecto da Fundación Francisco Franco, que continúa coma se nada, facendo apoloxía da figura do ditador, da ditadura e do fascismo a través das visitas do pazo de Meirás, que segue xestionando. Porque hai que recoñecerlles algo, señorías do Partido Popular, conseguiron vostedes quitar o foco do que acontece en Meirás. Viñeron aquí —lembrarán— aprobar a creación dunha comisión que tiña por obxecto estudar a posibilidade de recuperación para o público do pazo; unha comisión que non se constituíu aínda e da que non se soubo máis desde aquel día en que foi votada esa iniciativa nesta Cámara, mais o obxectivo cumpriuno: morreu o conto, e, entre tanto, a fundación segue en Meirás e o pazo en mans dos Franco.

Nós cremos que os compromisos, que as vontades, que as declaracións de intencións hai que materializalas non só apoiando, neste caso —e nós agardamos que se acepte a nosa emenda—, esta iniciativa, como outras que se poidan traer a esta Cámara. E creo que en aras a adquirir un compromiso político conxunto para todas as forzas políticas que compomos esta Cámara, para rematar co espolio, para recuperar a memoria antifascista e restituír a memoria das vítimas do xenocidio da Ditadura, terán unha oportunidade —traerémola a través do Bloque Nacionalista Galego a esta Cámara máis unha vez, e esperamos ter algo máis de éxito este ano—, que é crear unha partida orzamentaria nestes orzamentos que se están a tramitar na Cámara para 2018 que contemple fondos, recursos económicos, para recuperar políticas públicas de recuperación da memoria histórica.

Nós imos apoiar a iniciativa. Agardamos que se acepte a nosa emenda. E eu creo que é unha cuestión de dignidade, de hixiene democrática, que hoxe saia adiante tamén con todo o apoio da Cámara.
Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A proposición non de lei que hoxe presenta o Grupo Parlamentario de En Marea é unha secuela dos debates que xa tivemos nesta Cámara, como ben recordaban anteriormente as deputadas, nos plenos do mes de setembro, que tiñan como obxectivo recuperar para o público o pazo de Meirás.

Por certo, a proposición que nós presentamos e que vostedes non apoiaron ía no mesmo sentido procedemental do que está facendo o Concello de Santiago.

Señorías, nós non imos participar na carreira desatada por En Marea e o Bloque Nacionalista Galego para amosar quen é máis antifranquista dos dous, porque xa temos demostrado que

os nosos principios e os nosos idearios non coinciden nin aceptan actitudes e manifestacións franquistas como as realizadas pola Fundación Franco; non o imos aceptar.

Por iso, ao Goberno galego do Partido Popular non lle temblou a man cando tivo que incoar expedientes á familia Franco con respecto ás visitas do pazo de Meirás e por iso o Partido Popular apoiou a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Santiago, debatida no pleno do 21 de novembro, cun fin similar á proposición non de lei que hoxe trae En Marea a esta Cámara.

Podemos dicir que como resultado dese acordo municipal o Concello vén de aprobar na Xunta de goberno local do pasado 27 de outubro a interposición dunha demanda contra Carmen Franco y Polo para recuperar as dúas figuras. O Concello, ademais, expresa o compromiso do Goberno municipal de que as dúas esculturas sexan obxecto de exhibición permanente no Museo da Catedral de Santiago, co que nós estamos totalmente de acordo.

Por tanto, o Partido Popular xa está colaborando co Concello de Santiago para que exerza as accións que considere necesarias co fin de recuperar as figuras de Isaac e Abraham. Pero, señorías, vostedes saben que as accións xudiciais só lle corresponden ao Concello en tanto que é dono das devanditas figuras, e nese proceso xudicial a Xunta non pode influír.

A colaboración indeterminada que se pide nesta proposición non de lei debería concretarse, particularmente unha vez que exista sentenza firme e se corrobore a lexítima propiedade das devanditas estatuas. Sen dúbida, a Xunta garante en todo o momento o apoio técnico e o asesoramento preciso para a súa posta en valor. Neste sentido, vai o primeiro punto da nosa emenda.

E o segundo punto da emenda fai referencia á petición de declaración BIC destas esculturas, e malia que o Concello de Santiago non se dirixiu á Xunta de Galicia para pedir a declaración das esculturas como BIC, tal e como se acordara no pleno do 21 de setembro, a Consellería de Cultura vén de anunciar o pasado 28 de outubro que iniciará de oficio un expediente de incoación de ben de interese cultural das pezas escultóricas coñecidas que se conservan da desaparecida fachada exterior do Pórtico da Gloria.

Neste conxunto de esculturas —nove en total— atópanse as de Isaac e Abraham, que actualmente están en posesión da familia Franco, xunto con outras que están custodiadas tanto no Museo da catedral de Santiago como no Museo de Pontevedra. A Consellería xa anunciou que a declaración non será como colección senón que será de maneira individual.

Con respecto ao terceiro punto da proposición de En Marea, referido á petición de catalogación de todos os bens existentes do pazo de Meirás, debo referirme ao procedemento seguido para a declaración do pazo de Meirás como BIC. No decreto e nos informes nos que se fundamenta a declaración descríbense os elementos que se estimaron no seu momento polos técnicos que instruíron o expediente, non exento de polémica, como recordarán, e mesmo con decisións xudiciais para que puidera ser realizado. Este proceso é garantía suficiente para protexer os bens da perspectiva do seu valor cultural, na nosa opinión.

O Consello da Xunta de 2008 do Goberno bipartito, como todos sabemos, despois dos informes do órganos consultivos e dos perceptivos períodos de información pública, aprobou a declaración que hoxe en día segue vixente e non se ten constancia de que as circunstancias foran modificadas dende o momento ata o estado actual.

Non sei se o que propón En Marea é revisar a actuación do Goberno bipartito e dos técnicos ou catalogar os trofeos de caza, cadros familiares e gustos do ditador, porque, afortunadamente, o legado máis importante, aquel que pertencía a dona Emilia Pardo Bazán, atópase depositado na Academia galega.

Remato xa.

Señora Chao, prégolle que non entenda as nosas emendas como unha corrección á súa proposición e si como unha contribución positiva, xa que o fin que perseguen é a recuperación destas dúas estatuas e destas dúas importantes pezas para o patrimonio público.

Polo tanto, esperamos que acepten a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.
Está claro que o espolio e o saqueo da familia Franco non rematou no pazo de Meirás nin na casa de Cornide, nin rematou en Galicia, porque foi a historia dun saqueo feito durante décadas; un espolio de terras, de inmobles, de obras de arte, que aínda está por investigar. Porque todo o espolio, todos os bens espoliados pola familia Franco, conseguidos a través da coacción, desa coacción exercida sobre privados, sobre persoas e sobre institucións, esa coacción que só pode exercer unha ditadura, esa historia, como digo, está por investigar e por facer. Pero tamén é certo que van aparecendo as cousas pouco a pouco, como é neste caso as esculturas, as estatuas, do Pórtico da Gloria.

Tamén é certo que a cidadanía, a través de nós, a través das asociacións, a través de distintos foros, está respondendo dunha maneira moi distinta ao que fixo antes; está respondendo e dicindo que hai que devolver ese ben, eses bens públicos, á cidadanía; está respondendo dunha maneira activa, sen aceptar que isto siga a ser desta maneira e que sigan en poder da familia Franco.

Polo tanto, un espolio co que, dende logo, hai que rematar, e, neste caso, coas esculturas do Pórtico da Gloria, das que estamos falando neste momento, que representan a Abraham e Isaac e que pertencen ao mesmo grupo de David e Salomón, que están no perfil da escalinata da entrada occidental.

Unhas esculturas, como se dixo aquí, de finais do século XII, principios do século XIII, que saíron do obradoiro do Mestre Mateo. E, ao falar delas, quero agradecer o labor dunha asociación, como é o Sorriso de Daniel, moi activa en torno á defensa do patrimonio medieval, que nas últimas décadas foi a primeira en reclamar estas esculturas, en denunciar que estaban en mans da familia Franco no ano 2012. Outros fixérono antes, pero nesta década e de forma máis pública fíxoo esta asociación, por iso creo que é necesario e é de xustiza nomeala.

Como xa é coñecido, estas esculturas estiveron moitos séculos perdidas. A primeira vez que se tivo noticia delas foi en 1933, da man de Fermín Bouza Brey, que as encontrou nun pazo do conde de Ximonde, e xa se comentou aquí como chegaron ás mans do Concello de Santiago, a través dunha venda feita polo conde de Ximonde en 1948. Nos anos cincuenta pasaron, por un capricho da familia Franco, de Franco e da súa muller, á súa posesión, a Meirás, polo que sabemos.

Eu, referíndome a Meirás, quería dicirlle á señora Antón que non é tal e como vostede o comentou. Hai unha parte do legado, descoñecido, de dona Emilia Pardo Bazán que segue no pazo de Meirás e que non está catalogado, que non se coñece ben; é dicir, que non se pode dicir tan firmemente que todo se coñece e que todo está protexido, porque o legado de dona Emilia Pardo Bazán non está na súa integridade na Academia galega. Hai unha parte que aínda non coñecemos e vese na propia biblioteca, porque hai conxuntos de revistas francesas e inglesas que, dende logo, non pertencían á familia Franco, que eran anteriores.

En todo caso, eu, en torno ás esculturas, quero dicir tamén que é moi urxente que a Xunta de Galicia faga a declaración de BIC. Tamén o dixo a asociación O Sorriso de Daniel. É moi perigoso porque estas esculturas, xunto con todas as que están nesta exposición, van saír en primavera a Nueva York, e teñen que volver. E non imos ser tan inxenuos de pensar que a familia non pode querer facer algo con estas esculturas, que teñen un valor incalculable.

Polo tanto, é absolutamente necesario que saian de aquí coa declaración de BIC, porque é o único que pode evitar, dalgunha maneira, que a Administración as reclame e que non se poidan vender. Pero, claro, iso hai que facelo, pero hai que facelo moi rápido, hai que facelo de maneira que estas esculturas non vaian para non volver; non vaia ser que as perdamos de novo por culpa da familia Franco.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: En primeiro lugar, quero agradecer o interese —que parece boa vontade— de todos os grupos sobre esta proposición non de lei.

¡Que tratemos de chegar a un consenso neste extremo, que dúbida cabe que é unha boa noticia! É positivo para todos e para todas as demócratas e é positivo, dende logo, para a cida-

danía de Santiago de Compostela. E por iso vou pasar por alto esa frivolidade da señora Antón desa suposta carreira que temos co Bloque Nacionalista Galego. Porque hoxe pensamos que o consenso é posible, é necesario e que o temos cerca. Ese é o único obxectivo que ten o Grupo Parlamentario de En Marea con esta proposta: acadar un consenso que nos permita apostar clara e decididamente pola recuperación das estatuas roubadas e comezar a reverter algunhas das inxustizas da Ditadura.

Temos entre mans esa posibilidade, e por iso pedimos un esforzo de xenerosidade ao resto dos grupos para sumarnos ao consenso —xa o dixen antes—, que xa se acadou no Concello de Santiago, coa abstención do Partido Popular. Xa se conseguiu por unanimidade nas Cortes Xerais, coa aprobación unánime de todos os grupos.

Por iso, malia que compartimos totalmente o sentir da emenda do Bloque Nacionalista Galego, é máis, por suposto que seguiremos traballando para denunciar a aberración democrática que supón que unha fundación fascista estea facendo propaganda da Ditadura, mesmo con diñeiro público, sen consecuencias inmediatas, e seguiremos traballando para a súa ilegalización e, por suposto, para a recuperación do pazo de Meirás, non imos aceptar esta emenda de adición, porque esta iniciativa quere centrarse na recuperación das devanditas estatuas. E, seguindo a mesma lóxica da busca do máximo consenso, tampouco imos aceptar a emenda do Partido Popular.

Señores deputados, señoras deputadas, señora Antón, ¿todo o que ten que ofrecer este goberno é asesoramento técnico? Porque mire que non lemos ás veces isto na Comisión de Cultura; o mesmo vale para a recuperación das estatuas en mans da familia Franco que para a recuperación dun castro que corre perigo de desaparición.

Dende En Marea non queremos falar de asesoramento técnico, o que queremos sacar deste Parlamento é un posicionamento político, nidio e contundente a prol da recuperación das estatuas para o patrimonio público de Compostela; contundencia para mandar unha mensaxe clara á familia do ditador, e non mañá, non pasado, nin dentro dun mes, hoxe. E non debería ser unha posición difícil ao xulgar os seus posicionamentos no Concello de Compostela, nas Cortes Xerais, mesmo as palabras do presidente da Xunta. Hoxe teñen ocasión de demostrar que non son palabras, que son feitos. Diso vai a nosa proposición non de lei. É sobre iso que lles pedimos que se posicionen, a favor ou en contra. Non hai medias tintas nisto: ou a favor da memoria ou en contra, ou a favor da recuperación ou en contra, ou a favor, en fin, da democracia ou en contra. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Tal como foi comentado, substanciamos a seguinte pregunta:

Pregunta de Dª Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Mugardos

O señor PRESIDENTE: Señora Solla, cando queira.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro, e boa tarde tamén á alcaldesa e concelleiras e concelleiros do Goberno municipal de Mugardos que nos acompañan.

Xa ve, señor Almuíña, que este asunto que vimos tratar hoxe aquí sobre as deficiencias no centro de saúde de Mugardos nos leva ocupando xa varios anos en debates parlamentarios. Esta deputada que lle fala xa dende Alternativa Galega de Esquerda leva traído en múltiples ocasións a situación do Centro de Saúde de Mugardos a esta Cámara, tanto á Comisión 5ª como a este Pleno.

O 10 e setembro de 2008, hai nove anos, o Pleno da Corporación de Mugardos aprobaba o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Sergas e o Concello de Mugardos sobre a función dos custos de mantemento, ou, o que é o mesmo, hai nove anos aprobábase traspasar o Centro de Saúde de Mugardos ao Sergas.

Durante os anos posteriores, o Concello cumpriu todos e cada un dos tramites e aportou a totalidade da documentación necesaria para o dito traspaso, incluída a exención do IBI, aprobada en 2013, tal e como recoñeceu o propio señor Campa en comisión, na Comisión 5ª, ante unha pregunta daquela de Alternativa Galega de Esquerda.

Nese senso, finalizáronse os trámites no ano 2013 para o traspaso e, sen embargo, durante todo este tempo, foi o Concello de Mugardos o que se seguiu facendo cargo do mantemento do centro, incluíndo a reparación das cubertas ou mesmo a reparación da caldeira, porque non se producía ningún traspaso de ningún centro de saúde dende os concellos á Xunta de Galicia sen saber por que ese acordo coa Fegamp non se estaba dando durante todos estes anos.

Ademais, xa ve vostede a situación do centro, un centro cun problema moi grave. O maior problema é a accesibilidade, non ten ascensor interno, e unhas escaleiras estreitas comunican as dúas plantas. Non hai accesibilidade para as cadeiras de rodas, nin sequera para os baños de ningunha das plantas, un dos baños, o do persoal, atópase dentro dunha consulta, e sabe, ademais, tamén que hai un problema evidente coa cuberta do centro e mesmo coa instalación eléctrica.

Durante todos estes anos defendemos as necesarias reformas do centro de saúde, acompañadas dese traspaso da titularidade do centro.

Logo, despois de que se trasladase que estaba todo correcto, a escusa era que non se reunía a Comisión Mixta paritaria Xunta-Fegamp —hai moito ruído—, sen embargo, en 2016, tres anos despois, reuniuse a Comisión e non foi o Centro de Saúde de Mugardos un dos traspasados. Posteriormente, tivemos que agardar ata maio de 2017 a que decidisen facer este traspaso, e agora, a día de hoxe, que xa está feito efectivo dende xuño —ou asinado dende xuño— atopámonos con que nos orzamentos de 2018 non existe nin unha soa partida para a construción ou para a reforma do Centro de Saúde de Mugardos. Temos que enterarnos por redes sociais de que parece ser que vostedes van iniciar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...algunhas obras e parece ser —remato xa— que —polo que nos temos enterado— pediron un permiso de obra por un valor de 33.000 euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla. Terminou o seu tempo.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Queremos que nos confirme hoxe se se van facer esas reformas no centro de saúde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes.

Moitísimas grazas polo cambio da pregunta, porque, como expuxen, mañá temos que estar no Consejo Interterritorial, en Madrid. Por iso, moitísimas grazas.

Os centros de saúde seguen a ser unha prioridade da Consellería de Sanidade, e así o recolle o Proxecto de orzamentos para 2018, do que xa informei na comparecencia de orzamentos do 27 de outubro.

Con respecto aos centros de saúde, contamos con case dez millóns de euros para a construción e o equipamento en atención primaria: obras, máis convenios, máis radioloxía.
No Proxecto de orzamentos para o 2018, temos previsto un investimento de 8.543.664 para os novos centros en construción que imos construír en Ares, Narón, A Laracha, Milladoiro, Melide, A Estrada, o Centro Integral de Saúde de Lugo, O Sabiñao, seguimos con Gondomar, Salceda de Caselas, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar, Pazos de Borbén, ampliación do da Illa, e os proxectos, se temos a posibilidade por parte do Concello da Coruña neste caso, de Santa Lucía, ou tamén os plans funcionais de espazos en Cangas, Moaña, Bouzas e tamén Lalín.

No próximo ano 2018 poderemos asumir a titularidade e, polo tanto, os custos de mantemento dos centros de saúde que os concellos estean en condicións de ceder tras un acordo coa Fegamp. Son arredor de 150 centros de saúde dentro do grupo 1 do Pacto local.

Para realizar melloras naqueles centros de propiedade municipal, dispoñemos de 600.000 euros para convenios de colaboración cos concellos, que estamos aplicando.

No que se refire ao equipamento e tecnoloxía en centros de saúde, renovaremos tamén equipos de radioloxía e licitación, que son 700.000 euros para o Centro de Saúde de Ponteceso, Lalín, A Estrada, Arzúa, Noia, Viveiro, Vilalba, Sanxenxo, Cangas e Redondela.

No que respecta ao Concello de Mugardos, creo, señora Solla, que debe estar moi mal informada —quero aproveitar para saudar a alcaldesa, se está aquí, e os concelleiros— porque, como sabe, o Pacto local é un acordo entre a Fegamp, a Xunta de Galicia e unha serie de con-

venios que se firman, e en concreto nos centros de saúde decídese dentro da Fegamp cales son os centros que se deben aceptar.

É certo que no 2008, gobernando o Bipartito, se chegou a un acordo de que se ía asumir o mantemento dos centros de saúde, pero durante o Goberno do Bipartito ningún centro de saúde se transferiu á Xunta, e, polo tanto, seguiron os concellos realizando ese mantemento.

Posteriormente, en diferentes bloques, e de acordo, como digo, coa Fegamp, a Federación Galega de Municipios e Provincias, fóronse aceptando unha serie de centros de saúde. Concretamente o de Mugardos apareceu por decisión da Fegamp, non por decisión da Xunta de Galicia, dentro deste último bloque. E así o fixemos, e cumprimos esa palabra. Polo tanto, creo que debe ter a información un pouco mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Ten outro turno despois.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, talvez o que está mal informado é vostede, debería falar co señor Campa. Revise o *Diario de Sesións*. 17 de marzo de 2016, o señor Campa, na Comisión 5ª, de Sanidade, informaba e trasladaba que, efectivamente, a información que o noso grupo trasladaba na comisión era así, era certa. En 2013 xa finalizaron os trámites. A Xunta de Galicia só asumiu ese traspaso de 26 centros de saúde en 2011 e 25 en 2012, e que dende entón ata o ano 2016 non se reuniron para asumir nin un só centro de saúde.

Fale cos seus subordinados, porque parece ser que non teñen a mesma información.

Con todo, xa non vimos hoxe trasladar esta cuestión, porque, afortunadamente, despois de moito insistir, vostedes fixeron o traballo que levaba agardando dende hai catro anos.

Pero, fíxese vostede, nos orzamentos non hai nin un só céntimo para a reparación deste centro de saúde. Tamén é certo que cada vez os seus orzamentos son máis opacos e é imposible saber a que centros vostedes van adicar as partidas de reparación ou de construción.

Vimos da Comisión de Economía, e xa lle trasladamos alí que os centros de saúde que vostede di que vai construír este ano eran os mesmos que dicía que ían construír o ano pasado, e os mesmos que aparecían na memoria do ano anterior. Co cal, evidentemente, o orzamento non serve para coñecer a planificación da política sanitaria da Xunta de Galicia, que ten simplemente 543.664 euros consignados á reparación de centros de saúde para toda Galicia.

No caso do Centro de Saúde de Mugardos, hai que mudar toda a cuberta, hai que poñer un ascensor, hai que reformar toda unha planta e hai que facer unha serie de melloras no cableado

eléctrico. Non lle vou trasladar os informes do arquitecto municipal, porque están sobre a mesa dende hai anos, e supoño que a propia Xunta de Galicia terá os seus propios informes.

Vostede sabe cales son as necesidades, e parece ser que agora piden un permiso cun máximo de 33.000 euros de gasto. Eu quero que hoxe vostede aquí se comprometa a que este ano se van realizar a totalidade das obras de reforma do centro de saúde.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Turno de peche, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que seguramente non me explico demasiado ben, aínda que o outro día na presentación dos orzamentos de 2018 recoñeceu que por primeira vez, despois de cinco anos, puiden explicarlle o que era unha partida, que non entendía nestes cinco anos.

Bueno, eu creo que é bastante máis sinxelo que todo iso. E quero dicir que o mantemento do Centro de Saúde de Mugardos, durante os últimos trinta e sete anos, era cuestión do Concello, e pese a ese gran mantemento que fixo o Concello, pois está como está; segundo vostede, moi mal, nun estado lamentable.

A verdade é que, loxicamente, moitas veces, cando se fai unha transferencia dun centro, o que se pide é que o centro de saúde estea en condicións axeitadas para realizar o labor que se pretende, neste caso, unha función sanitaria, e por iso estamos de acordo con vostede. E tamén estamos de acordo con vostede en que non figura unha partida no ano 2018, porque teño que dicirlle que neste momento está en execución de obra un cambio de caldeira eléctrica a gas e instalacións complementarias por valor de 11.715 euros, unha dotación de ascensor para mellorar a accesibilidade dos pacientes entre plantas, xa que este centro conta con dúas plantas —41.927, un expediente adxudicado— e tamén está apunto de adxudicarse unha reforma de planta baixa para a mellora da consulta médica de enfermería e de pediatría, sala de espera de pediatría, sala de educación maternal, sala de extraccións, baño de minusválidos, almacén de limpo e sucio —47.767,96—.

Polo tanto, entendemos que despois de trinta e sete anos sen facer un mantemento adecuado, dígoo por como están as instalacións, creo que vai cambiar e vai estar moitísimo mellor.

E dicía vostede que teño que ler o *Diario de sesións.* Non teño que ler nada, o que teño é que explicarlle de novo que a Fegamp ten un acordo coa Xunta de Galicia e discútese que centros son os que se van aceptar e establécense bloques que definen os concellos nesa reunión da Fegamp, e a Xunta o que fai, cando é así, é simplemente aceptar os que están nesa listaxe. E Mugardos, como digo, estaba neste último lote que fomos aceptando durante estes meses por tramitación, porque si é verdade que o trámite administrativo non é fácil.

Nós seguimos, como dicía ao principio, apostando pola atención primaria, mellorándoa con novas instalacións e facendo obras de mantemento. Incluso, cando os concellos teñen a asunción eles do mantemento, chegamos a un acordo de confinanciamento para mellorar, porque entendemos que os cidadáns son os que verdadeiramente necesitan esas instalacións. Hoxe, concretamente, estivemos en Paderne de Allariz, para presentar o proxecto do novo centro de saúde, e estivemos na Laracha a semana pasada tamén, para a ampliación. E imos seguir presentando feitos para que, como digo, a atención primaria siga mantendo e, desde logo, mellore aínda máis o servizo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión ata mañá ás dez, quero comunicar unha alteración na orde do día, que xa está falada cos interesados, e que consiste en que a pregunta que figura en oitavo lugar, que é unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista, será substanciada en terceiro lugar, no turno de preguntas ao Goberno. Xa está falado coa señora Vilán.

Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos do serán.

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25